



A REVOLUCIÓN  
GALEGA DE 1846

F. TETTAMANCY





A REVOLUCIÓN  
GALEGA DE 1846

Edita:  
Deputación Provincial da Coruña  
Avenida Porto da Coruña, 2  
15003 A Coruña

Traductora da edición:  
Iria Taibo Corsanegro

Coordinación:  
Normalización Lingüística

Edición orixinal:  
*La Revolución gallega de 1846.*  
Librería Regional de E. Carré en 1908

Depósito Legal:  
C 848-2022

Deseño e impresión:  
Imprenta Provincial

A Coruña, 2022

EDICIÓN NON VENAL

# A REVOLUCIÓN GALEGA DE 1846

F. TETTAMANCY



**Deputación**  
DA CORUÑA



# PRÓLOGO

Xosé Ramón Ermida Meilán

*La revolución gallega de 1846* representa o cumio de toda a produción bibliográfica de Francisco Tettamancy Gastón. A obra, publicada en 1908, recolle o labor dunha investigación de décadas e presenta a crónica máis precisa da rebelión galega de 1846, nalmente derrotada e que rematou co fusilamento dalgúns dos seus protagonistas en Carral e a morte, o cárcere e o exilio para máis de 2000 galegos comprometidos naquela revolta. A recuperar a súa memoria, a dar conta ás xeracións seguintes da súa loita, a deixar testemuño dos seus obxectivos políticos e a axar o relato histórico deste movemento reponde o traballo de Tettamancy.

Francisco Tettamancy Gastón naceu na Coruña no día 10 de outubro de 1854. Criado dentro dunha familia republicana federal, o seu tío paterno Luís foi alcalde da cidade durante a I República, viviu unha breve experiencia na emigración americana, en palabras do seu amigo e parente político, Uxío Carre Aldao, porque “o cariño da nai e da terra enseguida o trouxeron de volta”.

Os seus 10 anos arxentinos son un auténtico misterio. A respecto deles, non só se descoñece a súa duración, senón tamén a actividade desenvolvida. Neste sentido, as súas ocupacións profesionais posteriores e o seu labor intelectual apuntan a un período proveitoso desde a perspectiva formativa, que el mesmo definiu en repetidas ocasións como “autodidacta”.



Unha vez retornado á terra en 1876 traballou como funcionario da Deputación da Coruña e como profesor da Escola de Comercio da cidade herculina. Así, na institución provincial ingresou como auxiliar, xubilándose como oficial do servizo de quintas após décadas de servizo. Ao tempo, en 1889 graduouse como profesor mercantil cun estudo sobre a historia comercial da Coruña, pasando a dar aulas na vella Escola de Comercio, dirixida naquela altura polo apóstolo republicano federal e posterior dirixente de Solidariedade Galega, Segundo Moreno Barcia.

A súa vida familiar transcorreu entre A Coruña e unha propiedade en San Xiao de Sergude en Carral. Precisamente neste lugar aloxouse Curras Enríquez cando visitou Galiza en 1904, sendo alí o poeta obxecto dunha homenaxe onde leron textos en galego as súas fillas Amalia e Ramona, que partillaron ao mesmo tempo que o pai compromisos galeguistas e tomaron parte da sección feminina das Irmandades da Fala.

Tettamancy morreu na Coruña no día 15 de maio de 1921. O seu enterro foi unha grande manifestación de dor na cidade e xuntou centos de persoas de diversas capas sociais. Un mes máis tarde, o local da Irmandade da Fala da Coruña acolleu un nutrido acto de homenaxe a un dos seus membros destacados, onde tomaron a palabra amigos e compañeiros de militancia nacionalista como Uxío Carré, Xoán Vicente Viqueira, Roberto Blanco Torres, Manuel Lugris Freire, Antón Vilar Ponte e Florencio Vaamonde Lores.

Precisamente este último, unha das persoas que mellor coñeceu Tettamancy, definiuno durante a súa intervención no acto como “un verdadeiro soldado da patria, a cal servía con entusiasmo”, significando unha vida enteira de compromiso coa Galiza, que tomou forma consciente coa organización das primeiras estruturas políticas da derradeira xeración protonacionalista, a comezar pola Asociación Rexionalista Galega, fundada por Manuel Murguía en 1890.

O fracaso deste proxecto deu lugar a unha sorte de repregamento do galeguismo, reducido durante uns anos a núcleos dispersos e a faladoiros, entre os cales destacou a Cova Céltiga. O grupo, constituído arredor da figura de Manuel Murguía, comezou a reunirse en 1893 no local da Librería Rexional coruñesa de Carré Aldao, facendo parte del, entre outros, Martínez Salazar, Galo Salinas, Florencio Vaamonde

Lores, Manuel Lugrís Freire, Salvador Golpe, Pascual Veiga, Eladio Rodríguez, Tettamancy e os xa citados Carré e Murguía.

A este núcleo, en opinión de Xusto Beramendi, débéronse as “iniciativas máis importantes do galeguismo nese momento”, destacando entre elas a Liga Galega, a *Revista Gallega*, o himno galego, a escola rexional de declamación, o impulso á música en galego, o xornal *A Nosa Terra* e a constitución da Real Academia Galega. Tettamancy participou de todas elas, facendo parte desde a súa creación en 1895 do consello de redacción da *Revista Gallega*, dirixida por Galo Salinas e considerada como auténtico organizador colectivo desta xeira do protonacionalismo.

O seu activismo levouno a xogar un papel protagonista nalgúna das iniciativas culturais máis importantes do momento. Así, en 1906 estivo presente na fundación na Coruña da Academia Galega, presidida por Manuel Murguía, sendo académico até a súa morte. Ao tempo, xogou un labor moi activo no impulso á música galega, estando considerado como un dos amigos máis íntimos de Pascual Veiga.

Tettamancy pertenceu ao grupo promotor da Liga Galega da Coruña en 1897, manténdose na súa dirección até a súa desaparición e significando a súa contribución para algúns dos proxectos máis destacados. Neste sentido, sinaláronse o monumento aos Mártires de Carral erixido nesa vila en 1905 e o impulso en 1907 á Solidariedade Galega, unha coalición electoral de impugnación ao réxime da I Restauración impulsada desde as filas do galeguismo e o republicanismo.

A súa derradeira militancia política deuse nas filas das Irmandades da Fala, organización de carácter nacionalista creada en 1916 por unha nova xeración galega e por antigos membros da Liga Galega, aparecendo Tettamancy, máis unha vez, como fundador. A este respecto, Vicente Risco, o seu substituto na cadeira da Academia, cualifícaa como “nacionalista galego. Era dos bos e xenerosos. Prendera nel hai tempo a idea salvadora e atopouse entre os fundadores da Irmandade da Fala, réplica galega da Liga Gaélica irlandesa”.

A súa participación nas diferentes xeiras de propaganda da Liga Galega, Solidariedade Galega e das Irmandades da Fala é doada de seguir. Así, a súa presenza como orador foi habitual en diversos actos do

movemento solidario, unha experiencia exitosa no electoral no seu primeiro momento mais de escasa continuidade polas diverxencias ideolóxicas entre os seus integrantes. Outro tanto aconteceu no período irmandiño, tomando a palabra na homenaxe aos Mártires de Carral de 1917 ou na campaña de propaganda dese ano.

A produción bibliográfica de Tettamancy e os numerosos artigos en prensa permiten achegarse de xeito preciso ao seu pensamento político. A este respecto, destacou pola súa defensa do carácter nacional da Galiza, significando a importancia do idioma como elemento central da formación nacional, ao considerar, na liña de Murguía, que cada lingua determina realidade dun xeito diferente, que deriva da peculiar maneira de pensar e actuar de cada pobo. Así, tendo en mente o pobo galego, referiuse ao “seu idioma, esa lingua doce e cadenciosa cultivada polos trovadores do século XII a XIV, que a ignorancia pretende mistificar”; e vinculou o subdesenvolvemento do país á súa prohibición, significando que “ao se promulgar a lei que mandaba que os instrumentos públicos se redixisen en castelán Galiza decaeu”.

Tettamancy apostou polo uso do galego, defendeu a calidade da lingua e non dubidou en a ligar ao portugués. Así, considerou “necesario retrotraela e progresala como foron os portugueses. O seu idioma é o noso, e tales son as súas orixes, que en nada discrepa do galego pola súa estrutura, a súa fonética, os seus xiros, as súas desinencias, etc.; só que os portugueses a civilizaron. Teña vostede entendido que o galego é anterior ao portugués, e se vostedes non coñecen aí certas particularidades que a respecto deste asunto se levan escritas, descúlpalles a natural carencia de elementos para pescudalas”.

A denuncia do centralismo e a aposta por un novo modelo de articulación territorial do Estado que tivese en conta a súa realidade plurinacional foi outro dos eixos do seu corpo doutrinal. Neste sentido afirmou que “Europa non vive toda ela baixo o réxime do centralismo” e defendeu que “aquelas nacións europeas máis cultas e poderosas” eran alleas a esta forma de organización do Goberno. Na mesma dirección, reclamou como alternativa un modelo confederal como Alemaña, Suíza, Austria e Hungría ou Bélxica, “respectándose todos os seus idiomas e recoñecendo o carácter de diversidade que España nega aos de Catalunya, Euskadi e Galiza”.

O republicanismo, a impugnación do réxime da I Restauración e aposta por unha democracia avanzada naquela altura histórica foi outro dos vectores do centrais do pensamento de Tettamancy. Nesta lóxica argumental, asociou a democracia á república, lembrou que “a democracia perseguiu tenazmente os reis desde o instante en que se aclamaron os principios máis racionais” e vinculou “o progreso material, intelectual e moral dos pobos de Europa” ao derrocamento das monarquías. Por outra banda, non dubidou en cualificar o réxime da I Restauración de “pseudodemocracia”, colocándose na oposición a un modelo que “non garante as condicións mínimas para exercer a democracia”.

Unha das expresións do compromiso de Tettamancy foi a súa actividade investigadora e literaria. Así, entre a primeira destacou toda unha serie de ensaios de carácter histórico, significando na súa escolla o período contemporáneo como elección consciente da importancia do século XIX. Pola súa banda, no ámbito da poesía optou pola poesía, legando varios volumes e dúzias de composicións na prensa periódica; porén, non acadou na esfera da creación o mesmo relevo que no ámbito historiográfico. Neste sentido, foi parte da xeración que Carvalho Calero deu en chamar o “Rexurdimento pleno”.

A práctica totalidade da súa produción literaria escribiuna en idioma galego. A este respecto, Carvalho Calero destacou que “escribiu moito en galego, tanto en verso como en prosa”, “pois este autor acostuma a escribir poemas históricos cuxo texto está en verso pero que van acompañadas de eruditas disertacións”. Porén, os textos en prosa na nosa lingua apareceron maiormente a carón de composicións de poesía e para contextualizaren o contido delas. O emprego xeneralizado do galego só se produciu ao longo da súa vida, unha vez constituídas as Irmandades da Fala, grupo a que correspondeu normalizar este idioma noutros xéneros diferentes á lírica.

Os seus dous primeiros volumes de poesía foron publicados pola colección mantida por Euxenio Carré a través da súa Librería Rexional. Nesta, editáronse en 1902 *Enredadas. Poesías* e en 1903 *O castro de Cañas; Diego de Samboulo (Leyenda histórica). Poemetos*. Ao tempo, *Boicentril. O druidismo e o celtismo gallegos. A Epopeya irlandesa* saíu en 1912 da imprenta de Ferrer, e saíu do prelo en 1919, nos suplementos *Terra a Nosa* do xornal coruñés *El Noroeste*, *O castro de*

*Cañás (Boicentril)*. Porén, a maior parte da súa obra poética mantense espallada en diversas publicacións periódicas, correspondéndose con composicións de compromiso e de homenaxe a diversos vultos do sistema cultural galego.

Francisco Tettamancy non dubidou en se presentar como un discípulo de Manuel Murguía. Neste sentido, metodoloxicamente sitúase a medio camiño entre o romanticismo e o positivismo, recollendo do primeiro o historicismo, o pragmatismo, o coidado posto nunha historia literariamente ben escrita e a consideración das lendas e tradicións populares como fontes historiográficas plenamente válidas. Pola súa banda, do positivismo asumiu a valoración do documento como fonte primordial para a construción do discurso histórico e a atención ao estado da cuestión nas ciencias históricas europeas.

Á diferenza do seu mestre e do groso da tradición historiográfica galega do século XIX, o seu obxecto principal de estudo foi o período contemporáneo, deixando nun segundo plano a Idade Antiga e a Idade Media. Neste sentido, reclamou a “utilidade da historia contemporánea” como “base para levantar despois o edificio da historia xeral dun pobo, e documentada debidamente, será a verdade a que todos aspiramos; porque ignorados uns acontecementos e adulterados outros, non se debe deixar o seu esclarecemento á outra xeración, podendo hoxe presentalos”.

A pesar disto, o historiador coruñés deixou escritos centos de páxinas e dúzias de traballos sobre a Galiza anterior á romanización, a rmando o celtismo como parte do pasado común da nación dentro dunha civilización que o conecta co espazo europeo, mais non como unha rmación de orde racial sobre a cal asentar un proxecto político. Unha obra de evidente interese sobre este período é *La torre de Hércules. Impresiones acerca de este antiquísimo faro bajo su aspecto histórico y arqueológico*, onde ofrece unha visión de conxunto sobre o estado das investigacións arredor da Torre de Hércules até ese momento

A Idade Media para os nosos clásicos do século XIX non é un refuxio onde afogar unha suposta febre romántica, senón un período onde se agochan moitas das chaves que explican a situación da sociedade galega. A este respecto, Tettamancy a rma a existencia da Galiza como

realidade política diferenciada neste período e entende que este ofrece as explicacións para analizar o proceso de incorporación subordinada do país a Castela. Neste sentido, significa que Galiza “continuou exercendo poderosa hexemonía até o último terzo do XIV en que pola forza se impuxo a influencia castelá”.

A estes períodos dedicoulles, entre outros libros, *La torre del homenaje del castillo de Villalba*. O volume recolle interesante documentación sobre os Andrade e desenvolve importantes teses sobre o papel xogado por esta familia nas dúas últimas centurias da Idade Media. A pesar de non chegar a publicalo, como repetidamente se anunciou en diversos medios, foi autor dunha investigación sobre os Altamira, parte da cal foi publicada no *Almanaque Gallego* de Bos Aires, dirixido polo seu vello compañeiro de militancia republicana federal, Manuel Castro López.

*Apuntes para la historia comercial de La Coruña* foi o primeiro dos volumes que Tettamancy deu ao prelo. O traballo publicado en 1900 pola Librería Rexional de Euxenio Carré ofrece en algo máis de 500 páxinas unha panorámica sobre a actividade empresarial na cidade, con especial atención ao século XVIII e XIX. Ao tempo achega un amplo apéndice documental de arredor de 150 páxinas que completa unha obra de compromiso, elaborada a partir dunha investigación previa realizada para superar a reválida como profesor mercantil na Escola Superior de Comercio da Coruña.

O século XIX foi onde mellor se moveu Tettamancy e a que máis tempo dedicou. A este respecto, compre reparar nunha preocupación común a boa parte dos autores do período, A guerra do francés, tratada nos libros editados pola imprenta Ferrer da Coruña en 1910 baixo os títulos de *Britanos y galos (Páginas de la Guerra de la Independencia) 1808-1809* e *Batallón Literario de Santiago: Diario de campaña (años 1808 al 1812)*, introduciron información novidosa sobre o conxunto e puxeron de relevo o proceso de conformación dunha institucionalidade propia na Galiza, sen ligazón con poder central e cunha axenda internacional ligada ao Reino Unido e Portugal.

A revolución galega de 1846 foi o tema máis caro dos investigados por Tettamancy. Esta cuestión vai centrar dúcias de artigos en xornais e revistas, ben como dous volumes. O primeiro deles, *La revolución*

*gallega de 1846*, editado en 1908 pola Librería Rexional de Euxenio Carré, do cal agora se achega a súa versión en galego, representou a máis completa investigación sobre os sucesos de abril de 1846 na Galiza, unha interpretación deles nas coordenadas avanzadas por Murguía e un estudo non superado nos seus eixos centrais de un dos feitos máis transcendentales da historia galega destes 200 últimos anos.

*Los Mártires de Carral*, publicado en 1912 pola imprenta Ferrer da Coruña, pode ser considerado como un apéndice de *La revolución gallega de 1846*. O propio Tettamancy recoñeceu no prólogo da obra que no momento de elaborar o último dos volumes citados non tivo acceso á instrución aberta polo Estado contra o líder militar do movemento, Miguel Solís, e doce dos seus compañeiros fusilados no día 26 de abril de 1846 en Carral e un décimo terceiro executado en Betanzos no día 24 de maio de 1846. Así as cousas, neste libro ofrécese a causa aberta contra a dirección militar do movemento, o carácter excepcional da resolución ditada contra eles e as testemuñas ofrecidas no procedemento que os levou ao seu asasinato.

A escolla da revolución de 1846 como obxecto de estudo non é casual. Tettamancy e os seus compañeiros de xeración consideraron eses feitos como o to fundacional do capítulo contemporáneo da loita pola restauración da soberanía da Galiza e os fusilados de Carral como primeiros mártires desa causa. A isto axudou toda a construción doutrinal comezada por Manuel Murguía e o segundo grupo protonacionalista, mais tamén o carácter da revolta, as súas intencións e a súa disposición cara ao futuro. A este respecto, o historiador Xusto Beramendi destacou o labor de reivindicación dos “Mártires de Carral”, “enxalzados como os primeiros que deron o seu sangue pola causa de Galiza e puxeron así a semente da que agromaría o provincialismo primeiro, o rexionalismo despois e nalmente o nacionalismo”.

O propio Tettamancy afirmou que coa revolución de 1846 “se esperaba o poderoso espírito de provincialismo, ou sexa o noso rexionalismo actual, tan censurado por algúns que descoñecen ou non queren recoñecer os seus saudábeis beneficios, mais en troca tan eloxiado polas súas bondades por outros que, como o insigne Pi y Margall, testemuñaron que o rexionalismo levaba ao federalismo a vantaxe de ter o acerto de atopar unha palabra que por si soa contiña un sistema

político social”. Asemade, lembrou que nos tempos de Faraldo “seguía entón chamándose provincia á rexión enteira, empregándose a voz provincialismo para determinar unha peculiaridade ou aspiración rexional”.

Os membros da segunda e terceira xeración protonacionalista, denominados provincialistas e rexionalistas, consideráronse herdeiros políticos da xeración que promoveu a revolución de 1846 e destacaron a coincidencia ideolóxica e programática coas súas formulacións. Sen ir máis lonxe, 10 anos despois dos sucesos, Manuel Murguía, sinalou que “así como xemos votos pola súa vitoria, derramamos bágoas o día da súa desgraza. Que non somos nós os que renegamos da obra dos nosos irmáns” e continuaba: “non queremos ser máis que galegos, díxose entón, e os que o dixeron dan ao silencio as súas palabras”.

Outro dos vultos do capítulo rexionalista do nacionalismo, Euxenio Carré, nesta mesma dirección sinalou que “a mocidade xenerosa daquela época, de que foi alma Antolín Faraldo –de quen nos ocupamos máis adiante– sentiu avivarse o sagrado sentimento da patria galega comezando a “grande obra” como a denominou aquel ilustre patricio da reconstitución da nosa nacionalidade”. Pola súa banda, Salvador Golpe signi cou que “o movemento insurreccional da Galiza de 1846, a raíz da cuestión europea das nacionalidades, debeu de dar a entender que na sociedade fermenta coa lavadura dos agravios e o oxíxeno da liberdade unha nova doutrina social e política contraria ao uniformismo centralista”

O grupo que continuou a loita da xeración de 1846 foi decisivo para restaurar e recuperar a memoria dos seus antecesores. Así, en 1856, Murguía escribiu en relación coa revolución de abril e a súa represión que “hai unha páxina na historia do meu país natal, da Irlanda, de España, do país seica maldito do Señor e escarnecido de todos os que non son os seus fillos; hai, dicimos, unha páxina triste; unha páxina de bágoas e de sangue, como o é igualmente de gloria. Esa páxina é unha data, esa data un aniversario, ese aniversario un día de dor e de loito para os verdadeiros galegos”.

Un proceso análogo deuse co líder da revolución, Antolín Faraldo, cualificado por Murguía como “o primeiro e o mellor”, en defender a



causa da Galiza e un “novo Moisés”, unha de nición onde non estivo só o espírito nacionalista de Murguía proxectado cara ao pasado, mais tamén a consideración de que as ideas e as intencións de Faraldo superaron o que, na práctica social e política, foi capaz de promover, que non foi pouco nin deixou de pagar moi caro. Pola súa parte, o seu contemporáneo e colaborador, Benito Vicceto, signi cou que “na independencia da Galiza, nesa idea sagrada e sublimemente patriótica atopaba a súa mente os únicos raios de luz para apostrofar abxección e servidume”.

Tettamancy situouse nesta liña historiográfica e nunca agochou a súa paixón por Faraldo. Así, en 1917, nun acto de homenaxe a Said Armesto por parte das Irmandades da Fala, reclamou ás novas fornadas nacionalistas: “proseguide na grande obra que nos falou Faraldo, peitando con man forte na alma colectiva da nosa patria para que acabe de espertar axiña do soño en que está debruzada”. A pesar de que el mesmo recoñeceu baleiros na aproximación ao personaxe e padeceu as prevencións formuladas por Murguía, achegou algunhas das teses de nitorias sobre o máximo dirixente da rebelión galega de 1846.

O historiador nacionalista non só ofreceu unha visión de Faraldo procedente de fontes directas senón que achegou documentación para permitir coñecer de primeira man o seu pensamento político. Segundo Francisco Rodríguez, “Antolín Faraldo detectou que o Estado que se estaba construíndo reforzaba opresións económicas sobre o pobo galego, anulaba aínda máis a súa capacidade política e o privaba de toda memoria e dignidade sobre si mesmo. Foi o primeiro en enuncialo con tal claridade e contundencia”.

Rodríguez destaca de Faraldo que nel “late un espírito protonacionalista, nas súas referencias comparativas e na conciencia da diferenza, da especificidade. E como non, e moi importante, Antolín Faraldo estivo presto a luxarse as mans na política práctica. Defendía o libre exame contra a rutina escolástica e dogmática, predominando nel a preocupación histórica –tamén e, en particular, sobre Galiza–, e a –losó ca, alentada por un socialismo utópico de tipo evanxélico. Mais non foi nunca só un teórico, senón, desde noviño, un home predisposto á acción e ao compromiso político”.

Faraldo situouse en todos os ámbitos nas posicións de avanzada do momento. Neste sentido, destacou no seu pensamento as pegadas das correntes socialistas, a mando Dioniso Pereira e Eliseo Fernández que “mesmo podemos situar unha orixe común do nacionalismo e o anarquismo na Galiza na figura de Antolín Faraldo e os seus compañeiros da revista *El Porvenir*, que son ao tempo iniciadores do provincialismo e precursores do socialismo na Galiza”. Noutra dirección, signiouse pola súa defensa dos dereitos das mulleres, apreciando Beramendi “un feminismo pioneiro”, polo cal Antolín Faraldo e José Rúa Figueroa prometen en 1845 consagrarse “á defender a emancipación completa das mulleres como uno dos artigos do noso catecismo social”.

Os revolucionarios de 1846 deixaron abondosos testemuños dos seus obxectivos políticos. Así, no chamamento da Xunta Superior de Goberno da Galiza, publicado no día 17 de abril de 1846, sinalaron que “Galiza arrastrando até aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da corte, vai levantarse da súa humillación e abatemento. Esta Xunta, amiga sincera do país, consagrarase constantemente a engrandecer o antigo reino da Galiza, dando proveitosa dirección aos numerosos elementos que atesoura no seu seo, levantando os cimentos dun porvir de gloria.”

A Xunta Superior do Goberno da Galiza afirmou con claridade a orientación do movemento. Sen ir máis lonxe, no seu órgano oficial de prensa, *La Revolución*, no día 17 de abril afirmou que “espertando o poderoso sentimento do provincialismo, e encamiñando a un só obxecto todos os talentos e todos os esforzos, chegará a conquistar Galiza toda a inuencia de que é merecedora, colocándose no alto lugar a que está chamado o antigo reino dos Suevos”. Na mesma liña, *La Revolución*, no seu número de 19 de abril, proclamou que “de nós deben aprender Polonia, Italia, Irlanda, todas nacións que oprime a mao de ferro do despotismo”.

O máximo responsábel militar da revolta, Miguel Solís, natural de Cádiz e que só residiu na Galiza entre 1845 e 1846, foi asumindo á medida que se desenvolveu o momento posicións protonacionalistas, non dubidando en chamar a súa tropa “á empuñar as armas para defender a liberdade e o país galego das concupiscencias do centralismo”. Precisamente esta mudanza levou Tettamancy a escribir que a revolución

“se inaugurou ao berro de ‘Viva a raíña libre!’ e rematou co berro de ‘Guerra a Madrid!’”.

Francisco Tettamancy tivo moi en conta a documentación xerada polos rebeldes para analizar o movemento. Nesta dirección afirmou que “da análise deste documento que aparece inserido no xornal *La Revolución*, e doutros que vimos publicando, poderá apreciar o lector que o movemento galego do ano 1846 non se suxeitou estritamente a defender os principios liberais, senón que os homes postos á súa fronte aspiraban a solicitar para a rexión aqueles antigos privilexios, liberdades e particularismos que o absorbente poder centralizador amputara en mal hora, decretando unha unificación arbitraria e caprichosa, paralizándo a vida interna das rexións e matándolles o seu verdadeiro espírito de progreso”.

A revolución de 1846 significou a impugnación dunha parte do pobo galego ao modelo de Estado unitario imposto polos liberais que viviu un momento de aceleración decisiva na década dos 40 do século XIX. A este respecto, Tettamancy sinalou que “o sistema que defenderon os estudantes santiagueses do ano 1846 avogaba pola reintegración dos antigos privilexios que aquel poder retirou poucos anos antes a Galiza; porén, foron máis aló nas súas ideas de propaganda, arriando a bandeira que encarnaba a xénese da revolución proclamada en Lugo, e enarborando no seu lugar, na fronte do palacio municipal, o pendón da emancipación galega”.

A revolta expresou a vontade dunha nova xeración galega disposta a mudar o rumbo do país. Nesa dirección, Tettamancy lembrou que “non pode causar, pois, estrañeza, que a cultísima cidade de Santiago, que acubillaba entón, como hoxe, unha mocidade pletórica de ideas novas que se ía acentuando ao compás dunha conxunción de sabios que a educaba e a dispuña a entrar nas correntes progresivas e defendelas con aquel tesón e aquela fogosidade de carácter que lle era proverbial. É máis: nesa forma de pensar e discorrer, estendíase cara a un radicalismo máis fondo, solicitando para a patria galega non soamente a liberdade contemplada baixo o seu aspecto máis amplo, senón o afán de a redimir da súa condición de ilota a que a condenaba o poder central”.

O abril galego non foi unha asonada militar tan ao uso no século XIX, senón un movemento de ampla base popular e dirección civil. Nesta liña, os propios revolucionarios afirmaron no primeiro número do seu voceiro, *La Revolución*, que “até o de agora a revolución foi unha horribel mentira, unha farsa impía... o pobo conquistará nesta revolución o que lle arrebataron os cómicos dos pronunciamentos, pan e dereitos”. Nesta dirección, enténdense como as principais proclamas e decisións administrativas da Xunta Revolucionaria estiveron asinadas por elementos civís, que ocuparon as responsabilidades de relevo nelas.

Tettamancy signi cou este aspecto nos seus traballos sobre o proceso revolucionario galego. Así, adiantou nun texto publicado en 1900 que “aquele movemento popular, e non sedición militar, como se creu e aínda a ignorancia segue créndoo, en que o máis orido da mocidade galega, dirixida por Antolín Faraldo, asesorada por patricios tan arraigados como Pío Rodríguez Tarrazo, José María Santos, Ramón Buch e Antonio Romero Ortiz, e secundada por Miguel Solís Cuetos, Víctor Velasco e tantos outros de sas conviccións, trataban de facer que Galiza inclinase algunha vez a balanza en que pesan os destinos de España e levantándose da súa humillación e abatemento deixase de ser unha colonia da corte”.

A insistencia do noso historiador sobre esta idea foi unha permanente nas súas investigacións. Nesta dirección, á volta de 1891 xa indicou que “era a loita da liberdade rexional contra o absorbente uniformismo do Estado; era Galiza que quería desprenderse da tutela daquela corte corrompida e dos cómicos do pronunciamento e vivir en paz coas súas antigas tradicións sen inxerencias estrañas”.

*La revolución gallega de 1846*, agora vertida ao galego pola área de Cultura da Deputación da Coruña, baixo o título d’*A revolución gallega de 1846*, no marco dos actos de homenaxe ao seu antigo traballador, o historiador Francisco Tettamancy Gastón, vai permitir aos lectores e lectoras achegárense de primeira man á obra de referencia sobre o abril galego. Unha publicación cuxas pegadas están presentes na totalidade das investigacións posteriores, cun amplo apéndice documental e cuxas teses centrais manteñen a súa plena vixencia. Ao tempo, agardamos que esta edición da obra permita un mellor coñecemento da obra de Tettamancy e unha valoración máis axustada do seu esforzo por dotar a Galiza dunha historia de si e non subsidiaria.





F. TETTAMANCY

LA REVOLUCIÓN GALLEGA

DE 1846

LA CORUÑA  
LIBRERIA REGIONAL DE E. CARRÉ

1908





*Francis Feltamany*

Retrato do autor





# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	29
CAPÍTULO PRIMEIRO	37
O pronunciamento de Lugo.- Os Batallóns, 2.º do Rexemento de Infantería de Zamora e Provincial de Xixón.- Proclamación do pronunciamento por D. Miguel Solís y Cuetos.- Prisións que se efectuaron.- Nomeamento dunha Xunta de Goberno.- Resolucións da mesma.	
CAPÍTULO II	49
Tentativas do pronunciamento na Coruña.- Os xenerais Puig Samper e Villalonga.- O Rexemento Infantería de Zamora.- Saída de Solís para Lugo.- Medidas de precaución adoptadas polas autoridades coruñesas.	
CAPÍTULO III	67
Sublevación da cidade de Santiago.- O batallón provincial de Zamora e o escuadrón de Villaviciosa.- Nomeamento da Xunta de goberno e dun novo Concello.- Providencias adoptadas por aquela.- Novas resolucións da Xunta.- Alistamento dos estudantes da Universidade en favor da revolución.	
CAPÍTULO IV	83
Saída a operacións da columna do Xeneral Puig Samper.- Situación da cidade de Santiago.- Entrada nesta das forzas de Solís.- Recibimento que tiveron.- Partida para Sigüeiro da columna revolucionaria.- Encontro no devandito punto entre a mesma e a de Puig Samper.- Armisticio pactado entre ambas columnas.	

<b>CAPÍTULO V</b>	<b>101</b>
Consideracións acerca do armisticio e as súas consecuencias.– Expedición a Pontevedra da columna de D. Sebastián Arias.– Inquedanzas do xeneral Villalonga.– Sublevación da cidade de Pontevedra.– Saída de Solís para esta capital e acordos tomados pola Xunta de Santiago. – Pronunciamento de Vigo	
<b>CAPÍTULO VI</b>	<b>119</b>
Puig Samper ocupa Santiago: providencias que adoptou.– Movementos dos revolucionarios: D. Leoncio Rubín de Celis.–Retroceso de Puig Samper a Sigüeiro.– Ataca Solís a Puig Samper: resultados do encontro.– Evacuación de Sigüeiro por ambas forzas inimigas.–Despois do combate.	
<b>CAPÍTULO VII</b>	<b>141</b>
Constitución da Xunta Suprema de Galicia.– Acordos e xestións da mesma.– Solís e Rubín son nomeados por esta mariscais de campo do Exército liberador galego.– Formación de dúas divisións expedicionarias.– Operacións que efectuaron.	
<b>CAPÍTULO VIII</b>	<b>157</b>
Don Ramón María Narváez.– O xeneral D. José Gutiérrez de la Concha.– Inaugura este as súas operacións contra os sublevados.– Derrota en Astorga o xeneral revolucionario D. Martín José de Iriarte.– Continúa Concha as súas operacións en Galicia.– Causa instruída ao xeneral Puig Samper.– Movementos da 1. <sup>a</sup> división do «Ejército Libertador de Galicia».– Amaga Solís á Coruña.– Temores do xeneral Villalonga.– Entrada de Solís e a súa división en Betanzos.– Sitio de Ferrol.–Situación desta cidade.	
<b>CAPÍTULO IX</b>	<b>197</b>
Ourense e os seus intentos de rebelión.– Movementos da 2. <sup>a</sup> división do Exército liberador.– Bloqueo de Ourense polos revolucionarios.– Consecuencias que xurdiron.	
<b>CAPÍTULO X</b>	<b>215</b>
Reformas económico-gobernativas adoptadas pola Xunta Superior de Galicia.– O xornal «La Revolución».– Medidas de precaución para combater o exército do xeneral Concha.– Sospeitas de traizón atribuídas Rubín.– Queixas producidas por Solís á Xunta Suprema.– Contestación desta.– Plan de operacións de campaña.– Sublevación dos buques de guerra «Nervión» e «Astuto»: o infante D. Henrique de Borbón: incidentes que xurdiron.	

<b>CAPÍTULO XI</b>	<b>237</b>
Operacións do xeneral Concha.– Amaga este a Lugo, intimando a rendición da praza: negativa dos sitiados.– Continúa Concha nos seus movementos, entrando en Ourense.– Receos do xeneral Villalonga.– Movementos da división de Solís.	
<b>CAPÍTULO XII</b>	<b>251</b>
Movementos da división de D. Miguel Solís, e avance das forzas do xeneral Concha.– San Simón de Cacheiras e Montouto.– Preparativos estratéxicos de ambos exércitos.– Batalla de Montouto, coñecida pola de Cacheiras.	
<b>CAPÍTULO XIII</b>	<b>267</b>
Continúa a acción nas rúas de Santiago.– O Convento de San Martín.– Os sublevados refúxianse no devandito edificio.– Toma do mesmo polas forzas de Concha.– Rendición da división de Solís.	
<b>CAPÍTULO XIV</b>	<b>287</b>
Preliminares.– Sentenza pronunciada contra D. Miguel Solís e Cuetos, e os seus compañeiros.– Os fusilamentos.– Comentarios	
<b>CAPÍTULO XV</b>	<b>305</b>
Bloqueo de Lugo por el General Villalonga.– Condiciones de capitulación propostas por la Junta lucense.– Negativas del sitiador y bombardeo de la plaza.– Rendición de ésta.	
<b>CAPÍTULO XVI</b>	<b>321</b>
Operacións da 2. <sup>a</sup> División do Exército liberador.– Dispersión da mesma.– Prosegue Concha nos seus movementos.– Fuga das Xuntas revolucionarias.– Desarme dos batallóns sublevados.	
<b>CAPÍTULO XVII</b>	<b>343</b>
Despois do desarraigo.– Persecucións: a Condesa de Espoz y Mina.– Insistencias do xeneral Villalonga sobre expatriacións. Xuízos de Balmes.– Concédenselles aos pronunciados as cruces de «Valor e Constancia» e de «Beneméritos da Patria».– Son condecorados coa laureada de San Fernando os 25 nacionais que pelexaron en Cacheiras.– O monumento aos «Mártires de Carral».– Inauguración do mesmo.– Fin.	



# INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

«Un sistema político no es una doctrina» dicíanos o pensador galego Manuel Ángel Corzo no proemio da súa novela histórica *Las Víctimas de Carral*<sup>2</sup>, traballo que non é máis que iniciar porque a morte, co seu fallo cruel, se anticipou a segar a súa vida.

Non é unha doutrina, non un sistema político: se a fose, non estaría suxeita aos vaivéns da condición humana, isto é, ao fomento das revolucións da masa social, prodúzanse estas por procedementos *activos*, ou polas vías de pacífica propaganda. A inmoralidade política dos homes foi, é e será eterna consecuencia para provocar esas conmocións cuxos excesos e sensibles resultados se derivan, segundo Macaulay, da tiranía soportada antes polo pobo.

Aquí está aclarado, en lixeira exposición, o aforismo de Corzo.

\* \* \*

---

1 O popular e prestixioso xornal *El Correo Gallego* de Ferrol publicou un fragmento desta Introducción no mes de maio de 1901 con motivo da inauguración do monumento erguido en Carral á memoria das vítimas que loitaron polas liberdades públicas, e cuxa obra de fábrica foi iniciada e levada a feliz termo pola *Liga Gallega na Cruña*.

2 Publicouse soamente a primeira entrega en Santiago, imprenta de José Rodríguez Rubial, 1862.

Das diferentes revolucións políticas que España lembra no último século, ningunha máis racional ca a realizada polo pobo galego no mes de abril de 1846.

Galicia, como perfectamente discorre un acreditado escritor, non só por razón do seu espírito, senón ata pola súa respectable extensión xeográfica, foi noutros tempos un emporio da cultura e do comercio de Europa.

Dos seus portos saía o poder naval, guerreiro e mercantil. O seu idioma, esa lingua doce e cadenciosa cultivada polos trovadores dos séculos XII ao XIV –e que a ignorancia pretende hoxe mistificar ou que espíritos sistemáticos lle negan as consideracións e honras ás que pola súa prosapia é acreedora– era a única culta e literaria de Estremadura, Murcia e Castela, que continuou exercendo poderosa hexemonía ata o último terzo do XIV en que, pola forza, houbo de impoñerse a influencia castelá. Ao promulgarse a lei que mandaba que os instrumentos públicos se redactasen en castelán, Galicia decaeu ata tal punto, expresa un discreto xornal de Madrid<sup>3</sup>, que só o nome de galego soou e aínda soa entre a xente ignorante ou baixa con matices e resonancias de insulto; «algo así como el equívoco sonreír con que en el extranjero suele acogerse el dictado de español, hoy precisamente, cuando España es una humilde imitadora de todo lo extranjero».

E ese epíteto de despeito contradícase manifestamente co carácter heroico da natureza galega, tan incomparable na maxestade dos seus montes, frondosa nos seus extensos vales e apracible nos seus mares e ríos, que acreditan o galego de consciente da súa forza, parco en palabras, amante da soidade e da loita, isto é, humilde e dun vigor inmenso.

\* \* \*

A revolución de 1846 naceu cun fin eminentemente moralizador: o protoplasma que alimentaba as súas células tendía á reconstitución e instauración de aquel prestixio social cuxos restos acababa de minuarlle unha execrable ditadura.

---

<sup>3</sup> *La Ley*, 6 de marzo de 1905, núm. 1.116.

Non era a coroa, posta daquela en mans dun ser débil, a que tiranizaba o país: era a ditadura quen tiranizaba a este e a coroa.

España atravesaba por unha situación morbosa, arrastrándoa a un desencaixar inmediato: perseguida a prensa e encarcerados ou desterrados os seus campións máis decididos, aqueles homes que nin se rendían nin claudicaban nos seus principios; escarnecidas as liberdades públicas e a forza material imperando sobre as consciencias; convertida a xustiza en arbitrariedade; e ás rexións arrebatándoseles a migalla que lles quedaba da súa sionomía política por virtude dun absurdo sistema de tributación, daba todo isto por resultado unha conglomeração de desordes, produto dun goberno oligárquico que sancionaba toda liñaxe de atentados contra o dereito e as leis.

Non podía existir moralidade política onde privaba o goberno das baionetas, o que hoxe diríamos o poder do Mauser.

Por outra banda, apuxado litixio debatíase entre os partidos políticos e as potencias europeas co himeneo da nena que por aquelas datas se atopaba á fronte dos destinos de España, e que, aínda hai agora escasamente catro anos que no seu desterro voluntario de París baixou ao sepulcro perdoando «á todos los que tanto daño le causaran».

Moitos eran os pretendentes, moitos os que cobizaban a súa rexia man: o príncipe napolitano de Trápani, o Conde de Montemolín, un dos príncipes de Orleáns, e os seus curmáns D. Francisco e D. Henrique de Borbón.

A candidatura máis simpática para o país, e a que se cadra privaría con maior anhelo no corazón da soberana, era a do último deses personaxes; mais non conviña así aos intereses de Narváez, espírito de vontade dominadora e decididamente refractario aos principios democráticos.

Importáballe antepor as súas concupiscencias aos sentimentos da maioría do pobo español, sacri cando deste xeito o corazón da raíña Isabel, que como muller nacera tamén para amar.

Este casamento que tentaba veri carse –como despois se consumou– , contra a vontade da soberana e do país, e o da súa irmá María Fer-



nanda co duque de Montpensier, a despeito de Inglaterra; a Constitución de 1845 que arroxou do poder ao partido progresista, e que non obedecía a ningunha necesidade esencial, atendendo a que a de 1837 comprendía unha legalidade común aceptada por todos e por todos recoñecida como boa para gobernar, incubaran unha situación lamentable de excesos e concusións, unha loita de ambicións e egoísmos producidos polo partido moderado, acaudillado primeiramente por Narváez e poucos días despois polo ex-volteriano Isturiz, partido que veu dominando desde o ano 1843 ao de 1854.

Desde aquelas épocas podemos ver que dimana o estado de retroceso e a paralización do progreso social de España, nacemento entón o imponente alzamento revolucionario galego de 1846.

Tivo este movemento un brillante prefacio o 2 de abril de aquel ano na cidade de Lugo ao berro de «Viva a Raíña libre! Viva a Constitución! Fóra estranxeiros! Abaixo o ditador Narváez! Abaixo o sistema tributario!».

Tivo o 26 do devandito mes un tráxico epílogo na pintoresca vila de Carral...!

\* \* \*

A historia antiga –expresa Pirala– é o extracto dos homes do seu tempo; e a contemporánea o espello onde se ven os do noso. Na unha pode haber máis ou menos esaxeración nas formas e no colorido; na outra non cabe máis ca a reprodución exacta, fotográfica, porque viven os que deberán ser retratados ou os que os coñeceron.

Baleirar unha páxina da historia, estendéndoa en moitos folios, pode xulgarse de bastante pretensión; e ata algún espírito suspicaz conceptúe esa labor de disparatada. Nós, ao impoñernos na nosa, non o cremos así, considerando que nos voluminosos tomos da historia se tratan concisamente feitos ou asuntos que deberan relatarse con máis minuciosidade, pola índole ou importancia que os integra.

España é a nación que con máis lexítimo orgullo os contén, dada a súa accidentada vida política; e o que nós imos agora describir é de tal

transcendencia para a rexión galega que sintetiza nos tempos modernos os marcos das liberdades patrias; e non esaxeráramos agregando que os das liberdades rexionais.

E aquí encaixa perfectamente aquel pensamento do douto escritor Leandro de Saralegui y Medina que nos di que en España e especialmente en Galicia «no se demuestra ni se ha demostrado nunca por los estudios del pasado, esa predilección natural entre los hombres que han contribuido en todas partes á enriquecer con incesantes y preciadadas conquistas el acervo común de los anales de la civilización y del progreso humano».<sup>4</sup>

Recoñecida a utilidade da historia contemporánea, –argumenta outro escritor– base para erguer despois o edificio da xeral dun pobo, e documentada debidamente, será a verdade á que todos aspiramos, porque ignorados uns acontecementos e adulterados outros, non se debe deixar o seu esclarecemento a outra xeración, podendo hoxe presentalos.

É xusto e plausible recoñecer os erros que aplaudimos e os feitos que, sendo loables, vituperamos, guiados máis pola paixón ca polo bo criterio.

Washington indicaba a Lafayette que nun goberno libre non se pode facer calar a voz da multitude: cada un fala como pensa ou, por mellor dicir, «habla sin pensar»; e por conseguinte xulga os resultados sen prever as causas...

É da natureza do home irritarse contra todo o que destrúe unha esperanza afagadora e un proxecto favorito; e é unha loucura moi común condenar o seu exame. Juan do Porto foi o primeiro cronista que narrou aqueles sucesos sen agardar á súa solución definitiva: comentounos, quentes aínda os corpos das vítimas de Carral.

Calquera, ao pasar a vista polas interesantes páxinas do libro de Do Porto<sup>5</sup> tacharíao de parcial observando a defensa que emprende acerca

---

4 Discurso lido na Coruña o día 30 de setembro, na solemne inauguración da *Real Academia Galega*–Ferrol, Imp. e Estereotipia de *El Correo Gallego*, 1900.

5 *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia*, por D. JUAN DO PORTO, avogado do Colexio desta Corte. Madrid, 1816. Imp. Viuda de Burgos

dos pormenores de aquel formidable pronunciamento, que non tivo parecido en todos os de análogo carácter realizados no pasado século, pola xustiza e nalidade que o informaban.

O número considerable de historiadores e comentaristas que seguiron a Do Porto, e que iremos citando no decurso do presente volume está de acordo nos seus xuízos, aínda nalgúns de dubidosa imparcialidade, como Tomás Chavelí, que para dividir a opinión, se circunscribiu a trincar e so sticar o criterio do devandito autor na parte relativa a defender a conduta do daquela Capitán xeneral de Galicia, D. Juan de Villalonga;<sup>6</sup> defensa inútil, porque ademais de ser Chavelí secretario deste e, polo tanto apaixonado no asunto, non foi el o autor da *Refutación* senón o propio Villalonga, segundo se deduce de antecedentes que nós adquirimos e comprobamos, e que publicamos no lugar correspondente –que con rman así as sospeitas indicadas xa por algúns– resultando ser por este concepto un veredicto recusable por aquilo de que ninguén pode ser xuíz en causa propia; e os actos do xeneral Villalonga nos acontecementos de referencia foron duramente condenados pola masa consciente, e a posteridade seguirá condenándoos, que de tal magnitude foron eles.

\* \* \*

Referíndose Luciano á misión do historiador, di que «no debe tener rey, patria, creencias, amigos, ni recibir leyes más que de sí mismo»,

---

a cargo do seu sobriño D. Manuel. Un vol. en 16.º, 218 páx. Esta obra foi publicada no mes de xuño de 1846, editándose no devandito establecemento desde o 1.º ao 4.º prego, imprimíndose desde o 5.º ao nal na imprenta Viuda e Hijos de Compañel, de Santiago. Por certo que, como di CARRÉ ALDAO nos seus *Alzamientos de la Coruña*, supera en sumo grao a impresión santiaguesa á da Corte.

Atribúen a paternidade da citada obra non ao Sr. Do PORTO senón a D. JOSÉ RÚA FIGUEROA, uns; outros, ao notable escritor e sociólogo D. VICENTE MANUEL COCIÑA, autor de varias importantes, entre elas *Opúsculo losó co sobre la historia del Derecho Romano dividido en tres secciones y precedido de una sucinta idea del patrio*. Imp. de la Viuda e Hijos de Compañel. Santiago, 1841.

- 6 *Refutación de la Reseña histórica de los últimos acontecimientos de Galicia escrita por D. Juan Do Porto en la parte que se re ere a los actos del Excmo. Sr. Capitán General del propio Reino*, por D. T. Ch., Capitán de Infantería.–Ourense: Imp. de la Viuda de Compañel e Hijos. Agosto, 1846. Un vol. en 16.º, 32 páxinas.

querendo demostrar con esta proposición que no historiador debe concurrer máis independencia ca sentimentos.

Non faltará algún que outro lector que se propoña follear o presente traballo que nos tache tamén a nós de apaixonamento, mais debere-mos obxectarlle, por anticipado, que abundando no aforismo do célebre so sta grego, antepomos ás ideas e ás doutrinas os feitos ocorridos, rati cados polos documentos que examinamos, contestes todos eles co sentir dos cronistas que nos han precederon, e que explicaron con serenidade de xuízo os incidentes de aquel tan patriótico canto infortunado alzamento que tivo pendente por espazo de varios meses a atención enteira de España e Europa.

O único historiador que discrepa en parte do ditame dos demais, aínda estando conforme no fondo co espírito do pronunciamento galego, é D. Vicente de la Fuente, autor da «Historia de las Sociedades Secretas», quen, dominado polos seus convencionalismos de seita, atribúe todo movemento contemporáneo xurdido na península á obra da *Masonería Ibérica*, achacando ás loxas de Porto e Vigo que no ano de 1846 deran o berro de «Viva a República Ibérica!» sublevando gran parte do exército e da mariña; e que esa mesma masonería que tiña o seu asento e imperio na Coruña e Santiago subornara D. Miguel Solís, iniciando nela o infante D. Henrique de Borbón, que se atopaba en Ferrol, «con el objeto de tener un rey como docil instrumento suyo».

As apreciacións deste visionario escritor coinciden coas que estampa Villalonga na súa famosa *Memoria*, elevada ao Ministerio de la Guerra a raíz da terminación dos sucesos de Galicia, estando ambos de perfecto acordo no seu xeito de pensar; porque Villalonga consideraba igualmente que «todo cuanto pronunciamiento que, en sentido liberal, se fomentaba en España, obedecía á manejos de las sociedades secretas», argumentos puerís, en verdade, que non levan ao convencemento, atendendo a que daquela os pronunciamentos reaccionarios non se fraguaban tampouco á luz meridiana, e non eran obra da masonería.

En cambio, o insigne Balmes, con aquela privilexiada intelixencia e a inxenuidade da súa pluma, informaba daquela no seu popular xornal *El Pensamiento de la Nación*, «que las multiplicaciones de tanta asonada, procedían del espíritu reaccionario de ciertas fracciones del

partido moderado, fautores de las desgracias que depauperaban el país por el exceso de centralización, restricción de libertad y extremosidad en el sistema vicioso de gobernar», defectos que podemos afirmar que actualmente subsisten.

# CAPÍTULO PRIMEIRO

O pronunciamento de Lugo.- Os Batallóns, 2.º do Rexemento de Infantería de Zamora e Provincial de Xixón.- Proclamación do pronunciamento por D. Miguel Solís y Cuetos.- Prisións que se efectuaron.- Nomeamento dunha Xunta de Goberno.- Resolucións da mesma.

## I

O día 1.º de abril de 1846 apareceu moi claro e alegre: no fondo dun ceo diáfano de purísimo azulado, destacábase coa súa maxestade un sol brillante, sol de primavera, pai fecundador da Terra, confortador dos espíritos tristes e reparador dos organismos débiles que acababan de sentir as cruezas da precedente estación invernal.

Os seus raios caían a fio sobre a capital do antigo Convento xurídico lucense; esa vila que, a pesar do tempo destrutor, conserva intacto o seu soberbio e amurallado cinto, pegada viva da preponderancia dominadora do latino; e desde os seus bordes admírase o poético afastado de toda unha próspera e exuberante comarca.

Na mañá dese día fai a súa entrada en Lugo o 2.º Batallón do Rexemento de Infantería de Zamora que, procedente da Coruña, ía destacado a Valladolid.

A chegada desta unidade militar non causou maior curiosidade á veciñanza da que comunmente produce nunha poboación a de forza armada.

Os españois fomos sempre excesivamente impresionables polo noso exército: unha formación, un paseo militar, unhas manobras son ele-

mentos suxestivos que cativan igual o neno ca o home caduco, signos psicolóxicos reveladores dunha raza que, *ab initio*, non soubo máis que soster loita tras loita en reivindicación da súa independencia ou en aras das súas liberdades.

España foi a nación do constante guerrear sen froito: ao compás de sucesivos puxilatos, desgastouse o seu zume, desgastáronse as enerxías dos seus fillos, sen poder conseguir, a través dos séculos, a realización da conquista da liberdade e do dereito.

E o máis sensible, e hai que confesalo aínda que nos doa, é que, á sombra de tantas contendas, outros pobos se enriqueceron a costa da dalga España, usurpándolle aquel cuantioso patrimonio que tarde ou nunca poderá recuperar.

Quen máis dano lle causou na pasada centuria, os que maiores desgrazas lle trouxeron, foron aquelas fraccións políticas denominadas *realista e liberal ou isabelinos e carlistas*: a historia coméntanos as súas intemperantes canto pertinaces pelexas de egoísmo e concupiscencias, principio do noso estancamento e malestar social.

Hoxe, esas mesmas fraccións, aínda que subdivididas e con clasificacións heteroxéneas, proseguen, dentro do medio predominante, na súa campaña perniciosa, sendo de lamentar que a opinión se extraviara ata o extremo de ir perdendo o máis fermoso dos sentimentos, como é o do amor á patria.

O grego e o romano preséntansenos sempre como modelos de civismo polos seus singulares afectos cara á patria, que para eles representaba un *particularismo* dentro da raza e da nación.

Grecia e Roma afundíronse non pola lei eterna da evolución, senón pola falta de calor nese sentimento que foi desaparecendo no amor dos seus fillos. Grande e admirada será unha nación onde nos seus homes resalte ante todo ese *particularismo*; que patria é a terra, –como perfectamente discorre o noso cariñoso amigo Salvador Golpe<sup>7</sup>– cuxo centro e raíz é o fogar e a familia aos cales están consubstancialmente unidos os homes polos vínculos de todos os afectos.

---

<sup>7</sup> *Patria y Región*. 1897.–A Coruña. Imp. de *El Noroeste*.

Poderosa e respectada foi España naquelas épocas en que o proletariado, fraternizando coa burguesía, conquistaban unidos e á calor do amor á patria, recíprocos dereitos á fronte das barricadas, morrendo en defensa da liberdade e da democracia.

Afastado hoxe o obreiro dese sentimento, apoderada da maioría da masa social unha inercia aterradora, España diríxese por tortuoso sendeiro, sen que un sol radiante volva iluminar o poderío e prestixio doutros tempos. O insigne Heriberto Spencer, a xeito de testamento, e nunha das súas obras postremeiras, entoa estas sublimes frases: «Solo se salvan los pueblos en que prepondera el sentimiento por la patria».

## II

Pasou a noite o citado batallón na capital lucense o 1.º de abril ata o seguinte día, no cal, co obxecto de proseguir o seu itinerario cara Valladolid, se deu a orde de marcha ás tres da tarde, saíndo formado do seu aloxamento media hora despois.

Ao chegar ao barrio de San Roque, xo alto; e logo se mandou aos soldados cargar os seus fusís. Incorporouse entón á forza, ao propio tempo que tomaba o mando da mesma, o coronel comandante de Estado Maior da Capitanía xeneral do distrito, D. Miguel Solís y Cuetos, que nese día chegara a Lugo, previa licenza que se lle concedera para atender o restablecemento da súa saúde.<sup>8</sup>

Con relixioso silencio retrocede a mencionada forza ao centro da poboación, parando na Praza Maior, sen infundir ao curioso a menor sospeita dos transcendentais acontecementos que logo se irían desenvolver.

Separouse do batallón a compañía de Cazadores co seu capitán D. Jacinto Dabán, dirixíndose inmediatamente ao cuartel onde se hospedaba o batallón Provincial de Xixón. Obedecendo a unha consigna secreta, aquel e os seus subordinados tomaron posesión do devandito edificio, co obxecto de privar da entrada nel a varios oficiais do citado

---

<sup>8</sup> Véxase o noso Apéndice núm. 1.º e o seguinte Capítulo.



Corpo que, non sendo estraños ao pronunciamento que se ía proclamar, eludían asociarse ao mesmo.

Seguidamente, e sen promoverse o menor murmuro de algarada, sae formado do cuartel o Provincial de Xixón, mandado polo capitán D. Manuel Martínez, quen distribuíu a súa forza por diversos puntos da poboación, estendendo parte dela por toda a muralla, pechando as súas portas, a excepción da de San Pedro.<sup>9</sup>

---

9 O Conde de Clonard, na súa voluminosa obra *Historia orgánica de las armas de Infantería y Caballería*, tomo VIII, páx. 443, relata que nun dos días en que estivo detido en Lugo o 2.º Batallón do Rexemento de Zamora, atopábase o día da marcha para Valladolid paseando na praza e agardándoo para pasarlle revista o seu primeiro comandante, recibindo naqueles momentos un aviso de que chegara ao cuartel un oficial procedente da Coruña con pregos urxentísimos.

«Como las circunstancias», di Clonard, «iban adquiriendo de día en día un aspecto alarmante y se creía que de las cenizas calientes aún del último incendio revolucionario (\*) brotaría otro nuevo y en mayores proporciones, acudí a aquel jefe apresuradamente al cuartel; pero en vez del oficial procedente de la Coruña, halló á varios de su batallón los cuales le intimaron en nombre de la fuerza, la orden de quedar prisionero.

Pocos momentos después llegó á la plaza la compañía de Granaderos que siguiendo la voz de su capitán, se pronunció en rebelión abierta contra el gobierno. Siguiéron los demás este pernicioso ejemplo; y el segundo comandante que quiso oponerse, fue igualmente reducido á prisión».

Por este acto, fustiga Clonard a forza aludida, eloxiando en cambio os outros dous batallóns 1.º e 3.º do devandito rexemento por non pronunciarse.

A respecto deste xuízo, non podemos estar de acordo en parte, porque ao facer o devandito escritor a apoloxía do brillante Rexemento de Zamora, incorre en contradicións manifestas, como a de sinalar que en anteriores pronunciamentos seguiran aqueles batallóns as inspiracións de entidades análogas ás de Narváez atentando contra o goberno constituído, e que venceran na loita.

Agrega tamén que os batallóns 1.º e 3.º «determinaron lavar la mancha que con su actitud lanzara el 2.º sobre el Regimiento»; sen xarse, de ter pleno coñecemento da indole de aquel alzamento, que todo o Corpo simpatizaba con el e que os seus propósitos quedaron defraudados debido a unha pura casualidade.

O entendido escritor militar, non obstante publicar a súa interesante obra poucos anos despois dos sucesos que iremos relatando, incorre nun cúmulo de anacronismos e equivocacións que deberemos puntualizar e rectificar coa oportunidade necesaria.

(\*) Alude á insurrección centralista de 1843 na que o xeneral Narváez foi principal promotor, veri cándose o 22 de xullo nos campos de Torrejón de Ardoz aquela singular batalla na que «no hubo vencedores ni vencidos» entrando todos en Madrid para preparar Narváez, inmediatamente, a súa ditadura.

Apodéranse no acto dos cabalos e armamento da Garda Civil e arres-  
tan o comandante xeneral da praza, D. Benito Menacho, o comisario  
de Guerra D. José Bahamonde, o Secretario da xefatura política e o  
xuíz de 1.<sup>a</sup> instancia. Realizáronse outras aprehensións de varios o-  
ciais dos Corpos de Zamora e Xixón, que desistían de facer causa  
común cos seus compañeiros, mais quen foron excarcerados despois  
de iniciado o alzamento, coa condición expresa de non desenvaiñar as  
súas espadas contra os pronunciados.

O intendente D. Bartolomé Hermida librouse da prisión apelando á  
fuga, por coñecer dúas horas antes os intentos dos revolucionarios; e  
o xefe político D. Juan Ferreira que, desde Madrid, se dirixía a Lugo  
para desempeñar o seu destino, recibiu a noticia do pronunciamento  
en Nogais, tres leguas distante desta última cidade, a quen se lle reu-  
niu o destacamento desarmado da Garda Civil que os revolucionarios  
deixaron en liberdade por non querer adherirse ao acto.<sup>10</sup>

### III

Mentres se ían adoptando estas precaucións, formaba na Praza da  
Constitución o batallón de Zamora en liña de batalla, mandado polo  
capitán Daban, que volvera incorporarse, colocándose á fronte da liña  
D. Miguel Solís.

As cornetas dan o toque de atención; e desenvaiñando aquel a espada,  
diríxese aos soldados pronunciándolles sentidas e patrióticas frases.  
Pintalles a triste situación pola que atravesaba España, ocasionada por  
«los múltiples abusos y arbitrariedades cometidas por el gobierno de  
D. Ramón María Narváez, que, afanoso de sostener su abominable  
dictadura, pretendía la celebración del casamiento de la reina Isabel  
con un príncipe que rechazaba la voluntad nacional».

---

10 Desde Nogais participou Ferreira o suceso ao ministro da Gobernación; e desde  
Vilafranca do Bierzo fíxoo o intendente Hermida ao ministro de Facenda e ás  
autoridades de León e Capitán xeneral de Castela a Vella. *-El Pensamiento de  
la Nación* dirixido por Jaime Balmes e J. M. Quadrado, de 22 de abril de 1846,  
páxina 250, trae inserida esta noticia polo seu redactor cronista Benito García de  
los Santos.

«Nunca fué más justa ni más santa, –agregaba– la causa que vamos á defender: en un lado unos cuantos ambiciosos; en otro la nación entera; al frente un enemigo débil, raquítico, rechazado por la opinión, la honradez y la justicia; y á retaguardia está el pueblo, ese pueblo de donde salimos y á donde volveremos; ese pueblo vejado, escarnecido y donde están nuestros padres, nuestros hermanos y nuestros amigos. ¿Será dudosa la victoria? ¡No, compañeros! Los tiranos tiemblan ya; la ignominia y la execración caerán sobre sus cabezas mientras que las vuestras, cubiertas de laurel, serán objeto de la admiración y gratitud de vuestros ciudadanos.

¡Soldados! envanecido de conducirlos por la senda de la gloria, contaré por el día más feliz de mi vida el que me pusisteis á vuestro frente. Llenaré mi deber satisfecho en contribuir á la reconquista de la libertad española y su trono constitucional.

¡Soldados! ¡Viva la libertad! ¡Viva la Reina libre y constitucional! ¡Abajo la camarilla y el dictador Narváez! ¡Abajo el sistema tributario!». <sup>11</sup>

A medida que Solís continuaba na súa peroración, a praza foi enchéndose de curiosos; e ao rematar aquela e contestadas efusivamente as aclamacións polos soldados e parte do pobo, a forza formou en columna de honor, des lando ante o seu xefe, e dirixíndose ao seu aloxamento.

Unha hora máis tarde constituíase unha «Xunta de Armamento e defensa» que despois tomou o nome de Xunta de Goberno, sendo o seu presidente D. Manuel Becerra Llamas; vogais, D. Juan M. Castañón, D. Domingo A. Pozzi, D. Toribio Batalla, D. Francisco Riera, D. Joaquín Pando, D. Antonio Romay, D. José M. Capón, D. Antonio Camba, e como secretario D. José Antonio Vila.

Esta Xunta comezou a funcionar o día 4, dirixindo unha elocuente exhortación aos habitantes da provincia, sintetizada no manifesto de Solís de que trata o noso Apéndice 2.º. Ela compendiaba toda a historia das amarguras polas que pasara o pobo español durante os tres últimos anos da dominación de Narváez:

---

11 *Boletín Oficial* da provincia de Lugo de 10 de Abril de 1846. –N.º 43.

«Tres años de desolación y agonías; tres años de hero despotismo debieron haberos enseñado que los hombres que se titulaban de orden, de paz y de justicia, son los mayores apasionados de la anarquía y del desorden y no respetan las leyes ni los derechos más santos del pueblo. Ninguna consideración ha contenido en su carrera de perdición á esos desatentados liberticidas. Ellos han violado todas las leyes, roto todos los vínculos sociales y vilipendiado el trono. Han puesto en los labios de nuestra inocente Reina palabras llenas de veneno que horroriza repetir las. Han fusilado sin miramientos de ningún género á los que más sacrificios hicieron en favor del trono constitucional. Cada día, cada hora se acrecentaba su furor contra los inermes liberales».

«Por eso los lugueses unidos á los valientes y patriotas batallones de infantería de Zamora y Gijón han alzado el día 2 del actual la bandera de libertad; bien persuadidos estaban los que á tan grande alzamiento han contribuido que la Reina sería libre, la libertad se salvaría y la camarilla infame se hundiría en el abismo. Con esta conanza han aceptado el difícil cargo de vocales de la Junta de armamento y defensa los que suscriben. Conocieron que era llegada la hora de ser libres ó esclavos; y han preferido antes que arrastrar cadenas sucumbir peleando por la libertad ó ir á morar á país extranjero. Ni uno ni otro caso empero será llegado; porque los esfuerzos de nuestros hermanos de Santiago, Coruña y demás pueblos de la nación, aseguran el éxito.

¡Habitantes de la provincia de Lugo, nacionales, soldados! ¡decisión, unidad en deseos y pronto veréis que la Constitución será una verdad. La Reina, libre de influencias irresponsables, contribuirá á hacernos felices y dejaremos de una vez de estar supeditados al capricho de extranjeros!.

¡Lugueses: mientras la Junta medita planes de economía y organiza y arma fuerzas para contrarrestar, si fuera preciso, las de los enemigos de la patria, entregaos á vuestros afanes; y vivir seguros que los individuos que la componen no dejarán perecer la libertad sin que su sangre riegue el suelo español. –¡Viva la libertad! ¡Viva la independencia nacional! ¡Abajo el sistema tributario y la camarilla de Narváez!».

Esta proclama asinábana todos os individuos da devandita Xunta, sendo publicada en follas soltas e no *Boletín Oficial* de 10 de abril.

Na orde militar da praza do día 2, dispúñase que todos os cabos e sarxentos que se asociasen ao quedaban en posesión do emprego inmediato, autorizándoos para usar as correspondentes divisas. Os sarxentos primeiros ascendían a subtenentes, exercendo desde aquel momento as funcións dos mesmos.

Á clase de tropa aumentábaselle real e medio de sobresoldo sobre o seu haber: e aos xefes e oficiais proporíaseles á Xunta soberana para as recompensas a que se xesen acredores. Ordenábase tamén aos xefes e oficiais dos Corpos que estivesen dispostos para marchar ao primeiro aviso.

A Xunta lucense, usando das facultades que se lle conferiran, adoptou desde o día 4 ao 10 as disposicións seguintes:

Supresión do Consello provincial con todas as súas dependencias, a partir do día 2; e declarar disolta a Deputación provincial desde a propia data.

Suprimir por innecesaria e vexatoria a *odiosa institución* titulada policía.

Separación dos catedráticos do Instituto D. José Jorge de la Riva, D. José Antonio Somoza, D. Antonio Plá, D. José Castro Bolaño e D. Bartolomé Teijeiro; e interesando ao Claustro de profesores propuxese en terna suxeitos que atendesen provisionalmente a ensinanza.

Nomeando á D. Pedro Pardo Vivero depositario da Deputación provincial, e que se encargase interinamente dos fondos pertencentes ao goberno político, por separación de D. Francisco García Armero.

Nomeouse interinamente administrador de Bens Nacionais á D. Miguel Ramón de Castro en substitución de D. Julián Domínguez que foi separado do devandito cargo.

Con igual calidade nomeouse administrador de Rendas á don Pedro Pardo Vivero.

Suprimíronse os dereitos que co título de *ramo voante* se pagaban no sistema de contribucións anterior, denominado *tributario*.

Reducíronse os dereitos que por este último se pagaban en libra de carne de porco salgada, cuxo artigo «no adeudaría máis que lo que se exigía por el Reglamento del año 1775».

Tamén acordou a Xunta dar unha paga aos empregados activos conr-  
mados nos seus destinos desde o día 2; outra ás monxas (que desempeñaban servicios humanitarios), inválidos, viúvas e orfos de funcionarios públicos e retirados existentes en Lugo.

Autorizar a varios patriotas para erguer forzas e perseguir aos que baixo calquera concepto perturbasen a orde e «se opongán á que los pueblos sacudan el yugo que los oprime».

Nomear asesor de Rendas á D. José Rancaño de la Vega en lugar de D. Bernardo Núñez Cañal, por ausentarse este último da poboación.

Dirixiu unha circular determinando que os concellos da provincia que non se atopasen identi-  
cados co alzamento fosen substituídos por individuos que desempeñasen cargos municipais elixidos no ano 1841, aconsellando a estes últimos que se axustasen para a xestión municipal á lei de 3 de febreiro de 1823.

Publicou outra circular relevando ás municipalidades de formar relacións de predios rústicos, urbanos e pecuarios, que se esixían para a cobranza da contribución de inmobles, cultivo e gandería.

Publicou tamén outra disposición excitando os Concellos para que todos os débitos de contribucións vencidas ata n de abril, por calquera concepto que fose, ingresasen dentro do improrrogable termo de oito días na Tesouraría de Facenda, baixo cominación de adoptarse medidas rigorosas. Os fundamentos desta circular axustábanse a que sendo «una de las principales bases de la bandera alzada *la supresión del sistema tributario*, el excesivo aumento en los presupuestos, la desigualdad en la exacción y hasta la índole del plan, han alarmado al país y exigen remedio pronto y e-  
caz. A conseguirlo, una comisión de esta Junta se ocupa asiduamente de recoger datos y meditar planes de economía para proponer á la Junta Central tan luego se constituya, mejoras capaces de aligerar las cargas públicas y satisfacer la necesidad general».

Acordou ao tempo a xunta organizar un batallón co título de *Voluntarios patriotas de Lugo, 1.º de Galicia*; para cuxo mando designou o capitán comandante graduado D. Roberto Robles.

Os haberes de que gozarían as clases deste Corpo eran os seguintes:

Os oficiais, os soldos de ordenanza; os soldados, 4 reais diarios; cabo 2.º, 4 e medio; cabo 1.º, 5; sarxento 2.º, 5 e medio; sarxento 1.º, 6; cornetas e tambores, 4 e medio, ademais de gozar de ración de pan as clases de tropa.<sup>12</sup>

Observemos que a Xunta lucense non foi parca en legislar, non obstante os poucos días que levaba funcionando. Dada a índole das resolucións, xa se concretasen a medidas de prevención, seguridade e defensa, xa a aquelas outras de carácter administrativo, inclinámonos a crer que guraban á fronte da devandita Corporación persoas de sans principios e claro entendemento.

Esta Xunta, a primeira establecida en Galicia ao iniciarse o movemento galego, deu logo a pauta ás demais da rexión e singularmente á Central ou Suprema establecida poucos días despois na cidade de Santiago, para organizar un plan máis vasto de reformas económico-gobernativas que sinalaremos máis adiante, e que serviron igualmente de modelo para a formación de aquel programa revolucionario do que, tempos andando, se aproveitaron os gobernos liberais, incluíndo algunhas delas nos seus respectivos programas; que tal era o espírito elevado en que estaban inspiradas.

Entre as medidas de precaución e defensa da Xunta de Lugo ían envoltas as de tapiar as portas da muralla, a excepción da de San Pedro, ob-

---

12 Os anteriores acordos están publicados no referido número do *Boletín Oficial* de 10 de abril, así como outra Circular da Xunta constituíndose en *Xunta de Goberno* co fin de atender ás necesidades tanto de guerra como de facenda, ata que a Central de Galicia non dispuxese outra cousa.

Tamén o devandito xornal traía a seguinte noticia:

«*Última hora -10 de Abril-* Por extraordinario recibido en este momento, con referencia á otro llegado á Valladolid, se sabe que Madrid, Zaragoza y Valencia se han pronunciado alzando la bandera proclamada en esta ciudad. Se anuncia al público para satisfacción de los buenos y confusión de los malos. –*Manuel Becerra*, Presidente.– *Domingo A. Pozzi*, Vocal Secretario».

ter armamento para reorganizar a Milicia nacional, suspendida pouco antes pola vontade de Narváez, concentrar os dous destacamentos do batallón Provincial de Xixón, por atoparse parte deste distribuído en varios puntos da provincia, concentrar algúns carabineiros que se sublevaran e, por último, brindar a todos os cidadáns da provincia, que estivesen en condicións, a empuñar as armas.

Estes foron os prolegómenos de aquela memorable revolución, nacida nunha cidade importante á calor do máis viril dos entusiasmos; e que sen lograr o seu desenvolvemento, a pesar do seu imponente aspecto, foi traxicamente afogada nunha humilde aldea, vinte e catro días despois.





## CAPÍTULO II

Tentativas do pronunciamento na Coruña.– Os xenerais Puig Samper e Villalonga.– O Rexemento Infantería de Zamora.– Saída de Solís para Lugo.– Medidas de precaución adoptadas polas autoridades coruñesas.

### I

O alzamento de Lugo tivo a súa natural resonancia en toda a Península, singularmente na rexión galega, cuxa capital era a designada para inicialo e produci-lo.

Fora perfectamente preparado polas Xuntas de conspiradores progresistas establecidas en Madrid, Lisboa, Londres e París, radicando na Coruña a Xunta propagandista presidida por D. Vicente Alsina<sup>13</sup>, liberal de avoengo e *alma mater* de todo canto pronunciamento que, en sentido liberal, se desenvolvera en Galicia.

Certas consideracións de orde privada impediron provocar daquela na cidade coruñesa aquel formidable movemento galego, como así o denominaron todos os historiadores e cronistas que nel se ocuparon.

Se D. Miguel Solís prescindira de algunhas preocupacións ás que o obrigaban o cariño que profesaba e o respecto que tiña polo seu xefe o Capitán xeneral do distrito, D. Francisco Puig Samper, que acababa

---

13 *Historia general de España* por D. MODESTO LAFUENTE, continuada desde Fernando VII por D. JUAN VALERA coa colaboración de D. ANDRÉS BORRERO e D. ANTONIO PIRALA. –Tomo XXIII, páx. 27.– 1890. Barcelona.

de ser deposto do devandito cargo polo goberno de Narváez, a guarnición enteira de Galicia<sup>14</sup> adheriríase incondicionalmente á revolución no momento de realizarse, dados os solemnes compromisos que contraera co elemento civil; e desta forma evitaríase o vicio de orixe que consigo levou ao estalar en Lugo.<sup>15</sup>

Non aparece, polo tanto, neste asunto «un vergonzoso carácter de deslealdad y de abuso de confianza» de que nos fala un escritor<sup>16</sup>, senón un acto do máis social e cabaleiroso do que poucas veces se viu en pronunciamentos desta índole, abandonando Solís A Coruña, dando principio, sen loita nin efusión de sangue, ao acto en Lugo, punto no cal non perigaba a honorabilidade do seu superior, como despois vén o mesmo escritor recoñecer.

Ao saberse a actitude do pobo lucense, todas aquelas persoas de significación e prestixio que simpatizaban coa causa revolucionaria tentaron reproducila nas súas respectivas poboacións.<sup>17</sup>

Non foi soamente a guarnición nin foron os progresistas máis activos e resoltos, como sinala D. Juan Valera,<sup>18</sup> os que secundaban o pronunciamento, senón Galicia en pleno,<sup>19</sup> que desexaba sacudir o xugo da

---

14 Compúñase a guarnición das catro provincias galegas, do rexemento infantería de Zamora que constaba de tres batallóns de 1.000 prazas cada un, os provinciais de Xixón, Oviedo, Segovia, Zamora, Ourense, Mondoñedo e Guadalaxara, un escuadrón de Lanceiros de Villaviciosa que residía na Coruña, cunha sección de 25 xinetes en Santiago. Un rexemento de Artillería a pé, unha batería de Montaña e seccións Enxeñeiros e Corpos auxiliares.

15 VICENTE BLASCO IBÁÑEZ: *Historia de la Revolución Española*, tom. III, páx. 100. 1892. – ANTONIO PIRALA: *Historia Contemporánea*, tom. I, páx. 435. Madrid, 1875.

16 LAFUENTE: *Historia General de España*, tom. cit., páx. 27.

17 O cronista D. Benito García de los Santos, en *El Pensamiento de la Nación*, de 22 de Abril de 1846, escribía:

«Las noticias que hace tiempo se reciben de Galicia, manifestaban los recelos de una tentativa revolucionaria que empero se creía imposible por el carácter pacífico de aquellos naturales y por la lealtad y disciplina del ejército. Estas esperanzas han sido defraudadas, y la enseña de la insurrección ondea ya en algunas ciudades de aquel país».

18 LAFUENTE: *Historia General de España*, tom. e páx. cit.

19 «Toda Galicia tuvo que sucumbir al pronunciamento, excepto la Coruña, Ferrol, Orense y Mondoñedo» di Fr. MANUEL M.<sup>a</sup> DE SANLUCAR DE BARRAMEDA, bispo de Cidonia e auxiliar de Santiago, na súa obra *Recuerdos Saludables á la*

quela odiosa ditadura, secuela dun lamentable retroceso na vida activa e regular das rexións.<sup>20</sup>

As autoridades coruñesas, delegadas do goberno central, viron co pánico e despeito conseguintes o acto de Solís e do pobo de Lugo e, no momento de comprobar o nesgo alarmante que tomaba, comezaron a extremar a súa vixilancia, sobre todo na Coruña, que aprisionada no seu daquela amurallado recinto, cortaban todo intento para que nela puidese prosperar o movemento insurreccional.

Non descoñecían as intencións dos conspiradores coruñeses nin o xeneral D. Juan de Villalonga, que acababa de tomar o mando de Capitán xeneral do distrito, nin o xefe militar e político da provincia, D. José Martínez Tenaquero, un reaccionario procedente do Convenio de Vergara, con todos os pronunciamentos máis recalcitrantes neste xénero.<sup>21</sup>

## II

Por Real orde de 3 de abril de 1846, foi destituído no seu destino de Capitán xeneral do distrito, o Tenente xeneral don Francisco Puig Samper,<sup>22</sup> por sospeitar o goberno marcada hostilidade á súa política, substituíndoo co mariscal de Campo D. Juan de Villalonga, persoa completamente adicta a Narváez.

Semellante nomeamento causou impresión desfavorable no país, e máis aínda entre a guarnición e a veciñanza coruñesa, porque Puig

---

*España Católica sobre su Apóstol Tutelar Padre y Patrón Santiago el Mayor*, páx. 167.-Santiago, 1846.- Imp. de Núñez Espinosa. Un tomo 309 páxinas en 16.º.

20 No capítulo X publicamos un facsímile do xornal oficial dos revolucionarios galegos titulado *La Revolución*, onde se insire un manifesto da Xunta Suprema.

21 Este militar chegou no exército español ao emprego de Tenente xeneral.

22 «*Ministerio de la Guerra*. -Excmo. Señor.- El Excmo. Sr. Ministro de la Guerra dice hoy al Capitán general de Castilla la Nueva lo que sigue: La Reina (q. D. g.) se ha dignado conceder su cuartel para esta Corte, al Teniente general D. Francisco Puig Samper, -De Real orden comunicada por dicho señor Ministro, lo traslado á V. E. para su conocimiento.- Dios guarde á V. E. muchos años.-Madrid 3 de Abril de 1846. -El Subsecretario, *Conde de Vistahermosa*.- Excmo. Sr. Capitán general de Galicia».



*Miguel Solís y Cuetos*  
*S*

Retrato de D. Miguel Solís y Cuetos

Samper, home de irreprochables condicións sociais, adquirira durante o seu mando universais simpatías.

De non xurdir esa destitución, probablemente o devandito militar, coa súa política de atracción e polo respecto que se lle tiña, evitaría o desenvolvemento de aquel movemento que tantos trastornos e tantas bágoas produciu a Galicia.

Ao recibir Puig Samper a orde de relevo, determinou saír da Coruña para a Corte, na carruaxe de Correos, o propio día 3, pois a Real orde, deixándoo de cuartel e acordando o seu relevo, a pesar de levar esta data, comunicáraselle con varios días de anticipación, atopándose xa na Coruña o seu substituto e tomando este posesión do cargo o 29 de marzo anterior.

Antes de emprender o primeiro a súa viaxe, comentábanse nos altos círculos coruñeses os sucesos de Lugo, e aínda se agregaba que os sublevados agardaban a chegada de aquel xeneral para obrígalo a asinar un manifesto que debía dirixirse á guarnición de Galicia, e a que se colocase á fronte das tropas pronunciadas.

Informado Samper desta versión, compareceu ante Villalonga expoñéndolle se naqueles críticos momentos xulgaba lóxica a súa marcha, respondéndolle este que «puesto que oficialmente nada se coñecía, podía hacer lo que gustase».

Resolve entón na mesma tarde do 3 partir cara Madrid e, ao cruzarse a súa carruaxe de postas tres leguas antes de Lugo coa que viña de Castela, participalle o postillón desta última que a devandita cidade se pronunciara contra o goberno.

A noticia disuadiu o xeneral de continuar viaxe, retornando inmediatamente á Coruña e poñendo o feito en coñecemento de Villalonga, quen sufriu unha fondísima impresión, chegando a dicirse na poboación que «reprendiera duramente á Puig Samper, achacándolle, como principal fautor de los sucesos, por la negligencia que observara durante el tiempo de mando al frente de la Capitanía general».<sup>23</sup>

---

23 Do PORTO.—Ob. cit. páx. 44.

Díxose tamén que Puig Samper, ao oír recriminación tan absurda, contestou con igual dureza; e que, para desvirtuar esa sospeita e acalar murmuracións, se ofreceu el mesmo a sufocar o levantamento na súa raíz, poñéndose á fronte das forzas leais, ofrecemento que aceptou gustoso Villalonga, por certas consideracións que *Ile conviñan*, como así o expresa claramente na súa *Memoria* elevada ao Ministerio da Guerra o 30 de abril, desde Lugo, comprensiva de todos os pormenores desenvolvidos relativos á sublevación: «y la necesidad de hacer ver al país y á las tropas que el general Puig Samper que había sido vitoreado en primer lugar como Capitán general de Galicia por los sublevados, desaprobaba la conducta de éstos y se hallaba pronto á combatirlos, tuve de común acuerdo por más acertado *e yo convine* en quedarme en la Coruña con la escasa fuerza de Artillería que allí existe y poner al general Puig Samper al frente de los dos batallones de Zamora, (1.º y 3.º) de quienes no solo así podía esperarse que permaneciesen eles, siquiera por gratitud á las distinciones con que aquel los había favorecido».<sup>24</sup>

Non cremos que Villalonga se atrevese, a pesar de todo, a reconvir a Puig Samper, por exporse a que na Coruña se suscitase contra el unha ostensible explosión de protesta, que induciría a precipitar os acontecementos, coñecendo como coñecía os unánimes afectos e a considera-

---

24 Posuímos unha copia literal deste documento asinada por Villalonga. Está escrito todo el con marcada parcialidade, servindo de base a D. TOMÁS CHAVELÍ, capitán de infantería e secretario do devandito xeneral, para escribir a súa *Refutación á la reseña histórica de los últimos acontecimientos de Galicia escrita por D. Juan Do-Porto en la parte á que se refere á los actos del Exento. Sr. D. Juan de Villalonga, actual Capitán general del propio Reino*. –Ourense, Imp. de la Viuda de Compañel é Hijos. Agosto, 1846.

Houbo quen dixo que o autor dese traballo non era Chavelí senón o mesmo Villalonga; e polos datos que temos, vén corroborar o aserto unha factura do impresor, que nos informa por de pronto que os gastos da obra foron satisfeitos pola Capitania xeneral de Galicia. Velaquí a factura que conservamos orixinal:

«*Imprenta y librería de la Viuda de Compañel é Hijos*, calle de la Azabachería núm. 18, Santiago:

Cuenta de la tercera entrega de la *Refutación de los últimos acontecimientos de Galicia*, por D. TOMAS CHAVELÍ:

Por caja, tiraje y encuadernación de quinientos ejemplares con sus cubiertas	220
Por dos resmas de papel para la obra á treinta y ocho reales cada una	76
Son reales vellón	296

Santiago, febreiro 6 de 1847

*Viuda de Compañel*».

ción que se lle tiña ao segundo, bastando unicamente os ofrecementos deste, tan nobres e tan espontáneos.

Neste sentido expresábase na comunicación que lle pasara o día 4, designándoo para o mando da columna que había de operar contra os rebeldes: «oído el parecer de personas respetables y consultados mi deber y la utilidad del servicio he tenido por más acertado y aun conveniente á su reputación, que hoy mismo salga V. E. á perseguir á los rebeldes, al frente de los otros dos batallones del mencionado regimiento de Zamora, media batería rodada y un obús de á lomo, única fuerza que hay en este punto».<sup>25</sup>

Puig Samper contestaba o mesmo día 4:

«Excmo. Sr: Son las dos y media de la tarde, hora en que recibo la comunicación de V. E. de este día, relativa á mi salida con las tropas que ha tenido á bien con arme para esterminar la rebelión promovida en Lugo, según tuve el honor de informar á V. E. esta mañana á mi regreso de la marcha que anoche había emprendido para Madrid: la efusión tan vehemente y afectiva que me domina, hace muda la retórica de mi expresión; y no me es posible patentizar á V. E. mi decisión de sacri - carme por S. M. mi Reyna, porque el dolor me agobia y no deja lugar á ningún otro sentimiento.–Recibo también los bandos, declarando en estado de sitio á este distrito y quedo enterado de lo demás que V. E. se sirvió ordenarme.–Dios guarde á V. E. muchos años.–Coruña 4 de Abril de 1846–El Teniente general Francisco Puig Samper.–Excmo. Sr. Capitán general de Galicia».

Non obstante a nobreza, desinterese e sacri cios expostos, saíndo de operacións para combater nos primeiros momentos a sublevación, Puig Samper foi perseguido poucos días despois, preso e pechado nun buque de guerra, segundo relatamos máis adiante.

Non sacri caba a súa vida máis que *pola súa Raíña*: a súa conciencia honrada non lle impulsaba someterse ás esixencias de Narváez e os seus adeptos. Velaquí o segredo das súas persecucións, que Villalonga extremou con solapada hipocrisía.

---

25 Documento que posuímos.



### III

O goberno dispuxera destacar a Valladolid o rexemento infantería de Zamora, substituíndoo co de América; medida tomada en consonancia cos rumores que circulaban acerca de que aquel corpo era inimigo do goberno constituído, e non das institucións e o trono, como asegurara o xefe político Martínez Tenaquero nunha denuncia pasada ao Capitán xeneral, denuncia na que ía tamén envolta a persoa de Puig Samper.

Constaba o devandito rexemento, segundo manifestamos, de tres batallóns en activo mandados polo brigadier Mac-Crohon<sup>26</sup> e procedía da división do xeneral Zurbano cando os anteriores acontecementos de 1843, conservando o espírito liberal deste caudillo.

Levaba tres anos, proximamente, domiciliado na Coruña, e Villalonga, para rati carse nas causas da translación, dicíalle ao ministro da Guerra: «De aquí, como no podía menos de suceder, siguiése que las clases adquiriesen relaciones y afecciones de las cuales se aprovechaban los conspiradores para ir minando la disciplina de los Cuerpos. Concretándose al regimiento de Zamora, hacía tiempo que el digno brigadier D. José Martínez, gobernador militar y jefe político de la Coruña, observaba cierta intimidad de algunos oficiales con sujetos sospechosos, y con el celo que le distingue, había dado de ellos los correspondientes avisos al Capitán general D. Francisco Puig Samper. Las observaciones continuaron y de día en día se aumentaban las sospechas de aquel y de cuantas personas se hallaban comprometidas por el *orden y las instituciones*. Cuando por el brigadier Martínez comenzó á verse más clara la trama que se urdía, fué al consumarse la fuga del presidio de la Coruña de don N. Bartolí<sup>27</sup> ayudante que había sido del ex-general Nogueras, fuga que se *atribuyó* á dos oficiales de Zamora, lo cual se cree no había sido de *difícilprueba*. Entonces volvió á hacer presentes sus recelos al general Puig Samper y aun al brigadier don José Mac-Crohon; pero lo

---

26 Naceu Mac-Crohon en Ferrol o 13 de Abril de 1803, chegando ao emprego de Tenente xeneral. Foi Ministro da Guerra e Mariña durante a campaña de África en 1859. As condicións de talento e pericia militar elevárono ao desempeño destes prestixiosos cargos.—*Efemérides: Ferrolanas*, por don LEANDRO DE SARALEGUI Y MEDINA. Madrid, 1904.

27 D. José Bartolí, natural da Coruña, pertencente a unha distinguida familia. Formáraselle causa pola súa vocación liberal.

que era una realidade y un efecto de celo por el bien del servicio, tívose por una quimera y una ojeriza caprichosa».<sup>28</sup>

Con informes desta índole, impúñase polo goberno reaccionario a adopción de coercitivas providencias contra o ex-Capitán xeneral de Galicia, Puig Samper, quen cos seus temperamentos de prudencia procuraba evitar ao país todo xénero de continxencias. El, con moi bo sentido práctico, mostrábase indiferente ás delacións do xefe político, supoñendo ver neste esbirro a tendencia dos aduladores para acadar méritos e honores de calquera xeito.

As denuncias amiudaban por parte do devandito funcionario, e xa non soamente acadaban a o cialidade de Zamora, senón que se estendían a outras persoas do elemento civil, progresistas signi cados da po-boación, como D. Vicente Alsina, D. Andrés Garrido, D. Ramón Peón, D. Pedro de la Encina, D. Francisco González, D. Julián Arias Carvajal, D. Andrés Vicente Nieto, D. Silverio Soto e tantas outras a quen constantemente se vixiaba e perseguía por parte dos subordinados do Martínez.<sup>29</sup>

«El desprecio de estos avisos», –continuaba expresando Villalonga referíndose a Samper e Martínez,– «traducido por los o ciales contra quienes se dirigían, debía producir en ellos el aliento; y á pesar de la reserva con que se fraguaba el plan de revolución, dejábanse entrever algunos pasos que implicaban sospecha, como por ejemplo, la frecuente concurrencia de algunos o ciales á la casa de la Condesa de Mina, que es *tenida por todos los hombres pensadores* por la impulsora y directora de la sublevación, *así como lo fué* según la opinión común *de otras* anteriores ocurridas en Galicia».<sup>30</sup>

Pola descon anza, pois, que inspiraba ás autoridades locais o rexe-mento de Zamora e os temores de que se consumase na capital galega

---

28 *Memoria citada.*

29 Por Real orde de 6 de novembro de 1846, concedéuselles todos estes señores, que se atopaban emigrados en Portugal e Inglaterra por complicación no movemento do devandito ano, a gracia de regresar ao seo das súas respectivas familias.– *Arquivo do Concello da Coruña.*

30 *Memoria citada.* Da ilustre e lantrópica dama coruñesa ocupámonos no Capítulo XVII.

un movemento revolucionario, xéronse vehementes instancias non só polo xefe político Martínez, senón tamén por algúns deputados a Cortes da rexión, amigos da política imperante, para que fose de niti-vamente trasladado do distrito.

O Goberno resolvéao así; mais a execución do traslado tivo que dife-rirse por uns días, durante o mando do xeneral Samper, mentres non viñese o relevo do devandito Corpo, dispoñéndose preventivamente que anticipase a viaxe o 2.º Batallón, o cal saíu da Coruña, por xor-nadas, para Valladolid, o 29 de Marzo ás dúas da tarde, ou sexa, aos poucos momentos de tomar posesión do seu destino o novo Capitán xeneral, don Juan Villalonga.

#### IV

O 30 de Marzo, D. Miguel Solís y Cuetos, coronel, comandante de Estado Maior afecto á Capitanía Xeneral de Galicia, solicitou licenza do seu superior para ausentarse a Santiago de Compostela co obxecto de atender á curación dun tumor que padecía nunha perna. Como Vi-llalonga non tiña do solicitante «ningún antecedente desfavorable»<sup>31</sup> outorgoulle o permiso, asinándolle o correspondente pasaporte que lle foi presentado «por el coronel, teniente del Cuerpo de E. M., D. Juan Manuel Vasco, á consecuencia de hallarse ocupado el brigadier jefe del propio Instituto, D. Leonardo Bonet, en el embarque del infante D. Enrique de Borbón á quien por el Gobierno se desterraba á Francia, por considerar su presencia en Galicia, peligrosa para las instituciones, dadas las grandes simpatías que tenía en el seno del partido progre-sista».<sup>32</sup>

O tenente habilitado do rexemento de Zamora, D. Feliciano Cubas, «uno de los contertulios más asiduos de la casa de la condesa de Espoz y Mina», segundo indica Villalonga na súa *Memoria*, emprendeu a viaxe con Solís, na noite do 1.º de abril, tomando ambos a estrada de

---

31 *Memoria citada*.

32 *Memoria citada é Historia de la Milicia Nacional*, desde a súa creación ata os nosos días por D. JOAQUÍN RUIZ DE MORALES, páx. 598.-Madrid, Imp. de Repullés. Un vol. en folio de 826 páx.

Castela e levando consigo os fondos do corpo, que ascendían á cantidade de 43.613 reais, co obxecto de destinalos aos primeiros gastos da sublevación.<sup>33</sup>

Comezada esta en Lugo, como sabemos, e a fin de impedir as ramificacións que puidese ter en toda a extensa rexión galega, o xeneral Villalonga, ditou, como primeira providencia, pór aquela en estado de sitio, tomando ademais para a capital outras de rigor en evitación de que nela fose secundado por sorpresa o alzamento.<sup>34</sup>

Ordenou ao alcalde que apercibise aos veciños D. Juan Francisco Barrié, D. Martín Torres Adalid, D. Manuel Noriega, Conde de Priegue, Conde de San Román, D. José Posse, D. Vicente Ventura y don Agustín Caldeiro, para que facilitasen un número determinado de mulas para o arrastre das pezas de artillería, a cuxa orde se mostraron refractarios; por cuxa desobediencia se embargaron o 3 de abril ao señor Torres,

---

33 Este subalterno, antes de deixar A Coruña, pretendeu depositar en Caixa a suma indicada; mais Solís, invocándolle o nome da patria e a utilidade que para a causa poderían reportar eses fondos servindo para os primeiros gastos do pronunciamiento, depuxo os seus escrúpulos, entregando aqueles á Xunta revolucionaria. Máis adiante foron reintegrados ao 2.º batallón de Zamora, segundo recibo que a Cubas estendeu o capitán caixeiro D. Cayetano Cluet. Todos estes pormenores foron acreditados por aquel, despois de rematados os sucesos de 1846. DO PORTO, na súa *Reseña*, páx. 219, transcribe unha carta que desde Peniche, onde se atopaba emigrado, lle dirixira D. Feliciano Cubas o 20 de xullo de 1846, na que se confesaba da súa conduta, ao coñecer as imputacións que se lle facían como defraudador dos fondos do seu rexemento.

34 «*Orden general de la plaza del 6 de abril de 1846: Artículo 1.º* En caso de marchar por la noche ó de necesidad de comunicar alguna orden á los batallones, se avisará tocando á orden general. Si la orden fuese parcial para algún batallón, se tocará la contra orden que han recibido los comandantes de su brigadier, oida la cual, concurrirán al cuartel general el ayudante del batallón respectivo. *Artículo 2.º* En todas las casas se situarán centinelas á las ventanas estableciendo el servicio necesario para su relevo durante la noche. El jefe del 1.º batallón arreglará el servicio de su cantón con presencia á su localidad, posiciones y avenida. –*Artículo 3.º* Si se emprendiese movimiento durante la noche, se observará el más profundo silencio así en la formación como durante la marcha. –*Artículo 4.º* Si estando las tropas en sus cantones ocurriese oirse algunos tiros, ú otra especie de alarma, aquéllas permanecerán en sus respectivos alojamientos sin salir de ellos bajo pretexto alguno. El retén será el único que acudirá en el momento al punto de la alarma para cerciorarse y obrar, según dicten el honor y la prudencia á su comandante». –*Doc. que posuímos.*

3; al Sr. Barrié, 2; ao Sr. Ozores, Conde de Priegue, 3; ao Sr. Posse, 6; ao Conde de San Román, 1; o día 4 ao Sr. Noriega, 3; á D. Antonio Pedrosa, 1 caballo; e o día 6, a D. Vicente Ventura, 8 mulas e ao Sr. Caldeiro, 6.<sup>35</sup>

Nomeou axudante de campo do General Puig Samper o capitán de infantería D. José Pardo Montenegro e o tenente de cabalería D. Tomás Gutiérrez de Terán; e para formar parte do Estado Maior designou o coronel 1.º xefe de milicias, en situación de recrutamento, D. Andrés María Saavedra; o 2.º comandante de cabalería, capitán do corpo de Estado Maior, D. José Ferrater e o capitán do propio instituto D. Juan Montero.

Pasou diferentes o cios ao Intendente militar do distrito para que subministrase o racionado da tropa e clases da columna de operacións e racións de penso aos cabalos do escuadrón de Villaviciosa e garda civil, que formaban parte da mesma.

O ciou igualmente ao aludido funcionario para que facilitase á expresada columna 65 mulas de tiro e carga para conducir as municións da infantería e arrastre da artillería; e, ademais, que designase un comisario de guerra e un pagador que debese acompañar á forza.<sup>36</sup> O brigadier Mac-Crohon, ao coñecer a actitude dos seus subordinados do 2.º batallón de Zamora, reuniu no xardín de San Carlos aos xefes e o ciais do 1.º e 3.º; e ordenando previamente que se pechasen as portas deste paseo público, pronuncioulles un enérxico discurso reconvindo duramente a conduta dos seus compañeiros, «que con el acto que acababan de realizar en Lugo, habían arrojado una mancha sobre el regimiento, que incumbía lavarla á la o cialidad de ambos batallones leales». Excitou desta o espírito de disciplina esixíndolles palabra formal de vingar a afronta. Algúns o ciais levados da súa nobre delicadeza de compañeirismo manifestaron que xamais se baterían contra os seus compañeiros.<sup>37</sup>

---

35 *Arquivo do Concello da Coruña*. Ao examinar nós a documentación relativa a este pronunciamento, non puidemos atopar no Arquivo do concello coruñés, a pesar do título que ostenta a carpeta dun atado, máis datos ca os embargos das cabalerías que enriba citamos, e unhas comisións de bagaxes ás forzas leais.

36 *Doc. que posuímos*.

37 Do PORTO, Ob. cit. páx. 48.

Ao escoitar semellante resposta, recolléronselles inmediatamente as súas espadas, sendo arrestados no castelo de San Diego.<sup>38</sup>

Exemplo de dalguía acusaba a devandita contestación. Se eses oficiais calaran, se cadra, como obxecta Do Porto,<sup>39</sup> servirían con grandes vantaxes ao movemento revolucionario. Falando con aquela sinceridade obedeceron á voz da amizade e da conciencia.

Este incidente veu aumentar máis o pánico nas autoridades coruñesas, especialmente en Villalonga, que, ao decretar o estado de sitio, suxeitaba non soamente os revolucionarios á acción da lei de 17 de abril de 1820,<sup>40</sup> senón que a ampliaba a todos aqueles que, por algún motivo directo ou indirecto, auxiliasen os plans dos rebeldes ou conspirasen contra o goberno constituído.

Ao efecto ordenou a saída inmediata da columna de Puig Samper, en dirección cara Lugo, o día 4 ás cinco da tarde.

Coa ausencia desta forza, non quedaba na Coruña para atender á crítica situación e defensa desta praza máis que o 4.º Rexemento de Artilería, algúns carabineiros e gardas civís, e de aquí os desacougos do Capitán xeneral que temía que os conspiradores coruñeses se aproveitasen das circunstancias para secundar o alzamento lucense.

O día 5 convocou xunta de autoridades, a que resolveu que a primeira operación que deba abordarse era buscar a fórmula de salvar á Coruña, encaixando todos os elementos de guerra adictos ao goberno. A este fin, dirixiuse Villalonga ao convento de Santo Domingo onde se aloxaba a artillería e, facendo formar o rexemento excitouno a que defendese os actos do goberno constituído combatendo con enerxía a rebelión, como correspondía á educación recibida a Corpo tan distinguido de onde el procedía. «Nuestro deber –agregaba–, es conservar el, al gobierno, esta plaza ó morir entre sus escombros. Moriremos con honor, y la Europa y las generaciones futuras sabrán que aun hay en nuestro ejército restos de honradez castellana y ha-

---

38 CLONARD, ob. cit., páx. 446, tomo 8.º.

39 Do PORTO, ob. cit., páx. 48.

40 Pena de morte.

rán justicia á nuestra conducta». <sup>41</sup> Esta alocución, que por ser imparciais non deixamos de aplaudir polo espírito de disciplina militar que nela presidía, foi contestada polos xefes e oficiais do brillante Corpo, con protestas de fidelidade á Reina e ao goberno que tiña ao seu coidado.

Despois de realizado este acto, pasou a devandita autoridade a inspeccionar a fortificación exterior das portas da Torre de Arriba e de Abaixo e do Caramanchón, ordenando que se colocasen as pontes levadizas en actitude de xirar. <sup>42</sup> De acordo co xefe político, constituíu unha *Xunta de Seguridade e Defensa*, composta de ambos, asesorados do Presidente da Audiencia, Intendente do exército, dous membros do Consello provincial, os xenerais en activo e de cuartel residentes na poboación e varios particulares, entre eles, di Do Porto na súa *Reseña*, «el representante de la Empresa de sales, en cuya elección se ha jado muy considerablemente la atención pública». <sup>43</sup> Esta Xunta proseguiu adoptando todo xénero de medidas militares para preservar a cidade de calquera tentativa de sedición, e cohonestar en todo caso a acometida das tropas de Solís.


Emprazáronse na Praza da Constitución varias pezas de artillería para protexer o palacio da Capitanía Xeneral, lugar designado para as deliberacións da Xunta. Eses canóns foron distribuídos entre as bocas de rúa do Príncipe, Santiago, Travesía de Zapatería e no ángulo do lado esquerdo do citado edificio e Cárcere pública.

---

41 CHAVELÍ, ob. cit., páx. 32.

42 A actual condición da Coruña como localidade moderna ao desaparecer aquel círculo de granito que a rodeaba. O recinto que ocupaban as portas da Torre de Arriba e de Abaixo e do Caramanchón atópase hoxe transformado coa nova Zona do Ensanche, urbanizada con novas rúas, amplas prazas e paseos; magníficas edificacións como o Instituto e Escolas públicas fundadas polo lánthropo coruñés D. Eusebio da Guarda, o novo Mercado de Abastos, próximo a rematarse, e a igrexa dos xesuítas. Está en construción a parroquia de Santa Lucía. A punta do Caramanchón converteuse nun magnífico espigón que serve de recreo aos coruñeses para admirar toda a extensa praia de Riazor, o Orzán, a Berbiriana e os poéticos lugares afastados do horizonte. Esta mellora de urbanización e progreso dese barrio débese ao celo dos diferentes concellos republicanos que desde hai anos veñen administrando o municipio coruñés.

43 Ob. cit., páx. 49.



Bosquexo da Coruña no ano 1845



Reforzáronse as gardas da Cárcere, da Artillería e parque da Maestranza,<sup>44</sup> utilizándose a tal efecto todo o numeroso persoal de obreiros e xornaleiros do devandito establecemento por carecerse das forzas necesarias para a seguridade da praza.

Ao abeiro de todas estas medidas de precaución cometíase toda liñaxe de arbitrariedades; encarcerando o cidadán pací co por unha simple denuncia sen máis razóns ca as que o concepto público podería sinalarlles, cal a de comulgar nas doutrinas opostas á política dominante. Os corpos de garda e as casas-matas dos castelos de Santo Antón e San Diego abarrotábanse de persoas de calidade, sen atender o xénero de miramentos e respecto a que eran acreedoras pola súa posición social e conduta irreprochable.<sup>45</sup>

«Se planteó el monstruoso sistema de la *lettre de cachet*, invención más diabólica que la del Santo Oficio, puesto en práctica por los reyes absolutos de Francia, abolido por el pueblo de la Bastilla y resucitado en estos tiempos por la fecunda inventiva de un *Comité de salvación*», di Do Porto.

Os celadores de protección e seguridade pública foron revestidos de *carta branca*, para arrestar de *motu proprio* a todo suxeito que xulgasen oportuno; e tal era a súa inmunidade, e tan sinalados os seus servizos que, a catro deles a quen condenaran os tribunais ordinarios a consecuencia –segundo o autor citado– dunha vergoñenta defraudación, púxoselles en liberdade polo xefe político D. José Martínez e, tomando posesión inmediatamente dos seus cargos, utilizábanos para satisfacer vinganzas e resentimentos persoais.

---

44 O persoal deste establecemento foi suprimido hai anos, desde que A Coruña deixou de ser praza forte.

45 A prensa da Coruña constituía daquela *El Coruñés* e *El Liceo*, órgano da sociedade do mesmo nome. A estes únicos xornais quedara reducida, pola restritiva lexislación de aqueles tempos. Os sospeitosos de liberalismo eran vixiadísimos pola policía secreta. Os de carácter morno non se atrevían a subscribirse a xornais por non incorrer en nas iras do poder dominante. Cando nos establecementos públicos ou nos comercios se reunían varios amigos a ler xornais ou facer comentarios sobre os sucesos políticos, tiñan especial coidado en pór sempre de garda persoas de confianza para evitar ser espiados e dar aviso ao primeiro síntoma de alarma. En Galicia publicábanse por esta época (a do ano 1846) *El Ferrolano* (continuación de *El Águila*); *La Armenia*, *El Avisador Santiagués*, e *El Avisador*, de Pontevedra.

A axitación dos ánimos na Coruña aumentábase ao compás de tan inxustas providencias, servindo de aliciente poderoso para que os apáticos se mostrasen ferventes adeptos do credo revolucionario.

Tal era o estado excepcional da Coruña ao coñecerse nela o berro de «Liberdade!» lanzado na capital lucense.



## CAPÍTULO III<sup>46</sup>

Sublevación da cidade de Santiago.– O batallón provincial de Zamora e o escuadrón de Villaviciosa.– Nomeamento da Xunta de goberno e dun novo Concello.– Providencias adoptadas por aquela.– Novas resolucións da Xunta.– Alistamento dos estudantes da Universidade en favor da revolución.

### I

Santiago, que pasou e aínda segue pasando polo baluarte das vellas ideas, foi a segunda poboación galega que secundou o movemento lucense, anticipándose a outras que, como A Coruña e Ferrol, sustentaban probadamente o seu avoengo democrático.

E, aínda que na cidade tamárica os seus soberbios e seculares edificios denuncien que conserva intacta a tradición de aqueles tempos medios en que o home aínda arrastraba a ominosa cadea da servidume, ela, porén, foi a primeira das galegas, como obxecta Murguía<sup>47</sup>, que máis e máis axiña polo home do traballo e polas súas primeiras liberdades.

Nunha vila onde desde remotísimas épocas se consagra verdadeira veneración ás ciencias e ás artes, e á política e á relixión, como a antiga Compostela, tiña e ten piadosamente que destacar esa facultade inhe-

---

46 Parte deste capítulo foi publicado no xornal santiagués *La Gaceta de Galicia*, nos meses de febreiro e marzo de 1905.

47 *España\**, *sus monumentos y artes-Galicia*, páx. 352–Barcelona–Establecemento tipog. Editorial de Daniel Cortezo e C.<sup>a</sup>– 1888.

rente ao que posúe a idea e a conciencia dun ser superior; porque onde dominan a arte, a poesía e a ciencia é onde existe máis liberdade para pensar e discorrer.

Non pode causar, daquela, estrañeza, que a cultísima cidade de Santiago, que acollía entón, coma hoxe, unha mocidade pictórica de ideas novas que proli camente ían acentuándose ao compás dunha conxunción de sabios que a educaba e a predispuña a entrar nas correntes progresivas, alimentase o grandioso principio e o defendese con aquel tesón e aquela fogosidade de carácter que lle era proverbial. É máis: nesa forma de pensar e discorrer, estendíase cara un radicalismo máis fondo, conseguindo para a patria galega non soamente a liberdade mirada baixo o seu aspecto máis amplo, senón o afán de redimila da súa condición de ilota á que a condenaba o poder Central.

E xulguen como queiran algúns que alardean de soster –aínda que non as *sintan*– teorías de espírito máis humano, militando en partidos políticos que se denominan de *acción*, e que abominan do sistema que defenderon os santiagueses do ano 1846, teremos que testemuñar que estes, avogando pola reintegración dos antigos privilexios que aquel poder reducira poucos anos antes a Galicia, foron máis aló nas súas ideas de propaganda, arriando a bandeira que encarnaba a xénese da revolución proclamada en Lugo, e enarborando no seu lugar, no frontispicio do palacio municipal, o pendón da emancipación galega.

Conste que ao falar así, non se crea que divagamos ou que a hipérbole vén acariciar a nosa pluma para estampar por sistemática parcialidade feitos que non fosen certos. Un escritor nada sospeitoso opinando, como opinaron outros cronistas que naqueles memorables sucesos se ocuparon, recoñece que poucas veces logrou, como daquela, a revolución galega reunir tantos elementos de forza, tanta razón, tanta xustiza para os seus actos e tan gran necesidade de dar satisfacción a xustas reparacións e a lexítimos intereses.<sup>48</sup>

---

48 A. FERNÁNDEZ DE LOS RÍOS: *Estudio histórico de las luchas políticas en la España del siglo XIX*, 2.<sup>a</sup> edición, t. II, páx. 149 – 1880, Madrid.–English y Gras, editores.

Para corroborar o exposto por este escritor, debemos facer mención a que «la juventud generosa de aquella época, de la que fué alma Antolín Faraldo, –en el que nos ocupamos más adelante,– sintió avivarse el sacro sentimiento de la patria

## II

Gornecía a poboación compostelá o batallón provincial de Zamora, 25 cabalos do escuadrón de lanceiros de Villaviciosa e uns cantos gardas civís, –destes últimos algúns hostís á revolución, e os únicos encargados de soste a orde caso de que fracasase o movemento iniciado en Lugo–.

As dúas primeiras unidades agardaban con impaciencia a con rmación do alzamento, para secundalo inmediatamente en Compostela.

E era ata certo punto natural e lóxico que a milicia, como factor importante, fose o brazo que indicase e sostivese o credo revolucionario, mais non a cabeza que debería encamiñalo á súa nalidade, tendo en consideración que, en todo canto pronunciamento que, desde había pouco tempo, se viña provocando, xamais se contara, como anteriormente, coa espontánea vontade do pobo. De aí o retraemento deste, ben cansado de presenciar unha serie de «pantomimas» nas cales ningún bene cio práctico conseguía, e si un gran desgaste de enerxías, polo sangue inutilmente derramado; en cambio de que, os promotores deses motíns obtiñan lucros positivos.

Falábase entón da necesidade de destruír a preponderancia militar para fortalecer o poder civil; e o célebre Balmes argüía, coa súa peculiar sindérese, que mellor debería pensarse en robustecer o poder civil para destruír a preponderancia militar: <sup>49</sup>

«No creemos que el poder civil sea ico porque el militar sea fuerte, sino que, por el contrario, el poder militar es fuerte porque el civil es ico. Estas cosas son muy diferentes: el no distinguirlas cual conviene, acarrea la confusión de tomar el efecto por la causa, y la causa por el efecto».

---

gallega comenzando la “grande obra” como la denominó aquel ilustre patricio, de la reconstitución de nuestra nacionalidad. El primer paso gigantesco dado en este camino fué la Asamblea celebrada en Lugo, el año de 1843, donde á propuesta de Faraldo, se pretendió poner á discusión si Galicia debía ó no ser independente. Por un voto de más no hubo discusión». CARRÉ AI.DAO: *La literatura gallega en el siglo XIX*, páx. 25.–A Coruña, 1903.

49 *El Pensamiento de la Nación*, n.º 111, mércores 18 de marzo de 1846. Artigo de fondo titulado *La preponderancia militar*.

Las quejas de la preponderancia militar datan ya de mucho tiempo. Desde la muerte de Fernando VII la preponderancia militar ha estado en el poder militar: desde que se hicieron representaciones demasiado célebres y cruelmente espiadas, el poder civil se puso á discreción de los cuarteles; las Cortes y los Ministerios no han podido nada contra la fuerza de las armas.

Cuando la fuerza armada estuvo á la obediencia de los generales, entonces la preponderancia militar se halló en éstos. Rompiéronse los lazos de la disciplina, y entonces la preponderancia pasó á los soldados. Restablecióse por n la disciplina; y entonces la preponderancia militar volvió á los generales.

En la primera época, la influencia de éstos derriba un ministerio y cambia un sistema político; en la segunda, los generales son asesinados por la soldadesca amotinada; en la tercera, los generales vuelven á derribar ministerios y á cambiar sistemas políticos. Bajo diferentes formas se descubre el mismo hecho: el imperio de la fuerza sobre el imperio de la ley».

En ningún país medianamente humanizado é o poder civil nin unha persoa soa, nin unha institución soa, senón a resultante da forza dun conxunto de elementos sociais que concorren nun punto determinado, como se dixésemos o centro de gravidade.

Nalgunhas nacións de Europa, aínda que moi contadas, exerce aínda soberana influencia o poder militar sobre o poder civil; mais polo que respecta a outras, incluso á nosa España, é preciso recoñecer que o poderoso ambiente das correntes modernas soubo subordinar o primeiro ao segundo.

O elemento civil, ao asociarse á revolución que nacía con puxantes auspicios, quixo ser a cabeza directora da mesma. E así vimos abrazala con vocación sincera e entusiasta a homes de espírito sereno e recta conciencia, como Pío Rodríguez Terrazo, avogado e propietario que gurara nos pronunciamentos de 1840 e 1843; Domingo Merelles, ex-secretario da Deputación provincial de Ourense e a liado á fracción *Ayacucho* polos seus afectos ao xeneral Espartero; Antonio Romero Ortiz, mozo de grandes arrestos, –a quen os seus talentos o levaron máis tarde ao elevado posto de conselleiro da Coroa– que gozaba

de singulares prestixios polas súas ideas avanzadas desenvolvidas nos xornais *El Huracán* e *El Porvenir*; Juan Aniceto San Martín e Agustín Juan de Dios, que destacaron polos seus importantísimos servizos, nas dúas anteriores etapas constitucionais, á causa liberal; Ramón Buch e José María Santos, patriotas de boa fe e persoas de grande arraigo que, igualmente en Vigo e Pontevedra, probaron o seu liberalismo nas épocas citadas; Antolín Faraldo, gura simpática e de talento prodixioso, que o patentizara en todos os traballos que acometera no delicado cargo de secretario xeral da Xunta Suprema de Galicia; e tantos outros, uns, mozos de excepcionais aptitudes e erguidos sentimentos; outros, de idade avanzada, de cultura e de orde que militaban en diversos matices políticos e que algúns suspicaces pretendían sinalar como produto dunha soa fracción liberal, o queixo protestar de semellante especie a Do Porto<sup>50</sup> e a outros escritores que do asunto trataron, aclarando que «pronunciados y no pronunciados de 1843 algunos conservadores, especialmente entre la oficialidad militar, liberales de índole templada, hombres pacíficos que sentían el azote de un gobierno impopular, formaban las bases de este nuevo ejército que se alistaba para combatir la situación de España en la persona del general Narváez».

### III

Agardábase o día 3 de abril a noticia do alzamento de Lugo, notándose en Santiago desusada axitación entre as xentes de ideas liberais.

Os oficiais, comenta un escritor da época<sup>51</sup>, lanzábanse polas rúas con apresurado paso, formando grupos e fomentando vivas discusións, excedéndose os que simpatizaban coa causa, que animaban a espertar aos indiferentes da súa pasividade.

As persoas pacíficas preguntábanse a razón de aquel estado alarmante no público; e os que se supuña entendidos da súa particularidade, propalaban, aínda que fose recomendando o sixilo, que «dentro de poucos instantes estallaríaa una conspiración que daría al traste con el gobierno de Narváez».

---

50 Ob. citada, páx. 33.

51 Do PORTO, ob. cit., páx. 29.



Coñecedoras as autoridades locais do rebumbio que tomaban as manifestacións populares pola acción revolucionaria, non adoptaban a máis lixeira providencia para atallalas; tan imponente era a ondada que se carecía de muro para contela. A forza de que aquelas podían dispor reducíase ao escaso número de gardas civís que deixamos enunciado.<sup>52</sup>

O xuíz de 1.<sup>a</sup> instancia, en unión do alcalde, determinou arengar as tropas, cuxo discurso escoitan estas coa maior indiferenza, incluso o propio coronel do provincial de Zamora, señor López Denia.

Acórdase que un capitán estivese de retén coa forza respectiva, toda a noite, no cuartel de San Martín<sup>53</sup> e que se formasen patrullas cos celadores de protección, gardas civís e varias compañías do aludido batallón provincial; mais todas estas medidas careceron de eficacia, porque ao coñecerse en Santiago oficialmente o berro de Lugo, un numeroso grupo de paisanos armados procedeu silenciosa e inmediatamente a arrestar no expresado cuartel o referido funcionario xudicial, o comisario de seguridade pública e os celadores e gardas civís, –estes últimos como medida de prevención–.<sup>54</sup>

O coronel do provincial de Zamora foi arrestado no seu propio domicilio, e ao segundo comandante deste corpo, despois de seguirse con el igual procedemento, deixóuselle en liberdade sen consultarlle se se asociaba ou non ao pronunciamento.

En continua incerteza estivo a veciñanza santiaguesa toda a noite do 4 ata a madrugada do seguinte día, en que comezou a divulgarse a noticia de que o provincial de Zamora se sublevara dentro do cuartel, poñéndose á fronte do movemento o seu capitán máis antigo, D. Sebastián Arias; noticia que tivo a súa rati cación ás oito da mañá, ao ver saír formado do seu aloxamento o escuadrón de Villaviciosa

---

52 PIRALA, ob. cit., páx. 438.

53 Antigo mosteiro do que tratamos nun dos nosos capítulos seguintes.

54 Di Benito García de los Santos en *El Pensamiento de la Nación* «que también se arrestó al Sr. Arzobispo, al diputado Varela de Montes, al conde de San Román y á otras varias personas; saliendo de la ciudad otras muchas huyendo del servicio de las armas á que se obligaba á todos».–páx. 250, número do 22 de abril de 1846.

mandado por un subalterno, en razón a que o seu comandante e dous tenentes se retraeron de tomar parte naquel acto.

O devandito escuadrón dirixiuse ao cuartel de San Martín; e, ao incorporarse ao citado batallón provincial, foi saudado pola banda de música do mesmo co *Himno de Riego*.<sup>55</sup> Ao formar en ala diante da porta do edificio, aclaman a Raíña e a liberdade.

---

55 Aínda que algúns escritores, que relataron estes acontecementos, se permitiron consignar que neles se cantaran «himnos alusivos» ou compostos expresamente para os devanditos actos, nós non puidemos comprobar a certeza de semellante versión porque, preguntando a críticos musicais de renome e moi eruditos, como son os nosos queridos amigos Ramón de Arana (*Pizzicato*), de Ferrol e Indalecio Varela Lenzano (*Mordente*), coruñés e aveciñado en Lugo, informáronnos de que só lembran que na cidade de Santiago se cantara no mes de abril de 1848 polos estudantes da Universidade ante as portas dos edificios habitados polas autoridades os chamados *Mandamentos*, aos que se adaptaba unha cantilena análoga á da *ladaíña*, particularidade que consignan os devanditos apreciables escritores nunha nota posta na súa notable *Monografía sobre la música patriótica española*, que obtivo o primeiro premio nun Certame literario celebrado en Lugo no ano de 1901. Os *Mandamentos* a que nos referimos alusivos ao movemento de 1848 son os seguintes:

«Los mandamientos del día, son diez:

El primero: Pobre España y sin dinero.

El segundo: Revolución por todo el mundo.

El tercero: No hay palabra de caballero.

El cuarto: Los menestrales sin trabajo y sin cuartos.

El quinto: Todos meten en el cinto.

El sexto: Todo lo dicho es cierto.

El siete: La contribución que apriete.

El ocho: Que apriete tanto hasta que salte el cocho (sic).

El nueve: Todos hablan y ninguno se atreve.

El diez: De cualquier paisano se hace un juez.

Estos diez mandamientos se encierran en dos: en hablar poco y sufrir por Dios.»

Esta ladaíña política ou *Mandamentos* deberon ser moi xeneralizados naquelas épocas porque, como observan Arana e Varela Lenzano, non só os recolleron no noso país, senón que na novela *Lucas García*, de Fernán Caballero, tan abundante en anotacións folclóricas, atoparon outros *Mandamentos* políticos, análogos aos de Santiago que se cantaban en Andalucía.

Por outra banda, obxectábanos Arana, que supuña que, única e exclusivamente, se cantara en Santiago como en toda España o chamado *Himno de Riego* naquelas explosións do máis exaltado patriotismo, himno revolucionario por excelencia, e que aínda hai pouco se coreou con motivo da representación da famosa *Electra*, de Galdós. *El Trágala*, o máis mordaz e insultante canto patriótico, empregábase para frustrar os realistas, e seguramente en Compostela atronara os ouvidos nas épocas de liberalismo.

Ambas forzas reunidas saen do cuartel, marchando á súa fronte D. Sebastián Arias, dirixíndose á Praza da Constitución (Hospital). Xa nesta, fan alto, forman en liña de batalla coa bandeira despregada, e diríxelles aquel unha entusiasta alocución, expoñéndolles o estado anormal polo que atravesaba España co despótico goberno de Narváez «que absorvía el poder en detrimento de las libertades públicas y de los intereses generales del país»; excitando o pobo e o exército para que, unidos en fraternal consorcio, procurasen a extirpación do cancro que ía corroendo o corpo social; e conclúe anunciando o nomeamento dunha Xunta de goberno idéntica á de Lugo.<sup>56</sup>

Constituíuse esta Corporación cos Sres. D. Pío Rodríguez Terrazo, presidente, D. Domingo Antonio Merelles, don Juan Aniceto San Martín, D. Agustín Juan de Dios, e como secretario D. Antonio Romero Ortiz,

---

56 Repartíuse a alocución impresa, cuxo exemplar nos proporcionou, como outros documentos de interese para o noso traballo, o tenente da escala de Reserva D. Fernando Mon, llo dun dos gardas nacionais de Santiago que máis se distinguiron naquel alzamento.

Do PORTO non fai máis que extraela na súa *Reseña* e nós, para curiosidade do público, reproducimola:

«¡Soldados del batallón provincial de Zamora! De ningún modo hubiese convenido en vuestro alzamiento, si al lado del deber que nos impone la disciplina, no hablasen mucho más alto los males que de su ciega observancia habían de seguirse. Dueños del poder los que ayer como diputados escandalizando al país también quisieron apoderarse del parlamento, suspensas por ellos, las sesiones de Cortes; suprimida la libertad de imprenta; expulsados sultánicamente de los dominios de España los infantes D. Francisco de Asís y D. Enrique M.<sup>a</sup> de Borbón; depuesto de su destino con otros muchos este Capitán general que lleva á su con nación todas las simpatías de este ejército y del pueblo gallego, ya podréis conocer por la adopción de semejantes medidas, el golpe fatal que esos hombres preparaban á esta nación desgraciada; pero ¡Zamoranos! vosotros lo habéis previsto en tiempo y estad seguros que no lo conseguirán, porque como vosotros, sienten vuestros compañeros de armas que tienen para con su patria la misma obligación que cumplir. Salvar el trono de la excelsa Isabel, la independencia de la nación y echar abajo el monstruoso sistema tributario es el lema de nuestra bandera.

No dudéis que en ella caben y han de militar todos los partidos, porque todos son españoles entusiastas de su dignidad, quedando desde ahora instalada la Junta provisional popular que se compone de los individuos siguientes:

Licenciado D. Pío Rodríguez Terrazo, presidente; licenciado, D. Domingo Antonio Merelles; D. Agustín Juan de Dios; D. Juan Aniceto San Martín; licenciado D. Antonio Romero Ortiz, secretario.-¡Viva Isabel II libre y constitucional! ¡Viva la independencia nacional! ¡Abajo el sistema tributario!-El primer jefe interino, SEBASTIÁN ARIAS».

a cal comezou seguidamente a exercer funcións, ditando as súas primeiras providencias que viñan in úir dun xeito absoluto na dirección de todo o alzamento; e que se concretaban a «suprimir la policía y la Guardia civil; convocar en el antiguo cuartel á todos los individuos de la extinguida milicia nacional para su reorganización inmediata; declarar soldados á las personas útiles de 18 á 40 años; que se entregase toda clase de armas por las personas que las poseyesen; y que los empleados y funcionarios públicos manifestasen explícitamente su adhesión ó no al pronunciamiento».

Elixiuse para comandante militar da praza, en substitución do brigadier D. Francisco Mugartegui, o comandante en situación de recrutamente D. Víctor Velasco, o *Zurbano* de Galicia, como se lle chamaba; e a quen se debía a pacificación de toda a montaña galega, que durante a guerra civil de 1833 a 40 estivera inzada de partidarios do titulado Carlos V dirixidos por un frade de memorable recordación polos seus instintos sanguinarios, e o que Velasco, coa súa pericia e condicións de guerrilleiro exterminara.<sup>57</sup>

Tamén se destituíu o Concello reaccionario, que o formaban D. José Varela Cadabal, D. José Losada de Reza, don Braulio Martínez, D. Manuel García Pan, D. Jacobo Flórez, don Andrés Hore García, D. Agustín Varela Sanjurjo, D. Juan Martínez Gallego, D. José Sánchez Villamarín, D. José Morales, don Andrés Fariña Martínez, D. Francisco Puig, D. Manuel Vázquez, D. José Cotón e D. Felipe Montero; nomeando en lugar de todos estes señores a D. Manuel Rúa Figueroa, Alcalde 1.º, don Juan Carballo, 2.º, D. Manuel Santaló, 3.º, Rexedores D. José Pou, D. Francisco Suárez Silva, D. Julián Obaya, D. Juan Tabares, D. Manuel Aller, D. Antonio Casares, D. Vicente Alvarez, D. Pedro

---

57 Nun traballo publicado no mes de novembro de 1904 no folletín do ilustrado xornal *La Idea Moderna*, de Lugo, debido a D. MANUEL MATO VIZOSO, titulado *El partido de Villalba en la guerra civil de los siete años*, referíndose na páxina 26 ao valente canto infortunado D. Víctor Velasco, di:

«El 27 de Noviembre, fué atacado por más de 100 carlistas montados y de á pie, el bizarro comandante D. Víctor Velasco, jefe del destacamento de Monte Salgueiro que, con unos 25 voluntarios de Galicia, venía conduciendo el correo para Guitiriz; pero este valiente jefe obligó á los facciosos á huir por los cerros, después de una obstinada resistencia, dejando en el campo seis muertos y llevando algunos heridos graves. Los voluntarios tuvieron algunos heridos y un cabo segundo muerto».

Taboada, D. Andrés Nieto, D. Juan Gutiérrez de la Cruz, Síndico 1.º D. Julián Rodríguez del Valle, e 2.º D. Tomás González García.

Tomaron posesión dos devanditos cargos os referidos señores, exceptuándoo, por atoparse ausentes da poboación, D. Vicente Alvarez, D. Pedro Taboada, D. Andrés Nieto, D. Juan Gutiérrez de la Cruz, D. Juan Montero y D. Constantino Llorente. Aos tres últimos o ciúselles para que se presentasen ao seguinte día co indicado obxecto, «previniéndoles que en otro caso, se pondría el hecho en conocimiento de la Junta.<sup>58</sup> Don Antonio Casares, químico de universal renombre, había presentado la renuncia del cargo, fundándose en que restaba ocupado en arreglar el gabinete de Historia Natural, jardín botánico de la Universidad; y encargado además de la enseñanza de dos cátedras; y que era extraño enteramente á todo lo que no tuviese relación con sus estudios».<sup>59</sup>

A pesar desta renuncia, no puido porén subtraerse ás simpatías que o alzamento lle inspiraba, aceptando incondicionalmente o cargo e asistindo persoalmente ás sesións celebradas polo concello revolucionario, segundo consta dos libros de actas que tivemos ocasión de examinar, nos que aparece a sinatura do Sr. Casares.<sup>60</sup>

A enumeración de todas as citadas persoas que a Xunta provincial designou para relevar os propietarios que formaban o concello santiagués tráenos á memoria un grupo brillante de sabios, poetas, dramaturgos, artistas, industriais e comerciantes honrados que nos informa de que a xunta defensora do credo revolucionario era de marcada signi cación en todas as esferas da actividade humana.<sup>61</sup>

---

58 Arquivo do Concello de Santiago.

59 Leva esta comunicación a data do 4 de abril de 1846, que tivemos ocasión de examinar en diferentes ocasións ao visitar o Arquivo do Concello de Santiago. Tamén consigna este dato BERNARDO BARREIRO DE VV, no tomo I, núm. 42 do seu excelente *Galicia Diplomática*, de 22 de abril de 1883.

60 Actas que se conservan no Arquivo do Concello de Santiago dos días 5, 14, 15, 20, 21 e 23 de abril de 1846.

61 Ao ser sufocada ou vencida a revolución de 1846, o Capitán xeneral do distrito exonerou o Concello revolucionario substituíndoo cos señores D. Joaquín Vereá y Aguiar, Alcalde; D. Pablo Zamora, primeiro tenente; D. Jacobo Varela Sanjurjo, segundo; D. Manuel Rosende Cancela, terceiro; e como Rexedores, a D. José M.<sup>a</sup>

## IV

Para levar con máis facilidade os seus traballos a Xunta compostelá instalouse en Fonseca, dividíndose en dúas comisións, unha que se denominaba de *Facenda* e a outra de *Armamento e defensa*, entrando a formar parte da primeira os veciños máis acomodados da poboación.

A actividade demostrada polo devandito organismo na difícil misión que se lle encomendara foi enérxica e sobria, presidindo especialmente nel aquel espírito de ecuanimidade que as circunstancias requirían.

Procedeu a montar unha sección de policía, que deu excelentes resultados nos primeiros instantes, conseguindo apoderarse de varios o cios do xefe político da Coruña D. José Martínez Tenaquero, que dirixía o deposto comandante militar Mugartegui, participándolle nun deles a insurrección de Lugo e ditándolle varias medidas de seguridade e, noutro, anunciándolle o movemento de forzas de Santiago e Pontevedra.

Tamén detiveron os axentes da Xunta copia dunha comunicación do Capitán xeneral do distrito, remitida a Martínez Tenaquero e que este trasladaba a Mugartegui, autorizándoo para que sen consideración de ningún xénero *fusilase a quen crese oportuno, dándolle soamente parte da execución*; e unha orde do Goberno central, ordenando ao Reitor da Universidade que suspendese a formación e despachase ás súas respectivas casas a todos os estudantes.

Do exame de todas as comunicacións interceptadas deduciase a desconanza e incapacidade das ordes dos delegados do Goberno de Madrid, que, ao considerar o incremento que ía tomando a revolución, temían superase a fronteira galega e se ramificase por toda España, acusando deste xeito unha grave responsabilidade para eles. Desprovistos do

---

Valle, D. Vicente Fuciños, D. José Varela Limia, D. Vicente Calderón, D. Mateo Díaz Antoñana, D. Juan López Leyes, D. Francisco Rodríguez Aballe, D. José Cabello, D. Silverio Moreno, D. Teodoro Pereiro, D. José Ignacio Eleicegui, D. Vicente Varela Luaces, D. Ramón de la Maza, D. Ramón Otero Porras, D. Felipe Gutiérrez Piñeiro e D. Andrés Mosquera Vilariño. Como este último non aceptou o cargo, a devandita autoridade militar nomeou no seu lugar a D. Manuel Marras que tomou posesión o 8 de xuño. Todos os designados –menos o Marras– tomaron posesión o 8 de maio.

sangue frío que neses actos anormais era de necesidade, só desacougo, inqedanzas e desacerto imperaban no seu ánimo invalidándoos para afrontar as continxencias que se lles botaban enriba.

Presentaba a poboación de Santiago o seu aspecto normal, coma se desmentise as escenas que no máis fondo do seu seo se estaban a desenvolver. Modelo de exemplaridade e sensatez foi a conduta de todas as clases sociais naquelas horas de álxido patriotismo, respectando e acatando relixiosamente todas as resolucións das autoridades revolucionarias, sen que puidese denunciarse o máis insigni cante exceso nin no íntimo do fogar nin na vía pública,<sup>62</sup> consecuencia, se cadra, de aquela abstracción de espírito que sempre sobresaíu nos pobos cando estes pasan por un estado excepcional que afecta á súa dignidade e ao seu prestixio.<sup>63</sup>

Antes de caducar o día 3, a Xunta decretou a liberdade das persoas que foran arrestadas, entre as que se contaban o conde de San Román e o ilustre catedrático de Medicina e deputado a Cortes D. José Varela de Montes. «Creemos» –indica Do Porto acerca do último– «fuese un acto indeliberado esta prisión, máxime, al verlo volver á su casa á las pocas horas».

Excluíronse de aquela disposición os gardas civís e celadores que foron trasladados á cárcere pública, e o comandante e dous subalternos do escuadrón de Villaviciosa que continuaron arrestados no cuartel de San Martín, medidas que condena o propio Do Porto, por non existir equidade na liberdade decretada para tres individuos de signi cada posición social.

Se o auto de excarceración ditado pola Xunta en favor de algúns interesados é obxecto da censura do devandito cronista, nós non a vemos xusti cada: algunha razón habería de concorrer no ánimo de aquela

---

62 «Los serenos hallábanse ocupados todo el día con la misión de llevar o cios de la Junta á los Ayuntamientos vecinos, estando por lo tanto relevados de prestar su servicio ordinario; y jamás se les echó de menos». Do PORTO, obra citada, páx. 38.

63 Exemplos moi recentes experimentámoslos na Cortina nos diferentes sucesos de orde pública que se suscitaron. Os seus Sindicatos e Xunta de defensa designadas polo pobo eran as únicas autoridades encargadas de manter a orde. Non se verificou naqueles momentos o acto máis insigni cante que puidese ser obxecto de represión.

para non decretar a de outros, se existían sospeitas manifestas de que, ao deixalos en liberdade, poderían orixinar perturbacións na marcha da difícil misión que ao citado poder lle fora conada.

Sen maiores novidades ca un sentido e patriótico manifesto dirixido pola Xunta ao pobo de Santiago,<sup>64</sup> pasou o día 4 ata a mañá do 5, en

---

64 «¡SANTIAGUESES! – Ya llegó el momento de despertar de vuestro letargo y lanzarnos á una revolución para derrocar un poder opresor; poder que desgarraba á cada instante el código fundamental, y que en tres años no cesó de sacrificar á los pueblos desterrando á unos como buenos patriotas, fusilando á otros y exigiendo crecidas contribuciones para saciar su ambición y su lujo, sin reparar en las necesidades de esta desventurada nación. Sí, santiagueses: habéis visto hasta que punto se nos ha conducido, á que altura hemos llegado y cual sería nuestro término sino diésemos un grito de alarma contra la tiranía. Nunca ha sido la revolución más santificada por su objeto, por su índole y por sus tendencias; porque con ella se libraré el pueblo de un pesado yugo y de los brazos de hierro con que se ve oprimido. Vemos que un puñado de hombres en derredor de la bandera de la arbitrariedad, á la sombra de la inocente Isabel, obran á su capricho, mandan sin consideración de ningún género, tiranizan á los pueblos, y por último, hacen trizas la ley del Estado que tanta sangre costó á los españoles liberales. En 1840 una revolución lanzó del regio asiento á una señora (\*) por haber comprometido su dignidad; y en 1846 otra revolución tiene que combatir la dictadura de una camarilla feroz y brutal.

Galicia, este suelo clásico de la libertad, no dudó un momento en arrostrar todos los peligros para combatir á sus tiranos.

Lugo, la invicta Lugo, ha sido la primera que con el benemérito provincial de Gijón y el segundo de Zamora, tremoló el pendón de la independencia el día 2 del corriente. Santiago, con el distinguido provincial de Zamora, tiene la gloria de secundar aquel movimiento grandioso; y á la vez lo hacen Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Orense; y por este orden los más pueblos de la monarquía conformes en iguales principios y sentimientos.

Vecinos honrados de todas clases que alimentáis la patria con el tranquilo ejercicio de vuestras honrosas profesiones: Nacionales que pasasteis por el rigor de que os arrebataran vuestras armas: beneméritos liberales que tanto sacrificáis vuestra existencia por defender las libertades de la nación: soldados españoles que reejáis en vuestro valor indomable las glorias inmarcesibles de España, y sois el primer antemural de su honrosa independencia. A todos vosotros, sin excepción, á todos como buenos españoles, os recuerda la Junta que existe por vuestros votos, que representa vuestros deseos y que cuenta con el apoyo que le ofrecisteis en el día 4 de este mes, siempre memorable para Santiago y Galicia.

La sociedad es inexorable con sus verdugos: levantémonos, pues, todos los que militamos bajo la bandera de la libertad y hagamos guerra á muerte á ese partido frenético y sanguinario que quiere las cadenas y se complace en ver correr la sangre de los buenos patricios. No más tolerancia, no más generosidad. Caiga y blindase para siempre ese partido bárbaro, incompatible con la cultura del siglo.



que se publicou un bando chamando a empuñar as armas a todos os estudantes, pregándolles que se presentasen na Universidade aquela mesma tarde ás tres, para proceder ao seu alistamento.

Antes desa hora, percorría xa os claustros do lendario establecemento un numeroso núcleo de estudantes, animados dos mellores sentimentos e decididos e cumprir co acordo da Xunta. Un dos seus membros, D. Antonio Romero Ortiz, que acababa de cursar naquelas aulas a carreira de Dereito, foi o encargado de estimular a aquela mocidade entusiasta que, como dixo un célebre escritor francés, «no hay corazón que á los 20 años no se sienta liberal»; e o secretario da devandita Corporación, que apenas os contaba e que formaba simpática pioga cos seus antigos condiscípulos, tiña indubidablemente que inuír na alma dos mesmos para inclinalos a defender a causa da liberdade. O que despois foi apóstolo revolucionario dos anos de 1854 e 1868 ocupa a cadeira destinada na sala de autos para os presidentes das recepcións académicas, e arenga aquela pléiade de rapaces en ton tan balbuciente e conmovido como enérxico e apaixonado, dicíndolles que a mocidade ilustrada formara sempre á vangarda dos exércitos propagandistas da liberdade, lémbbralles os heroicos triunfos dos seus irmáns os Mártires de Rioseco, e sinálalles o pendón dos Literarios que baixo o dosel da cátedra ostentaba os seus estandartes ensanguentados. As palabras do orador e as gloriosas lembranzas da sagrada insignia concluíron por excitar o patriotismo dos estudantes, xurando todos empuñar as armas e conquistar novos loureiros para a súa bandeira.

---

Caiga y húndase para siempre ese partido que al lado del altar coloca los cadalsos y al lado de la ley los puñales. UNIÓN Liberales, UNIÓN! En ella nos va la vida ó la muerte, la libertad ó el despotismo.

SANTIAGUESES.—La industria, el comercio, la propiedad y seguridad personal, exigirán de la Junta y de todos los vecinos honrados y militares, cuantos esfuerzos quepan en los recursos con que cuenta para asegurar esa protección que constituye la vida social. La Junta y todos unidos, arrostraremos el último riesgo contra los que intenten alterar el orden. Convecinos, nacionales y soldados: vivid alerta, y al grito de unión, salvemos la Reina libre y constitucional.

Salvemos el país; y salvemos la ciudad. ¡Viva la Reina, libre y constitucional! ¡Viva la independencia nacional! ¡Caiga el sistema tributario!... Santiago 4 de Abril de 1846. —Pío RODRÍGUEZ TERRAZO, Presidente; DOMINGO ANTONIO MERELLES, AGUSTÍN JUAN DE DIOS, JUAN ANICETO SAN MARTÍN, ANTONIO ROMERO, secretario».

(\*) María Cristina, nai de Isabel II.

Rematado o acto, designouse unha comisión de escolares a fin de que procedese inmediatamente a clasificar os que se atopaban en condicións de coller o fusil,<sup>65</sup> cuxo traballo durou ata as dez da noite, efectuándose a devandita clasificación con vista dos libros de matrícula. Foi tal a rapidez con que se verificou o alistamento para a formación da lexión literaria que á mañá do seguinte día se dirixían a tomar as armas no local que ocupaba a Xunta máis de 300 estudantes, divididos e seccionados en dúas compañías, sendo nomeado para adestralos na instrución militar o tenente de infantaría,ullo da Coruña, D. José Gómez Rodríguez.<sup>66</sup>

Esta lexión prestou ao movemento revolucionario servizos moi sinalados. Sufocado este ao pouco tempo, moitos estudantes sufriron vexames e serias persecucións, especialmente aqueles que se aliciaran de boa fe. Outros, que se alistaran espontaneamente, tentaron xustificar que a súa inclusión fose forzosa, sendo exentos de pena, e algún, que non tomara parte no pronunciamento, como o oficial da Secretaría da Universidade, D. Pablo Pérez Ballesteros,<sup>67</sup> sufriu o castigo inquisitorial de 50 paus sobre un tambor, que lle impuxo o xeneral Villalonga, por negarse a entregar a listaxe dos escolares inscritos.

Tomás Chavelí, na páxina 13 da súa *Refutación*, tenta desculpar o acto de salvaxismo do seu superior, alegando que «el general dispuso que Ballesteros fuera conducido á la cárcel, conminándole con un castigo severo si persistía en la inobediencia, pero como esta no continuó, aquel hubo de hacerse innecesario»...

Era forza de desvirtuar o feito cando o castigo se consumou na cárcere pública, na noite do 4 de maio de 1846, actuando de verdugos o cabo Ildefonso Pesquera e os soldados Manuel Díaz e Francisco Pondal.

---

65 A Xunta permanente para o recrutamento de estudantes formábase D. Antolín Faraldo, D. Ramón Gareca, D. José Bermúdez Cedrón, D. Jesús Taboada e D. J. Pasarin.

66 No noso Apéndice núm. 3. damos unha relación detallada de todos os estudantes que se alistaron e unha biografía deste benemérito coruñés.

67 Pai do noso querido amigo o publicista D. Pablo P. Costanti Ballesteros e irmán do Director do Instituto da Coruña, D. José Pérez Ballesteros, distinguido escritor galego.

Esixiu Ballesteros a Chavelí que recti case o xuízo por medio dunha carta<sup>68</sup> que lle dirixiu a raíz de estar imprimindo aquel o seu traballo; mais o servidor de Villalonga calou como un peto, ocasionando esta conducta que se ocupasen por aqueles días en tan incuali cable proceder os xornais *El Espectador* (2.<sup>a</sup> época de 13 de maio de 1847), *Los Políticos en Camisa* (números 387 ao 401), *El Clamor Público* (22 de maio), *La Opinión* (do 26), *La Prensa* (núm. 73), *El Tiempo* (núm. 974), condenando todos eles duramente o feito brutal acordado por Villalonga; e o mesmo D. Juan Do Porto, nun artigo de *El Eco* de 24 de maio de 1847, núm. 1428, rebatendo a falsidade de Chavelí, remata deste xeito: «Concluiré diciendo que mientras he escrito la *Reseña*, no he vacilado un solo momento en hacer enmudecer todas las consideraciones ante la pura é in exible verdad; que he cargado con toda la responsabilidad de los hechos que re ero; que he admitido y aceptado todas las consecuencias; porque, al escribirla, tuve á la vista documentos dignos de toda fé y datos debidos á personas sobre cuya frente *no está impresa la asquerosa mancha de deserción en los momentos de peligro*».

---

68 Cuxa copia enviou a varios xornais da Corte e reproducimos no noso Apéndice núm. 4.

## CAPÍTULO IV

Saída a operacións da columna do Xeneral Puig Samper.– Situación da cidade de Santiago.– Entrada nesta das forzas de Solís.– Recibimento que tiveron.– Partida para Sigüeiro da columna revolucionaria.– Encontro no devandito punto entre a mesma e a de Puig Samper.– Armisticio pactado entre ambas columnas.

### I

Segundo manifestamos no Capítulo II, o xeneral Puig Samper saíu da capital de Galicia coa súa pequena columna ás oito da noite do día 4.<sup>69</sup> Fixo noite na vila do Burgo –e non na do Portazgo como indica Do Porto na súa *Reseña*,– establecendo alí o seu cuartel xeneral, como o comprobamos por un o cío que nese día pasou ao Capitán xeneral do distrito participándolle que en canto tivese noticias seguras da situación dos sublevados movería a súa columna con obxecto de batelos.<sup>70</sup>

---

69 Compúñase de 5 xefes, 9 capitáns, 25 tenentes, 11 subtenentes, 13 sarxentos 1.º, 3.º, 2.º, 52 cabos 1.º, 38 2.º, 13 cornetas, 9 tambores e 734 soldados dos dous batallóns 1.º e 3.º de Zamora. Ademais, unha sección de artillería de Montaña, a cargo dun tenente, con 1 sarxento 2.º, 2 cabos 1.º e 1 2.º con 24 soldados, e 13 gardas civís ao mando dun subtenente.–*Documento que posuímos*.

70 «*Columna expedicionaria*. E. M. Excmo. Sr.: En este momento, que son las ocho y media de la noche, acabo de llegar á este punto donde me alojo, con el fin de adquirir, durante la noche, noticias positivas de la situación de los insurreccionados. = Varias fueron las que me dieron en la marcha; según unos, permanecieron aquéllos esperando en Lugo; según otros, habían salido ignorándose su dirección. La misma contrariedad de estas nuevas, las hace poco atendibles; y es la razón porque me prometo adquirirlas más positivas esperándolas aquí de las que he comisionado al efecto. = Ellas decidirán mi movimiento, siempre á encontrar á los rebeldes hasta conseguir su exterminio; pero sino recibiese V. E. otro aviso mío, deberá entender que continuo en dirección de Lugo, en cuyo concepto anticipo aviso

Ás catro e media da madrugada do 5 elevou outra comunicación á expresada autoridade, anunciándolle que, por noticias que tivera por un sarxento de carabineiros, se sublevara a poboación de Santiago en igual sentido ca a de Lugo, e que agardaba as súas ordes ben para variar de ruta ou seguir a desta última cidade, debido a que xa non podería contarse coa forza que gornecía a primeira, dada a súa vocación inquebrantable pola insurrección.<sup>71</sup>

Ás cinco da madrugada do 5, ergueu Puig Samper o seu cuartel xeneral, seguindo a dirección de Betanzos e chegando á devandita poboación ás dez e media da mañá. Racionou alí a súa forza por carecer no Burgo dos recursos necesarios e, rematada a operación, volveu o ciar novamente ao Capitán xeneral, noti cándolle a sublevación de Santiago e pormenores que nela concorreron en vista de datos que acababa de adquirir, datos que consideraba vagos e contraditorios, porque «siendo día de esta, decía, la apatía natural de estos paisanos *imposibilita servirse de ellos*». Tamén o advertía de que, antes de chegar a Betanzos, se lle presentaran os capitáns do 2.º de Zamora, sublevado en Lugo, D. José Baldinge e D. Juan Keller, cun soldado do mesmo batallón e un cabo do Provincial de Xijón.<sup>72</sup>

O Capitán Xeneral ordenou a Puig Samper que variase de itinerario seguindo o camiño de Santiago para entrar nesta cidade en combinación coas forzas do brigadier D. José Zendera, comandante xeneral da provincia de Ourense, a quen ao efecto o ciara, obxectándolle daquela Samper que seguiría as súas indicacións «en cuanto cesase la crecida lluvia que estaba cayendo y que le devolvería la pieza de artillería si le estorbare; pero –continuaba– según están los caminos, será tal vez preciso que la columna dé el rodeo por Vilaboa; y en tal caso me la llevaré».

---

para que estén listas las yuntas de bueyes necesarias para subir la pieza la cuesta de la Sal. = Alguno, con referencia á outro paisano, me dijo que en Santiago se habían pronunciado; pero yo, sin despreciar del todo la noticia, le doy poco asenso. = Nada más se me ofrece decir á V. E. por ahora, sino que hasta este momento las tropas que me acompañan *aparecen* animadas del mejor espíritu. –Dios guarde á V. E. muchos años. –Cuartel general del Burgo, 4 de Abril de 1846. =Excmo. Sr.: *Francisco Puig Samper*». – *Do noso arquivo particular*.

71 *Do noso arquivo particular*.

72 *Do noso arquivo particular*.

Facía tamén outras consideracións a respecto da variación da marcha que «sería de buenos resultados *siempre que la tropa permaneciese disciplinada* por temor que los insurrectos de Lugo se pasaran á Santiago».<sup>73</sup>

Á súa chegada a Betanzos, publicou unha alocución impresa dirixida «á los gallegos», para desvirtuar as versións que circularan acerca da súa adhesión ao alzamento: «No he vacilado en ofrecerme como soldado al benemérito Capitán general que me reemplazó, quien para desmentir las voces absurdas que han corrido de que yo era esperado para obligarme á tomar el mando de los sediciosos, ha tenido á bien conferirme el de las fuerzas que van á operar contra los mismos».

A sinceridade con que se expresaba indúcenos a rati carnos –aínda que xa outros escritores o a rmaran antes– nos nosos xuízos a respecto de que a concesión dese mando de forzas obedecía a un plan preconcebido por Villalonga e o Goberno central, facendo ver a opinión de que Puig Samper, se algún compromiso tivera no movemento insurreccional, ao cal era completamente alleo, invalidábaselle, polo momento, para intervir nel so pena de comprometer o seu honor.

Non obstante esas francas promesas de adhesión ás institucións que o veterano militar facía na devandita alocución, non implicaban que a el se lle espíase e vixiasen os seus soldados, de xeito que, da mesma cidade de Betanzos, se enviaron presos á Coruña, por simples sospeitas, a catro sarxentos da súa columna e varios paisanos, pechando a estes na cárcere pública e a aqueles no castelo de San Diego.<sup>74</sup>

E claramente patentiza esa descon anza unha comunicación do Xeneral Villalonga contestando a outra que desde Baralla lle dirixira o xefe político de Lugo, dándolle conta da insurrección lucense, na que di ao último: «Entre las razones que me han asistido para colocar al General Puig Samper al frente de las fuerzas que operan contra los sediciosos, milita la de que se suponía por éstos que aquél iba á dirigirlos; y

---

73 *Do noso arquivo particular.*

74 Segundo consta en vellos documentos que posúe o noso ilustrado amigo o coronel de artillaría D. Eugenio Vidal Alonso, este forte chamouse noutros tempos *forte de San Gaspar*. Desde hai anos non pertence ao Estado, sendo os seus propietarios os herdeiros do nado comerciante coruñés D. José Cervigón, quen o adquirira para destinalo a unha industria que non realizou.

habiéndose puesto á la cabeza, en Lugo, el comandante de E. M. D. Miguel Solís, que se había llevado papel timbrado y un sello de la Capitanía general, se temía que firmase órdenes á nombre y con fingida autorización del referido señor General, la cual podía sólo desvirtuarse por el medio adoptado». <sup>75</sup>

Neste mesmo o cicio, o Capitán xeneral facíase máis comunicativo explicando que «por graves consideraciones militares y políticas, tuviera el General Puig Samper que retroceder sobre Santiago, á cuya ciudad debe llegar hoy, (7 de Abril) siempre que *continuasen* eles los dos batallones de Zamora (1.º y 3.º), y como se ha dudado hasta aquí de la fidelidad de los mismos, tan luego reciba la noticia de que se *han comprometido contra los sublevados* por medio de algún hecho de armas, haré los esfuerzos posibles para sacar del Ferrol al batallón Provincial de la Coruña y con él marcharé rápidamente á incorporarme á la columna que manda el referido general y dirigir personalmente las operaciones. Si *consigo comprometer* á los dos batallones de Zamora, tengo esperanzas de poder hacer frente á la rebelión Ínterin el Gobierno no destina nuevas fuerzas á este distrito». <sup>76</sup>

O xefe da columna expedicionaria dispuxo que unha compañía de Zamora co obús de artillaría saíse de Betanzos cara o Portazgo, para desde este punto continuar pola estrada de Santiago ata a aldea de Leira, <sup>77</sup> ao tempo que el, co resto da forza, emprendía a dirección para o devandito lugar, atravesando sendeiros e camiños de carro polas Travesas a Ponte Abelleira, onde chegou ás doce do día 6.

No momento de facer alto, elevou nova comunicación ao Capitán xeneral expoñéndolle que, debido ao estado funesto do tempo, a tropa sufrira gran quebranto, quedando descalza, e que tardaría tres horas en vela reunida. Lamentábase da falta de subsistencias e medios de obter auxilios para o coidado dos soldados. E «gracias» –diciá– «á la

---

75 *Doc. que posuímos.*

76 Tamén Villalonga recomendaba con todo interese ao xefe político de Lugo, residente en Baralla, que o ciciase ao Capitán xeneral de Castela a Vella para que lle enviase con urxencia o rexemento de América, que se atopaba en Valladolid, co fin de axudalo a sufocar a rebelión.

77 Situada na estrada da Coruña a Santiago.

previsión de haber traído un rancho de Betanzos, podrá la tropa comer algo, sino ocupa con preferencia el tiempo en enjugarse de alguna manera, porque el temporal continúa cada vez más recio». <sup>78</sup>

Comunicáballe de paso algunhas noticias infundadas que recollera en Leira acerca do estado da sublevación de Santiago e Lugo, relativas a que na primeira das devanditas poboacións «se esperaba un batallón de emigrados en Portugal mandados por un *Cerbato*, antiguo partidario liberal», <sup>79</sup> e de que «los santiagueses irían á quemar á Vigo por no haberse pronunciado».

Villalonga contestou que acelerase o movemento cara á poboación compostelá por saber que os revolucionarios se atopaban «muy desanimados y que la fuerza del provincial de Zamora esperaba únicamente la presentación de los leales para pasarse á ellos inmediatamente», <sup>80</sup> ao que lle facía observar Puig Samper, en dúas comunicacións do día 6, que non podía cumprir as súas ordes, en atención a que «por efecto de la lluvia incesante y la precipitación de las jornadas, sus soldados hallábanse totalmente extenuados y muertos de hambre».

Tamén o participaba de que se lle presentara en Leira o cabo da garda civil Cándido Gresar, (Agrasar?) pintándolle a situación da cidade de Santiago, da cal puidera escapar no momento de sublevarse a mesma, detallándolle os pormenores que concorreran no acto; pormenores na súa meirande parte desprovistos de fundamento, como os de asegurar que «el batallón provincial de Zamora quiso *despronunciarse* y que lo apaciguaron á fuerza de *vino y guardiente*, encerrándolo en el cuartel de San Martín»; que «alojaron en el *cuartel de Fonseca* á todos los hombres de 18 á 20 años» e que «la Junta la formaban el abogado D. Pío Terrazo, el sastre San Martín, el escribano Romero y un *tal Dios* de apodo; y otros que no sabía dar razón; siendo el gobernador de la plaza un tal Velasco». <sup>81</sup>

---

78 *Doc. que posuímos.*

79 Se cadra referise a versión ao xeneral D. Martín José de Iriarte, de quen falamos máis adiante.

80 *Doc. que posuímos.*

81 O CONDE CLONARD, (ob. cit. páx. 444) di erroneamente, «que hallándose Puig Samper, cerca de Lugo, supo que el provincial de Zamora se había pasado á los



Noutras dúas comunicacións do día 7, puña Samper en coñecemento de Villalonga que se lle viña de presentar en Leira o sarxento primeiro da garda civil dos destacamentos de Arzúa e Melide, Tomás González, con 14 gardas, quen lle manifestara que o día anterior atravesara aqueles lugares a columna sublevada procedente de Lugo, dirixíndose a Santiago e que, reunidas todas as forzas revolucionarias, virían deseguida sobre A Coruña.

Informáboo igualmente de que, non obstante as súas avanzadas exploradoras, non puido adquirir a menor noticia a respecto da situación de Santiago. «Estas tropas siguen bien; pero solo han podido comer tres ranchos desde su salida de la Coruña: hoy no tienen pan ni hay en toda esta circunferencia nada que poder comprar por lo cual he dispuesto que en Carral maten carne; pero no será posible su traslación aquí en todo este día y antes de la noche: es indispensable su resolución». «Espero las órdenes de V. E. con la mayor premura, pues que con esta noticia he creído deber suspender mi movimiento sobre Santiago, porque estamos en muy distinto caso que ayer; y el temporal que continúa horroroso inutilizará la tropa y las municiones».<sup>82</sup>

O portador de ambos o cios foi o xefe de Estado Maior don José Ferrater, sendo contestados seguidamente polo xeneral Villalonga, asentindo incondicionalmente ao expresado por Puig Samper. Manifestáballe, de paso, que co obxecto de vigorizar a forza física e moral da columna o ciara no acto por medio do vapor *Isabel II* o comandante xeneral do departamento de Ferrol «para que de no serle allí preciso el batallón provincial de la Coruña, lo hiciese embarcar á n de incorporarlo á la columna expedicionaria».

Tamén aconsellaba a Samper que, en canto minorasen as chuvias, determinase seguir o seu movemento sobre Santiago para provocar a saída do inimigo da devandita cidade, «en el caso de que haya alguna exposición para atacarlo en ésta, pues de todas maneras es sumamente conveniente que los batallones que V. E. lleva, *marchen á lo menos con alguna oscuridad en decisión*, con rmando la con anza que de ellos se ha formado».<sup>83</sup>

---

insurrectos y que éstos avanzaban hacia Santiago». O devandito batallón, como sabemos, non estaba nin estivera en Lugo, senón de gornición en Compostela.

<sup>82</sup> *Documento que posuímos.*

<sup>83</sup> *Documento que posuímos.*

De todo o que deixamos transcrito dedúcese que o xeneral Puig Samper non fora moi afortunado nas súas primeiras operacións de campaña, ben por desconanza na maior parte da xente que ía ás súas ordes, ben polas inclemencias do tempo, aparelladas coa falta de vituallas e outra serie de accidentes, sendo o principal obstáculo as simpatías que o pobo galego demostraba pola causa da revolución,<sup>84</sup> o que facía exclamar a un escritor nada sospeitoso, e si parcial, como o conde Clonard:

«Los elementos de hora en hora más desencadenados; las noticias de minuto en minuto más alarmantes; el espíritu del país en general propicio á los insurrectos; la escabrosidad del terreno sobre el que imprimían sus pasos, todo parecía oponerse al pensamiento de esos batallones (1.º e 3.º de Zamora) y todo contribuía á entorpecer sus maniobras».<sup>85</sup>

## II

Entre tanto o xeneral Puig Samper continuaba en Leira estacionado coa súa columna, a poboación santiaguesa presentaba síntomas de manifesta intranquilidade. A súa Xunta de goberno atopábase completamente desorientada por carecer de medios de comunicación, e sen noticias das resolucións adoptadas polas demais Xuntas dos distritos da rexión nos que se supuña a proclamación do pronunciamento. O único dato oficial coñecido era o de Lugo. De Ourense e Pontevedra nada se sabía, ou cando menos as noticias resultaban inseguras.

A estrada de Pontevedra estaba custodiada por algúns destacamentos de gardas civís que desde Caldas e Padrón interceptaban as comuni-

---

84 O día 8 participaba a Villalonga que ía situarse coa súa forza sobre o río Tambre, agardando alí con impaciencia as de Ourense para operar, combinadas, e caer sobre Santiago. Queixábase da imposibilidade de establecer un bo servizo de comunicacións a consecuencia da parcialidade do país polos revolucionarios. Devolvíalle dous pregos pechados dirixidos un ao comandante xeneral da 4.ª división portuguesa, e outro ao gobernador da praza de Vigo «por no haber sido posible que llegasen á las manos de dichos funcionarios dado el espíritu del país gallego temiendo fuesen interceptados.»—*Documento que posuímos*.

85 Ob. cit., páx. 444, tom. 8.º.

cacións e proclamas dos sublevados, circunscribíndose a xurisdición destes, exclusivamente, ao radio de Compostela, porque ata nos suburbios eran sorprendidos e «aun maltratados los emisarios de la Junta por los jueces de primera instancia y por los celadores».<sup>86</sup>

Naqueles días que precederon ao do pronunciamento, só dúbidas, amarguras e indecisións amargaron a situación dos revolucionarios; e para maior desdita, infórmaselles, por un parte falso, de que se atopaban de avanzada en Sigüeiro as forzas do xeneral Puig Samper co propósito decidido de penetrar na cidade cando, como sabemos, este aínda chegara o mesmo día a Leira, e continuaba detido o 7 no devandito punto.

A Xunta acordou, polo momento, abandonar a poboación en caso necesario, fundándose en que o batallón provincial de Zamora coa sección do escuadrón de Villaviciosa non constituía un núcleo suficiente de combatentes para cohesionar a columna do citado xeneral; á parte de que tampouco se contaba cun xefe de prestixio e era expor a un fracaso aquela forza; porque aínda xándose nas condicións de ilustración, como táctico, do comandante Velasco, este, polo seu cargo de comandante militar, era imprescindible sostelo no seu posto, caso de ter que protexer a retirada cos milicianos nacionais e a agrupación escolar armada.

De adoptarse o pensamento da Xunta, todas esas tropas encamiñaríanse a Lugo uníndose ás de Solís, para desde alí hostilizar calquera outra forza inimiga que ao seu paso atopasen, consolidando deste xeito o pronunciamento con máis firmeza e enerxía.

Constituíuse en sesión permanente a devandita Xunta, tomando axei-tadas e urxentes resolucións para buscar os medios de salvación. Os seus Vogais, cunha serenidade de ánimo plausible, alentaban o de todos os comprometidos no alzamento, vindo a xurdir naqueles críticos instantes unha nota discordante, coa desaparición repentina dun dos seus compañeiros quen, dando mostras de pusilanimidade, non se considerou cos arrestos necesarios para enfrontar o perigo. «¡Este patriota, exclama Do Porto, era otro de tantos tahúres de la revolución que

---

86 Do PORTO, ob. cit., páx. 94. – PIRALA, ob. cit., páx. 442.

no juegan sino al seguro! Hombres que guran en todos los planes de trastorno, no para salvar como leales la pureza de sus creencias, sino para negociar con una amante hoja de servicios en las mesas de los ministerios!».

Cantos exemplos como o exposto poderíamos citar en feitos recentes que gardan perfecta analoxía co membro da Xunta compostelá!

Fixémonos en calquera dos nosos partidos políticos actuais e observaremos a versatilidade de tanto home que neles milita: folga analizar a súa liación, aínda máis a de aqueles que aleguen maior consecuencia nos seus principios; que o que máis e o que menos tivo pouca escrupulosidade para claudicar dos seus prístinos ideais...

A desaparición do individuo da Xunta santiaguesa foi obxecto de merecida murmuración, producindo profunda protesta nas persoas adictas ao movemento e causando aterradora alarma nos débiles de espírito que xa xulgaban próxima a entrada na cidade da columna adversaria e a inmediata evacuación dos comprometidos, e tanto así se armarba que se creu que a vangarda de Puig Samper pasara o barrio de San Caetano.

Polas de ciencias de policía que deixamos expostas ignoraba a Xunta a certeza das noticias que circularan acerca de se era ou non forza armada a que ía sobre Santiago, co carácter de hostil ou leal. Esta incerteza veu despexarse ás catro da tarde coa presenza dun oficial da columna Solís, no local onde a Xunta celebraba as súas sesións<sup>87</sup> anunciando a chegada de aquela dentro de poucos momentos. Os soldados de Puig Samper non traspasaron a ponte de Sigüeiro.

Sorpresa gratísima foi para os pronunciados santiagueses a oportuna chegada do emisario amigo, esvaecéndose os desacougos e vacilacións, e aumentando as censuras á que polo seu descoido indisculpable era acreedora a Xunta.

Un dos principais motivos a que se atribuíu o aborto de aquel simpático alzamento foi debido precisamente á ineficacia da vixilancia e ao

---

87 O antigo Colexio de Fonseca.

abandono que desde os primeiros momentos houbo nalgún dos seus organismos.

Persoas de íntima convivencia coa Xunta e cronistas defensores ferventes do credo revolucionario extremaron as súas censuras, aínda despois de sufocada a revolución, lanzando furibundos anatemas contra varios dos directores da mesma, tachándoos de incapaces, negligentes causantes do sangue infrutuosamente vertido e do subseguinte quebrantamento da doutrina liberal.

O propio Solís, a raíz de entrar en Santiago, e máis tarde en sucesivas comunicacións que oportunamente inseriremos, reprochaba á Xunta Suprema eses defectos, augurándolle que estes serían factor esencial de que se malograse o preito que se litigaba.

A Xunta compostelá defendía con enteireza as súas xestións, argumentando que a escaseza de recursos era a causa primordial de que o movemento non acadase os éxitos inmediatos. Pola carencia de medios atopábase a Xunta incapacitada para montar un Corpo de Policía que tendese a vixiar os movementos da forza inimiga, cando menos, polo que afectaba a todo o territorio que dependía da súa xurisdición.<sup>88</sup>

### III

Un repique xeral de campás anunciou con anticipación aos santiagueses que polo camiño de Lugo se aproximaban as tropas de D. Miguel Solís.

---

88 Esta é unha nota exacta tomada da *Reseña* de DO PORTO e de documentos que comprobamos, acerca do diñeiro que recadaba naqueles momentos a Xunta de Santiago nas distintas dependencias do Estado que radicaban na devandita cidade, únicos recursos de que dispuxo para atender e cubrir as inmensas necesidades durante os curtos días de vida da revolución galega:

	Reais vón.	Mrvs.
En correos	1.474	»
Cruzada	28.746	16
Administración de Bens Nacionais	2.827	29
Banco	90.000	»
Universidade	1.600	»
<i>Total</i>	124.648	11

Ao faceren estas a súa entrada na cidade, dispensóuselles un recibimento cariñoso e entusiasta, saíndo ao seu encontro o Provincial de Zamora e unha compañía de escolares, a única que puido armarse por no contar con recursos para facelo cos demais recrutados.

Disparáronse in nidade de bombas e foguetes, iluminándose os edificios públicos e a maioría dos veciños da poboación, reinando nesta a máis franca alegría. As músicas executaban o *Himno de Riego*<sup>89</sup> que era coreado pola multitude entre os vivas que á liberdade prorrompían os soldados.

Aturando un furioso temporal saíra Solís de Lugo o día 4 de abril, co 2.º batallón do rexemento infantería de Zamora e o Provincial de Xixón. Corenta e oito horas investiría soamente en salvar as 15 leguas que median desde aquela capital a Santiago, atravesando montañas e camiños deteriorados e pedregosos.

A celeridade desta marcha debeu producir o conseguinte desfalecemento na súa xente e, con tal motivo, dispúxoselle deseguida a esta un aloxamento comfortable, sendo agasallada polos veciños con fraternal solicitude.<sup>90</sup>

Á o cialidade obsequióuselle cun espléndido banquete, en cuxo acto se pronunciaron patrióticos brindes pola liberdade e pola Raíña, chegando o entusiasmo dalgúns o ciais a brindar polo xeneral Espartero.

Aos soldados déuselles unha comida extraordinaria, concedéndolles un descanso de 24 horas para reporse das fatigas que lles ocasionara a penosa e rápida xornada de Lugo a Santiago.

Para atender as primeiras necesidades de defensa da poboación lucense deixou Solís nela media compañía do Provincial de Xixón, os carabineiros e milicianos nacionais que formaban un conxunto de 600 homes.

---

89 Himnos patrióticos indica Do Porto e un escritor pouco veraz, na súa novela *Pablo Gómez*, manifesta que se cantaban himnos que atacaban a moral e a relixión. Nada menos certo que isto, pois xa dixemos no anterior capítulo o grande erro en que incorreron uns e outros escritores levados do seu apaixonamento de ideas: o canto único que predominou foi o *Himno de Riego*.

90 PIRALA, ob. cit., páx. 44.

O caudillo revolucionario estudara coidadosamente todos os movementos do xeneral Puig Samper; e, ao abandonar Lugo para protexerá Santiago, concibira un plan de operacións «sencilísimo y e caz», ao seu entender, que se baseaba en «robustecer su columna con el Provincial de Zamora, y sin descerrajar un tiro, salir inmediatamente al encuentro de aquel jefe, suponiendo que éste no tenía más fuerza que los batallones 1.º y 3.º de Zamora; y que de surgir dicho encuentro, habrían de pasarse á las las pronunciadas la o cialidad y la tropa».<sup>91</sup>

Non ía desacertado nos seus propósitos Solís, como observaremos máis adiante, mais a fatalidade opúxose aos seus desexos: exceso de sentimentos e exceso de cariño e respecto ao xefe inimigo que acababa de ser o seu superior foi a orixe do fracaso e a causa e ciente do primeiro golpe que recibiu a revolución galega.<sup>92</sup>

#### IV

Para pór en práctica o seu proxecto, sae Solís de Santiago coa súa forza o día 8 ás dez da mañá, tomando a estrada da Coruña. Formábase a columna de tres batallóns de infantaría, 20 cabalos do escuadrón de Villaviciosa, 50 gardas civís e 40 carabineiros.

A forza inimiga estaba en posesión da vila de Sigüeiro.

Atópase este situado a uns 11 quilómetros de Santiago, contando no ano de 1846 cos lugares inmediatos de Velloa e Alto de 42 edificios –entre eles a capela de Santa Catalina– case todos de planta baixa pertencentes a labregos, a maior parte, cunha poboación xa de 213 habitantes, ofrecendo actualmente, con lixeiras variantes, a mesma edificación, algunha desta renovada, e case igual número de veciños.<sup>93</sup>

---

91 *Do noso arquivo particular.*

92 Este é o criterio unánime de todos os cronistas e historiadores que se ocuparon neste asunto.

93 De datos proporcionados por D. Augusto Barreiro da devandita veciñanza, constaba Sigüeiro cos lugares de Velloa e Alto, o

Unha excelente fábrica de curtidos, propiedade daquela de don Antonio Santaló –hoxe de Dna. Bernarda Ituarte de Santaló– vese encravada na parte Sur da vila e moi próxima á estrada. As casas atópanse tamén emprazadas á beira desta, dividíndoas pola metade o río Tambre e, unida ás mesmas, atravesa unha ponte de estilo entre románico e oxival, de 58,80 metros de lonxitude. O ancho dos seus peitorís, por termo medio, é de 3,40 metros, e o que existe entre os apartadoiros consta de 8,35. Estes son de forma trapezial e triangular, que á vez forman os tallamares da ponte. Os triangulares están augas arriba e os trapeciais augas abaixo. Consta a ponte de cinco arcos circulares de distinto radio e un oxival con sobrecarga circular.<sup>94</sup> Houbo necesidade de reparalo hai moi poucos anos por efecto das deterioracións ocasionadas polo tránsito frecuente de multitude de vehículos que por el circulan.

Desde esta ponte domínase unha extensión considerable de terreo, abundantemente fertilizado polo caudal de auga que o río lle proporciona, constituíndo unha de tantas paraxes desta natureza galega, tan belas e tan variadas polos seus elevados montes e os seus verdes outeiros, as súas pendentes suaves e os seus vales frondosos. A ponte de Sigüeiro é un estereoscopio permanente que recrea o espírito humano, brindándolle a impresión de tantos encantos reunidos.

A aproximación das forzas do xefe revolucionario foi avistada de antemán polas avanzadas inimigas que as constituían oito parellas da Garda Civil ao mando dun sarxento. Dominando as alturas da estrada, e coa intención de apoderarse da ponte, marchaban os sublevados divididos en cinco fraccións: dúas, paralelas, compostas do 2.º bata-

Ano	LUGARES	Número de edificios	Número de habitantes
1840	Sigüeiro	35	178
	Alto	5	26
	Velloa	2	9
	<i>Total</i>	42	213
1907	Sigüeiro	37	182
	Alto	4	19
	Velloa	3	20
	<i>Total</i>	44	221

94 Estes datos fóronnos facilitados polo noso amigo o competente capataz de Obras Públicas, D. Francisco Ponte Blanco, encargado da citada estrada.



llón do rexemento de Zamora, o Provincial do mesmo nome e os xinetes de Villaviciosa, mandados polo comandante D. Sebastián Arias, outra en reserva, ocupando a ala dereita deste que era o Provincial de Xixón, outra ao centro e, sobre a estrada, as compañías de cazadores dos tres batallóns; a restante ou última, inferior en número que constituía a retagarda, formada cos carabineiros e gardas civís de infantaría, apoiábase nun espeso bosque de piñeiros.

Ao advertir Puig Samper as intencións de Solís, acorda que as compañías de cazadores que compuñan a súa vangarda ocupen as primeiras posicións á entrada da aldea, co obxecto de atacar o inimigo. Adianta a artillaría pola estrada, sostida pola primeira metade do terceiro batallón de Zamora; ordena o primeiro batallón do devandito Corpo que ataque simultaneamente a á dereita do inimigo tomando a altura á baioneta, protexida polas compañías de cazadores que no seu avance xa tomaran aquela; ao propio tempo determinou que a primeira metade do 3.º de Zamora realizase igual ataque sobre a ala esquerda, manténdose a artillaría na súa posición para protexer o movemento máis arriscado; e comisionando por último a segunda metade do aludido batallón para defender a retagarda e protexer á súa vez a artillaría.<sup>95</sup>

Dispostas deste xeito ambas forzas adversarias, avanza a de Solís a paso ordinario, executando o *Himno de Riego* as bandas de música dos provinciais de Zamora e de Xixón, interrompido polos vivas que á liberdade e á Raíña lanzaban os revolucionarios.

Penetrado Puig Samper do decidido propósito do seu contrario, resolve que o brigadier Mac-Crohon se adiante co primeiro batallón de Zamora a bater a fracción de D. Sebastián Arias que ocupaba toda a estrada na súa fronte.

Ao avanzar aquel xefe, móvense con lentitude os soldados de Arias, que en lugar de montar os fusís para precaver a acometida, os terzan con estoica impasibilidade.

---

95 Do parte orixinal que obra no noso poder, pasado por Puig Samper ao Capitán xeneral de Galicia.

Continúa avanzando vertixinosamente o valente brigadier ata colocarse á distancia de seis pasos dos revolucionarios «con igual precisión que si se encontrase en un exercicio doctrinal»<sup>96</sup>, mais a súa curtidade de vista<sup>97</sup> fíxolle confundir o provincial de Zamora co 2.º batallón do rexemento do mesmo nome –ou sexa, o sublevado–e comezou a arengar os soldados para que desistisen dos seus propósitos excitándoos a que reingresasen nas las leais.

Os soldados amosaban indiferenza marcada á alocución de Mac-Crohon ata que, cansados de oílo, tomou a palabra un oficial inimigo contestándolle en alta voz: «Los defensores de la libertad no abandonarán la bandera desplegada hasta vencer ó morir».<sup>98</sup>

Deseguido, e por virtude dun rápido movemento envolvente, os xinetes de Villaviciosa, axudados do provincial de Zamora, encerran dentro dun círculo o primeiro batallón do devandito nome, separándoo da liña e inutilizándoo para poder manobrar ou tomar a ofensiva.<sup>99</sup>

Durante esta escena, aproximárase o resto dos combatentes á distancia de dous metros, uns dos outros, saudándose mutuamente os oficiais e soldados e chamándose polos seus nomes respectivos, convidando os de Solís aos de Puig Samper para que se lles unisen.

Os do 1.º de Zamora, con significativas olladas, demostraban desexos de seguir os seus antigos compañeiros solicitando dos do 2.º «que no hiciesen fuego puesto que todos eran hermanos», non faltando moitos

---

96 *Parte citado.*

97 *Parte cit.*

98 Do PORTO, ob. cit., páx. 62. – PIRALA, ob. cit., páx. 443.

99 CLONARD, ob. cit., páx. 445. É inocente a rmar, como o fai este distinguido escritor, que ao parar as forzas de Puig Samper crese este que os revolucionarios pretendían adherirse a el. Sendo como eran estes superiores en número e dado o estado de ánimo que neles imperaba, non é para dar crédito a tal versión. Ademais de demostralo os feitos, o mesmo xeneral de sobra sabía que os pronunciados non debían depor a súa actitude; e próbaos que o propio Clonard se contradí nos seus xuízos, cando na páxina 446 manifesta que «Mac-Crohon hubiera perecido en el arriesgado empeño, si los oficiales de su regimiento no le hubiesen gritado que aquella no era la bandera del 2.º batallón sino la del provincial de Zamora. Entonces los rebeldes admirando una serenidad tan magnánima, le permitieron volver al seno de su batallón sin disparar sus fusiles».

que, ao pretender romper a liña, foron detidos polos seus xefes para obrigalos a desistiren do seu intento.

E é unha verdade incontrovertible a ocorrencia deste feito, aínda que trate de impugnala algún narrador de aqueles acontecementos, apaixonado do xeneral Villalonga<sup>100</sup> porque no parte transmitido a este por Puig Samper a raíz do suceso estampa que, ao verse rodeado polo inimigo o brigadier Mac-Crohon e os seus soldados do primeiro de Zamora, «se apresuró á llamar á un jefe de los sublevados (D. Sebastián Arias) y le gritó respetase la heroicidad de aquel batallón, repitiendo estas voces sobre la misma línea el comandante D. Juan Montero, capitán de Estado Mayor, y efectivamente los mismos contrarios gritaron *¡qué se separen!* vitoreando al batallón».<sup>101</sup>

«Al brigadier Mac-Crohon –dice Puig Samper– le vi desesperado y aun dar de golpes á un corneta de los contrarios; y habiéndoseme presentado el jefe que manda el Provincial de Zamora, le grité de nuevo respetara á aquel batallón y que se retirasen, *prometiendo no hostilizarlos*».<sup>102</sup>

Don Sebastián Arias, que era o xefe a quen Puig Samper alude na súa comunicación, contestoulle «que su petición la pondría en conocimiento del Comandante en jefe de las fuerzas, don Miguel Solís, para que adoptase la resolución más adecuada».<sup>103</sup>

Este enviou a dicirlle polo mesmo Arias que «las tropas pronunciadas no se retirarían de los puntos que ocupaban hasta que se adhiriesen al pronunciamiento las de la columna de Puig Samper».

Oída por este a contestación «solicita» –din Do Porto e varios historiadores– «24 horas de término para decidir á tomar una resolución que deje en honor las fuerzas de su mando».<sup>104</sup> Don Sebastián Arias,

---

100 TOMÁS CHAVELÍ, ob. cit., páx. 56.

101 *Parte cit.* Véxase o noso Apéndice núm. 5.

102 *Parte cit.*

103 Do PORTO, ob. cit., páx. 63.–PIRALA, ob. cit., páx. 443.–FULGOSIO, ob. cit., páx. 101.

104 *Historia general de España*; LAFUENTE, ob. cit., páx. 443.–BLASCO IBÁÑEZ, ob. cit., páx. 100. – FERNÁNDEZ DE LOS RÍOS, ob. cit., páx. 151. –FULGOSIO: *Crónica general de España; provincia de la Coruña*, páx. 101. Madrid, 1866.

en nome de Solís, concédelle 48 horas, obrigándose reciprocamente a non hostilizarse durante este tempo ambas hostes inimigas, mais anunciándolle aquel que o día 10, á mesma hora da tarde, se atoparían novamente no mesmo punto.

Realizado tan dalgo como cabaleiroso armisticio, esixen as forzas sublevadas que as de Puig Samper sexan as primeiras en retirarse aos seus cantóns, como así sucedeu, circulando entón por toda a liña repetidos berros de entusiasmo e satisfacción.



## CAPÍTULO V

Consideracións acerca do armisticio e as súas consecuencias. – Expedición a Pontevedra da columna de D. Sebastián Arias. – Inquedanzas do xeneral Villalonga. – Sublevación da cidade de Pontevedra. – Saída de Solís para esta capital e acordos tomados pola Xunta de Santiago. – Pronunciamento de Vigo

### I

«Conceder amplos poderes á los contrarios en ocasiones apropiadas» –di Federico Pita Espelós<sup>105</sup> «es de buen resultado, sabiendo escogerse éstas y no abusar de ellas». Se Solís tivese presente esta última observación, non concedería a Puig Samper a tregua de que tratamos no precedente capítulo, abusando dun acto xeneroso que ocasionou a causa primordial, como se dixo, do malogramento de aquela revolución que con tan bos auspicios comezara en Lugo.

Escritores coetáneos levados de máis ou menos parcialidade, e outros que a estes seguiron na relación dos devanditos sucesos condenaron a conduta do xefe revolucionario; combatérona ao seu xeito amigos e inimigos; mais, todos eles, dentro unha unidade de miras, opinando que a graciosa concesión anticipou a catástrofe do alzamento.<sup>106</sup> E a razón patentízase en forma tan evidente que non admite o menor argumento

---

105 *Estudios losó co-político-militares sobre la guerra*, páx. 61.–Madrid, Imp. de Eduardo Arias; 1906. Un folleto en 4.º, de 80 páxinas. Este capitán de infantaría é un dos escritores máis ilustrados do exército español.

106 FULGOSIO, ob. cit., páx. 100. – FERNANDEZ DE LOS RÍOS, ob. cit., páxina 149, tom. II. –PIRALA, ob. cit., páx. 445. – LAFUENTE: *Historia general de España*, ob. E tom. cits., páx. 29. – BLASCO IBAÑEZ, ob. cit., páx. 100.–PÉREZ GALDÓS, *Bodas reales*, páx. 245.

en contra, porque sendo as forzas de Solís duplicadas ás do seu adversario, ocupando por outra parte posicións máis vantaxosas ca este, e existindo en todos os seus soldados un espírito de perfecta disciplina a que os impulsaba o seu propio patriotismo e o compromiso en que se atoparían de fracasar a revolución, era de agardar, aínda que o negue Chavelí,<sup>107</sup> un triunfo de opimos resultados sobre a columna do xeneral Puig Samper.

De non pactarse ese armisticio, sen dúbida algunha o ancián xeneral eludiría a batalla prevendo que no momento de romper o fogo quedaría envolto polo inimigo o primeiro batallón de Zamora; e o 3.º, que se atopaba colocado en segunda liña, e o máis predisposto a sumarse cos revolucionarios veríase amagado por considerable número destes e rendido por n. Xurdiría inmediatamente –comentan outros escritores–<sup>108</sup> a prisión de Puig Samper e a do seu lugartenente Mac-Crohon, e igualmente a toma da peza de artillaría da que estes dispuñan.<sup>109</sup>

Esta derrota carrearía o enervamento absoluto das escasas forzas de que daquela dispuña o xeneral Villalonga reducidas, como se sabe, ao 4.º Rexemento de Artillaría, para a defensa da praza da Coruña, e «el triunfo moral sería mayor, que las utilidades materiales de la victoria».<sup>110</sup> De non baterse as forzas de Puig Samper, é lóxico considerar que a maioría

---

107 Ob. cit., páx. 54.

108 AMADOR FERNANDEZ DE LOS RÍOS, ob. cit, páx. 149. – PIRALA, obra citada, páx. 444.

109 Os nosos datos infórmanos de que Puig Samper non levaba consigo máis que un obús: así tamén o consigna CHAVELÍ na súa *Refutación*–páx. 53–, indicando que as forzas de ambas columnas estaban case equiparadas, o que non é exacto, pola relación que delas demos no capítulo anterior.

110 En nota que Do PORTO insire na súa *Reseña* páx. 65, manifesta que un número considerable de testemuños de crédito e respecto que presenciaron a entrevista de Sigüeiro entre os exércitos belixerantes aseguran que non houbo a tregua das 48 horas, senón unicamente unha manifestación por parte de Puig Samper «de que no promovería hostilidade alguna ni se movería de dicho punto hasta el regreso del ayudante que enviara al Capitán general noticiándole lo ocurrido». Polo demais, di este cronista, é unánime o asentimento «que por la imponente rmeza, exacto orden de formación, mayor número y situación ventajosa de las tropas sublevadas, era segura é irremediable la derrota de la columna de Puig Samper y el aprisionamiento del primer batallón de Zamora. Los mismos subordinados de este general, se admiraban del modo milagroso como habían salido ilesos de aquella jornada, atribuyendo el fenómeno á un conjunto de concausas, especialmente al caballeroso comportamento de Solís».

delas pasarían a confraternizar coas do exército revolucionario, dirixíndose no acto cara A Coruña conforme aos proxectos trazados por Solís.

A escasa gornición desta praza, os elementos de insurrección que no seu seo se alimentaban dispostos a secundar os plans de aquel no instante de achegarse á mesma, e outras circunstancias máis, entre as cales «señalamos» –segundo Do Porto e Piralá,– «la pusilanimidad-de sus autoridades» inducían a sospeitar que a súa defensa sería completamente estéril.

O conde Clonard di, acerca deste caso: «Lo más notable es que Solís aceptó este singular armisticio sin réplica ni observación alguna; y que las dos huestes enemigas rompieron simultáneamente su marcha para volver á los puestos designados. Así la firmeza de estos batallones (1.º y 3.º de Zamora) fué de gran utilidad para el Gobierno y *aun puede decirse que salvó su existencia*; porque si el torrente de la revolución gallega hubiese podido arrollar aquellos Cuerpos, único dique que la enfrenaba, se hubiera derramado por las provincias occidentales y *habría podido llegar hasta las puertas de Madrid*».<sup>111</sup>

Solís non debeu deixarse levar do afecto que profesaba ao seu antigo xeneral, atendendo exclusivamente aos deberes que lle impuña o seu especial papel de xefe do alzamento. Este adquiriría entón bríos máis poderosos, porque da solución da entrevista de Sigüeiro dependía o inmediato levantamento das demais provincias galegas, así como da inmensa maioría das da Península; que tal era o estado de efervescencia e de animadversión que reinaba en España contra o Goberno de Madrid. Xeneralizado o pronunciamento, contaríase nos primeiros momentos cos medios suficientes subministrados polos parques da Coruña e Ferrol, para armar e municionar un exército de moitos miles de combatentes.

Todas estas inapreciables regalías das que non quixo ou non soubo aproveitarse o xefe insurrecto, debido ao seu bondadoso carácter, non as recoñeceu máis tarde o vencedor, quen lle pagou con entregar a súa vida á inexorable lei militar, fusilándoo cos seus compañeiros e aplicándolles o epíteto de traidores: «Los sentimientos de D. Miguel Solís como particular –observan varios historiadores y cronistas– merecen la inmarcesible aureola que la humanidad debe ceñir á las sienes de la

---

111 Ob. cit., pá. 446.



honradez y de la lantropía; sus sentimientos como jefe revolucionario, como cabeza de un alzamiento á quien el Poder constituido declaraba guerra á muerte, son mezquinos, altamente pobres é incalificables: los hombres privados sentirán su conducta, pero para los partidos, es digna de la más severa reprensión».<sup>112</sup>

O antedito armisticio produciu, daquela, un lamentable retroceso ao partido revolucionario, e un beneficio positivo ao Capitán xeneral de Galicia. De aí que Puig Samper, aos poucos momentos de pactalo, dirixiu en Sigüeiro unha significativa alocución aos seus soldados, admirando a súa lealdade e desmentindo os rumores do pacto, tratando os pronunciados de «fugitivos y cobardes », <sup>113</sup> alarde de valentía, semellante á do heroe da fábula, que ben puido exercelo en ocasión máis oportuna, ou sexa, antes de convirse a tregua.

En canto á lealdade dos seus subordinados, non era tanta nin tal a confianza que deles podería agardarse, cando o brigadier Mac-Crohon por simples sospeitas –e polo temor dalgúns que tiñan parentes nas rebeldes– propuña nun momento a Puig Samper que varios oficiais pasasen a prestar servizo na gornición da Coruña, substituíndoos por outros de *delidade probada*.<sup>114</sup>

Ao rematar de concertarse o armisticio, saíu precipitadamente para Santiago un axudante de Solís para pór o feito en coñecemento da Xunta.

---

112 FERNANDEZ DE LOS RÍOS, DO PORTO, BLASCO IBAÑEZ, PIRALA e LAFUENTE nas súas respectivas obras citadas.

PÉREZ GALDÓS, nas súas *Bodas Reales*, ocupándose desta revolución, dedica a Solís unha simpática lembranza, o propio que FERNANDEZ DE CÓRDOVA nas súas *Memorias intimas*.

113 *Documento que posuímos*. Véxase o noso Apéndice núm. 5.–PIRALA, ob. cit., páx. 445.

114 Documentos que obran no noso poder informan de que entre os separados figuraba o subtenente do rexemento de Zamora D. Carlos Reguera. Operábanse as substitucións co capitán D. José Baldinger; os tenentes D. José Juan Keller, D. Bernabé Treviño, D. Juan Pedro Soraeta e os subtenentes don Juan Jiménez e D. Federico Pelégri, «siempre que estuviesen restablecidos», recomendando ao Capitán xeneral «la pronta incorporación, porque en tales momentos *carecíase de buenos o ciales*, y tanto más cuanto que con las *separaciones acordadas*, se encuentran muchas compañías sin el número de *o ciales indispensable*».

Ao D. Carlos Reguera separábaselle buscando o pretexto de conducir á Coruña o obús da columna.

Marcado desgusto produciu na poboación a noticia. D. Pío Rodríguez Terrazo reconveu severamente a Solís polo acto realizado, contestándolle este «que no quería jugar con la vida de sus soldados, si es que había de obtenerse sin derramamiento de sangre el objeto que se pretendía».

«¡Cuántos hubo que derramáronla después!» –obxecta Piralá– «He aquí condensado en estas frases, el sistema político y todo el sistema de *destrucción* de los que defendían en la región gallega las ideas liberales».

## II

Ás cinco da tarde regresaron a Compostela as tropas revolucionarias envaidecidas co triunfo moral que obtiveran; mais apesaradas por non traer mesturados nas súas las os seus compañeiros de armas.

Formaron en columna pechada na praza da Constitución, dirixíndolles Solís unha arenga na que «les realzaba el ejemplo de nobleza que acababan de dar al mundo entero, asegurándoles que dentro de pocos días, todos los soldados de Galicia no constituirían más que las huestes de un invencible ejército».

No acto retiráronse retiraron aos seus respectivos cuarteis, sendo obsequiada a tropa cun rancho extraordinario e un cuartillo de viño por praza.

Dúas horas máis tarde, emprendía viaxe a Pontevedra unha pequena columna ao mando de D. Sebastián Arias, formada do Provincial de Zamora, dúas compañías distinguidas do de Xixón, unha de carabineiros, 40 literarios e seis xinetes de Villaviciosa.

Entre os proxectos ideados pola Xunta Santiaguesa destacábase un relativo a deixar expedito parte do territorio da devandita provincia para recibir os auxilios que se agardaban de Inglaterra, e protexer, en caso infortunado, unha retirada segura.

Os patriotas pontevedreses comunicaran á Xunta, expresándolle que, no acto de avistarse xente pronunciada, verían o alzamento e, por consecuencia, mentres duraba o armisticio formalizado en Sigüeiro, se dispuxo marchase a devandita forza co obxecto de satisfacer as aspira-

cións concibidas por aqueles, regresando oportunamente para incorporarse neste punto antes de rematar o prazo, para romper as hostilidades.

Era aventurado semellante proxecto, atendendo a que o pronunciamento de Pontevedra dependía dos éxitos acadados en Sigüeiro; e coa viaxe do comandante Arias á aludida capital, desatendíase a necesidade apremante de non distraer ningunha forza de Santiago, o cal produciría como causa determinante unha complicación sensible ao exército pronunciado, co desmembramento que carrea unha viaxe de 22 leguas en menos de 24 horas, para retornar a Sigüeiro.

Pontevedra e Ourense non daban sinais de provocar o alzamento, especialmente a primeira das devanditas cidades, cuxos compromisos adquiriran seriamente, causando as conseguíntes inqedanzas aos adeptos da sublevación; porque, sen o apoio desas dúas provincias, estes veríanse rodeados de tropas inimigas, xurdindo así o caso de forzar unha retirada difícil que produciría perdas enormes. E o temor non carecía de fundamento, ao coñecerse que o día 9 un destacamento de gardas civís sorprendera na Estrada e levara prisioneiros a Pontevedra varios estudantes e soldados que foran á devandita vila co propósito de promover a insurrección. Temíase, ademais, non obstante o carácter excelente do brigadier comandante xeneral da citada provincia, D. Antonio Tojo, que puxese en práctica os bandos do xeneral Villalonga, resolutorios en fusilar toda persoa que tivese o menor contacto cos pronunciados.

Para contrarrestar os efectos desa orde arbitraria, a Xunta compostelá, con moi bo sentido práctico, apresurouse a o ciar ao aludido brigadier, apercibíndoo de que se abstivese de aplicala a ningún prisioneiro; en caso contrario, adoptaríanse idénticas represalias na familia do devandito militar que tiña a súa residencia en Santiago.

### III

Se abrigaban desconanzas a Xunta compostelá e Solís a respecto do logro dos seus proxectos, non menos as tiña o Capitán xeneral do distrito en canto aos seus, que non facía máis que ditar ordes por triplicado nos días 7, 8, 9, 10 e 11 de abril aos comandantes xenerais de Ourense, Pontevedra e ao xeneral Puig Samper, crendo que as forzas revoluciona-

rias eran poderosas e que a maioría das poboacións galegas ardían en explosións de insurrección.

Transmitiu ao brigadier Zendrera, por conduto do gobernador militar de Vigo, unha comunicación para que se movese de Ourense a Santiago, pasando polo Ulla, a situarse desde a parroquia de San Mamede de Ferreiros ata a do Pino, cos batallóns de Guadalajara e Mondoñedo, para vir incorporarse logo á columna de Puig Samper, deixando encargado do mando da praza o coronel xefe da primeira das devanditas unidades, D. Andrés Francisco Cachafeiro.

Recomendaba escrupulosamente a Zendrera que asegurase a delidade do soldado, facendo un exemplar castigo no caso de que calquera individuo dos do seu mando incorrese desgraciadamente naquela falta, por ser de absoluta e urxentísima necesidade «que la vigilancia y el justo rigorismo se pongan en práctica á evitar se propague la insurrección y la indisciplina en la tropa».<sup>115</sup>

Tamén lle facía observar «que de los ocho o cios que Zendrera le había mandado, no recibiera más que seis» recomendándolle a maior discreción na forma de enviar a correspondencia.

Zendrera contestáballe o día 10, desde Maside, participándolle que acatara as súas ordes, saíndo de Ourense con temores de perigo, en vista das insignificantes forzas que tiña, lamentando o abandono en que deixaba a cidade, sen xente suficiente para evitar calquera agresión polo estado de ánimo revolucionario que nela reinaba, e sen elementos para cubrir as necesidades da praza de Monterrei e o almacén de pólvora; contrariándose, por último, da longa distancia que debía percorrer sufrindo unha xornada de 15 leguas.<sup>116</sup>

---

115 *Doc. que posuímos.*

116 O itinerario que xaba este xefe ao Capitán xeneral era o seguinte:

Carballiño	4 leguas
Soutelo de Montes	4 »
A Estrada	3 »
Zasendón	2 »
Santiago	2 »
Total...	15 »

O coronel Cachafeiro anunciaba tamén ao Capitán xeneral a saída de Zendrera para Santiago, e que el se encargara do mando da provincia.

Ao seguinte día 11, volvía Zendrera a o ciar a Villalonga desde Soutelo de Montes, indicándolle que pasaba a situarse aos puntos que se lle marcaran para pórse ás ordes do xeneral Puig Samper. Tamén lle dicía que na tarde do día anterior, a pouco máis da metade do camiño de Soutelo de Montes, «encontrara al teniente del Provincial de Segovia, don Antonio M.<sup>a</sup> Cid, yerno del jefe político de la provincia, D. Manuel Feijoo, que con dos guardias civiles de caballería venía de Pontevedra, dándole la desagradable nueva de que el día 9 se pronunciara su batallón en dicha ciudad». <sup>117</sup>

Cando Puig Samper comunicou a Villalonga a solución do encontro de Sigüeiro, sufriu o último unha decepción tan fonda que non contestou o o cio, concretándose a dicirle de palabra, en ton altivo, polo mesmo emisario que levara a noticia: «Diga usted á su general, que ataque á los enemigos, ó se reúna con ellos y venga á atacarme á mí». <sup>118</sup>

A contestación tan extemporánea replicou dignamente Puig Samper, facéndolle comprender o seu comportamento naquel feito e o das súas tropas e, como que dubidaba da lealdade destas, envioulle a D. Nicolás García, comandante do 3.<sup>o</sup> de Zamora e ao de Estado Maior, Ferrater, no concepto de novos comisionados, para disuadilo de todo xénero de suspicacias.

«Yo espero, mi general», –agregaba Puig Samper– «todos esperamos con ansiedad, la vuelta de estos jefes para recuperar la tranquilidad que es incompatible con la idea de tan ofensiva sospecha. Entretanto y de todas veras, yo pido á V. E. se sirva nombrar una persona, un jefe, cualquiera que sea, que uniéndose á este cuartel general, acompañe en el momento del peligro á estas tropas, residencie sus operaciones y sincere su conducta; y diga con toda independenciam, si puede, si debe dudarse de ellas. ¡Ojalá se hubiese hallado con tal comisión, á nuestro lado en el día de ayer!». <sup>119</sup>

Ao coñecer o Capitán xeneral o precedente o cio e os descargos que dera o comisionado D. Nicolás García, reuniu Xunta de autoridades, a

---

117 *Doc. que posuímos.*

118 Véxase o noso Apéndice núm. 6.

119 *Doc. que posuímos.*

cal resolveu aprobar unanimemente a conduta de Puig Samper, exculpándoo de todo canto cargo lle formulara en principio,<sup>120</sup> animándoo para que se sostivese no seu posto e ofrecéndolle que axiña recibiría os auxilios de Zendrera e dúas pezas de artillaría de a lombo.

Igualmente encargáballe que inquirise o estado dos rebeldes en Santiago, que adoptase un sistema de espionaxe para a mellor obtención do éxito nas operacións,<sup>121</sup> asegurándolle que o batallón Provincial de Málaga ao mando do xefe político de Lugo, Sr. Ferreiro Caamaño, «había puesto sitio y rendido á dicha plaza»<sup>122</sup> noticia falsa, como veremos logo, que proba que desta índole eran todas ou case todas as que recibía o Capitán xeneral do distrito.

Noutra comunicación que pasou a Puig Samper, informábao de que o vapor *Málaga*, ao seu regreso de Vigo, trouxera a noticia de que a orde era completa naquela localidade, adoptando o gobernador da mesma as precaucións convenientes para soste a tranquilidade da veciñanza, reconcentrando nela toda a gornición, reforzando os castelos e conservando o batallón provincial de Oviedo no maior espírito de disciplina;<sup>123</sup> e, por último, diciálle: «Los enemigos no han perdonado medio para infundir la desconfianza propalando noticias que daban por hecha la insurrección de esta plaza (la de la Coruña), la de Orense,

---

120 Véxase o citado Apéndice núm. 6.

121 *Doc. que posuímos.*

122 *Doc. que posuímos.*

123 Segundo documento que obra no noso poder, resultaba efectivamente que o gobernador da praza de Vigo facilitara todos estes datos ao Capitán xeneral do distrito, o día 8 de abril, e que por orde deste puxera a devandita praza en estado de sitio. Estas disposicións foron transmitidas polo vapor *Málaga* a Vigo, e desta poboación partían para Ourense e Pontevedra. Nestas viaxes do buque gastáronse 1.300 quintais de carbón, importando o combustible a suma de 16.248 reais e 24 marabedís, que foi anticipada, – para a viaxe redonda da Coruña a Vigo – polo gobernador militar desta praza, cantidade que se lle reintegrou pola Intendencia xeneral de Galicia o 10 de abril.

As ordes do Capitán xeneral enviábanse sempre por duplicado ou triplicado e por distintos condutos, por temor á interceptación que sufrían dos inimigos. Estes demostraban nobreza cando sorprendían algún prego das autoridades legais: abríano, coñecíano e despois mandábano ao seu destino respectivo. Corrobóranos este trazo un o cío do gobernador militar de Pontevedra, D. Antonio Tojo, participando ao seu superior que «recibiera abierto por la Junta de Santiago, un pliego, según así lo espresaba el sobre».

Pontevedra y otras, suponiendo que V. E. había tomado parte con los sublevados y que el mismo gobernador estaba en connivencia. Todos estos alarmantes rumores desaparecieron con la llegada á este puerto del vapor *Málaga*, y todo aquel país continúa en tranquilidad según dejo dicho á V. E.».

O digno Puig Samper acusou recibo a Villalonga das súas comunicacións, celebrando as gratas novas que lle proporcionaba e manifestándolle que polos comandantes Ferrater e García recibira a sección de montaña<sup>124</sup>, non devolvéndolle o obús porque aínda podería prestarlle bos servizos. Signi cáballe que os informes adquiridos a respecto da situación de Santiago eran pesimistas, por tratarse da sublevación da cidade de Pontevedra, «aunque no tenía gran confianza en el emisario que se las facilitara (un tal D. Antonio Pajón), decidiéndose á no valerse más de éste por ser amigo de Velasco», que ignoraba por completo os movementos das forzas do brigadier Zenderera, que unicamente sabía de ciencia certa que o comandante revolucionario D. Sebastián Arias abandonara Santiago encamiñándose a Pontevedra con algunhas forzas, quedando o resto das sublevadas en Compostela, que pola escaseza absoluta de noticias se vía obrigado a suspender a marcha sobre Santiago por xulgala prexudicial a consecuencia de ignorar a situación de Zenderera, temendo que o inimigo «proyectase un golpe de mano, *pues es indudable que proyecta alguno*». «Veremos, –concluía,– si mañana consigo averiguar algo por medio del terror, ya que son infructuosas las retribuciones pecuniarias á espías; en tal caso obraré como mejor convenga, y de todos modos *saldré de esta vía la posición en que padece mi espíritu de un modo indecible.*»<sup>125</sup>

En novas comunicacións do día 9, Samper informaba a Villalonga do movemento das forzas de Arias cara Padrón e Pontevedra e a saída de 250 estudantes armados, os que tiveran na Estrada un encontro cun destacamento do Provincial de Zamora, ferindo tres de aqueles e levándollos prisioneiros a Pontevedra. Que agardaban os revolucionarios o xeneral Iriarte, o cal facía sospeitar que este sería quen mandase

---

124 Ademais desta sección de Montaña, enviáballe Villalonga 40 carabineiros para reforzar a columna.–*Doc. que posuímos.*

125 *Doc. que posuímos.*

en xefe todas as forzas sublevadas, xa que o mando de Solís non era máis que interino. Manifestáballe, tamén, que se lle presentara o celador de Arzúa D. Pedro Rial asegurándolle que debían facer noite en Melide dous batallóns procedentes de Castela, causándolle sorpresa semellante noticia, porque nada sabía se de aquela rexión virían tropas a reforzar ás leais.<sup>126</sup>

#### IV

Ao saber a Xunta de Santiago a actitude pasiva da poboación de Pontevedra, mandou á mesma un delegado con comunicacións especiais para as persoas máis signi cadas, con obxecto de mover a opinión e proceder á realización do alzamento; mais sóubose que o devandito delegado fora preso polas autoridades e que, informadas estas das resolucións da Xunta, determinaron contrarrestar a influencia nos ánimos predispostos ao pronunciamento, detendo no cuartel de San Francisco todos os sospeitosos, acuartelando nel as forzas da garnición e instalando as oficinas militares preparativos todos para facerse fortes e defenderse no devandito edificio caso dunha invasión das forzas pronunciadas.

Mais non contaban esas autoridades co compromiso que de antemán adquirira o batallón Provincial de Segovia, imitando o exemplo dos seus camaradas de Xixón e Zamora, como tampouco presumían a respecto dos ofrecementos e auxilios que aos comprometidos ía brindarlles o comandante Arias coa súa columna, procedendo ao mesmo tempo ao rescate dos estudantes e soldados que na vila da Estrada foran apprehendidos.

Cando coñeceu estas intencións o comandante da garda civil da provincia, D. Manuel Buceta, reuniu o seu destacamento, que se atopaba en Caldas de Reis, e marchando a Pontevedra, proclama o alzamento na devandita capital. Poucos días antes, este xefe entretíñase en interceptar a correspondencia dos sublevados.<sup>127</sup>

---

126 *Doc. que posuímos.*

127 D. Manuel Buceta, andando os tempos, chegou a entrar no xeneralato, levándoo a este o seu entendemento, a súa cultura militar e os seus arrestos valorosos. Era



Ao pór agora a súa espada ao servizo da causa revolucionaria, non o guiaron outros móbiles que a súa espontánea inclinación polos principios liberais. A súa actitude foi obxecto de admiración e simpatía polo pobo e a gornición de Pontevedra, que no acto se adheriron ao pronunciamento, constituíndose inmediatamente unha Xunta gobernativa formada por D. José María Santos, presidente; vogais: D. Benito María Tomé, D. Francisco García Barros, D. Manuel Rodríguez, D. Diego del Villar, D. José María Montoto; e, como secretario, D. Manuel Ángel Couto.<sup>128</sup>

A devandita Xunta axustouse relixiosamente aos procedementos usados polas de Lugo e Santiago; pasando o presidente á de Compostela a seguinte comunicación: «*Junta de gobierno de Pontevedra. –excmo. Sr.:* Habiendo secundado esta capital el glorioso alzamiento de la nación, á las dos de la tarde de este día con todas las tropas de la guarnición y de la milicia nacional, que conservaba las armas, entró enseguida la columna expedicionaria procedente de esa ciudad que ha sido recibida con las pruebas del más puro entusiasmo. – Se participa á V. E. para su

---

natural de Santa María de Portas (Pontevedra), nacemento o 15 de abril de 1808. Ingresou no exército como cabo primeiro de milicias, facendo toda a campaña da primeira guerra civil carlista, da que saíu polos seus feitos signi cados co emprego de capitán. Liberal por convicción, sufriu multitude de estrañamentos. O ano de 1854 era xa coronel, desempeñando o goberno militar de Melilla; e durante este mando, dedicouse a combater os piratas que infestaban as costas africanas. En 1856 ascendeu ao emprego de brigadier, sendo destinado á Illa de Cuba; e desde esta pasou á de Santo Domingo, fundando nesta última a poboación titulada *Flechas de Colón*, contribuíndo e cazmente á pacificación da provincia de Santiago de los Caballeros que se sublevara.

Desempeñou, despois, o importante cargo de segundo cabo da Capitanía xeneral de Santo Domingo. Novamente volveu en diferentes épocas a exercer iguais destinos en Cuba e Melilla, tomando ademais parte nas diferentes guerras civís que na Península se fomentaran, ata o ano de 1879 en que, cando se atopaba de Comandante militar do campo de Xibraltar, foi destinado á escala de reserva. Chegou ao emprego de xeneral de división, sendo proposto en tres ocasións para o de tenente xeneral, que non logrou alcanzar pola oposición que lle xeron espíritos envexosos das glorias de tan entendido como valente soldado. Atribúese que a estas decepcións obedeceu a orixe da enfermidade que logo o levou ao sepulcro. Morreu pobre, tendo que depender a súa familia da modesta pensión obrigada nestes casos. Posuía in nidade de condecoracións, todas elas de singular signi cación polos seus talentos e méritos de guerra.

128 Foi D. Manuel Ángel Couto un ilustre galego, como escritor e como persoa de arraigadas ideas liberais, ás que consagrou toda a súa vida, así como os seus talentos ao servizo da patria galega.

satisfacción y efectos consiguientes, con un ejemplar de la alocución<sup>129</sup> de esta Junta.–Dios guarde á V. E. muchos años.–Pontevedra 9 de Abril de 1846.–El presidente, José María Santos.–Manuel Ángel Couto, Secretario.–Excmo Sr. Presidente de la Junta de Gobierno de Santiago».

Ao referirse na precedente comunicación que a pequena columna de Arias entrara na cidade do Lérez, folga advertir que foi obxecto de inmensas aclamacións e afectuosas mostras de cariño e hospitalidade pola poboación en masa.

Este activo militar, ao ver solucionada satisfactoriamente a misión que lle con ara a Xunta de Santiago, e que non xa a poboación de Pontevedra senón tamén a maioría dos pobos da provincia estableceran o réxime revolucionario, resolveu marchar coa súa forza, reforzada co batallón de Segovia e dúas compañías de carabineiros e gardas civís cara Vigo, para reproducir nesta localidade o pronunciamento.

Innecesaria foi esta marcha, porque ás dúas da tarde recibiu Arias unha orde de Solís para que se reconcentrase en Santiago, atendendo a que no Castelo do Castro ondeaba a bandeira revolucionaria, como igualmente a proclamación do alzamento nas vilas de Baiona, Redondela, cidade de Tui e península de Morrazo, a excitación do presidente da Xunta de Cangas D. Manuel M.<sup>a</sup> Martínez, home de grandes prestixios, xenio audaz e de patrióticos desprendementos.<sup>130</sup>

---

129 «Animado el pueblo de Pontevedra de los más altos sentimientos de nacionalidad, amor á la libertad y a la Reina D. a Isabel II constitucional, acaba de dar el grito patriótico que ha de salvar á tan sacrosantos objetos. Este lema, apoyado por algunas valientes fuerzas que guarnecen á esta capital, es el ánimo que resuena en toda la nación; y el pueblo pontevedrés para llevarlo á cabo, juró perecer, si es preciso, en su defensa. –¡Pontevedreses! Vuestra empresa es tan gloriosa, que toda explicación en su apoyo, rebajaría su alto mérito; y la Junta de gobierno que tuvo la honra de ser elegida por vosotros, promete no separarse un instante de las tareas que le habéis encomendado y os dirigirá hasta que lleguemos todos al término deseado. –¡Pontevedreses! La Junta de gobierno que conoce vuestra sensatez, tantas veces acreditada, confía en ella para que tranquilamente pueda obrar en todo el lleno de sus soberanas facultades. ¡Pontevedreses! ¡Viva la libertad! ¡Viva la Reina libre y constitucional! ¡Viva la independencia nacional! ¡Abajo el sistema tributario! – JOSÉ MARÍA SANTOS, presidente; BENITO MARÍA TOMÉ, FRANCISCO GARCÍA BARROS, MANUEL RODRÍGUEZ, DIEGO DEL VILLAR, JOSÉ MARÍA MONTOTO, MANUEL ÁNGEL COUTO, vocal secretario». –*Doc. que posuímos.*

130 Do PORTO, ob. cit., páx. 81. – PIRALA, ob. cit., páx. 444.

Aos poucos días, en toda a extensa e rica provincia de Pontevedra, non se enarboraba outra insignia ca a da revolución galega, sen recoñecerse máis autoridade que a das súas respectivas Xuntas. Con este acontecemento facíase xa máis desembarazada e prometedora a situación das tropas sublevadas.

## V

Estaba próximo a rematar o prazo do armisticio formalizado en Sigüeiro: o xeneral Puig Samper continuaba estacionado no devandito lugar sen dar o menor sinal ou mostra de inclinarse polo partido revolucionario, como aspiraban os seus apóstolos.

Solís non se expuña a ir buscalo ante a eventualidade de que se lle botasen enriba as tropas de aquel combinadas coas do brigadier Zendrera que desde Soutelo de Montes variara de ruta corréndose cara a provincia da Coruña.

O xefe rebelde non dispuña de máis xente ca a que conservaba en Santiago, pois xa sabemos que pola misión encomendada a Arias en Pontevedra lle faltaba o importante continxente que este levará á devandita provincia; e aínda contando con el, non sumaría forzas bastantes para contrarrestar as de Puig Samper e Zendrera, se conseguían estas últimas reunirse en Sigüeiro.

Mais o pronunciamento de aquela capital veu despexar dun xeito franco a situación de Solís, defraudando a combinación que Villalonga proxectara, véndose Zendrera na disxuntiva de: ou volver ancas a Ourense ou exporse a ser totalmente copado. Optou polo primeiro, participándollo así ao seu superior. Tan proveitosa e feliz foi a retirada de Zendrera que serviu de causa e ciente para impedir a sublevación da cidade ourensá.

Non se descoidou Solís en avisar a Arias para que coa maior rapidez regresase a Santiago, xa que súa comisión en Pontevedra rematara, evitando así o con ito en caso de que Puig Samper se decidise a atacalo; mais, considerando o atraso de Arias, propuxo á Xunta o racional e conveniente que sería retirarse con todas as forzas a Pontevedra para

unirse alí coa de aquel e regresar novamente a Santiago co propósito de desalojar a Samper da poboación por se acaso este pretendía penetrar nela.

Conformouse a Xunta con este parecer, e ás nove da noite saíron todas as forzas sublevadas, cunha compañía de milicianos nacionais e gran número de veciños dos máis signi cados e comprometidos na revolución. Pasouse seguidamente unha comunicación ao Alcalde encomendándolle que «durante la ausencia de las autoridades sublevadas, se encargase de sostener el Orden bajo su más estrecha responsabilidad».

Por non causar máis molestias ao brigadier D. Benito Menacho, Comandante xeneral de Lugo, que estaba detido en Santiago, resolveu Solís poñelo en liberdade, contentándose soamente coas garantías que poden satisfacer a un cabaleiro. Foi despois tan irregular a conduta de aquel que Do Porto non pode por menos de exclamar na súa *Reseña*:<sup>131</sup> «Olvidemos el sucesivo porte del Sr. Menacho, militar respetable por los bizarros hechos de su carrera política; pero admirémonos, sí, *que algunos, después de haber descendido á ofrecer sus espadas á una revolución que combatieron y que en sus adentros detestaban*, faltaron á la lealtad de una palabra y á los deberes de humanidad, exigiendo la sangre de una víctima como holocausto del orgullo y del resentimiento».

O mesmo día 10, a Xunta de Santiago publicaba o seguinte decreto: «Esta Junta de gobierno, como la primera que se ha puesto al frente de la revolución y en uso de sus facultades soberanas, ha tenido á bien decretar lo siguiente:

*Artículo único:* Se declaran nulos todos los actos del gobierno de Madrid desde el día 2 del actual.

Santiago 10 de Abril de 1846. –*Pío Rodríguez Terrazo*.– Por acuerdo de la Junta, *Antonio Romero*, vocal secretario».

Do Porto comenta esta resolución da Xunta, estrañándose do espírito que na mesma resaltaba por entender que tampouco habería de espec-

---

131 Ob. cit., páx. 78.

tar a devandita Corporación, dado o seu poder revolucionario, todas as decisións emanadas do poder Central anteriores ás do 2 de abril.

Nós, aínda abundando en parte no criterio do discreto escritor, non deixaremos de opinar que a enérxica determinación da Xunta compostelá sintetizaba a xénese do principio que defendía, nacido na mesma data en que este fora proclamado e aceptado pola maioría do pobo galego, que protestaba coas armas na man, das demasías e incongruencias do poder do Estado que xa daquela deixaba sentir nas rexións o brutal da súa funesta absorción.

Estas, coas mesmas enerxías e o mesmo espírito de protesta, aínda que os seus procedementos sexan máis temperados, loitan actualmente por restablecer a súa existencia real e secular que onte lle foi minguada e agora totalmente arrebatada por ese desaprehensivo poder uniformista; e non dubidamos que, se os galegos de 1846 foron desgraciados na súa empresa, os galegos de hoxe non tardarán moito tempo en ver logradas as naturais aspiracións que perseguen.

É por demais sabido, di Heriberto Spencer,<sup>132</sup> que o Estado desempeña o seu papel de protector de xeito que arruína uns, desorienta outros e fai retroceder atemorizados aos que máis precisan da súa axuda. Como intendente da nación e dunha parte do noso dominio público, saca por todo produto só dé cit.

E de aquí recalca o insigne Salmerón, na súa actual campaña solidaria, que o estado só serve para degradar, para empobrecer, para mutilar, para entristecer o país. «La reconstitución de España, depende de las regiones que son los únicos elementos vivos que tienen hartos y justificados motivos para odiar al Estado».<sup>133</sup>

## VI

O levantamento de Pontevedra trouxo, como consecuencia, ao seguinte día 10, o da cidade de Vigo.

---

<sup>132</sup> *Demasiadas leyes*, páx. 16.- Barcelona, 1904.

<sup>133</sup> Discurso pronunciado na Praza de Arines de Betanzos o 6 de outubro de 1907.

Existía nesta poboación un home cultísimo e que profesaba amor ardente aos principios democráticos: chamábase don Benigno Cid e exercía a praza de médico do Lazareto de San Simón. Cid era o axente máis conspicuo que tiñan en Vigo os emigrados liberais.

Os conspiradores vigueses adoitaban congregarse na casa de D. Juan Nogueira, celebrando nela as súas reunións precedentes ao pronunciamento, sendo o Sr. Cid a *alma mater* de todo canto se actuaba e quen, nos seus desexos de traballar con máis independencia en pro da causa, cortara todas as súas relacións de amizade particular e ata profesionais.<sup>134</sup>

Dispostos todos os preliminares para reproducir o acto revolucionario, acordaron os conspiradores designar o 10, día de Venres Santo.

Na madrugada deste día encamiñouse o Sr. Cid á praza da Constitución, comezando a pasear polos soportais da mesma, ata que, poucos momentos despois, apareceu o tenente Neira, llo político do Sr. Nogueira, á fronte de varias compañías do batallón Provincial de Oviedo que baixaban do cuartel de San Sebastián para ocupar, de común acordo, o principal e puntos máis importantes das murallas da cidade.

Adiántase a tropa, fai alto na praza e forma en batalla. Entón D. Benigno Cid encárase coa mesma, pronunciándolles unha corta e patriótica alocución que foi contestada polos soldados con vivas á liberdade e á Raiña.

Coa velocidade dun lóstrego estendeuse a noticia pola poboación, propagándose seguidamente o alzamento, no cal confraternizaron os elementos civil e militar, menos o destacamento do 4.º Rexemento de Artillaría que se escusou, solicitando lle deixase reunirse co seu corpo que se atopaba na Coruña.

Nomeouse a Xunta de Goberno formada polo consecuente liberal D. Ramón Buch, como presidente, vogais D. Joaquín Yáñez, D. Benigno Cid e outros acreditados liberais, e secretario, D. Juan R. Nogueira.

---

134 JOSÉ DE SANTIAGO GÓMEZ: *Historia de Vigo y su Comarca*, páx. 575. Un tomo de 596 páxinas.—Madrid, 1896.

Multitude de xentes do campo –di Santiago Gómez–<sup>135</sup> que acudiran á cidade para presenciar a procesión e cerimonia do *Encontro*, que se celebraba de madrugada, atendendo a vellas tradicións, e os propios veciños de Vigo escoitaron con asombro o repique de campás nas igrexas, que non obstante a solemnidade do día se botaron a voo por mandato da Xunta e, desde o púlpito que se colocara na Praza da Constitución para predicar o sermón da mañá, pronunciou D. Ramón Buch un fogoso discurso que entusiasmou o auditorio, enxalzando as excelencias do pronunciamento e chamando ás armas aos cidadáns, que en grandes masas correron ao parque de artillaría da Laxe para armarse e organizar a milicia nacional.

Brindouse cabaleirosamente ao tenente coronel D. Luis Lenmí, primeiro xefe do batallón Provincial de Segovia, por se desexaba asociarse ao movemento como o xeran outros militares, mais o devandito xefe pretextou a súa fidelidade ao goberno central, provocando unha ruidosa protesta, que deu lugar, coas súas intemperanzas e inconveniencias, a que se arrestase no Castelo do Castro. Non adoptaría a Xunta semellante acordo se Lenmí se concretase, como outros, a demostrar a súa imparcialidade ou indiferenza ao alzamento ou a pedir que lle permitisen ausentarse da localidade.

Presentouse á Xunta o brigadier D. Leoncio Rubín de Celis para que dispuxese dos seus incondicionais servizos, que lle foron aceptados, organizándose con tal motivo unha columna de 900 homes e dúas pezas de artillaría rodada, que se extraeron do Parque, saíndo esta forza para Santiago, ao mando de aquel xefe, o día 11.

---

135 Ob. cit., páx. 190.

## CAPÍTULO VI

Puig Samper ocupa Santiago: providencias que adoptou.– Movements dos revolucionarios: D. Leoncio Rubín de Celis.– Retroceso de Puig Samper a Sigüeiro.– Ataca Solís a Puig Samper: resultados do encontro.– Evacuación de Sigüeiro por ambas forzas inimigas.– Despois do combate.

### I

Á unha e media da madrugada do 11 soubo Puig Samper que as tropas revolucionarias abandonaran Santiago, noticia que comunicou no acto ao Capitán xeneral, referíndolle á vez que o día anterior sostivera en Sigüeiro algunhas escaramuzas con diferentes partidas inimigas e que, por non ter a con anza su ciente nos emisarios, lle xeran concibir sospeitas de que en Compostela se proxectaba un golpe atrevido, véndose no extremo de ter que arrestar o Alcalde de Sigüeiro,<sup>136</sup> os principais paisanos in uentes do distrito e ata o mesmo postillón que lle facilitara os pormenores da saída dos revolucionarios.

«Salgo inmediatamente para Santiago» –comunicáballe– «aunque con las debidas precauciones; y si, como es de creer, entro en aquella ciudad, procuraré averiguar positivamente la dirección en que marchan los rebeldes para, sea cualquiera, continuar sin demora en su persecución, dando á V. E. frecuentes avisos de mis ulteriores operaciones».

---

136 Esta aldea pertence ao Concello de Oroso, e é de supor que o Alcalde tivese a súa residencia oficial e particular en Sigüeiro. Actualmente a cabeza do distrito municipal está na parroquia de Oroso. No noso Capítulo IV, nota 93, ao citar os lugares próximos ao de Sigüeiro, consignamos *Velloa* en lugar de *Ulloa*, erro padecido, que nos apresuramos a rectificar, por aparecer nos datos que nos facilitaran de aquel punto.



Remataba comunicándolle que a Xunta revolucionaria e a estudantina armada tamén se ausentaran, mais «por referencias de haberlo oído», supoñendo que se dirixirían cara a fronteira portuguesa.<sup>137</sup>

Ás sete e media do día 11 entrou Puig Samper en Santiago, procedendo a adoptar as oportunas providencias para normalizar a situación governamental porque, en canto á orde, estaba xa asegurada durante o mando dos revolucionarios.

A primeira determinación foi publicar un bando comunicando á veciñanza que aplicaría as disposicións do Capitán xeneral de 4 de abril, referentes a fusilar toda persoa que non concorrese a entregar as armas que no seu poder tivesen, dentro de 24 horas, residenciando os militares que, sen adherirse aos revolucionarios, permaneceron na poboación durante os días que estes se sostiveron en Santiago. No devandito bando concluía o Xeneral informando os santiagueses que axiña os rebeldes serían exterminados polas tropas leais que mandaba e outras máis –aludía ás de Zendrera– que lles cortarían a retirada.<sup>138</sup>

---

137 *Doc. que posuímos.*

138 «D. Francisco Puig Samper, Teniente general de los ejércitos nacionales, y Comandante general de las tropas expedicionarias de Galicia, etc., etc.

Ocupada por las tropas de la Reina esta ciudad, en la cual por espacio de siete días imperó el desorden y la anarquía más completa, estoy en el deber de llevar á cabo las providencias del Excmo. Sr. Capitán general de Galicia, y con arreglo á ellas tengo por conveniente prevenir:

1.º Dentro de dos horas quedará constituida la Comisión militar que debe juzgar á todos los motores ó factores del motín que tuvo lugar el día 4 del corriente, y procederá sin demora á instruir las competentes causas, y así mismo á los militares que sin adherirse permanecieron ó permanecen en la población, y cuya conducta está en el caso de ser residenciada.

2.º Toda persona, sin excepción, procederá á entregar las armas de cualquier clase que tenga en su poder. Los que en el preciso término de veinte y cuatro horas no lo hubiesen verificado serán juzgados como cómplices de la rebelión.

3.º Los fugados ó rezagados de las fuerzas rebeldes, así militares como paisanos se presentarán en el término de seis horas al Sr. Brigadier Comandante militar del punto, D. Francisco Mugartegui: los que contravengan esta disposición y sean habidos serán pasados por las armas.

4.º Del cumplimiento de estas disposiciones y las consignadas en el bando del Excmo. Sr. Capitán general de Galicia fecha en la Coruña á 4 del actual, queda encargado el indicado Sr. Brigadier comandante militar del punto.

SANTIAGUESES: Los rebeldes huyen por más que hayan querido cohonestar su repentina marcha con pronunciamientos que ni han tenido lugar ni podrán

Non foi pequena a decepción que sufriu Samper ás 24 horas de ditar as súas medidas!... Nomeou unha comisión militar para xulgar a todos os «promovedores del motín realizado el día 4, é instruir las correspondientes causas», recaendo os nomeamentos no coronel D. Francisco Sánchez Villamarín, presidente; vogais, D. Julián de Bascarán e D. Julián Duque, coroneis, D. Joaquín Rubianes. D. Alvaro Miranda, D. José Valle, D. Francisco Castillo, D. José Valenzuela, comandantes, D. Francisco Moncao, primeiro comandante scal e, como asesor, o licenciado D. Pedro Ramón Arias.

Ás tres horas de tomadas as devanditas resolucións, saíu Puig Samper en seguimento dos sublevados, deixando encargado do mando o brigadier D. Francisco Mugartegui que, en unión do xuíz de primeira instancia, o comisario de Protección e Seguridade pública e outras autoridades, se ocupou en cumprir as disposicións do bando, reunir os individuos dispersos e demorados e *outros negocios*<sup>139</sup> propios das circunstancias.

Puig Samper, ao ocupar Santiago, informou a Villalonga de todos os seus actos, incluso do da súa marcha en persecución dos revolucionarios. «Sea cualquiera» –diciálle– «y á pesar de que está diluviando, seguiré un rápido movimiento sobre ellos después de descansar solamente el tiempo preciso para los quehaceres del momento. Se me han presentado un capitán y un teniente del Provincial de Gijón sublevado, Se me asegura que mucha parte de los estudiantes en el desorden de la salida, arrojaron sus armas y se quedaron en el pueblo. Parece se quedaron también varios soldados escondidos por no emprender la marcha».<sup>140</sup>

---

tenerlo, porque las brillantes y leales tropas de mi mando salen hoy mismo en su persecución y otras no menos numerosas y disciplinadas les esperan de frente. Santiagueses: los rebeldes que habéis visto en esta ciudad, son los únicos que existen en toda España: juzgad, pues, la suerte que les espera, y acrisolad vuestra conducta con tiempo, cooperando de buena fé á su exterminio. Desgraciado de aquel que siga la opuesta senda!

Santiago 11 de Abril de 1846. – FRANCISCO PUIG SAMPER». –*Doc. que posuímos.*

139 Dunha comunicación pasada por Mugartegui ao Capitán xeneral, na cal lle indicaba que axiña lle remitiría o expediente instruído ao batallón Provincial de Zamora. – *Doc. que posuímos.*

140 *Doc. que posuímos.*

Antes de saber Villalonga a entrada de Puig Samper na citada poboación, apremábo para que acometese a devandita empresa, en cuxo caso restablecería nos seus respectivos cargos as autoridades lexítimas e empregados do goberno que non seguiran as inspiracións dos sublevados, apoderándose das persoas «que hayan podido gurar como agentes principais de la rebelión, conduciéndolos presos á la Coruña». Recomendáballe seguise con eficacia a pista dos rebeldes «los que no sería extraño que se propusiesen alguna tentativa sobre Vigo, cuya plaza es conveniente salvar á toda costa». Anunciáballe que recibira noticias do goberno relativas a que en toda a península reinaba a orde máis perfecta, e que viñan sobre Galicia, a marchas forzadas, tropas de infantería e cabalería procedentes de Madrid, Valladolid e Burgos. «Descuide V. E. por esta plaza que en cualquier intento, será sostenida á todo trance con la escasa fuerza de artillería que en ella existe».

Noutra comunicación dicíalle Villalonga a Samper que aprobaba incondicionalmente todas as súas operacións de Santiago, advertíndolle que seguramente o brigadier Tojo, ao saber a chegada a Pontevedra dos revolucionarios, marcharía coas súas tropas á Ponte Sampaio para facerse forte no devandito punto ante o perigo de que estes o perseguisen e que, de ocorrer o contrario, daquela seguiría a estrada de Ourense a fin de gañar as beiras do Miño con tempo preciso para superalo e penetrar nesta capital. «De todas maneras» –obxectáballe– «convendría que V. E. procure á toda costa adelantar comunicación duplicada por lo menos á aquel comandante general (el brigadier Tojo), avisándome de sus movimientos y haciendo por adquirir noticias de la dirección de las fuerzas de Orense que á estas horas deben estar sobre Santiago, y de las cuales el comandante militar de aquella ciudad debe tener conocimiento, y avisar á V. E. sin pérdida de momento á cursar esta comunicación que le remito apertorias (?) con el fin de que se entere de mis indicaciones».

Informábo por último do desgusto que recibira ao coñecer que a compañía do Provincial de Xixón que estaba de destacamento en Mondoñedo e á que dera orde de dirixirse á Coruña o desobedecera marchando a Lugo, deixando en Vilalba o comandante militar desta provincia e outros dous oficiais do Provincial de Mondoñedo que ían incorporarse ao seu Corpo e, supondo que a devandita forza *pretendía unirse aos seus*, recomendáballe a Puig Samper que usese os medios

para cortarlle os seus intentos. Tamén lle signi caba que consignase a hora en todos os seus o cios ou numerase a correspondencia, para evitar sensibles equivocacións.

Por todo o exposto deduciáse que o Capitán xeneral non se atopaba perfectamente orientado das ocorrencias de aqueles días. O mesmo ignoraba os movementos dos sublevados como os dos seus parciais, xa que nin o brigadier Tojo saíra con ningunha forza de Pontevedra nin coñecía as intencións de Solís, así como tampouco as da Xunta compostelá; nin menos estaba informado do punto onde se atopaban aquel e esta, ignorando tamén en absoluto a verdadeira situación do brigadier Zendrera.

## II

Ás dúas horas de partir de Santiago, a Xunta e Solís son informados de que a cidade de Vigo se sublevara con toda a súa gornición. Esta boa nova encheu de xúbilo a todos os revolucionarios, cuxos ánimos decaeran notablemente á saída de Compostela, considerando malogrado todo canto traballo xeran en pro do credo liberal.

Acordara a Xunta estacionarse en Padrón atendendo ás in mellorables condicións estratéxicas desta vila, por ter como elementos e caces para a súa defensa o convento de Herbón que, colocado sobre unha eminencia, ofrecía unha forti cación moi oportuna e, ademais, a ponte de Cesures, cuxa ría non sería fácil para o inimigo atravesala, recolléndose previamente as embarcacións que prestaban o servizo da mesma.

Solís asentiu ao acordo, comprendido ao mesmo tempo que Padrón era lugar a propósito para agardar a columna do comandante Arias, que debía regresar de Pontevedra dun momento a outro, evitando así unha xornada infrutuosa de tres leguas, abondo molesta para as súas tropas polo terrible temporal que reinaba. Porén, opinou despois proseguir a súa xornada cara Caldas de Reis, saíndo de Padrón ao amanecer e chegando a Caldas ás dez da mañá. Xa nesta última vila incorporáronselle as forzas de aquel xefe, reforzadas cos valiosos elementos de Pontevedra.

En Caldas tivo noticias de que o brigadier D. Leoncio Rubín guraba á cabeza do alzamento vigués, e que circulara unha proclama en toda a provincia, subscripta como Comandante xeneral.

A entrada deste personaxe no partido revolucionario non se viu con aquelas simpatías que se tiveron para outros paladíns aliados espontaneamente en condicións de non causar o menor motivo de dúbida, xa que aínda había poucos días que o xornal madrileño *El Tiempo* dixerá que o referido militar se presentara ás autoridades de Vigo, ofrecendo incondicionalmente os seus servizos ao Goberno para combater os revolucionarios a raíz de iniciarse o pronunciamento nas cidades de Lugo e Santiago.<sup>141</sup>

Chocara a moitas persoas a arrogación dun título de autoridade con que o novo revolucionario subscribía a proclama, xándose en que ninguén lle asignara ningún papel no alzamento<sup>142</sup> e o propio Solís es-trañouse non menos de semellantes pretensións, en razón a non existir ningún fundamento racional que o aboase, por concorrer, ademais, a circunstancia de que aquel ofrecese os seus servizos ao goberno central.

Mais, por outra parte, alegaron algúns que o brigadier Rubín contribuíra dun modo decisivo ao pronunciamento de Vigo e que o seu nome estimulara o Provincial de Oviedo para sumarse á insurrección.

«Estos antecedentes y otros más antiguos de la carrera pública de este militar» –di Do Porto– «nada favorables para cimentar los honrosos blasones de una probidad política intachable, no serían tenidos en cuenta por nosotros al examinar el papel trascendental que ha desempeñado en el sangriento drama de Galicia; cerremos los ojos á la

---

141 O correspondente en Vigo de *El Tiempo* de Madrid con rmou estes rumores, inserindo este xornal no n.º 627 de 13 de abril o seguinte: «Hemos recibido carta de Vigo, del 9 en que se nos dice lo que sigue: Aquí se ha publicado la ley marcial, y las autoridades han tomado todas las medidas que dictan la prudencia y lo crítico de las circunstancias. El brigadier Rubín cuyos antecedentes políticos son ya conocidos (\*), se presentó á ofrecer sus servicios al gobernador.» –Do PORTO, ob. cit., páx. 83. nota.

(\*) Era amigo do xeneral Espartero militando no partido *Ayacucho*.

142 PIRALA, ob. cit., páx. 445.

luz que puedan arrojar sobre sus actos posteriores, y solamente con la verdad de los hechos palmarios, con la autoridad de los documentos irrecusables, rasgaremos la obscura venda que cubren ciertos acontecimientos de imposible examen hasta el día, y en cuya averiguación se estrellaron las más ingeniosas conjeturas. Cúmplenos, como escritores de conciencia, que hemos dejado á la espalda la venda de la pasión para tomar el espacioso camino de la justicia y de la imparcialidad; cúmplenos ser defensores de una tumba, á cuya losa se ha llamado para asegurar con el silencio de los muertos la sin razón de los vivos; cúmplenos confundir la calumnia, no con las aviesas armas de los denuestos, sino con las leales del decoro y de la razón; cúmplenos, por último, satisfacer la ansiedad pública tan celosa de adjudicar su inapelable fallo á los hombres y á las cosas que ocuparon su atención en tan graves como en solemnes momentos».

Blasco Ibañez, referíndose a Rubín, estampa, que coa adhesión deste, «sufrió nuevo quebranto la sublevación, que poco después resultó un traidor vendido al gobierno de Madrid».<sup>143</sup>

Outros escritores de razoado criterio censuran duramente a conduta do devandito militar.<sup>144</sup> O papel que desempeñou naqueles acontecementos foi obxecto de crítica acerba ata polos seus compañeiros de armas, sen distinción de bandos. Os feitos que iremos relatando conforme a datos recollidos corroboran os xuízos expostos acerca da intromisión do citado personaxe na revolución galega quen, se non puido obter unha franca vindicación durante a súa vida, aínda que algúns, como o xeneral O'Donell, o defenderían anos despois no Parlamento, cúlpese á historia que emitiu o seu fallo, sen admitir o menor recurso de apelación.

Nós, ao relatar unha das máis transcendentais epopeas da historia contemporánea da nosa Galicia, deberemos coincidir, sen que tampouco a paixón nos cegue, nas opinións de Do Porto e escritores que o seguiron, defendendo, aínda a través dos anos, aquelas tumbas abandonadas, a cuxas lousas se chamou «para asegurar con el silencio de

---

143 *Revoluciones españolas*, t. III, páx. 100.

144 Todas as obras que examinamos de autores que citamos están de acordo en recriminar a conduta de D. Leoncio Rubín.



Carral: Igrexa de Santo Estevo de Paleo

los muertos la sin razón de los vivos» e para reprochar, aínda agora, a aqueles outros que, tempos andando, non quixeron cumprir cun deber de estreita conciencia, honrando a memoria dos martirizados en Paleo...

Formando os sublevados unha numerosa división coas forzas de Pontevedra, volven de novo á poboación compostelá, onde chegaron ás nove da noite. Esta cidade fora abandonada xa por Puig Samper, que regresou ao seu cantón de Sigüeiro, deixando atrasados nela uns 40 soldados e varios oficiais que Solís se anexionou, por solicitalo así estes.

### III

Despois de deixar Puig Samper ultimadas en Santiago as súas disposicións, saíra desta localidade ás dúas da tarde do 11, picando a retagarda de Solís e forzando a xornada todo o posible para caer sobre este o seguinte día, ou sexa, o 12.

Ao avanzar sobre Padrón, onde determinara facer noite, soubo da confirmación oficial do pronunciamento de Pontevedra, e que a gornición desta capital, fusionada coas tropas de Solís, se aloxaban todas naquela vila para retornar inmediatamente a Santiago.

Desistiu, daquela, o xeneral no seu movemento de avance, adoptando o bo acordo, ante o perigo de ser atacado, de volver a Sigüeiro, lembrando o ben librado que saíra neste punto.

Con tal motivo, escribiaba a Villalonga: «Como desde nuestra salida de Santiago no cesó de diluviar y ventear de una manera horrorosa, tal, que yo no recuerdo temporal semejante, y como reunidos cinco batallones enemigos, contando con los paisanos y estudiantes armados y con la guardia civil, componen una fuerza que casi triplica la de mi mando, conceptué que no podía esperar en Padrón ni en otro sitio al enemigo; y, en efecto, emprendo mi retirada á este punto (Santiago) donde á esta hora, que son las diez de la noche, está entrando la tropa en dispersión y destrozado completamente el calzado, el vestuario, el armamento y municiones, por efecto del temporal, que, repito, no



recuerdo otro semejante. –He tomado todas las precauciones que tan triste situación me permite, á n de que los rezagados entren en la ciudad lo más pronto posible y mañana veré, con las fuerzas que tenga disponibles, lo más que pueda hacer». <sup>145</sup>

Villalonga contestoulle que dubidaba desde logo da veracidade da sublevación de Pontevedra por *ter noticias seguras* de que o batallón Provincial de Segovia e a garda civil estaban decididos, non xa a prescindir dos plans dos revolucionarios, senón «muy compactos y dispuestos, con las autoridades, á sostenerse y defenderse de los rebeldes», que todo podía ser unha estrataxema destes para retardar e entorpecer os movementos de Puig Samper, e agregaba: «pero como todo puede suceder en una época de desmoralización y corrupción como la que vamos pasando, convendría que V. E. se informase completamente de lo que sea verdad para no perder momentos en sus medidas y disposiciones en cualquiera de ambos casos, y, según las noticias que V. E. tenga de jo, supuesto que reforzada la columna con los batallones que se han mandado venir, estaba ya V. E. en el caso, no sólo de resistir sino también de ofender al enemigo, bajo todas las precauciones militares convenientes». <sup>146</sup>

Concluía manifestándolle que «quedaba en extrema ansiedad» agardando o parte que recibira do mesmo Puig Samper, ao que lle encargaba que se asegurase por condutos dedignos do estado dos sublevados. <sup>147</sup>

Mal informado ou desorientado por completo o Capitán xeneral do distrito, non daba crédito ao suposto de que, con máis puxanza, ía acentuándose no país a idea revolucionaria. Consideraba que a reducida columna de Puig Samper constituía un factor de valía para apagar aquela fogueira que se iniciara e que gradualmente se ía alimentando co combustible do patriotismo.

Contrariedade sensible experimentou ao coñecer unha comunicación que lle trasmitira Puig Samper, dándolle conta de serlle humanamente

---

145 *Doc. que posuímos.*

146 *Doc. que posuímos.*

147 *Doc. que posuímos.*

imposible permanecer por máis tempo en Santiago, ante o dilema de caer prisioneiro cos seus soldados ou deixarse morrer sen ningún recurso de defensa, debido ao espírito revolucionario da cidade «que por la gran extensión de ella, exigía mucha vigilancia».

«La tropa» –argumentaba o xeneral– «por consecuencia del temporal, hállese en tal estado de postración, que á las siete de la mañana apenas pudieron formar de 70 á 80 hombres por estar imposibilitados los demás. Visto esto, y también que las municiones estaban inservibles, determiné se encendieran hogueras á fin de que los soldados pudiesen enjugarse; y así animados un poco y reunidos, emprender la marcha para este punto (Sigüeiro) que me convenía ocupar de nuevo, porque habiendo tenido noticia de la dirección que traía el Comandante general de Orense, (Zendrera), con las fuerzas de su mando, podría desde aquí cubrirle su arribo y ponerme en comunicación con él más pronto».

Interesaba de Villalonga novas municións para 800 prazas por atoparse inutilizadas as que posuía; remitíalle algunhas comunicacións interceptadas dos rebeldes e concluía condoéndose polo coidado en que o tiñan as forzas do brigadier Zendrera «porque habiendo crecido las tropas enemigas, es temible se ocupen de ellas puesto que ayer pasaron las primeras solo á cuatro leguas de las segundas, y no extrañarían lo hubiesen sabido. Por esto, aviso al brigadier Zendrera y le prevengo un rodeo por la montaña».<sup>148</sup>

Comprendendo Villalonga a comprometida situación de Samper, envioulle as municións pedidas, recomendándolle con urxencia que dunha ou doutra forma se reunise co aludido brigadier pasándolle os avisos oportunos ao Ulla, onde faría noite este o día 12, duplicando os devanditos avisos ao concello do Pino, cuxo punto designara para vir concentrarse con el e, veri cada a unión, indicáselle a posición que debería ocupar para facilitarlle novas instrucións.

O 12 recibe Zendrera na Bandeira a orde de incorporación, mais obstáculos inesperados interpónñenselle para cumprila. Eran estes o cansazo dos seus subordinados polas marchas e contramarchas forzadas

---

148 *Doc. que posuímos.*

que traían e as inclemencias de aquel tempo irregular que facía imposible a circulación polos camiños, convertidos en profundas lameiras.

A columna ía dando mostras de insubordinación e, para alentar aquela, informáraselle dun o cío do Comandante xeneral interino de Ourense –ao cal nos referimos máis adiante– trasladando outro do mariscal de campo D. José Gutiérrez de la Concha no que participaba a súa designación polo Goberno, para o cargo de Comandante en xefe, co obxecto de sufocar a insurrección galega, detallando –en forma confusa,– o número de tropas que ao seu mando levaba para vir sobre a rexión.

A casualidade é que Zendrera coñecese o retroceso de Puig Samper a Sigüeiro: un estudante que se encamiñaba cara a súa terra fuxindo de Santiago, atopouse con esta forza e, informado dos propósitos de aquel xefe, comunicoulle a retirada do xeneral, e a nova ocupación por Solís da poboación compostelá cun respectable continxente de soldados.

Zendrera non desaproveitou os informes do escolar e, temendo caer nas gadoupas do inimigo, decidiuse a regresar a Ourense.

A Puig Samper, o seu bo desexo de demostrar lealdade ao goberno central puido facerlle custar cara a súa puxanza contra o pobo de Santiago, e obrou sensatamente, como dixemos, apresurando a súa contra marcha a Sigüeiro.

Os o ciais da súa columna, ao verse xa tranquilos no devandito lugar e relatar as angustias que experimentaran na noite anterior, comentaban inxenuamente, «que si Santiago distase de Padrón media legua máis, se hubiesen entregado al enemigo por no poder afrontar huida tan desastrosa».<sup>149</sup>

Recontáronse en Sigüeiro as forzas, observándose que faltaban máis de 40 homes entre o ciais, subalternos, clases e soldados do 1.º e 3.º do rexemento de Zamora; apresurándose con tal motivo o brigadier Mac-Crohon a pasar un o cío ao xefe da columna no que, ademais de

---

149 *Doc. que posuímos.*

informalo da desaparición da xente, lle dicía que a tropa se atopaba descalza e faltosa de municións útiles, por penetrar a chuvia nas cartucheiras, interesándolle que puxese remedio a estas de ciencias.<sup>150</sup>

Samper trasladou ao Capitán xeneral as peticións de Mac-Crohon, acompañándolle unha relación dos individuos desaparecidos procedentes das diversas compañías do referido rexemento, explicándolle que non estrañaba de xeito algún a falta notada, «teniendo en cuenta lo terrible que había sido el día anterior para la columna».<sup>151</sup>

«Muchos de los soldados que se han quedado y aun uno de los sargentos, me consta que estaban enfermos; y así es que acordé con el Alcalde pasasen al Hospital sino había bagajes para ellos; porque la sublevación se había llevado todas las caballerías del pueblo y aun carruajes. No así opino con respecto á los tres o ciales cuya ausencia me hace sospechar *con especialidad de dos hermanos apellidados Mariné*,<sup>152</sup> el tercero podrá quizás estar enfermo porque los jefes se admiraron al saber su falta y elogian su conducta y decisión; pero debo repetir á V. E. que *no creo enfermos á los otros dos*. Consiguiente á esta sospecha, he puesto presos á los sargentos Gregorio García y José Vázquez que se presentaron mucho después de haberse alojado la columna en este pueblo, porque ambos son de las compañías de los dos o ciales de quienes recelo; y si bien no tengo dato alguno me temo *que su venida tardía* tenga algún objeto ajenos á su deber. Por precaución pasan á disposición de V. E. y de su teniente coronel –que se halla en la Coruña– acompañados por la fuerza de carabineros que estaba á mis órde-

---

150 *Doc. que posuímos.*

151 A relación está formada por Mac-Crohon detallando o número de homes desaparecidos que eran: un capitán, 2 subtenentes, 2 sarxentos segundo, 1 corneta, 2 tambores, 1 cabo 1.º, 2 segundos; 12 granadeiros e 28 soldados. Ao nal da relación indica o devandito xefe que no número de soldados van comprendidos tres individuos que son músicos de praza.–*Doc. que posuímos.*

152 Destes dous irmáns, D. Fermín, capitán, foi un dos que fusilaron en Carral o 26 de abril, e o outro, ou sexa, D. Francisco, era alférez daquela, e moi novo. Puido fuxir, despois de sufocada a insurrección, ao estranxeiro, de onde retornou cando o decreto de amnistía, recoñecéndolle máis tarde o seu emprego o goberno liberal, continuando na milicia a onde chegou ata o emprego de xeneral de brigada. Estivo postergado na súa carreira polas súas conviccións republicanas, e faleceu en Villajoyosa (Alacante) moi ancián xa, no ano de 1904, aos poucos meses de inaugurarse en Carral o monumento consagrado ás vítimas.

nes. Si alguno de los rezagados se quedó espontáneamente en Santiago para unirse á los revolucionarios, es debido á la constante seducción empleada al efecto en especialidad por los patrones, los que detuvieron á varios soldados bajo pretexto de calentarles la ropa y contándoles mil patrañas, hasta que alguno de ellos exigieron con energía salir».<sup>153</sup>

Esta última apreciación de Puig Samper pode conceptuarse gratuita, porque noutras comunicacións súas que examinamos e que oportunamente citamos, infórmannos da efervescencia popular e as simpatías xerais do pobo santiagués polo alzamento revolucionario.

#### IV

Co pronunciamento das cidades de Pontevedra e Vigo veu tomar poderoso incremento e prestixio o exército sublevado, chegando a dispor dun considerable núcleo de combatentes que impulsaba o goberno central a pór en pé de guerra para batelos, outro de maior importancia, atendendo a que aquel loitaba no seu propio solo, con pleno coñecemento do terreo que pisaba e protexido polo mesmo país, mentres que o último tropezaría con todas estas dificultades, tan embarazosas, para producir constantes fracasos e ocasionar moitas vítimas.

Así se recoñecía nas altas mansións da Corte,<sup>154</sup> non pasando inadvertidas para o goberno as desvantaxes que se lle ofrecían e as consecuencias que lle carretarían nas demais rexións da península, nas cales se apuntaba a idea de imitar a actitude do pobo galego.

A Xunta de Santiago desexaba dunha ou doutra forma pór en práctica o plan de operacións concibido por D. Miguel Solís, en Caldas de Reis, que era o de emprender inmediatamente a ofensiva, sentando, como base estratéxica, conseguir a posesión das poboacións de maior transcendencia militar, para estimular a insurrección nas mesmas, cortando así a retirada das tropas inimigas e cargando contra estas e cazmente. Con este sistema de hostilidade, provocaríase seguramente ao goberno unha angustiada situación.

---

153 *Doc. que posuímos.*

154 PÉREZ GALDÓS: *Bodas Reales*, páxs. 242, 243 e 244.

No teatro da guerra non guraban daquela como inimigos máis que as dúas columnas de Puig Samper e Zendrera. Fácil sería para os pronunciados castigar a segunda saíndolle ao encontro desde Caldas de Reis, e rendéndoa por virtude do seu estado penoso.

De non acadar estes propósitos, evitar entón que se repregase a Ourense, a fin de deixar esta capital sen outros reforzos que os únicos de que dispuña o coronel Cachafeiro, incapacitado desde logo para defendela.

Mais, segundo se observou, Zendrera, militar perspicaz, anticipouse a burlar as intencións do inimigo, regresando rapidamente a Ourense e quedando, polo tanto, suspendido o plan de Solís. Se este, ao proxectalo, o aplicara *ipso facto*, probablemente Zendrera non as contaría seguras, e os feitos públicos de Galicia tomarían outro rumbo, destruindo, polo momento, as operacións do xeneral Concha, que xa comezaba desde Castela a pór en práctica a súa acción de inimigo temible, batendo e derrotando en Astorga o xeneral don Martín José de Iriarte.

Concretoouse, daquela, Solís, a dedicar os seus afáns no seu inmediato inimigo Puig Samper, ao que tamén, pola súa lamentable situación, xulgaba susceptible rendelo con escasos esforzos, abandonando o pensamento en ocuparse por agora de Zendrera.

Erro manifesto, que veu logo provocar lamentables consecuencias!

Ao seguinte día de regresar a Santiago, parte en busca do seu adversario, avanzando pola beira esquerda do Tambre, e chegando a Sigüeiro ás doce e media.

Ao coñecer Puig Samper, polas súas avanzadas, a aproximación do seu adversario, dispón que o primeiro batallón de Zamora se sitúe á marxe dereita do río. Ocupa as principais avenidas; toma posesión da fábrica de curtidos de Santaló, e destaca en guerrillas as compañías de cazadores nos puntos principais máis. As dúas pezas de artillaría, co obús, colocounas en batería detrás da ponte, desde onde non só podía defendelo, senón ao mesmo tempo facer certos disparos sobre as masas inimigas que ocupaban as alturas. Parte do terceiro batallón de Zamora, en disposición de avanzar en guerrillas como o primeiro; e o

resto permaneceu na praza da vila (situada á esquerda do mesmo),<sup>155</sup> formando en columna, para rexeitar o inimigo, se, con ado este na súa superioridade, pretendía aventurarse nun ataque formal. A garda civil de cabalería e infantería e unha compañía do 3.º de Zamora ocupaban os últimos puntos de retagarda, en previsión de se algunha forza contraria quixese atravesar algunha das diferentes pontes que ten o Tambre, para acometer a Puig Samper polas costas.

Nesta disposición, e ao vir acelerando o seu avance as guerrillas de Solís, rompen o fogo simultaneamente os da á esquerda de Samper e as forzas que o mesmo tiña apostadas nas xanelas da fábrica de Santaló, xeneralizándose instantaneamente aquel por toda a liña. Ambas alas das guerrillas revolucionarias amagan un ataque á vila, mais son rexeitadas polo inimigo, distinguíndose especialmente na defensa a 6.ª compañía do primeiro batallón, mandada polo capitán don Laureano Zabarte, que sufriu tres ataques sen perder un palmo de terreo.

A sorpresa que experimentaron os revolucionarios ao verse recibidos deste xeito impéleos a contestar cun nutrido fogo, sobre todo a compañía de granadeiros do Provincial de Zamora que, custase o que custase, se esforzaba en tomar o edificio de Santaló. Ao achegarse á porta deste o sargento primeiro, morde o po mortalmente ferido por unha bala de canón.

Os precisos disparos da artillaría evitaron a toma do edificio polos pronunciados, os que pola súa banda buscan o desquite, inutilizando a cada momento os soldados que gornecían a ponte.<sup>156</sup>

Durou o fogo ata as catro e media da tarde, asombrándose Solís da resistencia dos dous batallóns do rexemento de Zamora, os cales cría desfalecidos e en mala disposición de defenderse.

Apesarado polo sangue vertido inutilmente, determinou ás cinco que cesasen as hostilidades, despois dunha acción de catro horas con perdas de consideración por ambas partes.

---

155 Onde está a capela de Santa Catalina.

156 Ás tres da tarde participaba Puig Samper ao Capitán xeneral que facía dúas horas que sostíña o fogo, e reclamáballe con toda urxencia municións para a infantería e artillaría, e algúns reforzos. – Doc. que obra no noso poder.

Solís ideara vadear o río durante a noite e acampar á vista para proseguir as operacións ao seguinte día; mais la copiosa chuvia que caía e o frío intensísimo que se deixaba sentir fíxolle variar de plan, retrocedendo a Santiago.

Non se refuxiou nesta poboación «harto mal trecho», como observa un historiador,<sup>157</sup> pretendendo des gurar un feito moi natural e ata táctico, senón que desta retirada se derivaba aquel lema que levaba perpetuo na súa alma nobre, como era o «evitar todo derramamiento de sangre», se haberían de triunfar por outros medios máis humanos os principios que defendía, contando, como contara sempre, como primeiro factor, coa anexión dos propios compañeiros de armas do campo inimigo, que acababa de combater.

Non vimos, daquela, que fose rexeitado por Puig Samper, e compróbao máis, ao considerar que este xeneral, ante a posibilidade de que o seu contrario viñese novamente a acometelo, tivo singular coidado, ao suspenderse a acción, de mandar á forza da garda civil de cabalería que destruíse a ponte de Carollo, pouco distante de Sigüeiro, e punto por onde auguraba a invasión dos revolucionarios.

## V

Ao dar conta Puig Samper a Villalonga do resultado da acción, dicíalle:

«Este ataque que sin duda creyeron los rebeldes fácil empresa por traer triples fuerzas, les ha costado muy caro, pues han perdido mucha gente entre muertos y heridos según los de esta clase que tengo en mi poder, entre ellos un sargento del Provincial de Zamora. La pérdida por nuestra parte ha sido bien costosa, si se atiende á la duración y á lo nutrido del fuego desde posiciones que dominaban y en laban todas las que nosotros ocupábamos. Empero, siempre son de lamentar *dos muertos, diez heridos y diez contusos*, entre ellos el primer comandante del tercer batallón del regimiento infantería de Zamora D. Nicolás García que fué herido en el brazo derecho aunque me persuado que no de gravedad. Dificil es detallar á V. E. la bizarría y decisión de estos leales: baste decir

---

157 LAFUENTE: *Historia general de España*, tom. cit., páx. 29.



que todos á porfía rivalizaron en ardor, y yo *puedo asegurar á V. E. que si el número de tropa con que cuento me hubiese permitido tomar la iniciativa en el ataque, hoy hubiera terminado la insurrección*». <sup>158</sup>

Polas últimas frases da precedente comunicación, dedúcese que Puig Samper non se cría seguro en Sigüeiro, supoñendo que os pronunciados volverían tomar a ofensiva e, decidíndose a salvar a súa columna, <sup>159</sup> emprendeu a retirada cara á Coruña ás once da noite do 13, coa intención de deixar o mando, en canto os seus soldados quedasen resgardados dentro dos muros da praza.

E, con efecto, ao chegar o xeneral á vila de Ordes, enviou unha comunicación a Villalonga, declinando o mando da forza, sendo os seus propósitos «poder descansar una temporada y retirarse á Betanzos, pues así lo exigía su quebrantada salud». <sup>160</sup>

Ao chegar a poder de Villalonga a devandita comunicación, así como a que horas antes lle dirixira informándoo da acción de Sigüeiro, apresurouse a felicitalo, o mesmo que á forza, polos excelentes servizos que acababan de prestar, recomendándolle que así llo xese saber a esta na orde xeral.

Disuadía o da idea de repregar a columna na Coruña, por ter que protexer a marcha do batallón Provincial de Málaga que desde Lugo se dirixía a aquela praza; e «además, porque sería de muy mal efecto en las presentes circunstancias la entrada de la columna en la capital, que se conceptuaría de público que venía batida, con tanto más fundamento, cuanto que se verían entrar los heridos en la población». «Así pues,» –continuaba– «entiendo que la columna debe ocupar una posición desde la cual le sea fácil dirigirse sobre la carretera de Betanzos al mismo tiempo que garantice que su movimiento ha sido estratégico y no por verse obligada á abandonar el terreno como batido por el enemigo». <sup>161</sup>

Aconselláballe que podía elixir a situación que mellor o acomodase, proporcionándose unha posición militar máis desafogada sen necesi-

---

158 *Doc. que posuímos.*

159 FULGOSIO. Ob. cit., páx. 101 e *Doc. que posuímos.*

160 *Doc. que posuímos.*

161 *Doc. que posuímos.*

dade de vir sobre a praza, ofrecéndolle que «le facilitaría todo lo que él precisase hasta la incorporación del batallón de Málaga que habría de realizarse en todo el siguiente día».

Dicíalle tamén que lle enviaba víveres e municións por conduto dunha galera, así como un furgón de artillaría para conducir os feridos, preguntándolle ao propio tempo se recibira as dúas comunicacións que lle expedira a noite anterior; unha delas, relativa a entregar o mando da columna ao brigadier Mac-Crohon, e a outra aceptándolle a dimisión para que restablecese a súa saúde. Concluía Villalonga o seu extenso escrito nesta forma: «Hoy á la tardecita, el señor Gobernador de esta plaza, ha tenido que disolver grandes grupos de personas que según voz pública decían iban á recibir á la columna que se aseguraba había sido batida por el enemigo; por estas razones conviene desimpresionar esta idea, haciendo ver con la permanencia de la columna fuera de la plaza, *que son embustes todo lo que se ha dicho*». <sup>162</sup>

Do Porto e Pirala a rman que o xeneral Villalonga non só non se conformou coa disposición de Puig Samper a respecto de concentrar na Coruña as súas tropas, senón que ditou unha orde prohibindo a entrada delas na cidade, mandando erguer as pontes e disparar os canóns da praza se pretendían entrar nesta sen aniquilar os rebeldes. <sup>163</sup>

Ningún dos documentos o ciais e particulares que examinamos nos informa da veracidade desa resolución de Villalonga, mais como o asegura o primeiro dos devanditos cronistas a quen foron copiando a maioría de todos os escritores que se ocuparon nestes acontecementos, sen que por ninguén fose contradito, nós non faremos máis que consignar esa a rmación pola verdade que nela puidese existir.

O Capitán xeneral pasou outra comunicación ao brigadier Mac-Crohon na noite do 13, encomendándolle o mando da forza en vista da renuncia de Puig Samper, indicándolle ao mesmo tempo que agardase o batallón Provincial de Mondoñedo e dúas compañías do de Guadaluaxara que se lle reunirían co brigadier Zendrera.

---

162 *Doc. que posuímos.*

163 Obs. cits., páx. 93 e páx. 446, respectivamente.

Noutro o cio de igual data recomendáballe que non evolucionase sobre Betanzos por correr o risco de atoparse co inimigo: «que con vendría esperase la incorporación del batallón de Málaga *que estaba tomando la plaza de Lugo* y que para entonces le daría nuevas instrucciones acerca de lo que debía hacer». <sup>164</sup>

Indubidablemente, Villalonga padecía unha obsesión manifesta ao ditar medidas tan encontradas, atopándose totalmente desorientado non xa soamente dos movementos e situación do inimigo, senón daqueles dos seus mesmos parciais, pois xa vimos como Zendrera se internou comodamente en Ourense e, en canto ao batallón de Málaga, máis adiante informamos de que *non tomou a praza de Lugo*, e si que por pouco sofre unha lamentable desfeita polos revolucionarios de aquela cidade.

En distintas ocasións contestou Mac-Crohon con aquela sinceridade de militar digno, facendo protestas de lealdade ás institucións, aceptando o mando da columna, «apesar de que su salud hallábase también quebrantada».

Nun deses o cios datado o 14 en Carral, díciálle que tivera que deixar a posición de Sigüeiro por non serlle posible sostela ante o temor de verse á fronte dun inimigo que cos seus cinco batallóns ameazaba envolvelo se chegaba a superar as pontes inmediatas da beira dereita do Tambre.

«En consideración á ésto» –obxectaba– «y á que el brigadier Zendrera no solo no se había reunido á esta columna, sino que se ignoraba su paradero, seguí en un todo las disposiciones del Excmo. Sr. Teniente general D. Francisco Puig Samper, y con el mayor orden y sin ser incomodado, dejé dicho punto de Sigüeiro á las once de la noche en dirección á Betanzos según V. E. anteriormente me había significado, y que sin duda alguna es posición de sumo interés para emprender sucesivas operaciones que V. E. se digne dictar».

Continuaba manifestándolle que non tomou o camiño de aquela cidade polas Travesas por estar impracticable para a tropa, véndose no caso de alongar a marcha polo do Portazgo.

---

164 *Doc. que posuímos.*

Desde este punto, volveu o ciar a Villalonga á unha e cuarto da tarde, explicándolle que acababa de chegar alí, facendo alto por atoparse extremadamente cansos e estragados a maioría dos soldados, a consecuencia da marcha precipitada que trouxeran desde as once da noite do día anterior, véndose imposibilitado de avanzar a Betanzos, aloxando dúas compañías en Alvedro e seis en Vilaboa do primeiro batallón, e o terceiro e a Artillaría, no Portazgo.

Aprobou Villalonga as disposicións de Mac-Crohon, volvendo recomendarlle que ao dirixirse a Betanzos procurase reunirse co batallón de Málaga.



## CAPÍTULO VII

Constitución da Xunta Suprema de Galicia.– Acordos e xestións da mesma.– Solís e Rubín son nomeados por esta mariscals de campo do Exército liberador galego.– Formación de dúas divisións expedicionarias.– Operacións que efectuaron.

### I

A revolución galega chegara ao período culminante de desenvolvemento, véndose ondear, en case toda a rexión, a bandeira enarborada en Lugo o día 2 de abril. O Goberno de Madrid só dispuña dunha adhesión superficial nas cidades da Coruña, Ourense e Ferrol.

Vilas da costa tan significadas como Muros, Noia, Pobra do Caramiñal, Ortigueira<sup>165</sup>, Ribeira, Rianxo, Vilagarcía, Cangas, Baiona e ou-

---

165 Nun interesante artigo do noso amigo Julio Dávila Díaz publicado no ilustrado *Almanaque Gallego para 1902*, que edita en Buenos Aires o entusiasta conterráneo e tamén excelente amigo noso Manuel Castro López, relátanos unha anécdota dos revolucionarios ortigueireses, mandados por don Manuel Poyan, a quen secundaban D. Ramón Díaz, D. Fernando Pita, D. Valentín Camba, D. Jacobo Alvarez, D. Ramón Almoína, D. Vicente Rivadeneira, D. Francisco Pita, D. Ricardo Cao, D. José Villaamil, D. Vicente Nieto e don Vicente Cuevas, pertencentes todos ás principais familias de aquela localidade. Porén, dos bos desexos destes patriotas para unirse ao exército revolucionario emprendendo unha penosa odisea desde Ortigueira a Santiago, non conseguiron logralo porque, ao achegarse a esta poboación, caeron en poder das forzas do goberno, tendo que fuxir a Portugal Poyán, Rivadeneira e Camba, e ao querer pretender os demais regresar a Ortigueira, foron presos e encarcerados na Coruña e suxeitos a unha sumaria militar, ata que, promulgado o decreto de amnistía, lles permitiu volver libres ao seo das súas respectivas familias.

tras do interior, como Padrón, Caldas de Reis, Redondela, A Guarda e a cidade de Tui, proclamaran o credo revolucionario e constituíran as súas respectivas Xuntas de goberno que independentemente ditaban as súas providencias con excesivo celo e patriotismo para o mellor desenvolvemento e prosperidade da causa, por non ser esta, soamente, como argumenta Fernandez de los Ríos, unha sublevación militar: «*se enganaría quien tal creyese: era un movimiento revolucionario formidable en sus elementos, justificado en sus motivos COMO NINGÚN OTRO; santo en sus fines: necesario para salvar la honra del país y las conquistas liberales ganadas á costa de martirios sin cuento*».<sup>166</sup>

Esas Xuntas adoptaban as súas resolucións que, ás veces, lonxe de aprovisionar as conveniencias desexadas, suscitaban casos de anarquía por falta esencial de cohesión para dar unidade ao pensamento.

A evitar estas controversias e marchar coa uniformidade que as circunstancias requirían formalizando un estado de bo goberno, determinouse fundar un Centro directivo, sobre cuxo eixo deberían xirar todas as Xuntas constituídas, sendo ese Centro ou Poder acatado e recoñecido por todos, e o cal se encargaría de vencer os obstáculos que se opuxesen ao mellor éxito da revolución.

Para constituír ese poder gobernativo, convocouse ás principais Xuntas de Galicia para o día 15 na cidade de Santiago, xándose esta poboación como sitio máis céntrico e a propósito para o obxecto que se perseguía.

E, con efecto, asistiron á convocatoria os presidentes das de Pontevedra, Vigo e Santiago, Sres. D. José María Santos, D. Ramón Buch e D. Pío Rodríguez Terrazo e, como representantes do exército, D. Miguel Solís e D. Leoncio Rubín de Celis, que chegara o día anterior a Compostela, á fronte do batallón Provincial de Oviedo e dúas pezas de artillaría rodada.

Non concorreu ao chamamento ningún dos membros da Xunta lucense, atribuíndose esta omisión a un asunto de etiqueta mal interpretado, mais que ata certo punto non carecía de fundamento.

---

166 Ob. cit., páx. 151, tomo II.

Alegaba a devandita Xunta que se cometera con ela un acto de desconsideración por non convidala oportunamente para a reunión citada e, aínda que se consideraba acreedora a que se contase en primeiro termo co seu voto para a organización da Xunta central, polos recoñecidísimos servizos e títulos que a aboaban, a preterición sería desculpable, atendendo á di cultade das comunicacións entre Santiago e Lugo.

Porén, a Xunta lucense pasou á de Compostela unha sentida nota na que, aínda deixando entrever os resentimentos do esquecemento, facía votos polo triunfo da causa revolucionaria, prestando a súa incondicional adhesión a todos os acordos que do novo organismo emanasen, sempre que este chegase a constituírse.<sup>167</sup>

---

167 «Junta de Gobierno de la provincia de Lugo. –Excmo. Sr: Esta Junta respondiendo hoy á la patriótica excitación que V. E. se sirve dirigirle con fecha 19 del corriente, cree muy oportuno reproducir aquí todo lo que ha dicho á V. E. el día 17 contestando á su atenta comunicación del 15 relativa á la necesidad de instalar provisional é inmediatamente una Junta central de las cuatro provincias de Galicia. Expresóse en estos términos: «Esta Junta se ha enterado de la comunicación de V. E. fecha 15 en la que se sirve manifestarle la necesidad de que se instale inmediatamente una Junta Superior de Gobierno compuesta de los presidentes de las cuatro provincias de Galicia. La Junta reconoce como necesidad indispensable que este pensamiento se realice; pero tiene al propio tiempo el sentimiento de no poder acceder á que su presidente concurra á formar parte de ella tan pronto como V. E. desea. La posición que ocupa esta plaza, los amagos sufridos y los que es fácil quieran intentar las tropas no pronunciadas de Galicia y las que bajen de Castilla, exigen que esta Junta no se desmembre y mucho menos con la ausencia de su presidente. Si tal medida se adoptase en momentos como los presentes, indudablemente ocurrirían disgustos que la Junta está en el deber de evitar. La seguridad de la población, la tranquilidad y con anza de los ánimos de sus leales habitantes no permiten por ahora é Ínterin éstos no estén á cubierto de las embestidas del enemigo, satisfacer los justos deseos de V. E., deseos que de paso sea dicho, no tardarán en cumplirse. Ya conocerá V. E. por el precedente contesto, que esta Junta lejos de oponerse á una idea tan patriótica, se ha conformado con ella desde un principio ya por convencimiento ya por abnegación; pues por más que en el modo de realizarla *se hubiesen olvidado las prácticas y formalidades que en otras ocasiones se observaron y aunque se considerase con algún título de preferencia, no obstante, debe prescindir de todo respetando hechos consumados.* Si otra cosa hiciera, sería criminal, y ninguno de los individuos de esta Junta, *intentará nunca ni provocar escándalos ni oponer el menor obstáculo A LA CONSECUCIÓN DEL GRANDIOSO OBJETO QUE LOS GALLEGOS SE PROPUSIERON.* Sin embargo, todavía existen las mismas causas que hasta ahora impidieron al presidente de la Junta el presentarse en esa ciudad tan pronto como quisiera. El gran prestigio que goza entre sus conciuda-



A ausencia deste representante non foi óbice para a organización da Xunta superior e, reunidos os delegados, resolveron que a devandita Corporación xase o seu domicilio en Santiago, en consideración ás súas condicións topográficas e por presentar maiores alicientes que calquera outra cidade galega para a dirección do réxime administrativo e eficacia de calquera sistema de operacións militares que se tentase emprender.

Adxudicóuselle o título de *Xunta Superior de Goberno de Galicia* con carácter provisional ata tanto non desaparecesen os obstáculos que daquela se opunhan para formar definitivamente a Central «único goberno que había de conservarse al frente del pueblo gallego, mientras no se consolidasen los principios proclamados en Lugo». Con estas palabras foi redactada a acta da fundación do referido organismo, sendo elas tradución do programa político dos revolucionarios galegos, e a xénese que sintetizaba todos os seus afáns.

## II

Constituída a Xunta superior que os momentos apremantes esixían, augurando un franco rumbo nos asuntos públicos, así como unha evolución máis enérxica e activa nas operacións militares, veu ela espertar,

---

danos, los que al verlo ausentarse, formarían un juicio equivocado desalentándose tal vez; y por otra parte siendo como son críticas las circunstancias en que se halla esta plaza cuya guarnición es demasiado corta habiendo que suplir la falta de la que se necesita con otros recursos, obligan á esta Junta bien á pesar suyo, á decir á V. E. que mientras esta provincia y especialmente esta ciudad no esté completamente asegurada de los ataques del enemigo no es posible que el presidente ni ningún otro individuo pase á ocupar en la Central el puesto que se le tiene reservado. No duda la junta que V. E. se convencerá de que en ella no hay otras miras que las de asegurar el triunfo de la causa proclamada el 2 del corriente. -Patria y Libertad. Lugo 21 de Abril de 1846. -El Presidente, MANUEL BECERRA Y LLAMAS; El Vocal secretario DOMINGO A. Pozzi. - Excma. Junta de Gobierno de Santiago».

Ao transcribir Do PORTO na súa *Reseña*, páx. 95, a precedente comunicación fai algunhas consideracións atinentes ás suspicacias da Xunta de Lugo exculpando á de Santiago, fundándose en que a falta oportuna do convite para constituír a Superior obedeceu á longa distancia entre ambas cidades, tardándose catro días en conducir o aviso, e este tempo era apremante para que deixase, desde logo de instalarse, aquel organismo.

máis patente, o entusiasmo entre os adeptos á revolución, notándose nos primeiros acordos dese novo goberno galego os preliminares que deberían servir de base para levar o éxito dos ideais por todos os ámbitos do solo español.

E, como era lóxico presumir, a devandita Corporación deuse a coñecer nun admirable manifesto dirixido aos galegos, no cal, erguendo o estandarte de Lugo, se grabava nel o verbo da revolución de 1846: «*Isabel II libre y constitucional. Abajo el sistema tributario. Libertad, independencia nacional. Cortes constituyentes*».

Este notable documento, digno de gurar, –como expresa un escritor da época– en primeiro termo nos anais da nosa historia contemporánea, foi inspirado pola pluma de aquel sociólogo e brillante escritor Antolín Faraldo, un dos máis signi cados paladíns da Revolución.<sup>168</sup>

Polas condicións de talento do novo Faraldo, as súas doutrinas marcadamente liberais, as súas ideas robustecidas do patriotismo máis puro que desenvolvera un ano antes como director do xornal *El Porvenir* de Santiago, –cuxo facsímile reproducimos–<sup>169</sup> granxeáranlle universais simpatías, levándoo a ocupar o prestixioso cargo de Secretario da Xunta suprema galega.

---

168 Era natural de Betanzos.

169 Nas columnas de *El Porvenir*; colaboraban o ilustre Ramón de la Sagra, Neira de Mosquera, Romero Ortiz, Añón, José M.<sup>a</sup> Posada, José María Montes, Víctor Balaguer e outros. Levaba o subtítulo de *Revista de la juventud gallega*. Nas súas columnas e baixo as aparencias literarias sustentábanse os principios máis avanzados que podía sustentar calquera diario político de Europa, e que eran recollidos con avidez pola xuventude das cátedras e dos obradoiros. «Esa juventud», di Do PORTO na súa *Reseña*, «formaba al poco tiempo el inmenso PÚBLICO con que ha contado la revolución de Galicia. La parte que este periódico de provincia pudo haber tenido en aquel acontecimiento, díganlo por nosotros las siguientes frases recogidas al acaso de una hoja volante dirigida al pueblo por la redacción: “El brigadier D. José Martínez ha suprimido la publicación de la *Revista de la juventud gallega* Nuestro silencio ha de ser transitorio, breve y momentáneo *Tenemos la seguridad* de que el virtuoso partido progresista va á recobrar muy pronto el Poder, y entonces nos presentaremos organizados, ricos de ciencia y resueltos á pelear hasta ver los colores de nuestra bandera sobre las ruinas de todo lo que debe destruirse”. Esto se escribía á mediados de Septiembre: seis meses después se publicaba en la misma ciudad, en igual imprenta y por los mismos redactores, *La Revolución*, periódico oficial de la Junta Superior de Galicia».

O manifesto de que se trata, segundo o lector verá máis adiante,<sup>170</sup> era eminentemente humano: nel excitábanse os sentimentos apaixonados da multitude prescindindo de toda vehemencia patrioteira: espertábase o poderoso espírito de *provincialismo*, ou sexa, o noso *rexionalismo* actual, tan censurado por algúns que descoñecen ou non queren recoñecer os seus saudables beneficios; mais, en cambio, tan eloxiado polas súas bondades por outros que, como o insigne Pi y Margall, testemuñaron que o rexionalismo levaba ao federalismo a vantaxe de ter o acerto de atopar unha palabra que por si soa contiña un sistema político social.<sup>171</sup>

Aínda que é certo que, pola nova división política de Galicia que poucos anos antes, de sete provincias que tiña, reducírona a catro, como actualmente está; non obstante, por antonomasia, seguía daquela chamándose PROVINCIA á rexión enteira, e de aquí que se empregase a voz *provincialismo* para determinar unha peculiaridade ou aspiración rexional.

Mais, como alega Salvador Golpe na súa obra *Patria y Región*, ao nacer a voz *rexionalismo* parece que se uníron as ansias de todos os diferentes particularismos, e «fué aceptada como la palabra por excelencia, como el legítimo verbo de la doctrina; fué el cuño que puso el sello á los anhelos de la libertad de las regiones; fué el *at* de un sistema»....

Esa voz axiña se apoderou do xornal, brillou nos certames literarios, propagouse no libro, resoou no púlpito e na cátedra e atopou eco no Parlamento, sendo defendida nos Ateneos e nas Academias... Canta é a eficacia dunha palabra que encarna unha doutrina!...

Europa non vive toda ela baixo o réxime centralista: descartemos Francia, Italia, Rusia e España, que son as que experimentan os sensibles efectos do centralismo, e vémonos, en cambio, naquelas nacións europeas máis cultas e máis poderosas como Alemaña, Austria-Hungría, Suíza e aínda a mesma Inglaterra.

---

170 Véxase o facsímile de *La Revolución* que reproducimos no Capítulo X.

171 Manifestación feita por este home público na súa visita a Santiago de Compostela no mes de outubro de 1892, ante o que foi distinguido catedrático da Universidade, D. Alfredo Brañas Menéndez.

No Reino Unido non hai máis ca unha Cámara popular; mais, –como atinadamente argumenta o Dr. Robert<sup>172</sup> que diferenza entre esta que se penetra das condicións intrínsecas de todos os pequenos Estados que constitúen a nación inglesa e as nosas Cámaras españolas co seu réxime uniformista!

Aquela Cámara non legisla uniformemente ditando idénticas leis para todos os condados e para todas as distintas rexións que compoñen o imperio británico, senón que legisla adaptándose ás condicións de Irlanda, Escocia e de todas as demais que forman a nación citada, non precisando ter unha multiplicidade de Cámaras, porque aquela Cámara única está admirablemente imposta da obriga de adaptar as leis ás condicións das diferentes nacionalidades inglesas, recoñecendo a autonomía municipal, autonomía nos condados e autonomía nas Universidades, sen necesidade, por esta especial circunstancia, de que Irlanda e Escocia teñan Cámaras e, si as sosteñan, pola absoluta autonomía de que gozan, Canadá, o Cabo de Boa Esperanza e outras colonias que conteñen gobernos perfectamente establecidos como agora a ex-república del Transvaal.

Vemos tamén que o Imperio xermánico non é máis que unha vastísima Confederación de 26 Estados, entre os cales guran catro reinos ligados ao Centro unificador da Casa de Prusia co seu emperador Guillermo. E hai que reparar en que aludimos a unha nación inmensamente poderosa.

O propio sucede en Austria-Hungría e en Suíza, e a maior abastanza explicaremos que o mesmo ducado de Luxemburgo ten un réxime por todos conceptos autónomo, co aditamento de que tanto en todas as referidas rexións como en Austria-Hungría e en Bélxica se respectan todos os seus idiomas, recoñecéndolles carácter de oficialidade que en España se nega aos de Cataluña, as Vascongadas e Galicia.<sup>173</sup>

---

172 *Discursos pronunciados en el Parlamento español en la legislatura de 1901*, pág. 78.–Barcelona, 1902. Un folleto de 96 páxinas.

173 Non é soamente nos Centros gobernamentais onde se queren proscribir as linguas rexionais españolas, senón que o máis lamentable é que na mesma Galicia se chegara ao extremo de abondar nesta absurda idea exposta nun mitin republicano celebrado na Coruña no último mes de novembro; e iso que os que avogaron por esa proscripción, non só baixo o aspecto oficial senón ata no particular, son galegos e que, polo tanto, representan un novo partido republicano que se denomina *autónomo* de Galicia ou da Coruña.

E precisamente os Estados máis prósperos e onde o patriotismo non é unha cuestión son os constituídos baixo o réxime federativo!

O manifesto dos revolucionarios galegos encamiñaba a un só obxecto todos os talentos e todos os esforzos dos galegos de Galicia para que esta rexión chegase a reconquistar as inxerencias particularistas que lle correspondían, «colocándola en el alto lugar á que estaba chamado el antiguo reino de los suevos». «El pueblo conquistará en esta revolución lo que le han arrebatado los cómicos de los pronunciamientos: ¡pan y derechos! ¡Que la espada de Galicia haga inclinar una sola vez la balanza en que pesan los destinos de España!....».

Da análise deste documento que aparece inserido no xornal *La Revolución*, e doutros que vimos publicando, poderá apreciar o lector que o movemento galego do ano 1846 non se suxeitou estritamente a defender os principios liberais,<sup>174</sup> senón que os homes postos á fronte do mesmo aspiraban a conseguir para a rexión aqueles antigos privilexios, liberdades e particularismos que o absorbente poder centralizador lle cortara en mala hora, decretando unha unicación arbitraria e caprichosa, paralizano a vida interna das rexións e matándolles o seu verdadeiro espírito de progreso, con manifesta lesión do desenvolvemento e progreso do Estado mesmo.

De aquí que en toda canta época de renovación social se presentou xorden homes e doutrinas, como creados uns e inspirados os outros por xenios excepcionais, sen que haxa Sibila, como argumenta o noso citado amigo Golpe, que os anuncie nin previsión que os deteña; que a Providencia, suprema lei histórica que rexe os seres, está por riba da previsión dos sabios e dos filósofos.

### III

Recoñecendo a Xunta Suprema de Santiago os importantes servizos prestados por D. Miguel Solís y Cuetos, e comprendendo o seu desprendemento, patriotismo e decisión sen precedentes, por canto fora o primeiro

---

174 «En el Programa los Pronunciados daban vivas á nuestra Reyna Doña Isabel II.<sup>a</sup>; pero personas de alta inxerencia, por motivos fundados aseguran que proyectaban REPÚBLICA y CONVENCION COMO LA FRANCESA». – FR. MANUEL MARÍA DE SANLÚCAR DE BARRAMEDA, *Bispo de Cidonia e auxiliar de Compostela*, autor de *Recuerdos Saludables á la España Católica sobre su Apóstol Tutelar Padre y Patrón Santiago el Mayor*.-Santiago, 1846; páx. 167.

soldado que desenvaiñara a súa espada en aras das liberdades galegas, acordou en sesión do día 7 de abril conferirlle o emprego de mariscal de campo, e o ascenso inmediato aos seus compañeiros de armas; mais un e outros negáronse decididamente a aceptar ningunha clase de honras.<sup>175</sup>

«Nada pudo obligar á Solís, á admitir esta gerarquía que seguramente no estaba en consonancia con su carácter desprendido y generoso, ya que para algunos, podría ser motivo de juicios temerarios é incisivas recriminaciones».<sup>176</sup>

Verse honrado co título de «Libertador de Galicia», chegar a cumio dos seus desexos sen ter que enxugar unha bágoa nin derramar unha pinga de sangue era o único galardón a que aspiraba. A isto reducíanse todos os seus ascensos.

«Cumplir con los mandatos de la conciencia, era un deber no un servicio que se aplaudía con el agradecimiento, y no se satisfacía con la vanidad de un entorchado».<sup>177</sup>

Mais esixencias das circunstancias obrigaron o modesto e bravo Solís –indican Blasco Ibañez<sup>178</sup> e Pirala<sup>179</sup>– a aceptar o nomeamento coa condición expresa de volver quedar co seu emprego de coronel, comandante de Estado Maior, despois de logrado o pronunciamento.

A Xunta aturou as amargas reconvenções que o nobre caudillo lle xera, pola lóxica que nelas concorria, sen deixar ao mesmo tempo de apreciar os seus dereitos a maior consideración militar, en atención a atoparse á fronte de algúns batallóns.

Mais dábase o caso de que no alzamento galego entrara un personaxe máis e de gradación superior á de Solís, que era D. Leoncio Rubín: aquel, no exército da nación, non posuía maior categoría ca a de comandante graduado de coronel e o último, a de brigadier, equivalente na actualida-

---

175 PIRALA, ob. cit., páx. 446.

176 Do PORTO ob. citada, páx. 102.

177 Do PORTO, ob. cit., páx. 102.

178 Ob. cit., páx. 101., tomo III.

179 Ob. cit., páx. 449.

de á de xeneral de brigada. Esta circunstancia levaría a crear dualismos lamentables se non se tentaba evitalos por medios conciliatorios, sen magoar susceptibilidades que puidesen ferir a do novo paladín que, con bos o cios, polo que parece, abrazaba o credo revolucionario.

Conforme os preceptos da ordenanza, correspondíalle a Rubín tomar o mando en xefe do exército galego, mais, de observarse no caso de que se trata, quebrantáranse, como argúe Do Porto, «los dictados de la conveniencia, de la justicia y de la necesidad».

Por íntimo sentido xurídico, pertencíalle a D. Miguel Solís dirixir as tropas que, ao brillar o fulgor da súa espada, responderan ao seu chamamento, mais formularía a súa protesta o brigadier Rubín, se se lle obrigaba a servir ás ordes dun coronel graduado.

Lonxe de afagar ao primeiro o nomeamento que a Xunta superior lle outorgara, desexaba mellor a presentación dun xeneral de categoría, pericia e facultades técnicas que se encargase da dirección do movemento, substituíndoo no peso que implicaban as múltiples e transcendentais obrigas que impuña cargo tan perigoso. Bastáballe a Solís o nome que adquirira o día 2 na capital lucense. Todos os seus anhelos, segundo estamos manifestando, tendían á salvación de aquel alzamento que comezara con tan bos auspicios. «El nombre de Rubín –explica Do Porto– no era el invocado por sus sacerdotes para proteger aquella deidad».<sup>180</sup>

Previendo a Xunta todos estes inconvenientes, e no afán de asegurar os éxitos da revolución, acordou o día 13 ascender a mariscais de campo a ambos xefes.

Con esta medida, ata certo punto acertada, disipáronse as nebulosidades que parecían presentarse por parte de Rubín, aínda que algúns escritores como Valera a condenan.<sup>181</sup> Solís, sen a menor obxección,

---

180 Ob. cit., páx. 103.

181 LAFUENTE: *Historia General de España*, tom. cit., páx. 29.–Este historiador di que «Rubín pidió el mando en jefe del ejército revolucionario, y la Junta cometió la torpeza de dividir el mando entre los dos (Rubín y Solís), lo cual hubiera sido perjudicialísimo para los pronunciados, *aun estando Rubín de buena fe* entre ellos, y no como sostenían algunos en inteligencia con el gobierno. Como quiera que sea, ya por la torpeza ya por la traición, *Rubín solo sirvió* de estorbo al buen éxito del pronunciamiento».

conformouse co acordo por impoñerllo o seu decoro e a necesidade ineludible das circunstancias.

Designada a cidade de Santiago como cuartel xeneral das forzas revolucionarias, sinalouse o día 15 para pasar revista ás mesmas, dándolles a coñecer os dous xenerais ascendidos.

Ás dúas da tarde deuse a orde xeral da praza, e ás cinco verificouse a formación, en orde de parada, no campo de Santa Susana.

Á cabeza da liña colocouse o 2.º batallón do rexemento de Zamora, seguíndoo, por esta orde, os Provinciais de Xixón, Segovia, Zamora e Oviedo. A continuación estaban os Literarios, os gardas civís, carabineiros e milicianos nacionais, rematando toda a extensa liña coas dúas pezas de artillería rodada e os 25 lanceiros de Villaviciosa.

Mandaba a parada D. Leoncio Rubín e, ao desalar as forzas en columna de honor por ante a Xunta Suprema, o xeneral en xefe D. Miguel Solís, co sombreiro debaixo do brazo e ademán airoso, pronuncioulles a seguinte alocución:

«¡Soldados! tres años han pasado por vosotros del más inicuo despotismo; y en estos tres años, un poder bastardo, quiso nivelaros con los genízaros de Constantinopla; quiso aislaros del pueblo de que sois hijos; quiso aún más, pues intentó rasgar las entrañas de la querida patria con vuestras bayonetas, a ladas ahora para defender la nación y sus sagrados derechos... Solo para guiaros á la victoria, he aceptado el nombramiento de mariscal de campo con que se ha dignado honrarme la benemérita Junta de Santiago... Solo para defender el pueblo y las leyes me he puesto á vuestra cabeza... Solo para mandar soldados como vosotros, he jurado á la faz de Europa entera restaurar la nacionalidad de España y la independencia de sus hijos. ¿No es verdad que en vuestros labios no hay más que un solo grito? ¡Sí! el de libertad ó muerte, compañeros!!...».<sup>182</sup>

As repetidas aclamacións non deixaron continuar a patriótica arenga de Solís, confundíndose cos acordos dos marciais himnos que executa-

---

182 Do PORTO, ob. cit., páx. 104.



ban as catro bandas de música dos batallóns provinciais. O entusiasmo, escribe Pirala, foi grande, inmenso.<sup>183</sup>

Seguidamente manobraron as tropas diante de ambos xenerais, e da Xunta Suprema, dividíndose en dúas columnas ao mando cada unha dos seus respectivos segundos xefes, demostrando nos distintos movementos tanto na instrución de guerrilla como na de batallón, unha organización envexable e pericia na táctica.<sup>184</sup>

Rematado o exercicio, retirouse a forza aos cuarteis, dirixíndose Solís e Rubín ao local da Xunta de goberno para tomar, en unión da mesma, as resolucións conducentes respecto ao sistema de operacións que debían abordarse.

#### IV

A revolución estaba ameazada nalgúns puntos dos de máis importancia, como eran a provincia de Ourense, da que estaban en posesións os batallóns de Guadalaxara e Provincial de Mondoñedo, a estrada da Coruña e vila do Portazgo, onde continuaba estacionado o brigadier Mac-Crohon cos batallóns 1.º e 3.º de Zamora, o Provincial de Málaga que deixara Castela e amagaba a praza de Lugo e, por outra parte, a falta de apoio das cidades de Ferrol, A Coruña e Ourense, –que, sen cumprir os seus empeñados compromisos, persistían leais ao goberno central,– gornecendo a segunda das devanditas localidades o 4.º rexemento de artillería de praza e a primeira, as forzas de Mariña e do batallón Provincial da Coruña, creando por estes motivos aos sublevados, aínda que os seus elementos guerreiros fosen superiores, unha complicación natural para acometer unha empresa fácil, tendo en conta a diseminación dos puntos onde se sostiñan os contrarios.

Por outra parte, as autoridades leais víanse á súa vez forzadas a coidar da defensa das vilas non pronunciadas con obxecto de soste a tranqui-

---

183 Ob. cit., páx. 447.

184 Nun o cio dos contados documentos que existen da Xunta Suprema consígnase este dato.

lidade e a orde, evitando a propagación do contaxio revolucionario, que xa tiña sólido asento en Lugo, Santiago, Vigo, Pontevedra e Tui.

Ben tería desexado o «Ejército libertador de Galicia» medir as súas forzas en campo aberto coas do xeneral Villalonga mais, computando este o poder do seu inimigo, tentaba subtraer o encontro, resgardado polos formidables muros da cidade coruñesa e recluído no seu pazo da praza da Constitución, no que celebraba sesión permanente coa Xunta de autoridades, e desde o devandito pazo ditaba ordes ineficaces aos seus subordinados, que se concretaban a agardar, como el, a marcha e duración dos sucesos, e a chegada do novo Mesías que debería sacalo do atranco en que o colocara aquela conxunción de almas patrióticas que defendían con verdadeira fe os principios democráticos.

E ese novo enviado ou *unxido* era o mariscal de campo don José Gutiérrez de la Concha, días antes inimigo irreconciliable do xeneral Narváez e nada indiferente aos propósitos dos revolucionarios galegos,<sup>185</sup> mais que aparecía agora pola fronteira castelá ameazando confundilos á fronte de numerosa hoste.

Era, daquela, de urxente necesidade atallarlle o paso gardando as inexpugnables gargantas galegas para impedirle a súa entrada no territorio.

Para a mellor coroación deste plan, precisábase, ante todo, conseguir con urxencia a sublevación das tres indicadas cidades con todos os seus elementos de guerra, idea iniciada no momento pola Xunta Suprema, e factible de realización, se se debía dar asenso aos avisos condenciais que diariamente se recibían das aludidas localidades.

De consumarse o devandito plan, podería, con seguridades de éxito, dar a batalla a Concha «con doce batallones, deixando á retaguardia un pueblo de dos millones de almas, batiendo llamada para engrosar con tercios de licenciados del ejército, la frontera gallega».<sup>186</sup>

---

185 «La clave de esta sublevación está en la conducta del general D. José de la Concha. Dícese por los sublevados que contaban con el apoyo de éste y que Rubín obraba de acuerdo con él. ¡Son tantos los que lo dicen!». – VICENTE DE LA FUENTE, ob. cit., tomo II, páx. 341.–Lugo, 1881.

186 Do PORTO, ob. cit., páx. 107.

Acariciado o proxecto, dispúxose poñelo en práctica inmediatamente, seccionando as forzas que se atopaban en Santiago, en dúas divisións; unha, para seguir a dirección cara Lugo, considerando a primeira porta de Castela; e a outra, para marchar camiño cara Ourense, segundo punto polo cal poderían ver a súa entrada as tropas de aquel xeneral.

Encargado Rubín de executar esta última manobra, establecería o seu cuartel xeneral en Ourense, cuxa ocupación conceptuaba rme e a primeira división, mandada por Solís, retrocedería desde Lugo á Coruña e Ferrol para auxiliar os seus respectivos habitantes e gornicións, estimulándoos a dissociarse do goberno central.

Xa en Lugo, Solís, de acordo con Rubín, xaría as cidades de Ourense e Lugo como lugares avanzados para observar os movementos de Concha e como eixo para desenvolver toda canta combinación demandasen aqueles críticos momentos.

As dúas fronteiras galegas estarían perfectamente defendidas con xente sobrada para rexeitar o número de inimigos; e pronunciado todo o territorio sen a menor oposición, faríase potente e formidable a revolución galega –que así xa o recoñecían na Corte– non bastando para contela todo o poder do goberno de Madrid.<sup>187</sup>

Antes de realizar a súa marcha, Solís xo un chamamento, por medio dunha proclama, aos licenciados do exército, excitándoos «á empuñar las armas para defender la libertad y el país gallego de las concupiscencias del centralismo», ofrecéndolles catro reais diarios e unha ración de pan por praza.

Non descoidou tampouco visitar os soldados feridos na acción de Si-güeiro que se atopaban no Hospital Real de Santiago,<sup>188</sup> falándolles con aquela dozura e amabilidade con que sabía captarse o entusiasmo

---

187 Do PORTO, ob. cit., páx. 108.--PIRALA, ob. cit., páx. 447. – BLASCO IBAÑEZ, ob. cit., páx. 101. – PÉREZ GALDÓS, ob. cit., páx. 242.

188 Hoxe Gran Hospital. Debemos consignar que o daquela novo médico de Santiago, D. Pedro Francisco Javier Cervino, prestou no devandito establecemento excelentes servizos aos feridos, coa súa pericia e intelixencia.

dos seus subordinados e, ao despedirse deles, entregoulles do seu peto 40 reais a cada un.<sup>189</sup>

Ás dez da mañá do día 16 saíu Solís para A Coruña á fronte da primeira división do *Exército Liberador de Galicia*: formábase do 2.º batallón do rexemento de infantaría de Zamora, os Provinciais de Xixón e Segovia, unha compañía de *Guías da Liberdade*, 120 carabineiros, 20 cabalos do escuadrón de Villaviciosa e dúas pezas de artillería rodada cun o cial deste Corpo e a dotación necesaria para o servizo das mesmas. Como xefe de Estado Maior ía o valente e entendido D. Manuel Buceta.

Á propia hora, partía con dirección a Ourense a segunda división ao mando do xeneral Rubín, compoñéndose dos batallóns Provinciais de Oviedo e Zamora, 90 gardas civís, 50 carabineiros e 8 cabalos de Villaviciosa. O xefe de Estado Maior era o non menos bravo e prestixioso militar D. Sebastián Arias.

Desempeñaron ambos xefes con delidade e discreción a misión sagrada que Galicia lles con ara? Incurreron en defectos que motivaron a acerba censura que os homes e a historia lles dedican? No desenvolvemento dos acontecementos que iremos relatando, poderá apreciarse coa serenidade de xuízo e sen cegueira de apaixonamento a cal dos devanditos personaxes se debe o fracaso de aquela puxante revolución popular «tan xustificada y tan necesaria en sus nes», como sustenta Amador Fernandez de los Ríos no seu marabilloso volume *Luchas políticas*.

---

189 Do PORTO, ob. cit., páx. 109. – PIRALA, ob. cit., páx. 447.



## CAPÍTULO VIII

Don Ramón María Narváez.- O xeneral D. José Gutiérrez de la Concha.- Inaugura este as súas operacións contra os sublevados.- Derrota en Astorga o xeneral revolucionario D. Martín José de Iriarte.- Continúa Concha as súas operacións en Galicia.- Causa instruída ao xeneral Puig Samper.- Movementos da 1.<sup>a</sup> división do «Ejército Libertador de Galicia».- Amaga Solís á Coruña.- Temores do xeneral Villalonga.- Entrada de Solís e a súa división en Betanzos.- Sitio de Ferrol.- Situación desta cidade.

### I

A gura política do xeneral D. Ramón María Narváez, que pola época en que comezaron os sucesos que vimos narrando gobernaba os destinos de España en nome de Isabel II, acababa de caer do seu autocrático solio, desterrándose ao estranxeiro co pretexto de envialo de embaixador extraordinario á Corte de Nápoles.

En harmonía co seu soberbio carácter e «con aquel ten con ten de su ereza y gracias andaluzas»,<sup>190</sup> Narváez renunciou graciosamente ao devandito destino e, no momento de partir para o desterro, o 6 de abril de 1846, mandou dicir ao monarca, por conduto do brigadier Armero:

«-Agradezco la distinción con que S. M. me honra; pero me es completamente imposible complacerla en esta ocasión.

Y poniendo, el pie en el estribo de su carruaje, se acercó á la oreja de Armero y añadió:

---

190 PÉREZ GALDÓS: *Narváez*, páx. 121.-Madrid, 1902.

–Yo no digo las cosas más que una sola vez. Ya sabe el Sr. Isturiz lo que hablé; y extraño que conociéndome, dé martillazos en hierro frío. Dele V- *memorias*. Adiós». <sup>191</sup>

Días antes da súa caída atopábase Narváez no apoxeo do seu poderío, co favor de Palacio, co apoio das Cortes, coa adhesión do exército, con forza puxante para tomar por si a providencia de desterrar escritores públicos e con excesiva ousadía e imperio para empregar en nome da raíña unha linguaxe destemperada contra un tío e un curmán da augusta soberana.

A pesar de aqueles desplantes seus, tan comúns, de proclamar en alta voz que «España y la libertad eran él», xulgamos que, daquela, os motivos inmediatos que provocaron a súa inutilización no Poder obedeceron, segundo sentaba Balmes, á carencia de ideas políticas. <sup>192</sup>

Fora máis militar ca político, e desta diverxencia de profesións derivábanse os seus grandes erros, coa agravante do seu carácter concupiscente e dominante para quen non estivese incondicionalmente á súa beira.

A mercé dos seus erros, dicíanos o ilustre filósofo, <sup>193</sup> chegara a estar só, enteiramente só no campo da política e, en situación semellante, non acadamos que ningún home sexa capaz de gobernar.

Espartero, nos seus momentos postremos como gobernante, e a pesar da súa dubidosa popularidade, contaba co concurso dunha porción considerable do partido progresista; á súa beira tiña homes notables, e na súa defensa loitaban a Milicia Nacional de Madrid e Zaragoza; mais Narváez non dispuña de ninguén, «no tenía en su favor las simpatías de nadie: era obedecido porque mandaba en nombre de la Reina: contaba con el ejército porque era ministro de la Reina; tan pronto como perdió la gracia de la Corte, se halló constituido en un simple particular, enteramente solo».

---

191 ILDEFONSO ANTONIO BERMEJO: *La Estafeta de Palacio*, tomo II, páxina 644.–Madrid, 1872.

192 *El Pensamiento de la Nación*, núm. 115, de 15 de abril de 1846. Este xornal defendía a candidatura do conde de Montemolín para esposo da raíña Isabel II.

193 Períod. cit., páx. 226.

No seu arbitrario manifesto de 18 de marzo de 1846, declaraba rebeldes todos os partidos lexítimos de España, e barrenaba por medio dun decreto a lei de imprenta, deportaba homes eminentemente sans nas lides políticas, perseguía inhumanamente tanto seres inocentes como seres indiferentes que non estaban suxeitos á súa funesta política de absorción.

Durante o seu poder, non rexía en España ningunha das formas de goberno coñecidas nos feitos e nos libros. Non había monarquía absoluta nin sistema representativo, nin previa censura nin liberdade de imprenta. Non estaba abolida a votación dos orzamentos, mais os orzamentos non se votaban. Rexía a Constitución de 1845, mais tíñase sen observancia. Estaban todos os grandes problemas sen resolver, incluso o matrimonio de Isabel II, que se presentaba moi indeciso e complicado e, polo tanto, os partidos políticos máis acendidos ca nunca. En n, era unha verdadeira situación anárquica que producira o home que poucos anos antes, co seu proceder temerario, se signi cara na Mancha, se sublevara en Sevilla e provocara os sucesos de Torrejón de Ardoz, que declaraba a nación en estado de sitio cando se lle antollaba, que desterraba os que o atacaban na prensa, que se puña á cabeza dos Parlamentos, que loitaba, usando procedementos maquiavélicos cos progresistas e os absolutistas, reducido á extremidade lamentable de pretender glorias de orador parlamentario.

«Esto,» –escribía Balmes– «era un contrasentido tan evidente, tan palpable, que no alcanzamos á concebir como sobre los pequeños conceptos de la cabeza, no prevalecieron una y mil veces los instintos del corazón».<sup>194</sup>

Explícase, daquela, por que ao marchar entón ao estranxeiro o xeneral Narváez non levaba con el as simpatías de ningún partido nin fracción política. Contra el estaban os progresistas, os absolutistas, a maioría e minoría do Congreso e todas as fraccións do partido moderado nas moitas divisións e subdivisións en que estaba distribuído. Quedaríanlle amigos persoais, «pero no se trata de afecciones privadas sino de adhesión de ideas políticas».<sup>195</sup> «El general Narváez que quiso un día considerarse *mártir de la libertad*, fué él quien la ha matado».<sup>196</sup>

---

194 Períod. cit., páx. 228.

195 BALMES, xornal cit., páx. 228.

196 Xornal cit., páx. 226.



## II

Por todas estas razóns que deixamos expostas tivo a súa xustificación a revolución nacida en Galicia no ano de 1846. Os mesmos gobernantes que substituíron a Narváez e despois remataron con ela a balazos xéronlle xustiza nos momentos de agonía e terror.

Abaixo Narváez!, exclamaban os revolucionarios galegos. Fóra Narváez!, repetían aqueles outros a quen se acudía en forma suplicante para salvar a anómala situación de España nacida á calor dos trastornos de 1843.

Caeu o ditador, aínda que momentaneamente, para rexurdir máis tarde e continuar a súa campaña de sangue e bágoas, para rearmar a súa hexemonía á sombra dun trono feble, mais, ao caer o ano de 1846, non foi como vítima sacri cada aos rancores da personalidade e da intriga dunha camarilla que escudaba ese trono, senón ao desagravio da patria que escarnecera e aos principios que a súa soberbia aldraxara.

Todos esquivaban recoller das súas mans o poder que levaba como mancha unha revolución que, nos seus comezos, facía presaxiar un desenlace fatal para as institucións e un cambio radical no estado social español.

Mais a pesar disto, non faltaron homes, como Isturiz, de conciencia desaprensiva, –defecto capital na absoluta maioría do elenco dos nosos políticos de o cio,– que se inclinasen a recoller a herdanza dese *Poder*.

Os conservadores –re re Do Porto– cumpriran xa co principal obxectivo dos seus afáns. O máis forte obstáculo ás súas pretensións fora por terra: a eles tocáballes sufocar un incendio para o cal non foran os menos en amarear numeroso combustible. Contaban co seu prestixio, aínda non desautorizado, e coas forzas que dá o instinto da propia existencia, porque nas cinzas de aquela con agración albiscaban tamén a súa ruína.

Un dos militares que con máis rabia combatera o sistema político de Narváez e de todo o seu gabinete, que vira non só con marcadas mostras de simpatía a actitude levantada do pobo galego senón que ata se

prestaria a secundala<sup>197</sup> se Narváez proseguise algún tempo no poder, foi designado polo goberno de Isturiz para bater e apagar o alzamento de Galicia.

Este personaxe era o mariscal de campo D. José Gutiérrez de la Concha «más verdugo que militar», segundo Blasco Ibañez,<sup>198</sup> de naturais aspiracións como consecuencia dun egoísmo lóxico<sup>199</sup> que hai que recoñecer nun mozo que xa ostentaba nas boca-mangas da súa casaca o cordón de xeneral de división, de regulares condicións tácticas, mais que, non obstante ocupar andando os anos elevados postos na política e na milicia, cala a historia en cuanto a considerarlle dotes excepcionais en ambas facultades.<sup>200</sup>

Non se equivocou ao aceptar o papel que se lle sinalara, porque a deusa Fortuna o colmou de grazas, e pode dicirse que o xeneral Concha foi un ser verdadeiramente afortunado.

A ninguén mellor que a este puido Isturiz encomendar misión tan complicada, precisamente por ser inimigo de Narváez, e era de necesidade premiar tal antagonismo, que toda parcialidade inxusta cada, odiosa sempre, adoita ser obxecto de longa remuneración.

Ao participar o 7 de abril o Ministro da Guerra ao xeneral Concha a orde de pórse á cabeza das tropas expedicionarias que debían operar en Galicia, non se coñecían máis detalles do movemento galego ca as ocorrencias do día 2, en Lugo e, resolto a afogalo na súa raíz, imprimiu con toda velocidade as súas enerxías, saíndo con dirección cara Galicia no mesmo día 7, deixando no seu tránsito as oportunas instrucións para a mobilización e concentración das forzas que mandaría.

Así o estampaba un xornal adicto da Corte, titulado *El Español*, que nun artigo encomiástico coa epígrafe de *Campaña de 17 días*, aludín-

---

197 VICENTE DE LA FUENTE , ob. cit., páx. 341, tomo II.

198 Ob. cit., páx. 104, tomo III.

199 PÉREZ GALDÓS: *Bodas Reales*, páx. 246.

200 Foi Marqués da Habana, Ministro da Guerra, Capitán xeneral dos exércitos da Nación e Presidente do Senado. Nacera en Tucumán (República Arxentina), cando este estado era aínda colonia española.

do o tempo que o devandito militar investira para nalizar a revolución galega, saía á defensa deste empuñando o incensario da adulación, artigo que foi combatido digna e enerxicamente polos xornais galegos no momento de rematar a campaña, e especialmente por Do Porto nunha nota da súa *Reseña*,<sup>201</sup> aínda que este asisado escritor, en obsequio á súa imparcialidade, expresase nas últimas páxinas do seu traballo algunhas das boas condicións militares de Concha,<sup>202</sup> a discreta conduta que o mesmo usou durante o combate verificado o 24 nas rúas de Santiago e as consideracións que tivera cos prisioneiros.

---

201 «Parte de estas noticias, están extractadas literalmente de una relación que con el epígrafe de *Campaña de 17 días*, ha publicado el periódico *El Español*. La persona que la ha redactado, en nuestro entender muy allegada al personaje en cuyo encomio se dio á luz, trata de probar en ella que el aniquilamiento de la insurrección militar del distrito de Galicia fué resultado de una complicada estrategia y de un cálculo certero confeccionados por el saber y la meditación. A esta estrategia y á estos cálculos son á los que no asentimos porque no pudieron existir sino después que las *felices combinaciones del acaso y algo más* dieron lugar á producir esas bellas teorías á que atribuye el rápido y feliz éxito de la campaña. ¿Cómo el general Concha pudo de antemano establecer un sistema de operaciones cuya ejecución había de llevar á cabo en un país completamente desconocido para él? ¿Cómo había de formular con anterioridad un plan de ataque contra un enemigo cuyas fuerzas, situación y medios de defensa le fueron desconocidos hasta el mismo momento en que pisó el teatro de la guerra? Que el general Concha ignoraba absolutamente la topografía de Galicia, lo demuestra los errores profundos de que adolece la narración que motiva estas líneas; el afán del Sr. Concha en llegar á Orense para examinar el mapa de D. Domingo Fontán, el único más exacto y extenso que existe de aquel territorio y nalmente el no haber nunca recorrido esta montuosa y quebrada parte de España que de otro modo es imposible llegue nadie á conocer. Que sus rápidas victorias fueron debidas después de su indisputable actividad á *las propicias y maravillosas circunstancias que le sonrieron* y al *apoyo voluntario ó involuntario prestado por don Leoncio de Rubín*, uno de *los actores del alzamiento*, lo demostramos en el contexto de esta narración histórica. Incapaces nosotros de manejar el incensario de la lisonja y obligados á colocar los hombres y las cosas en el verdadero puesto que deben ocupar, reconociendo como reconocemos el talento, valor é ingenio del -Sr. Concha, y circunscribiéndonos á su enaltecida *Campaña de 17 días*, haremos ver que *lejos de merecer el título de capitán consumado*, con que trata de revestirlo la Memoria que produce esta nota, *solo es digno de aquella calificación de SOLDADO DE FORTUNA* que con no menos motivos aplicó Chateaubriand al emperador Aureliano». -Ob. cit., nota, páxs. 112 e 113.

202 Ob. cit., pág. 251, Observacións 4.<sup>a</sup> e última.

### III

No citado día 7 ditara o Ministro da Guerra unha real orde circular informando os Capitáns xenerais dos distritos respectivos do alzamento que en Lugo acababa de provocarse e, ao transmitir a devandita disposición ao das Vascongadas, recomendáballe que, para rematalo polos medios máis rápidos, puxese ao servizo do de Galicia tres batallóns dos oito que tiña na súa rexión, coidando de conservar a orde, e xándolles o itinerario máis corto. Indicáballe tamén que recomendase ao xefe que debería mandar esas unidades, que se durante a marcha se atopaba co xeneral Cancha, nomeado para a xefatura de todas as forzas que debían operar contra os insurrectos, se puxese ás súas ordes, dando coñecemento do feito ao Capitán xeneral de Galicia. Transcribía a este igualmente o ministro as resolucións enunciadas.<sup>203</sup>

Concha, pola súa banda, ao chegar a Benavente o 9, participaba ao seguinte día ao xeneral Villalonga o seu nomeamento de xeneral en xefe das tropas expedicionarias, expresándolle que se lle unise un batallón do rexemento de infantería da Raiña, outro do de América e o rexemento de cabalería da raíña.

«Oí<sup>204</sup> salgo con los dos batallones y cien caballos en Dirección de la puebla de Sanabria la misma que tomará otro Batallón de América que debe salir sobre el 12 de Valladolid y una batería de á lomo que debe haberlo verificado ya desde Segovia. Un ayudante de campo mío marchó ayer en Posta para prebenir al Batallón de Málaga que se halla en Villafranca marche desde allí á la puebla para incorporarse á las fuerzas que marchan vajo mis inmediatas órdenes. –He creído mas combeniente tomarla Dirección de la puebla para marchar seguidamente sobre Orense porque creo que los sublevados después de haberse dirigido sobre Santiago lo verícaran sobre aquel punto o sobre la costa y por lo tanto podré acudir mas pronto en socorro de la Provincia de Pontevedra que supongo mas amenazada o bien operar sobre Vigo y en todo caso interceptaré la comunicación de los sublevados con Portugal.– Mi marcha en la citada Dirección tiene

---

203 Recibida o 16 por Villalonga, –*Doc. que posuímos.*

204 Respectamos a ortografía e o estilo deste xeneral, cuxa comunicación está posta da súa propia man e con letra medianamente clara.

ademas la bentaja de que sobre ello podré operar contra el Ex-general Iriarte que con 200 ó 300 reveldes entre emigrados y de Villar de Ciervos entraron ayer en Monbui (Mombuy) si la columna que debe salir de Zamora coopera como espero me prometo batirlo ú obligarlo á refugiarse en Portugal sin apenas detener mi marcha sobre este distrito. –He dado las ordenes y prevenciones convenientes para que las fuerzas que deben haber salido de Burgos se Reconcentren en Villafranca á cuio punto marchará otro Batallón de América cuando sea relevado del Canal donde se halla y ademas los caballos de la Reina.– V. E. recibirá aviso de la llegada de esta fuerza á Villafranca y puede ordenar sobre ella lo que estime más conveniente asi como también procuraré ponerme en comunicación con V. E. desde mi entrada en Galicia para que pueda darme sus instrucciones ó las ordenes que estime mas acertadas».

Villalonga recibiu con notable retraso o precedente escrito, dándose unicamente por informado,<sup>205</sup> xa que todas as noticias ou comunicacións que procedían de Concha, se non eran interceptadas polo inimigo, facilitábanllas as autoridades da fronteira castelá por conduto do Comandante xeneral interino de Ourense. Este último, transcribíalle o día 10 o devandito o cio e o 12 Villalonga trasladábao a Puig Samper para a súa «inteligencia y gobierno» prevíndoo que, con maior motivo, cumprira as súas disposicións anteriores. «Espero que V. E.» –dicíalle– «y los dignos jefes que le acompañan, reunida ya como lo creo, toda la fuerza de Orense, contribuirán con sus esfuerzos á terminar prontamente una rebelión que *tanto debe manchar el honor del Ejército Español sino se laba con el valor, decisión y lealtad de los que se conserban eles y sumisos al Gobierno de S. M.*».<sup>206</sup>

Como se o valor do exército estivese divorciado para Villalonga dos sentimentos do patriotismo, a non ser que para el e os que con el opinasen se relegase ao soldado á condición de autómatas, sen ideas nin sentimentos. O valor debe entenderse e practicarse en defensa da patria, non naquela loita en que uns defendían un principio e os outros,

---

205 Neste documento existe un decreto marxinal que di: «Recibido este parte el 17 de Abril con el retraso consiguiente; nada hay que hacer sobre el particular. –Rubricado».–*Doc. que posuímos.*

206 *Doc. Que posuímos.*

intereses particulares dun Goberno que conculcaba ese mesmo principio. Villalonga, como Concha, como Narváez, como tantos outros xenerais, cantas veces se rebelaran naqueles tempos de bélicas asonadas (e noutros de datas posteriores) contra os gobernantes que *ao seu xuízo* non gardaban as consideracións do deber e do respecto ás leis!, e se por *canallas* tiña Villalonga aos soldados da revolución galega, idéntico epíteto merecía el e os que con el produciran sublevacións, sen o motivo lóxico que a estes asistía.

Contestando con data do 11 o ministro da Guerra, dicíalle o irascible Capitán xeneral de Galicia, aludindo aos sublevados «que no perdonaba medios ni fatigas para conseguir la completa destrucción y aniquilamiento de SEMEJANTE CANALLA<sup>207</sup> y que al efecto había corrido las oportunas órdenes á las autoridades regionales, anunciándoles la llegada del general Concha», mais, ao propio tempo, suplicaba ao ministro que lle enviase de seguido as forzas ofrecidas porque, de mandalas embarcadas desde Cádiz ou Bilbao para desembarcar en Vigo ou na Coruña, as operacións serían máis rápidas.

«De todas maneras,» –expresaba– «si la desgracia del contagio de sedición no cunde en el resto de los batallones Provinciales que aun permanecen eles, espero que los rebeldes no tarden en sufrir su exterminio ó fuga á Portugal según el movimiento que han emprendido y de que deo hecho mérito».<sup>208</sup>

Tamén no mesmo día o ciáballe ao Capitán xeneral de Castela a Vella interesándolle a concentración inmediata en Galicia das tropas de que puidese dispor das distintas armas de cabalería, infantería e artillería, indicándolle que para cubrir esta necesidade apremante no seu distrito as conseguise do Capitán xeneral de Burgos, xa que el tivera que desprenderse das súas para formar unha pequena columna encomendada a Puig Samper co fin de bater aos sublevados que abandonaran Santiago dirixíndose a Pontevedra.<sup>209</sup>

---

207 *Doc. que posuímos.*

208 Referíase aos batallóns de Provinciais, antes de ter lugar o combate de Sigüeiro.

209 *Doc. que posuímos.*

## IV

Como expuxemos, o xeneral Concha entrou en Benavente o día 9 nunha carruaxe de postas, acompañado só de catro carabineiros. O día 10 pasou a comunicación, que deixamos inserida, ao Capitán xeneral de Galicia, e neste mesmo día incorporáronselle as forzas que indicaba, para pór en execución o plan de operacións que ideara.

Ao saberse en Valencia de Don Juan o alzamento de Lugo, pronunciouse na devandita vila unha compañía do 2.º Batallón de Zamora<sup>210</sup> –que, procedente da Coruña, conducía un cordón de presos destinados a extinguir condena no correccional de Valladolid, secundando esta actitude, outra compañía do Provincial de Pontevedra que se atopaba de destacamento naquel punto, e 20 carabineiros.

O xeneral D. Martín José de Iriarte que, pola súa probada signi cación liberal estaba emigrado en Portugal, ao informarse de que a case totalidade da gornición galega e persoas prestixiosas do elemento civil protestaron contra o goberno presidido por Narváez, abandona o seu desterro inmediatamente e, acompañado dalgúns amigos que sufrían igual estrañamento, entra por Mombuy internándose en Villar de Ciervos<sup>211</sup> excitando o espírito patriótico dos cervatos para que se asociasen ás protestas do pobo galego.<sup>212</sup>

---

210 Do mesmo Corpo que estaba cos sublevados.

211 PIRALA, ob. cit., páx. 451.

212 «Don Martín de Iriarte, no era un militar vulgar, sino de brillante historia. Su amor persistente por las ideas liberales, hiciérale sufrir en su carrera notoria postergación é innumerables extrañamientos. Cuando D. José de la Concha disfrutaba en la milicia el empleo de teniente coronel, Iriarte estaba cansado de llevar en las boca-mangas el entorchado de plata. En el pronunciamiento liberal verificado en La Coruña el 11 de Septiembre de 1840 contra el ministerio regencia de María Cristina, tomó Iriarte una parte activísima, nombrándole la Junta gubernativa de Galicia, Capitán general de la región. Negándose á secundar aquel alzamiento el que entonces desempeñaba dicho cargo, D. Laureano Sanz (\*) que á la sazón se retirara á Santiago, Iriarte, vióse en el caso de perseguirlo con una columna de 1.000 soldados. Sanz rme en sus propósitos, huye con algunas fuerzas á Sobrado, haciéndose fuerte en aquel monasterio; pero Iriarte lo acosa y procura desalojarlo de su posición, teniendo Sanz, entonces que huir, internándose en las montañas de Asturias. Cuando regresó Iriarte á Santiago, el pueblo lo recibió aclamándole y vitoreándole con frenético delirio.–TETTAMANCY GASTÓN: *Historia Comercial de la Coruña*, páx. 460.–1900–Imprenta de *El Noroeste*, A Coruña.

Coas dúas compañías de Zamora e Pontevedra e uns 300 paisanos, proclama a *Xunta Central*, dirixindo unha alocución aos soldados recomendándolles coadxuvasen o derrocamento de Narváez e o seu Gabinete.<sup>213</sup>

Titulándose Capitán xeneral de Castela a Vella, deixou Villar de Ciervos, dirixíndose a León e Zamora, en cuxas localidades lle prometeran repetir o grito, no momento de achegarse a elas.

---

Non menos importante e de non menor transcendencia foi o papel que desempeñou o desinteresado e valente patriota, tres anos máis tarde na cidade de Vigo por consecuencia do pronunciamento de 1843.

Desembarcando nesta baía con fusís e diñeiro procedente de Inglaterra, onde estaba emigrado, foi obxecto dunha entusiasta recepción. Púxose á fronte entón dun total de forzas de 1.500 homes. «Sitiada la ciudad en 27 de Octubre por más de 2.000 soldados al mando del brigadier Cotoner, que saliera de la Coruña para sofocar la sublevación, el general Iriarte, con su bravura y talento, derrotó al sitiador que tuvo que retirarse rápidamente á Pontevedra. Este, con fuerzas duplas, vuelve á sitiar á Vigo; é Iriarte para propagar el espíritu revolucionario, se dirigió con una pequeña columna de 200 hombres á Orense, á fin de recabar de esta población auxilios positivos; pero fué rechazado, regresando á Vigo y reintegrándose nuevamente á su destierro con la Junta viguesa, al ver comprometida su situación, porque aquel alzamiento liberal no tuviera eco entonces en Galicia».

–JOSÉ DE SANTIAGO GÓMEZ: *Historia de Vigo y su Comarca*, páx. 572.–Madrid, 1896.–PIRALA; *Historia contemporánea*, páx. 100, 101, 102 e 103.

(\*) D. Laureano Sanz era Ministro da Guerra, no Gabinete Isturiz.

213 «¡Soldados!: En los campos de Navarra y Cataluña, peleé á vuestro lado para defender la Constitución de 1837 y con ella el trono de Isabel II. En ellos juré como vosotros jurasteis, morir antes que sucumbir á la tiranía. El momento ha llegado ya de que cumpláis vuestros juramentos. Dos años ha que un puñado de malvados españoles trabajan sin cesar para destruir el fruto de vuestra sangre derramada en siete años de desesperada lucha y el fruto de vuestras victorias en cien combates. Reformada la Constitución de 1837, destruidas todas las garantías sociales, nada queda ya para el pueblo más que proscripciones y calabozos, estados excepcionales y cadalsos. Con el apoyo de vuestras mismas bayonetas, olvidando que sois hijos del pueblo y que servís al pueblo, quieren levantar de nuevo el estandarte de la esclavitud. –¡Soldados! dos banderas se os presentan para servir en ellas: del despotismo la una y de la libertad de vuestra Patria la otra. La elección no debe ser dudosa. Unios, pues, á mí: juntos combatiremos á cuantos enemigos que nos combatan; y salvando las instituciones y la Patria, probaremos á la Europa entera que los soldados españoles son soldados de la libertad. –¡Viva la Junta Central! ¡Viva la Reina constitucional! ¡Abajo los tiranos! –Cuartel general libertador en Villar de Ciervos á 8 de Abril de 1846. –El Teniente general MARTÍN DE IRIARTE». –*Doc. que posuímos*, facilitado por o noso querido amigo D. Andrés Martínez Salazar, ilustrado xefe do Arquivo xeral de Galicia.



Proxectaba Concha, conforme vimos, emprender os seus movementos desde Benavente a Pobra de Seabra, mais tivo que desistir do seu proxecto e marchar directamente a Astorga ao informalo o administrador de Correos da Bañeza de que Iriarte se encamiñaba á devandita cidade, atopándose xa en Santiago de Millas, aldea próxima á mesma, para entrar nela coas forzas que deixamos expresadas.

O 10 xo noite en Pozuelos, proseguindo a súa marcha cara La Bañeza ao alborear o seguinte día, onde soubo que Iriarte estaba atacando Astorga.

Púxose daquela á cabeza do rexemento de cabalería da Raiña, ordenando á infantería que o seguise a paso longo, e precipítase a galope pola estrada de Astorga.

Ás portas desta localidade, atopábase Iriarte coa súa xente agardando que aquela lle fose entregada. Estaba esta defendida por 200 soldados, uns cantos gardas civís e algúns paisanos armados.

Iriarte ameazaba con tomala a toda costa, prognosticando que o xeneral Nogueras e outros militares de fama virían logo axudalo con tropas pronunciadas.

Os sitiados non ignoraban o grandioso incremento que tomara a revolución na rexión galega, así como os conatos que se presaxiaban en Aragón, Andalucía e Madrid e, ante a perspectiva dun derramamento de sangue que se podería á cidade, resolveron entrar nos preliminares da capitulación.

Á unha e media da tarde efectuouse a avinza, e mandouse buscar o chaveiro para que franquease a porta.

Neste interregno de tempo descóbrese pola estrada de Castela a cabalería de Concha envolta nunha inmensa nube de po que provocaban os cascos dos cabalos. Ao divisala os sitiados, rompen o fogo sobre Iriarte e os seus, os que, advertindo a traizón de aqueles e a brusca acometida do inimigo, se retiran aceleradamente ao lado oposto deste.

Dispón o xeneral que unha metade da súa xente rodee por retagarda a de Iriarte, cargando de fronte co resto.

En van aquel, dada a insignificancia da súa, tenta facer unha pequena evolución: a superioridade da cabalería de Concha arróllao; e aos poucos minutos caía prisioneira toda a súa infantería e perseguidos activamente os seus escasos xinetes e os cervatos armados, cuxa maioría foi quedando en poder de Concha, excepto o temerario caudillo que con 28 cabalos puido burlar a persecución do seu contrario, fuxindo cara Ponferrada e Valdeorras.

De resultas deste encontro foivo o vencedor 165 prisioneiros, entre estes, as dúas compañías de Pontevedra e Zamora (menos o capitán desta última), os 20 carabineiros, 48 cabalos e mulas, todo o armamento con caixóns que contiñan 40 lanzas ben traballadas, caixas de guerra, municións, varias pezas militares e a equipaxe, incluso a do xeneral Iriarte, no que se atoparon a súa correspondencia e proclamas.

Concha resultou cunha pequena contusión na cara.<sup>214</sup>

As consecuencias de semellante fracaso deriváronse da despreocupación e confianza do propio Iriarte que, fundándose na palabra das vilas que percorría, alardeando secundar a insurrección sen disparar un tiro, e confiado en que a xente do seu adversario era inferior á súa, dispuxera emprender a campaña na fronteira castelá, supondo que «á sus soldados les bastaba un cartucho en el cañón».<sup>215</sup>

No supremo instante en que León, Zamora, Astorga e Oviedo se decidían a apoiar as aspiracións e actitude dos galegos, queda destruída a columna propagandista que debía levarlles o sinal e, con esta, os elementos insurreccionais de toda Castela a Vella.<sup>216</sup>

Debido a este contratempo quedou a rexión galega orfa de todo apoio exterior e concretada ela soa á rexeitar a avalancha de inimigos que o goberno central se encargaba de lanzarlle, sen dispor dunha sentinela avanzada que lle dese a voz de alerta para preparala á defensa.

---

214 Da comunicación que Villalonga pasou a Puig Samper, dándolle conta deste incidente. - *Doc. que posuímos.*

215 Do PORTO, ob. cit., páx. 117. - PIRALA, ob. cit., páx. 452.

216 Do PORTO, ob. cit., páx. 117. - PIRALA, ob. cit., páx. 452.

## V

O xeneral Concha deu inmediatamente conta da súa vitoria ao Goberno ao Capitán xeneral de Galicia e a outras autoridades da rexión, solicitando do primeiro conmisericordia para os prisioneiros, por alegar estes que foran «engañados al liárseles en el levantamiento».<sup>217</sup>

Desde Vilafranca, informaba tamén ao segundo do seu plan estratéxico, advertíndoo de que como tivera que distraer parte da súa forza para custodiar os prisioneiros, quedáballe a mesma minguada, agardando que lle cedese o batallón de Málaga, dándolle orde para que contramarchase a Sarria co fin de que se lle incorporara, para proceder á execución do seu proxecto en Galicia e fusionarse á columna do xeneral Puig Samper.

Villalonga contestoulle que se vía imposibilitado de acceder aos seus desexos en referencia a enviarlle o batallón de Málaga por precisalo el para mellorar a súa situación. «Tiene V. E. lo su ciente» –diciálle– «para cualquier movimiento que juzgue conveniente emprender sobre los rebeldes y al cual no podría yo cooperar con solo dos batallones del regimiento infantería de Zamora, cuya posición he dicho á V. E. oportunamente. En ese caso reitero mis prevenciones al primer jefe del batallón de Málaga para que si no ha contramarchado á Sarria (*o aunque lo haya echo*) emprenda un movimiento á esta capital á no ser que V. E. se decida á seguir su marcha sobre la carretera porque hay también otra cosa que debo llamar su atención y es la elección del camino que V. E. adopta desde esa á pasar por Sarria á Porto Marín (Puerto Marín) ó Chantada para llegar á Orense, porque en este tiempo y en todos poco menos es de los más malos de Galicia por algunos puntos casi intransitables, y es muy posible que al salir á Porto Marín ó Chantada se encuentre V. E. sin caballería por lo que debe sufrir un

---

217 «Séame permitido, Excmo. Señor, significar á V. E. que todos reconocen su delito y esperan solo la salvación de su vida, de la clemencia de S. M.» Ao cal contestou o ministro da Guerra interino (Amero): «Respecto á los prisioneros, se dice lo conveniente al Capitán general de Castilla la Vieja para que proceda con arreglo al bando que tenía publicado desde el día 7 del actual, siendo la voluntad de S. M. que en ese caso obre también V. E. con sujeción á las leyes y ordenes vigentes, evitando consultas que exija del gobierno la repetición de aquéllas, cuando están claras y terminantes para todos los casos». – PIRALA, ob. cit., páx. 452.

herraje sin el cual se quedará á cada momento y no sería extraño que con respecto al todo de su fuerza *sufriese V. E. una derrota sin ver al enemigo*. Tal es la pintura que me *han hecho* de estos caminos los conocedores del país». <sup>218</sup>

Remataba aconsellándolle que se dirixise a Lugo, deixando expeditas as comunicacións de carruaxes-correos para Castela e Madrid, «sin las cuales estamos á ciegas», para que reconcentrase na devandita cidade todas as forzas ao obxecto de operar de cheo contra os pronunciados, e solicitáballe que lle enviase con urxencia 50 cabalos dos que tiña no seu poder. <sup>219</sup>

Seguindo Concha os consellos de Villalonga, chegou a Manzanar no correo, ás nove e media da noite, en cuxo punto mudou o vehículo de tiro. Alí informárono de que Iriarte pasara ás seis da tarde polo devandito lugar acompañado de 35 cabalos.

Sorprendido con esta noticia entrou na casa de postas, dispoñendo como vía de precaución que un peón camiñeiro se colocase de escolta en sitio a propósito para advertirlle de calquera aproximación de xente, mentres o postillón e o rapaz tentaban informarse por outra parte do itinerario que levaba o xefe revolucionario. A Concha acompañábanos soamente dous axudantes de campo.

Adoptadas esas precaucións –expresa Do Porto– e ando na súa boa estrela que xamais o abandonaba, pasou a noite na casa de postas, non sen os sobresaltos conseguintes de se Iriarte pensase, por medio dunha sorpresa, vingar a súa derrota de Astorga. <sup>220</sup>

Ás seis e media da mañá do 12 regresaron da súa exploración o postillón e o rapaz participándolle que Iriarte seguía camiño de Ponferrada cos citados 35 xinetes, respirando daquela Concha por saír ben da aventura.

Agardou entón polas tropas que no devandito día saíran de Astorga, que eran o batallón de América, dúas compañías do rexemento de in-

---

218 *Doc. que posuímos.*

219 *Doc. que posuímos.*

220 *Ob. cit., páx. 119.*

fantería da Raíña e 100 cabalos do Corpo do mesmo nome, quedando en Benavente dúas compañías e un escuadrón custodiando os prisioneiros das forzas de Iriarte.

Supuña que o batallón de Málaga saíra de Becerreá facendo a súa entrada en Lugo, rendendo esta praza sen o menor estorbo, por ignorar, ata certo punto, o desenvolvemento que tomara en Galicia a revolución, mais, ao informarse deste último detalle polo Comandante xeneral de Ourense, así como do pronunciamento dos dous batallóns de Segovia e Oviedo, e os das cidades de Pontevedra e Vigo, e crendo que os sublevados entraran en Ourense, propúxose sen perda de tempo marchar a Monforte, adoptando esta vila como centro de operacións.

Ditou ordes para que a infantería e cabalería, cuxo mando interino exercía o coronel do rexemento da Raíña, se lle reunisen na devandita vila o máis brevemente posible, así como igualmente os batallóns que a marchas forzadas viñan camiño de Valladolid e Burgos, ordenando ao seu xefe de Estado Maior D. Francisco Carballo, que aínda estaba en Becerreá co batallón de Málaga, que se lle incorporase en Sarria.

O ciou tamén o Comandante xeneral de Ourense para que coas súas forzas se repregase en Monforte, caso de estar invalidado para manter a orde naquela cidade «por el mal espírito en que ésta se encontraba»<sup>221</sup> e, ultimado desta forma o seu proxecto, avanzou ata Triacastela e Sarria para pórse en contacto coa columna de Puig Samper, a quen cría próximo a Santiago, e concertar con este os movementos que ambos acordasen executar, considerando de todo rigor e urxencia manobrar canto antes sobre Ourense.

## VI

Ao saír o día 16 Solís de Santiago coa súa división exploradora cara Á Coruña, Betanzos e Ferrol, tivo coñecemento de que a columna batida en Sigüeiro mandada por Puig Samper acampara en Carral, quedando

---

221 O Comandante xeneral interino de Ourense, Cachafeiro, publicou esta comunicación nun suplemento extraordinario do *Boletín Oficial*, de 14 de abril, cuxo exemplar posuímos.

encomendada ao brigadier Mac-Crohon, toda vez que aquel se retirara doente a Betanzos.

Samper, que puxera espontaneamente a súa espada ao servizo do Goberno para evitar suspicacias que tendesen á prexudicar o seu prestixio e o seu bo nome de militar digno, viuse frustrado nos seus loables propósitos de delidade e consecuencia, por virtude da súa tan breve como infortunada campaña.

Aínda que patentizara nela un celo por todos conceptos digno de aplauso, foi porén obxecto de vexames incuálificables por parte do goberno que defendera, que dispuxo que se lle formase a correspondente sumaria por real orde de 30 de abril, a fin «de velar por la conducta, y que el buen nombre de la ilustre clase de generales no quedase nunca empañado por motivo alguno».<sup>222</sup>

Ao renunciar Puig Samper ao mando da columna, fundárase, como se dixo, en motivos xustificados de saúde, e nos seus desexos de descansar da curta mais ruda loita que acababa de soste cos pronunciados, mais, ao entrar xa en campaña o xeneral Concha, relevábaselle do mando por outra Real orde do 14 do citado mes, dispoño que se entregase as forzas.

É natural que, molestado na súa dignidade o ancián xeneral, se expresase ao goberno en forma respectuosa, mais ao mesmo tempo enérxica, dicíndolle ao ministro da Guerra: «Cumplimentando por lo tanto aquella real orden, y dispuesto yo á trasladarme á esa Corte para donde tengo solicitado mi cuartel, réstame solo suplicar á V. E. encarecidamente, que al dar cuenta á S. M. se sirva inclinar su Real ánimo á fin de que por los medios que tenga á bien, se justifique mi conducta de todo el tiempo que fui Capitán general de Galicia, y la que observé en los acontecimientos posteriores. Esta justificación *que exigen á la vez*

---

222 «Queriendo la reina (q. D. g.) que el buen nombre de la ilustre clase de generales no quede nunca empañado por motivo alguno, y deseando que la conducta del teniente general D. Francisco Puig Samper sea legalmente justificada, se ha servido resolver que se le forme la correspondiente sumaria, y que S. E. se presente en la plaza de la Coruña á fin de que responda á los cargos que puedan hacerle con arreglo á la ordenanza».-*Doc. que posuímos*. Foi nomeado xuíz instrutor da devandita sumaria o brigadier D. José Valcárcel Arias.

*mi doble carácter de Senador y General y la circunstancia de que la revolución adoptó, según dicen, por pretexto mi separación de aquel mando, pondrá en claro hechos quizás desconocidos ó desgurados; harán ver los motivos de mis simpatías en el país, que no han vacilado algunos en interpretar ó calificar á su manera; y por último, Excmo. Señor, haré resplandecer mi honor tan puro como ha sido en toda mi larga carrera militar. Ruego, pues, de nuevo á V. E. se digne solicitar aquella justificación, para el momento en que lejos yo de este país, no pueda en manera alguna achacarse el resultado á influencias que ni mi carácter ni la tranquilidad de mi conciencia me permitirían sin embargo emplear».*<sup>223</sup>

Esta razoada exposición dirixíraa Puig Samper o 27 de abril, atopándose na baía de Ferrol en calidade de detido, a bordo do vapor de guerra *Isabel II*. Ao resignar o mando da columna o 16 de abril para trasladarse a Betanzos cos seus axudantes de campo,<sup>224</sup> viuse na necesidade, por temor de caer en poder dos sublevados que a marchas forzadas viñan sobre A Coruña, de dirixirse a Ferrol, facendo a viaxe por terra, embarcándose no vapor *Isabel II*, co obxecto de reembarcarse despois na capital nun paquete inglés que o conducise a Cádiz e desde esta localidade á Corte.

Mais, xa no porto coruñés, coincidiron diferentes circunstancias que o imposibilitaron para realizar os seus desexos, ante as ordes do Goberno, dispoñendo a instrución da sumaria.

O mesmo Puig Samper presentouse, para constituírse preso, no castelo de Santo Antón o día 20, a fin de depurar con toda exactitude, segundo os ditados da súa conciencia, os feitos que se lle imputaban. Neste sentido comunicoullo ao Capitán xeneral por medio de o cío entregado ao gobernador do castelo, e que este enviou ao seu destino acompañado doutra comunicación.<sup>225</sup>

---

223 *Doc. que posuímos.*

224 D. Juan Montero, capitán de Estado Maior, D. José Pardo, capitán de infantería, e D. Tomás Gutiérrez de Terán, tenente de Cabalería.

225 «*Castillo de San Antón de la plaza de la Coruña.* –Excmo. Sr: En este momento acaba de aproximarse al muelle de este fuerte el Excmo. Sr. Teniente general D. Francisco Puig Samper, quien me ha entregado el o cío que tengo el honor de incluir á V. E. Le acompañan sus dos ayudantes de campo y el capitán de Estado

Puig Samper, mentres tanto, agardou pola resposta sen desembarcar da falúa que o conducía, contestándolle Villalonga o seguinte: «No pudiendo permitir que V. E. á quien respeto y aprecio, esté ni por momentos dentro del castillo de San Antón por el concepto que se formaría de público con respecto á esta circunstancia; y no pudiendo en manera alguna convenir á V. E. su permanencia en esta plaza por las razones que no pueden ser desconocidas á su penetración, entiendo que habiendo pasado ya en esta mañana el paquete inglés con destino á Cádiz, está V. E. en el caso imprescindible de regresar al Ferrol en donde V. E. podrá desembarcar y permanecer hasta que tenga proporción de efectuar su marcha á Madrid llevando en su compañía á su ayudante D. Tomás Terán, previniendo al otro D. José Pardo se me presente y al capitán de E. M. D. Juan Montero se quede en el castillo de San Antón hasta que elija punto fuera del distrito en donde espere las órdenes del Gobierno. En este momento se está formalizando el recibo de las pagas que he mandado se faciliten á V. E. y á los que le acompañan que inmediatamente se entregarán á V. E. ó remitirán al Departamento.– Es cuanto puedo contestar á V. E. consiguiente á la comunicación de esta fecha».<sup>226</sup>

O veterano xeneral tivo necesariamente que acatar a disposición antedita, trasladándose a Ferrol, mais insistindo en realizar a súa viaxe a Madrid, obtivo do Comandante xeneral do Departamento a concesión dunha falúa para regresar novamente á Coruña, ao obxecto de que neste porto puidese agardar a chegada doutro paquete que o conducíse a Cádiz ou a Santander.

Como lle estaba terminantemente prohibido desembarcar ante a continxencia de que, ao sabelo a veciñanza, se producise unha ruidosa cuestión de orde pública polas simpatías que tiña o xeneral na Coruña, enviou o 27 de abril a seguinte comunicación ao Xefe político da provincia: «En la triste proscripción en que me hallo, la menor circunstancia in uye sobre manera en mi situación y varía ó destru-

---

Mayor, D. Juan Montero; no habiendo querido S. E. desembarcar de la falda á pesar de habérselo rogado.–Dios guarde á V. E. muchos años, Castillo de San Antón, 20 de Abril de 1846. – Excmo. Sr: El Gobernador, JOSÉ MARÍA DE ARRÓSPIDE.–Excmo. Sr. Capitán General de este Ejército y Reyno». –*Doc. que posuímos.*

226 *Doc. que posuímos.*



ye los proyectos de mi viaje al punto de mi cuartel. Me encontraba á bordo de este vapor (*Isabel II*) en la bahía de Ferrol esperando la proposición que se me ofreciera de trasladarme á Santander; pero con la venida del buque á estas aguas en las que se dice no parará, no me queda otro recurso que trasbordarme, como lo veri co, con los dos o ciales que me acompañan, á la fragata mercante que tiene en bahía el Sr. Menéndez<sup>227</sup> en la cual esperaré el próximo paquete inglés, donde veri caremos nuestra marcha.– Lo digo á V. S. para su conocimiento, en el supuesto de que puede estar seguro que no recibiré á nadie en este puerto al que no me ha sido posible prescindir de venir».<sup>228</sup>

O Xefe político circunscribiuse a contestar: «Excmo. Señor: Me es muy sensible la posición en que V. E. se sirve decirme se encuentra en la actualidad; pero no pudiendo yo en manera alguna separarme de lo preceptuado por el Excmo. Sr. Capitán general<sup>229</sup> de este Reyno, encuentro no puede ni debe pasar V. E. ni menos permanecer en la fragata mercante anclada en esta Bahía de la propiedad de D. Juan Menéndez, debiendo por consiguiente veri car su traslación á la plaza de Ferrol, *según y así le está prebenido*, á cuyo efecto y para que V. E. marche con el decoro debido á su alta y respetada clase, doy en este momento las órdenes oportunas á la Falúa del resguardo que esté pronta y á las ordenes de V. E. con lo que contesto á su citada comunicación que recibo ahora que son las tres de la tarde.–Dios guarde á V. E. muchos años.–Coruña 27 Abril de 1846.–JOSÉ MARTÍNEZ».<sup>230</sup>

Despois de volver marchar a Ferrol, permaneceu Puig Samper dous días naquela baía a bordo do vapor *Isabel II*, ata o 29, en que este buque o conduciu á Coruña, en cuxo porto embarcou, por n, para

---

227 D. Juan Menéndez, un dos armadores e navieiros máis caracterizados do porto da Coruña, primeiro esposo de Dna. Modesta Goucuria, sendo o segundo o lán-tropo coruñés D. Eusebio Da Guarda, antigo dependente entón do Sr. Menéndez.

228 *Doc. que posuimos.*

229 O xeneral Villalonga atopábase naqueles días en viaxe cara Lugo co obxecto de render esta praza, ocorrendo no día anterior, ou sexa, o 26, o fusilamento en Carral de D. Miguel Solís e demais compañeiros, segundo damos conta no Capítulo XIV. Ao ausentarse, deixara encargado do despacho e mando da praza da Coruña o Xefe político D. José Martínez, a quen se dirixiu Puig Samper na súa pretensión.

230 *Do noso arquivo particular.*

Cádiz e trasladarse á Corte, sen prexuízo de seguir as actuacións e ter que regresar á capital galega para responder dos cargos que se lle imputaban, segundo o informan os documentos que comprobamos.<sup>231</sup>

Puido por fin, o xeneral, ver logrados os seus desexos, elevando unha nova exposición á Raíña, fundándoa en que, polo seu delicado estado de saúde, os facultativos lle prohibían emprender viaxe de ningún xénero, resolvéndose por Real orde de 20 de maio que sufrise por escrito todo canto interrogatorio xurdise no proceso que se lle seguía.

Este foi sobresido máis tarde, en atención a non resultar ningún cargo, quedando así burlados os autores da iniciación da sumaria e vindicada en absoluto a conducta do veterano Puig Samper.

---

231 «*Capitanía General de Galicia, Estado Mayor*: Excmo. Sr.: Habiendo dado las ordenes convenientes en virtud del juicio que debe abrirse para oír al Excmo. Señor Teniente general D. Francisco Puig Samper, se me mani esta por el Comandante general de la provincia de la Coruña, haberse embarcado para Cádiz con destino á esa Corte. Y sin embargo de que dispongo lo conveniente para que se instaure el juicio en la plaza de la Coruña, espero que V. E., en vista de este antecedente se sirva manifestarme si ha de continuarse usando de los interrogatorios á dicho general, ó si ha de regresar á esta para la más expedita substanciación de la causa.–Dios guarde á V. E. muchos años.–Cuartel general de Santiago, 6 de Mayo de 1846.–Excmo. Sr.–JUAN DE VILLALONGA.– Excmo. Sr. Ministro de la Guerra».

O Ministro da Guerra, en consonancia co precedente o cío, dirixiu o día 10 de maio outra Real orde a Puig Samper participándolle: «En consecuencia de dicha Real orden que fué trasladada á V. E. con la misma fecha (\*) S. M. quiere que V. E. se presente en la plaza de la Coruña, á fin de que responda á los cargos que puedan hacerse con arreglo á ordenanza. Y de la propia Real orden le digo á V. E. para su cumplimiento y en contestación á su citado escrito. –Dios guarde á V. E. muchos años.–Madrid, 10 de Mayo de 1846. – SANZ». Esta disposición foi trasladada no mesmo día ao Capitán xeneral de Galicia (*Doc. que posuímos*) á vez que o Ministro lle dicía á devandita autoridade o seguinte:

«*Ministerio de la Guerra*: Excmo. Sr.: He dado cuenta á la Reina (q. D. g.) de la comunicación de V. E. fechada en Santiago el 9 del actual á que acompaña un impreso relativo al encuentro que tuvieron en Sigüeiro los dos batallones del regimiento infantería de Zamora con las fuerzas sublevadas el 8 de Abril último. Enterada S. M. se ha servido resolver que para los efectos de justicia que correspondan devuelva á V. E. el citado impreso en razón á que por Real orden de 30 de dicho mes está mandado se forme la competente sumaria al Teniente general D. Francisco Puig Samper á cuyo fin se le previene con fecha de ayer se presente en la plaza de la Coruña. –De Real orden lo digo á V. E. para su inteligencia y en contestación.–Dios guarde á V. E. muchos años, Madrid 11 de Mayo de 1846. – SANZ».

(\*) Alude á Real orde de 30 de abril, pola que se ordenaba instruír a sumaria acordada.

## VII

Para reparar a torpe falta que Solís cometera en Sigüeiro concedendo primeiramente o armisticio e cinco días despois derramando sangue inútil no mesmo terreo, resolveu perseguir a columna da que acababa de encargarse Mac-Crohon, ata ver logrados os medios de destruíla.

Desexos vans, porque este xefe, anticipándose ás intencións do seu perseguidor, retirouse desde Sigüeiro a Carral, como observamos no Capítulo VI, e desde esta vila continuou retrocedendo ata a do Portazgo, corréndose a Palavea.

Neste punto, o ciou o Capitán xeneral advertíndoo de que por un transeúnte soubera que Solís seguía a dirección da Coruña, deducíndose acampase momentaneamente en Carral para seguir o seu avance cara á devandita praza. Indicáballe que, pola carencia de espionaxe, a diseminación das súas avanzadas e posicións desvantaxosas da súa columna, «temía un serio disgusto, siendo conveniente examinase desde el vigía de San Pedro, la Torre de Hércules, ó cualquier otro punto de vista adecuado, el camino de Carballo<sup>232</sup> por si podría irle encima el enemigo desde Carral, quien en todo caso envolvería fácilmente los cantones del Portazgo». <sup>233</sup>

Contestoulle Villalonga que desde A Coruña tiña situados exploradores sobre o camiño de Santiago, os cales ningún aviso lle deran que conrmasa a noticia da situación do inimigo acerca do seu avance. «Sin embargo,» –agregaba– «para evitar á esa columna una sorpresa, emprenderá V. S. desde luego su marcha pasando á acantonarse en Oza, Barrio de Vioño y Molinos de Santa Margarita, cuya última posición está protegida por los fuegos de esta plaza y aun por los del vapor *Isabel II* fondeado en esta bahía. La fuerza de Oza procurará V. S. replegarla sobre Monelos y Santa Margarita. El Comisario de esa columna debe tener dinero para espionaje que debieron serle entregados por el general Puig Samper 8.000 reales que le fueron remitidos con aquel objeto». <sup>234</sup>

---

232 O camiño de Carballo a que alude Mac-Crohon debía referirse a un lugar próximo a Carral entre esta vila e Ponte Lago.

233 *Doc. que posuímos.*

234 *Doc. que posuímos.*

Ao recibir Mac-Crohon o antecedente o cio, contestou que acataría as ordes, mais, sabendo por varios camiñantes que non existía ningunha forza inimiga polo camiño de Santiago, prorrogaba o cumprimento das mesmas, segundo así llo explicaría o comandante de Estado Maior D. José Ferrater.<sup>235</sup>

Tanto Mac-Crohon como Villalonga equivocábanse lamentablemente ao afirmar que o inimigo non se movera de Santiago, xa que non ben o primeiro indica ao segundo que o camiño se vía libre de contrarios, o xefe revolucionario acampaba xa coa súa división no Portazgo para proseguir estendéndose sobre a capital, véndose Mac-Crohon no trazo de abandonar vertixinosamente a súa posición e retirarse aos puntos que lle indicara o seu superior, despregando en guerrillas o groso da súa forza polos montes de Santa Margarida, colocando a súa retagarda no barrio de Santa Lucía.

Ás oito da mañá sitúa Solís as súas avanzadas en Monelos e o núcleo máis importante do seu exército no barrio de Eiris de Arriba, despregando tamén as súas guerrillas fronte ás de Mac-Crohon. Este foi retirándose paulatinamente co resto da súa xente cara Santa Lucía.<sup>236</sup>

Desde aquela hora, ata as seis da tarde, estiveron os revolucionarios agardando que a capital de Galicia dese sinais de secundar a insurrección para protexer a entrada dos mesmos nela, sen que ningún movemento favorable se inclinase a verícalo.

Cansos de agardar, optaron por seguir o seu itinerario a Ferrol, dando Solís entón as ordes oportunas para a marcha, efectuándose esta á indicada hora, chegando a Betanzos ás doce da noite.<sup>237</sup> As autoridades

---

235 *Doc. que posuímos.*

236 *Doc. que posuímos.*

237 «Esta misma estancia de las fuerzas de Solís á las puertas de la Coruña, demostró la impotencia de las autoridades del Gobierno evidenciando más y más el craso error de Solís de no comenzar el pronunciamiento en la Coruña y Ferrol como muchos pretendieron; y no dejó de importar que al ofrecerle la intendencia militar de las tropas que debían sublevarse en Galicia á D. Manuel Somoza Cambero, después de enterarle del plan concertado, manifestó que no tomaría parte en él, sino se iniciaba el movimiento simultáneamente en la Coruña y Ferrol, puesto que había elementos para triunfar. Aun después de desatendido su consejo y fuera de la primera

des da Coruña, ao coñecer que os revolucionarios alentaban a idea de sitiar e tomar a praza, prevíranse de antemán para a defensa, non cesando de funcionar activamente adoptando as naturais medidas de precaución, mais nas súas xestións predominaba unha lóxica timidez presentindo o crítico momento en que os pronunciados forzarían a entrada na localidade coa axuda da gran cantidade de conxurados que nesta se atopaban.<sup>238</sup>

Ordenárase a concentración de toda a forza de carabineiros que estaba distribuída no distrito e que non se liara na insurrección; ditándose tamén ordes aos alcaldes de Santa María de Oza, Arteixo, Oleiros e Alvedro,<sup>239</sup> únicos que se coñecían baixo a xurisdición de Villalonga, para que se presentasen na praza todos os licenciados do exército co obxecto de organizar un batallón provisional, con oficiais procedentes da situación de recrutamento, que eran o capitán don Cayetano Martínez, tenentes D. Pedro Rajal, D. Lorenzo Alvarez, D. Joaquín Sanjurjo, D. Rafael Tamasco, –este como axudante– e os subtenentes D. Pedro Angelí e D. Pascual Reguera.

Nestas ordes autorizábase a aqueles funcionarios para que dispuxesen dos fondos que obraban no seu poder, produto das contribucións, co fin de satisfacer os devanditos licenciados o haber de 4 reais diarios que se lles asignaba como natural estímulo para conseguir adeptos que apoiasen as referidas autoridades.

Eran tan autoritarias as medidas e tal a linguaxe inculta que naquelas se empregaba que superaba os límites da prudencia e da boa educación, inclinando o ánimo de toda canta persoa de mediano sentido que se atopaba baixo a súa acción, para censuralas e desexar o inmediato triunfo dos revolucionarios.

---

plaza, la guarnición pidió autorización á la Junta para apoderarse de los puestos que estaban cubiertos por escasa fuerza; y por la dificultad de reunirse los individuos de la Junta que estaban ocultos, nada se hizo».–PIRALA, ob. cit., páx. 454.

238 Entre os conxurados signi cábase como un dos máis temerarios o arquitecto municipal D. José Noya (tío do ilustre historiador galego D. Manuel Murguía), encargado, con outros, de violentar a porta da praza para facilitar nesta a entrada aos sublevados.

239 Entón, Alvedro era a cabeza do distrito municipal, e que por modificacións posteriores dos concellos veu xarse, no seu lugar, o concello de Culleredo.

Ás autoridades subalternas «se les recapitulaba el catecismo de sus atribuciones con las siguientes frases: *sobre todo obre usted con mucha energía, y tenga usted presente que el que da primero da dos veces*». <sup>240</sup>

A Xunta de «Seguridad y Defensa de la Coruña» dispuxo tamén, como medida preventiva, por se os pronunciados se apoderaban da praza, a inutilización de 13.000 fusís que había no Parque da Maestranza, encargando aos seus obreiros que quitasen as chaves a aqueles, trasladándoos nesta forma, inservibles, ao castelo de Santo Antón. Neste forte xérase grande acumulación de víveres.

Nos demais fortes da cidade, así como no xardín de San Carlos –antigo baluarte do mesmo nome– formouse a liña correspondente composta polos xenerais en activo e os de cuartel, gurando entre estes últimos os mariscais de campo D. Rafael Sampere e D. Antonio Loriga, e os brigadiers Conde de Priegue e D. José Valcarcel.

A maioría dos licenciados do exército reconcentrados mostrábanse refractarios para apoiar as autoridades delegadas do Goberno, pretextando que, cumprido xa o seu servizo en las, «solamente tomarían las armas en defensa de la libertad y de la Reina», por cuxo motivo houbo necesidade de ditar novas providencias antes de dotalos de armamento e municións, despedíndoos para as súas respectivas veciñanzas a evitar que o con isto se xesese máis radical. Para atemorizalos, préviuselles que todos durmirían aquela noite fóra do recinto da localidade, perfectamente custodiados. Espallábase a desconanza no Capitán xeneral de tal xeito que apenas se coñecía a súa existencia nada máis que polas sinaturas que estampaba nos seus bandos e proclamas, coincidindo no mesmo temor os seus compañeiros de Xunta, que por todas partes crían ver os insurrectos a centenaes.

A raíz do combate de Sigüeiro xa ocorrera, con motivo da concentración do batallón provincial da Coruña –que viña de Ferrol no vapor *Isabel II*,– que non se lle deixou desembarcar no porto coruñés, tendo que vericarlo na rampla de Santa Lucía, ou sexa, fóra de murallas, ante a desconanza de que formase causa común cos conxurados da capital, ordenando que a devandita unidade regresase novamente a Ferrol, por terra.

---

240 Do PORTO, ob. cit., páx. 125.

O transcurso de tempo desas seis horas investiuno o aludido xefe en forti car con maior solidez a Ponte Maior, Ponte Pedriña e Alameda do Cruceiro, en cuxos puntos se foron erguendo trincheiras, empregando sacos de area e acumulando troncos de árbore, pedras e outros materiais.

Destinou dúas compañías do Provincial de Mondoñedo nas trincheiras, outras dúas na Ponte Pedriña e catro nas alturas da Cruz de Montealegre. Outras tantas do de Guadalaxara na Praza da Constitución, e o resto das forzas permaneceron no cuartel de San Francisco, como punto dominante da localidade, e para responder nos momentos máis culminantes do ataque.

Os veciños da cidade, cadeadas as portas das súas vivendas, foron uns ás trincheiras e outros a Montealegre, cando non aos puntos máis sobresalientes de seguridade ou de defensa.<sup>284</sup>

Na Alameda do Cruceiro situouse a Garda Civil e os Carabineiros.

As mulleres, prevendo un triste desenlace, abandonaron os seus fogares, marchando e Piñor e ás alturas de Santa Ladaíña.<sup>285</sup>

Zendrera fíxose forte, ocupando as casas que dan acceso á cidade, aínda que non sen vencer algunhas di cultades para a colocación da súa xente, pois a veciñanza que, máis que coas tropas do Goberno fraternizaba cos partidarios da Constitución, opuña resistencia.<sup>286</sup>

Así disposta a defensa, non se agardaba máis que o primeiro disparo fose dun momento a outro o sinal de entrar en combate.

---

284 BENITO F. ALONSO, artigo citado.

285 BENITO F. ALONSO, artigo citado.

286 BENITO F. ALONSO, artigo citado.

A división Rubín detívose no punto que indicamos. «Soldados decididos y valientes», di Fernandez Alonso,<sup>287</sup> «formaban parapetados en las casas, en las huertas y en las viñas: pues si bien las compañías enemigas que se hallaban en las trincheras del puente manifestábanse en actitud hostil, como ignoraba Rubín cuanto en el interior sucedía con ado en las cartas de los capitanes de la guarnición ofreciéndole pronunciarse con la gente que mandaban así que dieran vista á las fuerzas del ejército libertador, aparecía relativamente tranquilo; pero aquellos, por los inconvenientes ya referidos, manteníanse obedeciendo al gobierno central».

Rubín ordenou ás súas avanzadas que se colocasen a un tiro de fusil da ponte. Un oficial pide parlamento, pasando á praza e, entregando unha comunicación ao Comandante xeneral, intima a rendición da mesma, excitándolle que se adherise á causa revolucionaria.<sup>288</sup>

Zendrera, por toda contestación, despediu o parlamentario, ordenando que outra compañía de Guadalaxara pasase a robustecer as forzas de Ponte Pedriña para defender a cidade, caso de ser acometida polo lado esquerdo do Miño.

Adiantouse a vangarda da división sublevada, entrando na ponte principal, e achégase o segundo xefe da mesma D. Sebastián Arias cunha compañía de Cazadores.

Preguntan daquela os da praza «¿quién vive?», respondendo o infatigable Arias «¡Zamora y Oviedo!».

A esta contestación segue unha descarga cerrada de fusilería. Non presumían os cercadores recibimento tan hostil, servindo para impulsar a Rubín a tomar posicións, mandando á súa corneta de ordes que xese novo sinal de parlamento e que as bandas de música executasen o *Himno de Riego*.

---

287 Artigo citado.

288 Comunicación pasada por Rubín á Xunta de Santiago, dándolle conta das súas xestións.—*Doc. que posuímos.*

Se a música, como opina o noso querido e ilustrado amigo Antonio Garrido Villazán<sup>289</sup> «es la más arrebatadora de las artes, la única que acompaña á los ejércitos y entra en acción decidiendo á veces la victoria», esta foi unha das ocasións en que non excitou os sentimentos do íntegro Zendrera os acordes do patriótico himno que desde o ano de 1820 ata despois da revolución de 1868 foi símbolo sublime dos principios liberais...

O *Himno de Riego* foi a un tempo grito de guerra e de vinganza nas múltiples e pavorosas contendas civís libradas en España entre a liberdade e o absolutismo, como o foi a *Marsellesa* en Francia nas épocas do terror e da revolución triunfante, mais coa diferenza de que as notas do canto de Rouget de Lisle, ao ser lanzadas ao espazo para estimular os arrestos do soldado francés levándolle vitorioso por todo o mundo, son e seguen sendo o himno de paz dun pobo libre...

O axente parlamentario, baixo un aluvión de balas, encamiñouse impasible cara a fortificación da ponte, mais observando que os inimigos intensi caban as súas descargas, saudou marcial e cariñosamente os amigos que entre aqueles se atopaban, reconvíndoos con amarga decepción:

-«¡Gracias, compañeros, gracias!».<sup>290</sup>

regresando despois ao lado dos seus camaradas, quen, sen facer o menor disparo, deixaban oír, entre as detonacións de fusilería dos sitiados e os acordes do canto liberal, entusiastas vivas á liberdade e á Raíña.

As autoridades da praza, acompañadas da Garda Civil e de innumerables curiosos, permanecían na Alameda do Cruceiro, a uns 400 pasos

---

289 É un coruñés moi distinguido, tenente coronel da arma de Cabalería, académico de número da Real de Belas Artes de San Fernando e correspondente da Galega, redactor xefe da *Ilustración Española y Americana*, autor dramático, notable crítico de arte e prestixioso xornalista.

O seu discurso de recepción naquela douta Corporación sobre a *Influencia de la música como elemento social* é un estudo moi interesante.

290 Do PORTO, ob. cit., páx. 140.-PIRALA, ob. cit., páx. 457. - FERNANDEZ ALONSO, art. cit.



da ponte que dominaban, agardando con impaciencia o desenlace deste sensible encontro.<sup>291</sup>

Un pelotón de soldados da división revolucionaria apoderouse, con inusitado arroxos, dunha taberna próxima enclavada na xurisdición sitiada, e parte da forza reuniuse con algúns compañeiros que tomaran posesión das hortas e viñedos inmediatos, permanecendo en actitude pasiva ata as oito da noite do 17, na que Rubín resolveu erguer o sitio e retirarse a Quíntela, de onde saíu para Ribadavia ás doce da noite, chegando a esta vila ás sete da mañá do 18.<sup>292</sup>

Semellante retirada produciu non pequeno asombro á poboación ourensá, que entendía, como era natural, que Rubín violentase a entrada introducíndose naquela, asegurando coas súas tropas a proclamación inmediata do alzamento na mesma, vindo entón contar a revolución con outra praza máis adicta e da importancia que Ourense revestía.

Este retroceso orixinou os conseguintes comentarios entre os parciais á causa, especialmente polo éxito inesperado que conseguiron os propios inimigos, celebrándoo, como era lóxico, Zendrera e Cachafeiro, que, encoraxados coa resolución de Rubín, extremaron máis as súas medidas na cidade, facendo alarde dunha delidade ao Goberno de Madrid que horas antes sería problemática, se o xefe revolucionario despregase maior pericia e celo na súa xornada do Carballiño a Ourense.

A eses comentarios envoltos en duras recriminacións non puido subtraerse Rubín, por moito que tentase xustificar a súa conduta ante a Xunta Suprema de Santiago e ante os seus propios compañeiros de armas.<sup>293</sup>

---

291 Do PORTO, ob. cit., páx. 140.-PIRALA, ob. cit., páx. 457.-FERNÁNDEZ ALONSO, art. cit.

292 PIRALA, ob. cit., páx. 457.-Do PORTO, ob. cit., páx. 140. -FERNANDEZ ALONSO, art. cit.

293 PIRALA, ob. cit. páx. 457, Do PORTO, ob. cit. páx. 140.-FERNÁNDEZ ALONSO, art. cit.

### III

Na disxuntiva de se debera Rubín suxeitarse ás indicacións do elemento civil de Ourense, que lle manifestara con oportuna antelación ao achegarse coas súas tropas á praza que entrase nesta por calquera das barcas do Miño<sup>294</sup> gardadas soamente por uns cantos carabineiros, xa que a forza que defendía a ponte non era de conanza absoluta, ou acceder ás insinuacións que recibira de varios capitáns da gornición ofrecéndose e comprometéndose a pronunciarse coas súas compañías en canto se adiantasen algunhas forzas sublevadas, é certo que Rubín, adoptando as opinións dos últimos, foi levado ao fracaso que vimos.<sup>295</sup>

---

294 Desde Ribadavia, deu coñecemento á Xunta Superior de Santiago do fracaso da súa expedición, nestes termos:

«*Ejército de la Constitución*. -2.<sup>a</sup> División.- Excmo. Sr: En consecuencia de lo que hemos acordado en esa, antes de mi salida, me he presentado en el día de ayer á las cuatro de la tarde al frente de la ciudad de Orense con la división de mi mando. El enemigo, envalentonado con los parapetos que había formado con anticipación en el puente, me ha recibido con una descarga, sin que de ella experimentase el menor resultado como tampoco mis ayudantes ni la tropa que me acompañaba. En esta situación permanecemos sufriendo el fuego á quemaropa sin que por mi parte hubiera consentido disparar ni un solo tiro, pues reconocía no adelantaba nada sino perder hombres y gastar municiones.

Además, para probar el pensamiento del enemigo, he mandado tocar á parlamento; y el oficial designado para este efecto, no solamente no se le ha querido recibir, sino que la contestación fué á balazos. En medio de todo, Excmo. Señor, tengo la indecible satisfacción de manifestarle que á pesar del fuego á tiro de pistola no ha habido ninguna desgracia, circunstancia que en parte me indemniza del sentimiento que me ha causado *la falta de cumplimiento en las palabras que se habían ofrecido*. - De este modo se continuó estableciendo las compañías de Cazadores en los puntos avanzados, hasta que después de anochecido me he retirado sobre Quintela; mas habiendo recibido noticias dignas de que el general Concha debía llegar en el día de hoy á Orense, he determinado retirarme á este pueblo cuya posición militar es más importante y en la que obraré según se presenten las circunstancias. De todo avisaré á V. E. oportunamente, debiendo participar al Señor Comandante general en jefe de todas las fuerzas lo que dejo arriba mencionado. - Dios guarde á V. E. muchos años. -Cuartel general de Ribadavia á 18 de Abril de 1846. -El Comandante general, LEONCIO DE RUBÍN. Excmo. Sr. Presidente de la Junta de Santiago».

295 Outro xeneral máis experto tería aproveitado as barcas para pasar o Miño, como se efectuou durante a nosa guerra con Portugal, e parte das forzas traelas a Ourense pola esquerda do río.-BENITO FERNÁNDEZ ALONSO, artigo citado.

«No sabemos», razoa Do Porto, «como un militar bizarro al fronte de sus soldados tan decididos como valientes, no se ha resuelto á admitir el reto que desde unas débiles fortificaciónes le hacían hombres sin más entusiasmo que el que les inspira los deberes de la disciplina. Esta conducta no merece censura sino acusación: no es falta sino delito que no debía quedar sin correctivo».

E realmente, os procedementos do xeneral en xefe da segunda división revolucionaria non foron todo o comedidos que demandaba o seu prestixio militar, que esixía a prema das circunstancias e a nobreza de aquel pronunciamento en que se xogaba a honra e benestar da rexión galaica.

En Ribadavia puido coñecerse con máis empeño a predisposición do espírito público pola cuestión revolucionaria, non atopando as tropas de Rubín máis que xente amiga que lles facilitase todo xénero de recursos e con dencias, informándoos de todas cantas resolucións emanaban das autoridades ourensás, que acusaban as mesmas inquedanzas de morneza ca as da Coruña.

Pesaríalle a Rubín, cando sufriu logo as amarguras dun longo desterro, a febleza que demostrou no ataque á cidade de Ourense, consecuencia do inmediato fracaso dos ideais revolucionarios, e con el, o sangue derramado poucos días despois en Cacheiras, Santiago e Carral?

O día que entrou en Ribadavia, soubo por informes que lle transmitiron de Ourense que o xeneral Concha se atopaba a sete leguas de distancia da devandita vila.

Reuniu Consello de xefes e oficiais para acordar o que procedía naqueles momentos supremos, xa que se desistira da ocupación da cidade ourensá.

Opinou a maioría permanecer en Ribadavia, por ter esta vila condicións estratéxicas inmejorables e de seguridade para observar os movementos de aquel xeneral, e en caso necesario, marchar directamente a Santiago para protexer a división de Solís, ou, en último extremo, continuar a retirada a Vigo e Pontevedra para recaer despois a Compostela, e desde esta poboación, operar as dúas divisións fusionadas, arrollando así o inimigo principal, que era Concha.

Non penetraron no ánimo de Rubín observacións e consellos tan racionais, e contra o ditame dos seus subordinados, sen expor o menor fundamento favorable, dispón a viaxe a Ponteareas; isto é, que en lugar de avanzar cara Santiago, se afasta máis desta cidade, deixando orfa de todo auxilio a división de Solís e o camiño expedito para que Concha perseguise a aquel.

Tampouco quixo aproveitar os utilitarios servizos que lle ofreceron en Ribadavia e O Carballiño algúns oficiais de reemplazo, poñéndose incondicionalmente ás súas ordes, e a quen en vez de aplaudir a súa espontánea decisión, aseguroulles «que no tenía fé en el pronunciamiento; pero que el que quisiera seguirle lo hiciera voluntariamente», dando lugar con estas confusas manifestacións a que moitos se retraesen de acompañalo.<sup>296</sup>

A unha persoa de crédito na provincia de Ourense rati coulle o mesmo, e aínda engadiu «que había tomado parte en la revolución por compromiso; que le habían puesto en las manos el mando de aquella fuerza; y que una vez comprometido no quería que á su sombra se comprometiese nadie.

Desleales y falsas eran tales aseveraciones, en un intruso de la revolución gallega, cuya espada es inexacto que nadie mendigase, porque la del último alferez valía tanto como la suya».<sup>297</sup>

Un dos que máis se resistían para que non se abandonase a Ribadavia era o segundo xefe da división, D. Sebastián Arias, quen aconsellou a Rubín que desistise dos seus propósitos, mais este contestoulle que, se el e outros xefes desexaban quedar na vila, deixábaos en completa liberdade ata que rematasen a venda do sal decretada pola Xunta Superior de Santiago,<sup>298</sup> porque el, indefectiblemente, marchaba na mañá do seguinte día.

---

296 Do PORTO, ob. cit., páx. 147.–PIRALA, ob. cit., páxs. 458 e 459.

297 Do PORTO, ob. cit., páx. 147.

298 Por virtude dun decreto da Xunta de Santiago, resolvérase a venda do sal, xando o prezo de 25 reais a fanega en lugar de 50 a que viña vendéndose o devandito artigo.

Disposto a pór en práctica a súa retirada a Ponteareas, adoptou as súas medidas para a espionaxe e correspondencia, saíndo de Ribadavia para o devandito punto ás oito da mañá do 19. D. Sebastián Arias, despois de ultimar a operación da venda da sal, fixoo á unha da tarde.

Desde Ponteareas pasou a Merens, meténdose na Cañiza o día 21.

Xa nesta vila, recibe unha comunicación entusiasta da Xunta revolucionaria de Vigo participándolle que unha representación da Mariña de guerra se asociara ao pronunciamento.

Rubín trasladouna inmediatamente ao brigadier Zendrera: «*Ejército libertador*. –E. M.– La Junta auxiliar de la suprema de Galicia en Vigo, me comunica por extraordinario posta salido de aquel punto á las cinco y media de la tarde de hoy lo que se copia: «A las tres y media de esta tarde se ha observado que el bergantín de güera *Nervión* y la barca *Astuto* procedentes del Ferrol y fondeados dentro de la isla del Norte de la ría desde las diez de la mañana se dirigían en conserva á este punto: á la distancia de dos millas del fondeadero hicieron sobre la marcha el saludo de ordenanza de veintiún cañonazos, á pesar do cuya señal de amistad y de hallarse engalanado con banderas en los topes y seguido hasta ponerse bajo los fuegos de los castillos, se tomaron las precauciones convenientes en la plaza y se les contestó al saludo desde la batería de La Lage.<sup>299</sup> Al momento de haberse concluido, se dirigieron uno y otro buque al fondeadero; y no pudiendo ya dudarse de que los comandantes y tripulaciones de ambos se habían pronunciado por la bandera levantada en Lugo y secundada por la mayor parte de Galicia, se dirigió á ellos una comisión de esta Junta con el caballero Comandante interino de Marina y otros empleados públicos que fueron recibidos con el mayor júbilo entre mutuos vivas á la Reina libre y constitucional, á la independencia y á la marina liberal. –La Junta al recibir en su seno á los referidos comandantes, que son del bergantín D. Luís Jorganes, y de la barca *Astuto* D. José de la Rigada, se apresura á participar á V. S. este suceso tan inspirado como ventajoso por los inmensos resultados que ofrece para el buen éxito de la noble causa que de ende esa denodada división, en cuyo conocimiento ruega á V. S. la Junta tenga á bien ponerlo inmediatamente.– Nota: el

---

299 A actual batería da Laxe.

lugre guardacostas *Vidasoa* que pertenece á la mencionada escuadrilla, acaba de fondear también bajo baterías y de manifestar su comandante D. Francisco Quesada se adhería al pronunciamiento».

Lo que transcribo á V. S. para su satisfacción, si es que le cabe en el glorioso y sagrado alzamiento dirigido á vindicar el honor español incapaz de ser empañado por la oscuridad. Al mismo tiempo tengo el placer de hacerle esta manifestación para que, *consultando su carrera ya que no movido por otros principios de losofía militar*, darle un nuevo testimonio del mucho aprecio que conservo á todos los del hábito militar en circunstancias espinosas de la guerra independientes de la armonía, buen porte y bizarría de que me precio, no, en competencia, de la falta que se ha cometido en esa plaza á la aproximación de las fuerzas de mi mando el día 18 del actual. Todas las poblaciones de primer orden tremolan el pendón del alzamiento, y sentiría in nito se estrellasen sus servicios en tan fuerte baluarte imposible de penetrar. –Dios guarde á V. S. muchos años.–Cuartel general de la Cañiza.–Patria y libertad.–Abril 21 á las doce de la noche de 1846.–*Leoncío de Rubín*.–Señor Brigadier, Comandante general de la provincia de Orense». <sup>300</sup>

Zendrera non contestou a precedente comunicación, apresurándose en cambio a trasladala ao Capitán xeneral, agregándolle que os pronunciados, en número de 2.500 homes, evacuaran A Cañiza, dispoñendo repregarse a Vigo «como punto más acertado para intentar hacerse rmes todo el tiempo posible y cubrir á Pontevedra». <sup>301</sup>

Participáballe tamén a chegada e saída de Ourense do Xeneral Concha para A Coruña, e explicáballe a morte inesperada de Manuel María Jiménez, garda civil de primeira clase de cabalería, por consecuencia dun disparo casual da súa carabina, ao saír do cuartel coa súa sección para facer a descuberta.

Non deixaba Zendrera de abrigar os seus temores supoñendo que ao partir Concha de Ourense volvera Rubín a acometer a praza, e, neste sentido o ciaba ao seu superior dicíndolle «que había tomado sus me-

---

300 *Doc. que posuímos.*

301 *Doc. que posuímos.*

didadas y disposiciones militares convenientes para hacer con la escasa fuerza que tenía la más vigorosa defensa».

Tamén publicou o seguinte:

«*Bando.*—D. José María Zendrera, Brigadier de infantería y Comandante general de esta provincia de Orense, etc., etc. Por el presente hago saber: Que en todo caso de alarma se observarán los artículos siguientes:

Artículo 1.º Todos los vecinos se mantendrán en sus casas, sin que puedan transitar por las calles otras personas que las encargadas de velar por la conservación del orden y tranquilidad interior y los empleados públicos que se retiren á sus respectivas oficinas: las patrullas de caballería quedarán encargadas de hacer cumplir este artículo en todas sus partes.

Art. 2.º Los cafés, tabernas y demás casas de bebidas, se cerrarán al momento, bajo la pena de cien reales vellón de multa y demás que por su desobediencia se hagan merecedores.

Art. 3.º Por la noche todos los vecinos estarán obligados á iluminar sus casas, bajo la pena, al que no lo hiciese, de dos ducados de multa.

Y para que nadie pueda alegar ignorancia, lo hago publicar por bando en Orense á veintiuno de Abril de 1846. —*José María Zendrera*».

## CAPÍTULO X<sup>302</sup>

Reformas económico-gobernativas adoptadas pola Xunta Superior de Galicia.– O xornal «La Revolución».– Medidas de precaución para combater o exército do xeneral Concha.– Sospeitas de traizón atribuídas Rubín.– Queixas producidas por Solís á Xunta Suprema.– Contestación desta.– Plan de operacións de campaña.– Sublevación dos buques de guerra «Nervión» e «Astuto»: o infante D. Henrique de Borbón: incidentes que xurdiron.

### I

Salvar o credo revolucionario do inmediato perigo que o ameazaba, expulsar de Galicia o exceso de centralización fomentado polo goberno de Madrid foron as aspiracións vehementes que alentaba a Xunta Suprema de Santiago.

Ao efecto, concibiron os seus membros un proxecto de reformas económico-gobernativas, adaptándose á conduta de aqueles homes que, en circunstancias análogas e transformados en saudables espíritos reformistas, adxudicaron e caces remedios a Inglaterra e Francia, cando estes Estados, experimentando as continxencias dunha abominable tiranía, se revolvían en horrorosas convulsións de fonda crise, sendo eses remedios tan radicais que lles serviu para velos otar moi logo na super cie dos pobos de maior liberdade e sobresaínte cultura.

Do seo da Xunta compostelá xurdiron os Cromwell e os Mirabeau, os Vergniaud e os Barére; isto é, o talento e a enteireza, como xurdiron sempre nos momentos en que os pobos se erguen e protestan para desprenderse do xugo que os depaupera e escraviza.

---

302 Parte deste capítulo foi publicado en varios números do xornal *El Correo Gallego*, de Ferrol, do mes de febreiro de 1904.



Precedentes sobrados testemuñas a historia dun modo indubidable e, como pobo de tradicional dalguía, non haberían de faltar tamén á familia galega, ao iniciar a súa formidable revolución, cerebros equilibrados que, como os de aqueles grandes patriotas, lle subministrasen a súa poderosa intelixencia, legándolle leis para que no porvir servisen de exemplo e de aquela conveniencia social de que tan precisada se atopaba.

Mais as loables iniciativas do goberno superior galego estreláronse, non como indica Do Porto na súa admirable *Reseña* –e neste punto non estamos de acordo– na escaseza de recursos pecuniarios e na falta de homes e armamento, por canto os primeiros se conseguían por si sos coa recadación que relixiosamente viña practicándose na case totalidade do país, é dicir, nas localidades e comarcas sublevadas, á parte dos que se recibían do estranxeiro, especialmente de Inglaterra; e respecto á segunda alegación, homes sobrados contaba Galicia, que constituían un equipo de soldados aguerridos para defender o ruidoso preito que se entaboara.

E a proba témola en que, sumadas as forzas das divisións de Solís e Rubín, arroxaban un conxunto que excedía os 5.000 soldados, mentres que as do seu inimigo o xeneral Concha non alcanzaban a metade da devandita cifra, cando menos ao dar este comezo ás súas operacións de campaña.

Francia, para conxurar as angustiosas situacións de 1793 e de 1870 que a empurraban a un inevitable decadentismo, non contou soamente coa gallardía dos seus guerreiros nin coa limitación de recursos pecuniarios: ao patriotismo dos seus homes ían harmonizados os talentos das cabezas directoras de aquelas memorables catástrofes políticas, que foron a xénese que completou a obra de rexeneración do pobo francés.

Outros motivos ou causas produciron o fracaso da xornada galega, que en principio non deixa de precisar o aludido cronista, e dos cales terá ocasión de coñecer o piadoso lector, se toma a molestia de continuar pasando a vista por este humilde traballo.

Aquí están as reformas gubernativas implantadas pola Xunta de Santiago, que era indispensable abordar, en consonancia coas diversas circunstancias polas que pasaba a rexión galega:

## Reformas Económico-Gobernativas

- Derrogación dos aranceis xudiciais de 1845.
- Reforma do plan de estudos, ídem de pasaportes.
- Modificación do imposto de consumos e portas.
- Supresión do sistema tributario, ídem, da policía.
- Rebaixa do sal.
- Arranxo do culto e clero.
- Substitución dos concellos actuais<sup>303</sup> polos de 1843.
- Declarar auxiliares todas as Xuntas de Galicia.<sup>304</sup>

## Medidas de Guerra

Formar cos licenciados do exército residentes en Galicia batallóns coa denominación de *Defensores do pobo*.

Designar os gardas civís co título de *Guías da liberdade*.

Deixar os carabineiros coa mesma organización.

Crear un escuadrón de cabalería en cada provincia galega, declarando requisados todos os cabalos e eguas que tivesen a alzada de 7 cuartas coa rebaixa de 4 polgadas.

Conceder 2 anos de rebaixa aos soldados que se adherisen nun termo dado ao alzamento.

Este era o proxecto primordial dos actos verificados pola Xunta, uns, para identificar as comarcas galegas na nova orde de cousas, e outros, singularmente acerca das medidas que afectaban á defensa do territorio como as de *guerra*, por ser de tal perentoriedade que non admitían dilación.

Non queremos con isto defender en absoluto os actos de que se trata, mais, se houbo lixeireza e ata ofuscamento en legislar, como obxectan algúns comentaristas de aqueles acontecementos<sup>305</sup>, acháquese o defecto ao estado de ánimo do país e conveñamos que, se os homes

---

303 Do ano 1846.

304 A Xunta de Lugo manifestara á Superior que, atendidas as circunstancias especiais de aquela capital, era indispensable que continuase co carácter e atribucións de gobernativa, co obxecto de evitar o conxunto en caso de interceptacións. Foi, daquela, única que, por estas razóns, non se declarou auxiliar de goberno.—Do PORTO, ob. cit., páx. 150.

305 Do PORTO, PIRALA, FERNANDEZ DE LOS RÍOS, VALERA e outros, nas súas respectivas obras citadas.

da Xunta compostelá se deron présa para levar á práctica as súas reformas, observemos que entre elas, dúas, desde logo, pola importancia que revestían, mereceron as simpatías xerais do país, como por exemplo, as que se referían á *abolición do sistema tributario* e á da *rebaixa da exacción do sal*, que do escandaloso prezo de 56 reais que se esixía pola fanega, se reducise ao de 25.<sup>306</sup>

Estes dous decretos serviron de poderoso aliciente para que aquelas persoas que con estoica impasibilidade miraban a marcha dos sucesos se despoxasen da súa apatía e abrazasen con entusiasmo a bandeira revolucionaria, facendo votos polo seu próximo triunfo, e acudindo a prestar espontaneamente os servizos que se lles pedían.

Os licenciados do exército e innumerables paisanos alistábanse sen a menor excitación na recruta decretada para empuñar as armas, gu-  
rando entre os primeiros veteranos avezados na milicia que acababan de loitar na anterior guerra civil carlista.

Aínda que é certo que en Santiago non alcanzaron a armarse máis que uns 150 homes, en cambio en Pontevedra e Vigo saíron 800 para reforzar a división de Rubín, provéndoa de uniformes, armas e muni-  
cións.

Foron tantos os miles de homes que solicitaron o seu alistamento no Exército liberador, que agardaban con viva ansiedade –di Do Porto– a chegada de *dez mil* fusís procedentes de Londres, que dun momento a outro desembarcarían no porto de Vigo. E o número de 10.000 aínda era reducido para tantos recrutados!....<sup>307</sup>

---

306 Posuímos varios documentos que nos facilitou o noso competente amigo, tan coñecedor das cousas de Galicia, Antonio Abelardo Rey Escariz sobre reclamacións formuladas ao goberno central por D. José Salamanca, contratista xeral da Empresa de Sales, os cales documentos nos informan que daquela tomaran posesión de todos os celeiros as Xuntas revolucionarias e forzas sublevadas, sendo aquelas as encargadas da venda do devandito artigo ao prezo de 25 reais fanega, prezo ao que aproximadamente se está vendendo na actualidade.

307 Ob. cit., páx. 153.

## II

Como *El Amigo del Pueblo*, órgano semi-oficial da fracción xacobina da memorable Convención francesa, inspirado polo escéptico Marat para identificar o populacheiro parisién naquel exclusivismo de ideas que concibía a súa exaltada imaxinación, así funda a Xunta Suprema de Galicia o seu xornal oficial co título *La Revolución*, dirixido por espíritos de condición máis humana ca a do alucinado convencionalista, e dun altruísmo máis en harmonía cos sentimentos da familia galega.

A prensa tiña daquela unha misión máis elevada, máis patriótica, máis independente: ata o período da Restauración, a súa doutrina, o seu credo único e exclusivo cifrábanse en loitar polos ideais e pola conquista do poder. Era o xornal órgano dun partido vigoroso, co seu carácter esencialmente político, sen ningún xénero de eufemismos nin de criterios particularistas.

Constituído hoxe en empresa industrial, fai da información verdadeira mercadoría, perdendo aquela independencia política tan enalzada noutras épocas pola opinión.

Ao doutrinarismo morto, como expresa un ilustrado periódico da Corte<sup>308</sup>, sucedeu o fulanismo: antes representaban credos políticos, encarnan hoxe criterios particulares naturalmente tornadizos e volubles. Os ideais, deste modo, en lugar de ensancharse, estreitáronse e personalizáronse totalmente.

Outro xornal coruñés, con bo xuízo e discernimento<sup>309</sup> dicíanos que actualmente en España non se coñece o xornal completo e popular.

«Los periódicos españoles nacieron en la época de las grandes luchas del siglo pasado, cuando las gentes tenían en sus ideales una fe verdaderamente admirable. Entonces el periódico se consagraba por completo á la pelea por convicciones arraigadas, fervientes, mantenidas con entusiasmo delirante; la publicidad refejaba ese estado de ánimo y solo para la política del partido tenía espacio. Desde entonces, los

---

308 *Nuevo Mundo*, núm. 596 de 8 de xuño de 1905.

309 *El Noroeste* de 7 de abril de 1906, núm. 3.991.

periódicos han conservado el resabio de dedicar casi toda su atención á la chismografía de salones y pasillos oficiales, al comadreo de personajes y bandos. Con eso, los crímenes y los toros, se cubren de grandes planas, dejando para cosas amenas, cultas, artísticas y divertidas los espacios sobrantes cuando los haya».<sup>310</sup>

Mais estes defectos que sinala o xornal aludido non deben achacarse exclusivamente a España. Nas nacións máis serias e máis adiantadas, que senten orgullo en sustentar principios de reñada cultura, adoce a súa prensa dos mesmos vicios e dos mesmos criterios particularistas.

O xornalismo, –dicía Antolín Faraldo no ano de 1845–<sup>311</sup> é unha especie de sacerdocio que esixe pureza, abnegación e valentía para exercerlo: os que non teñen bastante civismo para sacriñalo todo ao ben do país, eses «no son dignos de asociarse á nuestras tareas».

En diferentes páxinas da súa grandiosa *Historia Contemporánea*,<sup>312</sup> César Cantó fustriga duramente á prensa:

«Las gacetas (los periódicos), han acabado por ser el único pasto intelectual, la única inspiración de una época que no sabe ó no quiere pensar y resolver por si misma y en que una pluma de urraca ó de loro, hace las veces de pluma de águila ó de cisne. Buscando y conquistando de este modo un imperio ilimitado sobre el hombre llamado por antítesis *animal razonable*, el periódico perdió su dignidad<sup>313</sup> y se redujo á no ser más que el intérprete de un individuo ó de los parroquianos

---

310 *El Noroeste*, núm. cit.

311 *El Porvenir*, «Revista de la juventud gallega», núm. 3 de febreiro de 1845.– Santiago.

312 Cap. 20 e 21, páxs. 249, 281.–Barcelona, 1892.

313 É por todos conceptos lamentable e, polo tanto, crime de lesa cultura, o que vén ocorrendo nestes tempos con determinados xornais. Postos en mans de xentes inexpertas e ignorantes, pretenden pasar por publicacións serias e que de todo entenden, inserindo con unha desaprensión propia da ineptitude traballos de redacción ou todos cantos que de colaboración lles envían que atentan contra o bo sentido e a cultura pública, dando así probas dedignas da verdadeira *capacidade mental* dos seus autores, quen, levados pola súa vaidade e soberbia, se cren en estado de ensinar, cando tan necesitados están de aprender para librarse e librar o xornal en que escriben do ridículo máis espantoso.

de un café No es por cierto escaso el mérito de aquellos que pueden vanagloriarse de no haber hecho nunca burla de una buena acción ni haber desalentado jamás la virtud...».

«No son malos los periódicos sino los periodistas» –di atinadamente o noso douto amigo Antolín López Peláez, actual bispo de Jaca, na súa novísima e admirable obra *La importancia de la prensa*<sup>314</sup>– «como no son malos los explosivos sino quienes los colocan en la vía pública: el periódico es lo que se quiere que sea; y no tiene la culpa de lo que allí se escribe. Se abusa de él, pero ¿qué habrá tan inocente y tan santo de que la humana malicia no abuse? Nada más humano, social y progresivo que la palabra; y no embargante, es para muchos lo que para Talleyrand, un medio de ocultar y disfrazar el pensamiento».

Observacións e xuízos tan sensatos como os que deixamos expostos, que son el re exo do xeneral sentir, móvennos a producir esta digresión ao referirnos ao órgano que fundaran os revolucionarios galegos para cimentar con maior solidez aqueles ideais que con sinalada inxenuidade defendían; e con tanta ou máis razón, canto que, en aquela etapa de verdadeiro terror, a prensa inimiga da política de Isturiz suspendera a súa publicación,<sup>315</sup> Antolín Faraldo, práctico na in uencia que exercía a palabra impresa, foi o iniciador, e director do xornal *La Revolución*, por xulgalo altamente loable para encamiñar as opinións e dar ao propio tempo publicidade a todos os actos da Xunta Superior do goberno de Galicia.

Saía en días indeterminados, editándose nos obradoiros da Viuda e Fillos de Compañel de Santiago, segundo facsímile que do orixinal proporcionado polo noso amigo D. Fernando Mon nos compracemos en publicar, e que responde ao número 1.º do 17 de abril de 1846.<sup>316</sup>

---

314 Barcelona, 1907. páx. 94.

315 Na Coruña ordenaron as autoridades a suspensión dos xornais, excepto o que levaba o título de *El Liceo*, cuxo facsímile inserimos no Capítulo III.

316 Do PORTO explica que se publicaron tres números; PAULO P. COSTANTI BALLESTEROS, na súa interesante *Historia del periodismo santiagués* (notas compostelás), manifesta que o xornal *La Revolución* limitou a súa vida a un só número.

FULGOSIO, na súa ob. cit. e PIRALA, na súa, indican que o devandito xornal se publicou tres veces, noticia tomada se cadra da *Reseña* de Do PORTO.

No devandito número, inseríanse: na primeira plana, o manifesto da Xunta que abrazaba parte da segunda, e nesta e a terceira, as disposicións governativas. Toda a cuarta plana dedicábase a describir a revista das tropas sublevadas veri cada o día 15 en Santiago, a dar noticias do movemento revolucionario en diferentes aldeas de Galicia e a participar que dentro de breves días desembarcarían en Vigo, procedentes de Londres, 20.000 fusís destinados ao exército sublevado.

Noutros números, –de ser exacto o testemuño de Do Porto,– dábase conta de varias comunicacións da Xunta auxiliar de Vigo, informando acerca das sublevacións de Cádiz, Ciudad Real, Zaragoza e Pamplona, datos tomados da prensa portuguesa, e que, pola súa dubidosa procedencia, se xo caso omiso deles, abstraída como estaba coa súa cuestión a rexión galega e entregada aos seus propios esforzos.

Tamén publicaba *La Revolución* como noticia de transcendencia a conxura levada a efecto en varias vilas do veciño reino portugués –entre elas, a de Braga– contra o ministerio Costa Cabral e o irracional sistema de tributación que rexía na devandita nación, esencialmente análogo ao de España.

Inseríanse igualmente no devandito órgano todos os movementos das forzas divisionarias.

### III

A Xunta Superior ultimou seguidamente os seus aprestos de guerra: en Santiago non se conservaba máis guarnición ca os nacionais e os 150 voluntarios que mencionamos, parte dos que se seccionaron para habilitar diferentes destacamentos que se estableceran nos arrabaldes da cidade, que como sabemos, esta era a órbita onde xiraba a Convención galega para as súas deliberacións e a adopción de acordos governativos.

Houbo días en que as tropas revolucionarias se atopaban a 15 leguas de distancia da poboación, e os inimigos á de 10 soamente e, sen embargo, a veciñanza entregábase pací ca ás súas habituais faenas e a Xunta aos seus traballos sen o temor máis leve, fundados unicamente

na con anza da súa forza e no desalento dos seus inimigos,<sup>317</sup> circunscribíndose a última a coñecer os movementos e combinación das dúas

divisións liberais e estudando a maneira de cohonestar co seu proverbial celo a invasión do exército de Concha.

Os datos o ciais recibidos de Pontedeume e Ribadavia, aqueles enviados por Solís e estes por Rubín, así como os que referían minuciosamente a saída do xeneral Concha de Ourense cara Monforte, preocuparon á Xunta Superior para dar con urxencia un novo xiro ás operacións. Para evitar danos sensibles que se aveciñaban, era prudente converter con toda rapidez as columnas expedicionarias en exército agresor, que ata entón estaban reducidas ao sistema de propaganda.

Baseábase o proxecto en reunir as dúas divisións de Solís e Rubín consistentes en 5.500 homes e atacar os 3.000 de Concha. Batido este con fortuna sen darlle tempo a que se lle incorporasen maiores forzas, inutilizaríase o seu plan de campaña.

O éxito desta vitoria habería de inuír grandemente para que moitos dos que militaban nas filas de aquel xeneral e comprometidos na revolución seguisen indefectiblemente os vencedores.

Ideado o devandito proxecto a raíz de coñecerse os repetidos fracasos de Rubín e Solís nas cidades de Ourense, Coruña e Ferrol, púxose en coñecemento de ambos xefes, suxeitándoo, polo momento, á sanción do segundo. Este xa abundaba no mesmo parecer, por ser o seu obxecto observalo ao retirarse das inmediacións da poboación ferrolá. No camiño, e ao seu regreso desta, cando ía cara Santiago, atopouse coa comunicación da Xunta.<sup>318</sup>

---

317 Do PORTO, ob. cit., páx. 153.–PIRALA ob. cit., páx. 459.

318 «Junta Superior provincial del Gobierno de Galicia,–Excmo. Señor: – Muy sensible ha sido para esta Junta que el movimiento emprendido sobre Ferrol, no obtuviese el brillante resultado que se esperaba, no viendo en el día otro proyecto más ventajoso que dirigirse hacia Orense con todas las fuerzas reunidas y á marchas forzadas para caer sobre Concha; haciendo el mismo movimiento con objeto de aislarle, la segunda división expedicionaria que se halla en Ribadavia ó Puente Áreas, provistándose de municiones y calzado. De este modo cortando á los enemigos la retaguardia por el lado de Lugo y estrechando el campo de sus



Tamén se lle trasladou a Rubín o parte de Solís, no cal se lle noti caban as infrutuosas tentativas sobre a praza de Ferrol, advertíndolle da conveniencia e necesidade de que avanzase a Santiago para incorporarse á primeira división e operar acto seguido contra Concha, sen deixar por iso de escudriñar os movementos deste, cuxo pensamento se lle comunicara ao xeneral en xefe para a súa intelixencia debida.

Envióuselle este o cio na mañá do 21, «y es fuera de toda duda que ha llegado á sus manos por no existir ningún obstáculo para impedirlo, puesto que el tránsito se hallaba completamente libre de enemigos por la carretera de Vigo á Puenteareas».<sup>319</sup>

Rubín nin acusou recibo nin participou á Xunta o estado das súas operacións militares desde o seu amago a Ourense, concretándose soamente a mandar o parte que datou en Ribadavia no 18. Desde este día, obrou independentemente, debéndose a con dencias particulares as únicas noticias que a Xunta recibía del.

Vendo esta que o prestixio da súa autoridade era completamente desatendido, non obstante os requirimentos constantes que ao referido xefe se lle facían, dando lugar a sospeitar, non sen fundamento, da súa deslealdade acordou a Corporación mandar a D. Ramón Buch como delegado da mesma, para scalizar e inspeccionar a conduta do seu subordinado, autorizándoo por medio dunha comunicación especial para a adopción das providencias que xulgase necesarias e aínda ata de aquelas que tendesen á separación dos xefes que non lle inspirasen unha completa con anza.

---

operaciones, se le pudiera combatir con buen éxito, pues esta Junta se halla ya bien persuadida *que la contienda en Galicia solo puede decidirse á bayonetazos*. De cualquier modo, no debe perderse un momento, pues solo la actividad y resolución pueden hacer triunfar pronto la bandera liberal. Concha solo tiene á su disposición 2.700 hombres y 300 caballos de los que no puede obtener grandes ventajas por lo quebrado del terreno. Tal es la opinión de esta Junta que V. E. puede adoptar, si la cree realizable, comunicando su pensamiento al señor Rubín, y sin emplear fuerza alguna en la ciudad de Lugo, pues este punto puede socorrerse fácilmente si se pone en planta este proyecto. Patria y libertad Santiago, Abril 21 de 1846. –Pío RODRÍGUEZ TERRAZO, Presidente. –Por acuerdo de la Junta.–ANTOLÍN DE FARALDO, Secretario.–Excmo. Sr. General en Jefe del Ejército libertador».

319 Do PORTO, ob. cit., páx. 156.

Aludindo, aínda que dun modo indirecto nesta última parte á persoa de D. Leoncio de Rubín, «la Junta, observa Do Porto, hubiese caminado con más acierto dando pruebas de mayor energía, si la autorización fuese más elástica y la pena correspondiese al delito».

Acerca deste pormenor atribuíuse á Xunta o defecto de benevolencia: se se sospeitaba da adhesión do xeneral Rubín, a resolución que como máis benigna debiera aplicárselle era a súa destitución inmediata, e o seu cargo recaería dignamente no seu segundo D. Sebastián Arias, aínda que non fose máis que co carácter de interino, ou noutro militar do prestixio do xeneral D. Martín José de Iriarte, consecuente liberal, que en anteriores loitas dera probas evidéntísimas contra os inimigos dos principios democráticos, segundo comprobamos noutro lugar e a quen por aqueles días escatimara a Xunta un batallón de soldados para volver fomentar a insurrección en Castela a Vella, vingar a desfeita de Astorga e axudar decisivamente á solución do alzamento galego.<sup>320</sup>

---

320 Véndose Iriarte defraudado nas súas aspiracións e coa pena de eliminárselle da parte activa que no alzamento galego desexaba tomar, partiu a Vigo, e coñecendo aos poucos días do seu fatal desenlace, emigrou por terceira vez a Portugal, arroxado da súa patria por defender aquelas ideas que con tanta enerxía sostivo ata a súa morte. D. Martín de Iriarte presentouse á Xunta Superior ofrecéndolle os seus servizos e demandándolle *un só batallón* para regresar a Castela co seguro propósito de que os Corpos de *Salamanca, Pontevedra e Tarragona* que gornecían as cidades de Oviedo, León e Zamora se pronunciarían inmediatamente, e con 9.000 fusís que existían nesta última poboación formaría unha forte expedición sobre a provincia de Ourense para destruír en combinación con Solís e Rubín as forzas do xeneral Concha. Esta proposición, lla do celo deste ilustre como desgraciado proscrito, non puido ser compracida fundándose a Xunta en que as tropas se atopaban incorporadas ás dúas divisións dos citados xefes actuando en operacións, mais prometéuselle que, en canto chegasen armas e se organizasen os corpos francos, tería á súa disposición os soldados que quixese «sintiendo en extremo no hallarse con tropas para ponerlas á las órdenes de un general tan aventajado». E engadía o o cio: «Las dos divisiones expedicionarias que se han dirigido á Orense y Lugo no pueden desmembrarse sin esterilizar el resultado de sus operaciones combinadas y sin haber antes destruido los obstáculos que se oponen á generalizar el alzamiento en toda Galicia. V. E. en su penetración no podrá desconocer esto mismo.— Esta Junta, no obstante, cree que, organizados los batallones de licenciados, tendrá la grata complacencia de ofrecer á V. E., medios suficientes para servir á la causa popular proclamada en Lugo, con la decisión y acierto que ha desplegado V. E. en los campos de Navarra, Aragón y Cataluña.—Patria y Libertad.—Santiago Abril 17 de 1846.—Pío RODRÍGUEZ TERRAZO, Presidente.—Por acuerdo de la Junta: ANTOLÍN DE FARALDO, Secretario;— Excmo. Sr. D. Martín José de Iriarte». — *Copia orixinal*.—PIRALA, obra citada, pág. 453.



*Pío Rodríguez Terrazo*

Retrato de D. Pío Rodríguez Terrazo

## IV

Malgastárase un tempo admirable cos procedementos pacícos usados ata entón por D. Miguel Solís, causando ao movemento revolucionario unha vida lánguida e desesperada que tendía a malograr o seu triunfo. Era de rápida solución cambiar eses procedementos en medidas de acción: o pronunciamento galego non podía conquistar xa máis terreo senón por medio da loita coas armas. Da súa sorte dependían os éxitos, así é que no momento de regresar coa súa división a Santiago o xeneral en xefe púxose a deliberar en unión da Xunta asesorando a D. Víctor Velasco (a quen se lle encomendara o cargo de Comandante xeneral da provincia da Coruña), para tomar as oportunas resolucións, resolver os erros padecidos e remediar as decepcións experimentadas polas dúas divisións expedicionarias nas súas operacións respectivas da Coruña, Ferrol e Ourense.

Un bando de Solís, como Xefe do Exército liberador, datado o 21 de abril, sintetizaba os acordos tomados polo Goberno superior; mais aquel non se atopaba ao parecer conforme coa actitude deste, ao dirixir ao mesmo unha comunicación que entregou en propia man do Presidente Rodríguez Terrazo, queixándose severamente da parsimonia usada durante os sete días da súa constitución sen levar á práctica coa prexa que exixían as circunstancias, as reformas gubernativas que se decretaran.<sup>321</sup>

---

321 «*Ejército libertador. –División expedicionaria de Galicia.* –E. M.–Excelentísimo Señor: La experiencia de 19 días transcurridos desde que este Ejército enarboló la bandera de la libertad, y V. E. se halla al frente del gobierno de las cuatro provincias de Galicia, ha demostrado de un modo indudable que marchan con mucha lentitud las reformas gubernativas que son indispensables para que la autoridad de V. E. sea por toda clase de personas obedecida en toda la extensión de este antiguo reino. Sensible me es decirlo, Excmo. Señor; pero la salvación de la Patria exige de mí el sacrificio de ser tal vez el primero que manifieste á V. E. que sus soberanas disposiciones no son obedecidas sino en el corto número de poblaciones que, imitando á esta ciudad, sacudieron el yugo del tirano Gobierno de Madrid. V. E. conocerá muy bien que con estos elementos no es posible que las operaciones sean con la rapidez que requiere el sagrado interés de su propia conservación, por carecer de líneas de comunicación que faciliten frecuentes y positivas noticias de los movimientos de los enemigos y hasta del corto número de bagajes que necesitan y como las vastas ocupaciones que me ocasionan la organización de un ejército nuevo y otras de mucha consideración anexas al destino que desempeño, no me permiten dedicarme á remover por mí estos obstáculos, considero de una

Ferida profundamente a Xunta no seu amor propio, con semellantes cargos, que consideraba inxustificados, contestou inmediatamente ao xeneral en xefe, facéndolle comprender a obsesión en que estaba. O oficio foi redactado por Antolín Faraldo, e de tal índole e natureza eran os razoamentos que no mesmo aparecían que Solís tivo a ben aceptalos, dando por ultimado o asunto.<sup>322</sup>

---

imperiosa necesidad, y *hasta exijo por el bien de la causa de la libertad*, que con un individuo de cada una de las Juntas de provincia se forme otra auxiliar que siga constantemente los movimientos de este cuartel general, para que con sus trabajos pueda auxiliarme en lo gubernativo; que presencie las operaciones militares; y por último, que á la mayor brevedad posible y sin consideración á los gastos que ocasionen, y utilizando cuantos fusiles y escopetas se encuentren, se forme una guardia municipal compuesta de un jefe superior en cada provincia, que se entienda con su Junta respectiva y con el del E. M. de este ejército, un subalerno en cada partido judicial y un sargento ó cabo con seis guardias en cada Ayuntamiento para vigilar el cumplimiento de las órdenes de V. E., estar al alcance de cuanto sucede en lo interior, interceptar las comunicaciones al enemigo, aprehender sus enfermos y rezagados, imposibilitarle la reunión de raciones, dar á V. E. parte de las novedades que ocurran cada 24 horas, ó antes si fuesen importantes, y á mi autoridad cuando conceptuase conveniente ordenarlo; y de no verirse así, salvo mi responsabilidad desde ahora, y recaerá sobre V. E. la de los males que pueden resultar á la gloria de la causa que unidos defendemos. –Dios y libertad. – Santiago 22 de Abril de 1846. –Excmo. Señor.–El general en jefe, MIGUEL SOLÍS Y CUETOS.–Excelentísima Junta Suprema de Gobierno».

322 «*Junta Superior provisional de Gobierno de Galicia*.–Excmo. Señor: Con gran sorpresa se ha enterado esta Junta de la manifestación que V. E. le ha dirigido en el día de hoy. La dureza de su lenguaje y la injusticia de sus cargos, pondrían á este Cuerpo en la necesidad de dimitir sus poderes, si su abnegación en favor de la libertad no fuese tan completa como merece la más noble y santa de las causas. Comprendiendo todo lo grandioso de su misión, esta Junta no ha cesado un momento en desplegar todos los medios de que dispone para facilitar noticias á su ejército de los movimientos y operaciones de los enemigos, ha dictado medidas económicas y administrativas, las más poderosas para recoger las simpatías del país; ha decretado la organización de los licenciados y la requisición de todos los caballos; ha dispuesto la centralización de todos los fondos en Lugo, Santiago y Pontevedra; ha mantenido con las Juntas la correspondencia más activa y ha sostenido, en su espíritu público. Para ello dictó las órdenes más terminantes á las personas encargadas de cumplir sus disposiciones, para la exacta y rápida ejecución. Los números del periódico oficial *La Revolución*, son el más elocuente testimonio de su conducta, y con los que responderá al país del modo como ha cumplido su alto encargo. Si V. E. No obtuvo el resultado que debía prometerse de una división tan bizarra y entusiasta, á esta Junta bajo ningún concepto corresponde hacerle cargos por ello. Atribúyase á la desgracia ó á *la cobardía de algunos malos caballeros*, y no se culpe á esta Junta que, distante 15 leguas de ambas divisiones, ha tenido el civismo ó la temeridad de permanecer en este pueblo sin

Sendo, pois, de perentoria necesidade presentar combate ao inimigo apelando aos medios ofensivos, en consideración á forza numérica de homes que sobre este tiñan os revolucionarios, resolveuse a pór en práctica o pensamento, ou recorrer, en último extremo, aos defensivos, sempre que se soubese con certeza que os contrarios aumentarán o seu continxente de guerra.

Dadas as situacións vantaxosas que ocupaban as divisións de Solís e Rubín, poderían auxiliarse mutuamente, a pesar do inmotivado desvío do último do seu círculo de acción expectante.

Colocado Concha, como razoa Do Porto, no vértice dun triángulo formado polas tres cidades de Ourense, Pontevedra e Santiago, amagaría unha das últimas. Se marchaba cara a primeira, polo movemento unánime das forzas expedicionarias en dirección converxente pola estrada xeral, chegaríase a copalo entre dous fogos e á vez atacalo por dous puntos. Se o verí cababa cara a segunda poboación, atopábase Rubín en ocasión oportuna de vir observándoo á retagarda, chegando a tempo de protexer a división de Solís.<sup>323</sup>

Como consecuencia deste plan, seríalle humanamente imposible a Concha moverse de Ourense ao tentar evolucionar sobre os principais puntos sublevados, sen prever que picaba sempre a súa retagarda un inimigo de observación e, en caso de provocar as súas hostilidades, tiña que decidilo con tropas máis numerosas ca a totalidade das columnas sublevadas.

---

más apoio que su prestigio. La Junta calla el sentimiento que produjeron en ella algunas frases de su exposición; ahoga las quejas á que pudiera entregarse al ver la injusticia con que V. E. califica su conducta; mas faltaría á su decoro y dignidad, si se olvidara de que *representa dos millones de ciudadanos*; sino manifestase á V. E. que si tuviese el sentimiento de leer otra comunicación como la de hoy, abandonaría su puesto, dirigiendo al país la más clara y explícita manifestación de las causas que á ello le movían. El pensamiento de que acompañen á su ejército representantes de las Juntas, esta Superior lo halla tan justo y razonable, que ya se anticipó á realizarlo enviando á sus vocales D. Ramón Buch y D. José María Santos, cerca de la segunda división expedicionaria; y para ello podría ponerse V. E. de acuerdo con esta Junta. -Patria y libertad. Santiago y Abril 22 de 1846. -PÍO RODRÍGUEZ TERRAZO, Presidente.-Por acuerdo de la Junta, ANTOLÍN DE FARALDO, Secretario.-Excmo. Sr. General en Jefe del Ejército libertador».

323 Ob. cit., páx. 163.

Por outra parte, o xefe das tropas do goberno central loitaba con outros inconvenientes moi poderosos, que xa expuxemos, e que eran o pleno descoñecemento do terreo que pisaba, accidentado de seu e de seu abrupto e montañoso, propicio en cambio para os revolucionarios que, cun sistema activo de guerrillas, poderían traer en xaque a un exército considerable, sen a menor esperanza de conseguir este unha vitoria completa, e si un gran enervamento na totalidade das súas unidades.

E un exemplo ben dedigno tivémolo na guerra da Independencia: a Galicia, polo patriotismo e gallardía dos seus llos, débese, coa súa combinación de guerrillas, a liberación da Península, rexeitando o poderoso exército do famoso duque de Dalmacia.

Contaba tamén o Exército liberador coa non vulgar intelixencia e arroxos de D. Víctor Velasco, guerrilleiro de renome, como acababa de probalo na anterior campaña carlista e precisamente na rexión galega.

## V

Despois de facer noite o 21 en Sigüeiro o resto da división de Solís, xo a súa entrada en Santiago ás oito da mañá do 22.

Á mesma hora, aproximadamente, recibíuse un correo de Pontevedra, coa noticia de pronunciarse na baía de Vigo o bergantín de guerra *Nervión* e a barca *Astuto*, mandadas o primeiro por D. Luís Jorganes Pardo de Andrade e a segunda por D. José de la Rigada y Leal, ambos tenentes de navío e llos de Ferrol.<sup>324</sup>

Ambos buques, co bergantín *Manzanares*, que mandaba o infante D. Enrique de Borbón, atopábanse no Departamento marítimo cando se iniciou o día 2, en Lugo, o pronunciamento galego.<sup>325</sup>

---

324 Véxase o Capítulo IX.

325 Co título *Un episodio de nuestras luchas civiles*, publicou o discreto xornal *La Correspondencia Gallega* de Pontevedra do 22 de agosto de 1904 un interesante artigo de D. Ramón Álvarez de la Braña, recentemente falecido, e ilustrado funcionario que foi do Corpo de Arquiteiros Bibliotecarios.

Este traballo infórmanos, entre outros particulares, de que a principios da primavera de 1846, o bergantín *Manzanares*, que procedía de Ferrol, fondeaba próxi-

A complicidade atribuída ao infante naqueles sucesos, que prometera solemnemente pronunciarse en Vigo, mais que lle faltou ocasión oportuna para cumprir a promesa, induciu o Goberno a separalo do mando do *Manzanares*, interromperlle o complemento dos seus estudos na Armada e desterralo a Francia, ao propio tempo que ordenou saísen para a ría de Vigo co obxecto de bloquear esta praza, o *Nervión*, a *Astuto*, e o lugre *Bidasoa*.<sup>326</sup>

Don Enrique de Borbón partiu da Coruña para o seu desterro o 30 de Marzo de 1846, encomendando o asunto Narváez, daquela xefe do goberno, ao xeneral Villalonga, que acababa de tomar posesión do mando da Capitanía xeneral de Galicia, entendendo no embarque, segundo dicimos noutro lugar, o brigadier xefe de Estado Maior, D. Leonardo Bonet.<sup>327</sup>

---

mo á illa de Tambo, desembarcando o infante D. Enrique M.<sup>a</sup> de Borbón, quen despois de disfrazarse de paisano nunha casa do barrio dos Praceres, dirixiuse en compañía de D. José M.<sup>a</sup> Santos (que logo foi Presidente da Xunta revolucionaria de Pontevedra e membro da Suprema de Santiago), para presidir unha xunta de doce conspiradores entre os que guraban o comandante da Garda civil D. Manuel Buceta e o brigadier D. Leoncio de Rubín.

A reunión tivera lugar na Capela de Santa Margarita, enclavada nun dos barrios máis desviados de Pontevedra (Mourente), inaugurándoa Buceta con contrasinal de «*Santa Margarita y Hermandad*».

Naquel acto sentáronse as bases da conxura, despois de examinar o mapa das catro provincias galegas e a lectura de documentos e cartas de adhesión que oportunamente se presentaron, rematando a reunión con entusiastas vivas á liberdade, á Constitución, fóra estranxeiros, abaixo o sistema tributario e o ditador Narváez. Ao diseminarse os conxurados, regresou o infante a bordo do seu buque, levantando áncora despois con rumbo a Ferrol, non sen ocorrer antes unha anécdota que describe o Sr. Álvarez de la Braña entre aquel personaxe e un labrego que tiña a súa vivenda próxima á Capela. Solicitoulle o infante un vaso de auga, e o paisano brindoulle cunha xerra de viño do país que aquel aproveitou, grati cándolle cunha moeda de cinco duros, propina que o labrego non quixo aceptar.

Lembra tamén o citado escritor, daquela neno de nove anos, o pronunciamento de Pontevedra e, comentando o desastre de Cacheiras ocorrido o 23 de abril e aludindo a Buceta e Rubín, di: «Únicamente el bravo comandante Buceta acudió á la lucha con sus veteranos guardias civiles. El general Concha alcanzó la victoria SOLO POR LA TRAICIÓN Y LA ENVIDIA de quien no supo ser el al juramento prestado en *Santa Margarita*, algunos días antes de consumarse el hecho».

326 JOSÉ MONTERO Y ARÓSTEGUI: *Historia y descripción de la ciudad y Departamento naval del Ferrol*, páx. 205.-Madrid, 1859. Un tomo en 4.<sup>o</sup> de 718 páxinas.

327 Dato tomado da *Memoria* do xeneral Villalonga que levamos citada.



Explica Pirala que o Infante se atopaba na Coruña mandando o *Manzanares* cando ocorreron os preliminares da sublevación galega.<sup>328</sup>

Sinaladas simpatías tiña D. Enrique en Galicia, por estudar longo tempo en Ferrol as ciencias que a carreira esixía e percorrer nos meses de xaneiro e febreiro de aquel ano as cidades da Coruña, Santiago, Pontevedra e a vila de Redondela, nas cales se captara pola súa franqueza e nos modais o entusiasmo dos galegos, sendo efectivamente parte interesada no pronunciamento.

Sóboo o Goberno, e o 20 de marzo manifestoulle o ministro de Mariña, D. Juan de la Pezuela, que «*de orden de la reina* eligiese en el vecino reino francés, un punto donde residir hasta nueva resolución de S. M., prohibiéndole severamente ausentarse, bajo la inteligencia que si lo que S. M. no espera, llegase el caso de verí carlo, sería privado de todos los honores y consideraciones que como Infante de España le correspondían, sometiéndolo además á la acción de los tribunales del reino si quebrantase la soberana voluntad de S. M. y llegase á pisar el territorio español».

Comunicáronse as ordes oportunas ao Capitán xeneral de Galicia para o cumprimento forzoso e indispensable do determinado, facilitándolle os medios que S. A. demandaría, así como a vila que en Francia elixise.

Noti coulle Villalonga a Real orde e, aínda que o Infante ofrecera dar comezo en Vigo ao alzamento concertado, decidiuse por n a obedecer a resolución da Raíña, marchando desde A Coruña a Francia, desembarcando o 2 de abril en Socca e establecéndose por en canto en Baiona, onde chegou tamén poucos días despois o xeneral Narváez, autor do seu desterro, que pasou a visitalo a raíz de ser este igualmente desterrado.

Que non falarían ambos personaxes dos promotores dos seus respectivos estrañamentos?....

Gran contrariedade ocasionou a falta de cooperación do bergantín *Manzanares* para o pronunciamento galego. O Corpo xeneral da Ar-

---

328 Ob. cit., tomo 1.º, páx. 435. PÉREZ GALDÓS nas súas *Bodas Reales* tamén o indica na páx. 246.

mada non viu con bos ollos a determinación governamental e, sexa por espírito de compañeirismo, sexa polo seu amor aos ideais democráticos, conxénito nesta gloriosa institución que probas de non escaso civismo ten dado en moitas ocasións e en casos recentes que sería ocioso lembrar, o certo é que, comprometidos Jorganes e La Rigada, abrazaron efusivamente a causa da súa patria galega.

Fixose cargo o primeiro do mando da escuadrilla e, co pretexto de cumprir as ordes do bloqueo de Vigo, levantou áncoras de Ferrol na noite do 18 de abril<sup>329</sup> fondeando en breve naquel porto.

O comandante do *Bidasoa*, tenente de navío D. Francisco García Quesada, escusouse de imitar o exemplo dos seus compañeiros, separándose da súa conserva e regresando a Ferrol, dando inmediatamente conta do suceso ao Capitán xeneral do Departamento.

A actitude de Jorganes e La Rigada serviulles para que un Consello de guerra de o ciais xenerais celebrado en Cádiz os condenase a morte.<sup>330</sup>

---

329 MONTERO e ARÓSTEGUI, ob. cit., páx. 205.

330 O entendido mariño La Rigada chegou, andando o tempo, a gozar do emprego de contraalmirante da Armada, desempeñando durante a súa vida militar destinos de importancia. Publicou unha *Memoria* o ano de 1878 en xustificación dos seus actos durante o cargo do mando do Apostadeiro e escuadra da Habana (Imp. de Fontanet, Madrid).

Da súa folla de servizos, que nos facilitou o noso excelente amigo o erudito escritor D. Nicolás Fort Roldan, copiamos o seguinte:

«1846.—Tomó parte hallándose en la ría de Vigo, en el pronunciamiento político ocurrido en la provincia de Galicia que fue sofocado por tropas del ejército al mando del general D. José Gutiérrez de la Concha; y en su consecuencia, emigró este oficial y fue dado de baja en el Cuerpo por Real orden de 4 de Mayo, sin perjuicio de lo demás á que hubiere lugar contra él en virtud del resultado de la causa que sobre dicho acontecimiento se le mandó instruir por otra Real orden de 11 del mismo mes de Mayo. Por otra del 10 de este, consta haber llegado á Gibraltar la noche del 3, habiendo quedado al abrigo del pabellón británico. Terminó la expresada causa, siendo sentenciado este oficial en Consejo de guerra de o ciales generales celebrado en el Departamento de Cádiz, á ser pasado por las armas.

1847.—Por Real orden de 23 de Abril, se dignó S. M. concederle la revalidación de su empleo de teniente de navío «Fracasado el movimiento gallego, tuvo que huir el distinguido marino D. Luís Jorganes con el *Nervión* á Gibraltar, en cuyo puerto fondeó el 3 de Mayo, entregando su barco á una Comisión de Algeciras, acogíendose él con los o ciales y una buena parte de la dotación, al pabellón inglés.—El decreto de amnistía de 17 de Octubre de 1846, le devolvió á su patria, aunque no á

A noticia da sublevación da escuadrilla solemnizouse con excesiva e delirante fruición en todo o territorio galego, porque este acontecemento auguraba que o vapor agardado en Vigo cargado de armamento e munições que viña de Londres non atoparía o menor obstáculo no alixo.

Fretaran a devandita nave os progresistas emigrados en París e na metrópole inglesa, e agardábanse no porto vigués os signi cados adictos á revolución e inimigos irreconciliables do Gabinete Isturiz, señores Lemerí, Joaquín de la Gándara e Ignacio Gurrea.<sup>331</sup>

Asegurábase, do mesmo xeito, que acompañaría a estes un militar de alta gradación e concepto, encarnado nun alto personaxe de esclarecidos feitos e en quen só o nome bastaba para que todos visen nel a maior salvagarda e o indiscutible triunfo do levantamento.

Algúns indicaban que o tal personaxe era o infante D. Enrique, que de Francia se trasladara a Inglaterra, sinalando outros o famoso xeneral Espartero, mais a noticia careceu de fundamento, porque nin o primeiro abandonara o seu desterro de Francia nin o segundo tampouco quebrantara o seu de Inglaterra, aínda que di, o ex-rexente do reino non fora indiferente ao pronunciamento en atención a inicialo os seus correligionarios os progresistas. Ademais, dada a tendencia, doutrina e alcance provincialista –hoxe diríamos rexionalista– que tomara o devandito movemento, pernicioso sería a volta de aquel xeneral, lembrándose, como asenta Benito García de los Santos, os tempos da súa dominación, o cal ocasionaría gran desalento nos sublevados.<sup>332</sup>

---

la carrera, hasta que el tiempo y el favoritismo se encargaron de realizar este deseo, recobrando entonces su perdida antigüedad y aun sus condiciones de embarque.

Desde Gibraltar se trasladó Jorganes á Argel, hasta que, por consecuencia de los matrimonios reales verificados el 10 de Octubre, y por el citado decreto de amnistía del 17, al regresar al suelo patrio el año 1847, se alió francamente al partido progresista». – FORT Y ROLDAN: *Ferrolanos que fueron*.

Entre os compañeiros de Jorganes e La Rigada ía o mestre do Arsenal de Ferrol, hoxe retirado, D. Juan Patino, que foi condecorado máis tarde coa cruz pensionada de María Luisa e a de *Valor e Constancia*, polos servizos que prestou no *Nervión*, pronunciándose en Vigo.

331 *Historia general de España*: LAFUENTE, páx. 28, tomo XXIII.

332 «Se ha divulgado la noticia de que Espartero había desembarcado en Vigo para ponerse á la cabeza de la insurrección gallega: unos creen que este paso, daría grande impulso al movimiento y facilitaría su triunfo; pero otros piensan que la *vuelta del*

Non se presentaron en Vigo máis que Lemerí, Gándara e Gurrea, que cos elementos de guerra anteditos chegaron ao devandito porto o 23, ou sexa, o mesmo día da catástrofe ocorrida en Cacheiras, ás forzas da primeira división;<sup>333</sup> tarde xa, cando a revolución recibira a primeira ferida de morte.

Ao saber Villalonga o 24 o acto realizado por Jorganes e La Rigada, apresurouse a manifestalo ao xeneral Concha, aconsellándolle que se previse dos rebeldes vigueses que pensaban atacalo no devandito día, «para cuyo efecto se habían tripulado y armado varias lanchas que debían situarse en el Puente Sampayo».

«Lo aviso á V. E. por extraordinario para su conocimiento y nes consiguientes, debiendo advertirle que se ha pedido ya al Excelentísimo Sr. Comandante general del Departamento de Ferrol haga marchar en persecución del bergantín *Nervión* y barca *Astuto*, al vapor *Isabel II* y corbeta *Villa de Bilbao*, si es que se hallan en disposición de salir á la mar *lo que dudo mucho*, porque el primero tenía ayer estropeada una caldera y la segunda acaba de llegar de Inglaterra sin que haya hecho aún otro viaje. Yo continuaré mañana sobre Lugo, y cuando haya concluido allí la operación que me propongo, marcharé á reforzar á V. E. *sino debiese ocuparme de atenciones más importantes que al parecer van á presentarse*».<sup>334</sup>

Concha contestoulle: «Excmo. Señor: Quedo enterado por la comunicación de V. E. de ayer á las nueve y media de la noche, del pronunciamiento del bergantín *Nervión* y la barca *Astuto*, y seguramente al disponerme impedir con las tropas de mi mando el paso del Puente Sampayo, no tenía conocimiento de la completa derrota de Solís. Si en Pontevedra pudiera temer tratasen de realizar aquel proyecto á causa de no haber podido salir del Ferrol el «vapor *Isabel II* y la corbeta *Villa de Bilbao*, me dirigiré por la izquierda hasta ocupar á Redondela, desde cuyo punto dispondré el bloqueo de aquella plaza».<sup>335</sup>

---

*ex-regente recordaría los tiempos de su dominación y ocasionaría el desaliento de los pronunciados. Como quiera que fuese, es lo cierto que hasta ahora no se sabe que Espartero haya abandonado la capital de Inglaterra».* BENITO GARCÍA DE LOS SANTOS: Crónica. *El Pensamiento de la Nación*, 29 de abril de 1846, páx, 267.

333 PIRALA, ob. cit., páx. 448. Véxase o Capítulo XII.

334 *Doc. que posuímos.*

335 *Doc. que posuímos.*



Retrato do Infante D. Henrique María de Borbón

## CAPÍTULO XI<sup>336</sup>

Operacións do xeneral Concha.– Amaga este a Lugo, intimando a rendición da praza: negativa dos sitiados.– Continúa Concha nos seus movementos, entrando en Ourense. – Receos do xeneral Villalonga.– Movementos da división de Solís.

### I

Sendo requirido o xeneral Concha polas autoridades de Lugo<sup>337</sup> para que se achegase a esta localidade, asegurándolle que a súa soa presenza imprimiría tal forza moral sobre os sublevados que habería de inclinalos a depor a súa actitude hostil, entregando a praza, determinou saír o 14 de abril de Vilafranca, dirixíndose a Sarria, en cuxa vila debía incorporárselle o batallón Provincial de Málaga para efectuar desde ela os seus movementos e preparar o plan de campaña que concibira; mais ao chegar a Ruitelán, infórmase de que aquela unidade se aproximara dous días antes á capital lucense, facendo alto no barrio de San Roque, anticipándose o seu xefe o tenente coronel D. Bernardo Magenis a intimar a rendición, contestándolle a Xunta revolucionaria que oportunamente resolvería, e que «Ínterin tanto permaneciese dicho jefe con las fuerzas de su mando en el punto que ocupaba».<sup>338</sup>

---

336 Este Capítulo foi publicado no semanario coruñés *A Nosa Terra* de 4, 12, 18 e 26 de xaneiro, e 4 e 12 de febreiro de 1908.

337 D. Juan Ferreira Caamaño, xefe político, e D. Bartolomé Hermida, intendente da provincia, residían fóra da cidade, con motivo de atoparse esta en poder dos revolucionarios.

338 «*Junta de Gobierno de la provincia de Lugo.*–En este momento, que son las seis de la tarde, acaba esta Junta de recibir la comunicación de usía fecha de este mismo día, y por contestación á ella ha acordado transcribir la que hace una hora pasó al

Esta negativa inesperada, que facía retrasar a execución dos proxectos de Concha, non foi obstáculo, porén, para persistir nos seus propósitos, continuando a marcha a Becerreá.<sup>339</sup>

---

Sr. D. Juan Ferreira Caamaño y es la siguiente: «En este momento, que son las cinco de la tarde, acaba esta Junta de recibir la comunicación de V. S. fecha de hoy, y después de haberse enterado de su contenido con la detención que el caso requiere, acordó decir á V. S., por de pronto, que en todo el día de mañana dará terminante contestación, esperando que usía entretanto, permanezca en el punto que ocupa con las fuerzas que le acompañan».—Por consiguiente, la preinserta comunicación se entiende también con V. S.—Dios guarde á V. S. muchos años.—Lugo 12 de Abril de 1846.—El Presidente, MANUEL BECERRA LLAMAS.—El Secretario, DOMINGO A. POZZI.—Sr. Jefe del Provincial de Málaga».—Esta comunicación contén á marxe o decreto seguinte: «Dentro de media hora se entregará la ciudad por asalto con todos los rigores de la guerra, MAGENIS».—*Documento que posuímos*. Tamén foi publicado o devandito documento no *Boletín Oficial* de Lugo de 24 de abril de 1846.

O Xefe político, primeiramente desde Nadela e despois desde os arrabaldes de San Roque, aconsellaba o día 12 á Xunta a rendición da praza, negándose aquela á pretensión, invocando deberes de patriotismo.—*Boletín Oficial* da provincia de Lugo de 24 de abril de 1846.

339 «*División expedicionaria de Galicia*—Excmo. Sr.: Por la comunicación que dirigí á V. E. desde Villafranca, se habrá enterado de cuales eran las operaciones que me proponía ejecutar; pues habiendo sabido en Ruitelan que el Batallón de Malaga no podía concurrir al punto que le designaba, porque se había aproximado, y tomado este arrabal, y estaba en contestaciones con los subleados, que según me manifestaban el Gefe político é Intendente, se entregarían, si yo me presentase en este punto, tomé la posta, y á las cinco de la tarde ligué á él, é inmediatamente intimé la rendición, proponiendo condiciones, que pudieran ser un tanto aceptables, considerando la posición comprometida en que se encontraba este Batallón falto de municiones, y sin tenerse noticia alguna de los Batallones subleados.

Como por otra parte V. E. había dado la orden terminante para que este Batallón marchase á esa plaza, y creo que lo más urgente es tomar la ofensiva sobre las fuerzas reveldes, me decido, no habiendo producido resultado alguno de nitivo mis intimaciones á poner en marcha este Batallón, que sale esta misma noche por la Ruta de Luanzo, Castro y Betanzos, que V. E. ha marcado, por que la creo más segura careciendo como se carece absolutamente de noticias de los Batallones sublevados.

Yo regreso á reunirme en Nogales con la fuerza que traía á mis ordenes, y esperaré allí mañana para que se me pueda reunir el resto del Batallón de la Reina y los 200 Caballos, que deben llegar oi á Villafranca. Con esta fuerza me dirigiré sobre Sarria, para pasar á la derecha del Miño por Porto Marin, ó Belesar según lo juzgue más conveniente, por las noticias que tenga, para ponerme en comunicación con las tropas del Excmo. Sr. General Puig Samper, ó con las de la columna de Orense.

El 18 debían llegar á Villafranca dos Batallones de América, y una batería de á lomo que haré se me reúnan.

Dios guarde á V. E. muchos años. —Barrio de San Roque en Lugo, Abril 14 de 1846. —El General Comandante general, JOSÉ DE LA CONCHA. —Excelentísimo Sr. Capitán general del Ejército, y Reino de Galicia».

## II

Acompañado dun dos seus axudantes, toma neste punto a silla de posta e, desafiando o cru temporal que reinaba, percorre o traxecto de Ruitelán a Lugo, co obxecto de responder ás excitacións das autoridades anteditas. Ao chegar ás inmediacións da poboación, ponse á fronte do Provincial de Málaga e reitera a rendición en condicións vantaxosas para os sitiados. Non deberon ser estas tan benéficas cando a Xunta revolucionaria as rexeitou con dignidade, como se desprende do contido do oficio que dirixiu o día 14 ao cercador:

«atendiendo á que el alzamiento verificado en esta capital perdiera ya su principal objeto por haber salido del Ministerio y aun de España el general Narváez, y porque el sistema tributario iba á ser modificado por el nuevo gobierno de S. M.; y por otra parte, deseando no prolongar por más tiempo una situación tan triste, estaba pronta –la Junta– á abrir las puertas de la plaza á las fuerzas sitiadoras, *bajo garantía*; de no ser así y aceptar las bases de la capitulación que se proponen, esta Junta persistirá en sus propósitos de *no acceder* á las condiciones propuestas por V. E.».<sup>340</sup>

Concha fíxose o desentendido a esta contestación, dirixíndose daquela por medio de oficio ao Alcalde, prometéndolle que «no perseguiría á ningunha persoa por seus feitos posteriores al 2 de Abril, entendiéndose *sin perjuicio de tercero*, á excepción de los jefes de la sublevación que se les daría pasaporte para el extranjero; que los oficiales del ejército recibirían sus licencias absolutas, y los soldados se incorporarían á sus cuerpos. Estas garantías,» –concluía dicindo o xeneral– «serán *por mi parte cumplidas*, siempre que mi entrada con el batallón de Málaga, tenga lugar esta misma tarde, bastando á responder del cumplimiento de ella, mi palabra de general y de caballero».<sup>341</sup>

O presidente da Xunta volveu contestar ao xeneral que, non residindo dentro das murallas de Lugo o alcalde nomeado pola Raíña, e estando interceptada toda comunicación cos que viven fóra de portas, non era posible entregar oficio que aquel mandaba.

---

340 *Doc. que posuímos.*

341 *Do noso arquivo particular.*



«Por separado» –diciálle Becerra– «la autoridad reconocida en este pueblo, es la Junta de Gobierno, á la que daré parte de todo cuanto V. E. se sirva decirme. Mientras tanto, confío en el valor de V. E. que no dará lugar á que inútilmente se derrame sangre preciosa de españoles *que de enden una misma causa*».<sup>342</sup>

Concha replicou que el non recoñecía outra Xunta nin outro Concello que o nomeado con arranxo ás leis: «Mi comunicación no ha podido ser dirigida á V. sino al Alcalde que el Gobierno de S. M. nombró. Por consiguiente, él debe contestarme; y si no lo hace dentro de una hora, queda sin efecto mi anterior comunicación, no pesando sobre mí ni las consecuencias que á esa población y á los comprometidos en ella puedan sobrevenir, decidido como estoy en ese caso á atacarla y tomarla á viva fuerza. –Barrio de San Roque 14 de Abril de 1846, á las siete y media de la tarde.–El general, Comandante general, JOSÉ DE LA CONCHA.–Sr. D. Manuel Becerra Llamas».<sup>343</sup>

O Presidente da Xunta respondeu: «En este momento recibo la comunicación que V. E. Se sirve dirigirme con fecha de esta misma tarde; y en respuesta á ella, debo manifestar á V. E. que no me es posible entrar en ninguna clase de tratos ó capitulaciones respecto de esta plaza; porque en el día, sólo en la Junta gubernativa residen facultades y *á la misma por consiguiente, corresponde el entenderse con V. E.*–Dios guarde á V. E. muchos años; Lugo 14 de Abril de 1846. –El Alcalde constitucional, MANUEL BECERRA Y LLAMAS.– Señor general D. José de la Concha».<sup>344</sup>

Esta categórica contestación desalentou bastante o xeneral, quen, comprendendo que os sublevados que gornecían Lugo contaban naquel transo con máis elementos de combate ca el; e en previsión de que aqueles efectuasen unha saída, acometendo e arrollando o batallón de Málaga que, escaso de municións, non podería soste a loita, caendo se cadra prisioneiro, dispón que este Corpo saíse seguidamente para A Coruña polo camiño de Luanco, Castro e Betanzos, a fin de non tropezar coas forzas de Solís, que marchaban con dirección a Ferrol,

---

342 *Do noso arquivo particular.*

343 *Do noso arquivo particular.*

344 *Boletín Oficial* da provincia de Lugo de 24 de abril de 1846.

regresando e ás Nogais para reunirse ás forzas que alí o agardaban, e proceder a pór en práctica o seu plan de operacións.<sup>345</sup>

Así participáballo o mesmo día 14 desde o barrio de San Roque ao Capitán xeneral do distrito: «Con estas fuerzas me dirixí sobre Sarria para pasar á la derecha del Miño por Porto Marín (Puertomarín) á Belesar, según lo juzgue mas conveniente por las noticias que tenga, para ponerme en comunicación con las tropas del Excmo. Sr. General Puig Samper, ó con las de la columna de Orense. El 18 deberán llegar á Villafranca dos batallones de América y una batería de á lomo que haré se me reúnan».<sup>346</sup>

O 17 trasladouse Concha a Monforte ditando diferentes ordes para a fusión de nitiva de forzas e solucionar outros asuntos inherentes ao seu aludido proxecto de campaña. Nesta vila, participanlle que regresara a Ourense a columna do brigadier Zendrera, por malograrse o éxito da expedición deste xefe a Santiago e á Coruña, contratempo que veu ser causa determinante para que igualmente se malograra a entrada na capital ourensá da división revolucionaria do xeneral Rubín porque, como se dixo, de non anticiparse Zendrera a contramarchar para volver ocupar a referida capital, ou Rubín demostrase maior celo no cumprimento da súa misión, se introduciría este facilmente naquela, carecendo, como carecía a mesma, de tropas que a defendesen, non dándose o lamentable espectáculo que relatamos no capítulo anterior, permitindo que Zendrera chegase oportunamente para conter as intencións do xefe revolucionario.

---

345 «*División expedicionaria de Galicia*.—E. M.—Excmo. Señor: Tengo el honor de remitir á manos de V. E. la adjunta comunicación de que he sido portador hasta esta ciudad: por ella se servirá V. E. enterarse del objeto que se propone el General de la División y de la necesidad de que esta fuerza se le reúna cuanto antes para emprender las operaciones, y para poder presentarse con una fuerza capaz de batir á las sublebas. En este concepto creo que V. E. aprobará la permanencia de este Batallón en este punto para reunirse á dicha fuerza dándole con ello acción para poder obrar, pues que de otro modo aislado una y otra se la espone, Ínterin no lleguen las fuerzas y refuerzos que están en marcha para esta división. —Dios guarde á V. E. muchos años.—Varrío de San roque, 14 Abril 1846.—Ecsmo. Señor. —El Gefe de E. M., FRANCISCO GORVOYO.—Ecsmo. Señor Capitán General de Galicia». —*Doc. que posuímos*.

346 *Doc. que posuímos*.

Nese sentido participáballe o primeiro a Concha que «sus fuerzas y las de la ciudad, rompieran el fuego contra los sublevados que la atacaban por los dos lados opuestos del puente, después de vadear el Miño por la parte de Ribadavia».

Ao recibir esta noticia o 18, deduciu que as tropas de Solís e Rubín, unidas, eran as que acometían Ourense, persuadíndoo do seu erro, o pleno descoñecemento da situación do primeiro e a mala interpretación que deu ao parte de Zendrera, xa que, segundo informamos, Rubín foi o único a quen encargara a Xunta Suprema de Santiago para apoderarse da devandita capital.

Concha, porén, propúxose continuar avanzando cara a praza ameazada, con 10 compañías e 100 cabalos, empresa ben sorprendente –obxecta Do Porto– por superar os límites da temeridade, tendo en consideración que o país estaba ocupado por un inimigo que dispuña de recursos dobres aos seus, e polo tanto, alentados de decisión heroica.

«¿Qué cálculos le indujeron á realizar un movimiento tan arriesgado y á ejecutar una operación de azar, de esas que las ordenanzas militares sujetan á los Consejos de guerra? Nosotros lo diremos ya que lo han chamado en su *Campaña de diecisiete días*: la convicción en que estaba de concluir dentro de muy poco con el pronunciamiento de Galicia, cual lo había manifestado á varias personas de Chantada y Orense; y tenemos la creencia de que al hablar así, era menos aventurado su lenguaje que el del César al pronunciar sus inmortales palabras conqué saludó al suelo africano».<sup>347</sup>

Indubidablemente, o xefe das tropas do Goberno central, ao pisar o territorio galego, creu viable a súa conquista, ignorando os elementos de valía que auxiliaban a insurrección, o fecundante desenvolvemento da mesma e o espírito de moralidade e patriotismo que concorría en todos os seus partidarios.

Cando se compenetrou diso, os seus desplantes de Chantada trocáronse en debilidades e receos, apresurándose a expolos ao Ministro da

---

347 Do PORTO, ob. cit., páx. 171.

Guerra, solicitándolle reforzos de importancia, «pues de otra forma marcharía á un seguro é inmediato fracaso».<sup>348</sup>

No propio día 18, sae de Monforte, indo facer noite á ponte de Belesar, próxima a Chantada, en cuxo punto o esperaba a Corporación municipal con bagaxes e aloxamentos, sen atreverse a avanzar á devandita vila, por xulgar máis e caz a situación da ponte sobre o Miño, e por manifestarlle tamén que a cidade de Ourense se pronunciara xa con toda a guarnición, causándolle o conseguinte temor de que as dúas columnas de Rubín e Solís reunidas, lle proporcionasen un serio contratempo.

### III

Estando en Belesar, coñece por contos que as únicas forzas sublevadas que sitiaron Ourense foran as de Rubín, e que por malograrse os desexos deste, retirárase sen outras consecuencias, cara Vigo pola ponte de Ribadavia.

Daquela, o xeneral resolveu marchar a Chantada saíndo no amencer do 19 para Ourense, chegando a esta poboación ás catro da tarde.

No acto o citou ao Capitán xeneral informándoo da súa chegada e expresándolle que, ao saber que os sublevados se aproximaban á citada cidade, decidira pórse en marcha desde Monforte, para auxiliala.<sup>349</sup>

---

348 *Doc. que posuímos.*

349 Ao recibir o Capitán xeneral esta comunicación, dirixiu a seguinte ao xefe das forzas que viñan camiño de Villafranca cara Galicia:

«*Capitanía General de Galicia.*—E. M.—El Excmo. Sr. General D. José de la Concha con fecha 19 me participa desde Orense su llegada á aquella capital con seis batallones, cinco escuadrones y una batería de montaña, con cuyas fuerzas y otras que espera, va á emprender sus operaciones contra los rebeldes de este distrito.—También me avisa dicho señor General la próxima llegada de usía á Villafranca y que le ha ordenado que desde este punto marche sobre Lugo, cuya prevención cumplirá V. S. con las precauciones debidas para no comprometer un hecho con desventaja, cuidando de darme parte diariamente de sus movimientos en el concepto de que yo con las fuerzas que aquí pueda reunir, saldré sobre la referida ciudad de Lugo el 24 ó 25 , haciendo por la carretera mi marcha de cuyos accidentes procuraré dar á V. S. diariamente noticia.—Dios guarde á V. S. muchos años.—Coruña, 22 de Abril de 1846. — JUAN DE VILLALONGA. — Sr. Jefe de las fuerzas procedentes de Villafranca».—*Doc. que posuímos.*

Nisto faltaba á verdade, xa que, como demostramos, tal era a súa desorientación e estado de ánimo que ignoraba que clase de elementos inimigos pretendían tomar a capital ourensá, supondo, polas noticias que lle facilitaran, que as divisións de Solís e Rubín se xeran xa donos dela.

Esta é a comunicación do xeneral Concha:

«*División expedicionaria de Galicia.* –E. M.– Excmo. Señor: Los batallones sublevados de Oviedo y Zamora al mando del brigadier Rubín, se presentaron delante de esta ciudad y como con intento de atacar su puente, aunque seguramente su objeto no era otro que ver si se les unían los batallones de Mondoñedo y Guadalajara que la guarnecían; pero al ver la decisión de éstos, la de los Carabineros y Guardia civil de mantenerse fieles á sus juramentos y de defender este puesto, se retiraron en dirección á Vigo.

Yo me hallaba en Monforte sólo con diez compañías y un escuadrón; y al *saber la aproximación de aquellas fuerzas sublevadas me puse en marcha*, habiendo llegado en el día de hoy.<sup>350</sup>

Aunque *sobre la marcha* supe la retirada de los enemigos, creí conveniente avanzar sobre este punto, tanto para poner bajo mis órdenes toda la fuerza aquí existente, como para dar tiempo á que la que debe llegar hoy de Monforte avance mañana á Chantada y pueda reunirse en Cea al día siguiente.

A mi llegada he recibido la comunicación de V. E., fecha 16 por extraordinario, participándome el movimiento de los sublevados sobre esa capital recelando V. E. se dirijan sobre Orense. Yo espero que si el batallón de Málaga ha logrado reunirse á las fuerzas del brigadier Mac-Crohon, podía éste oponerse con fuerzas suficientes á las de los sublevados que operan en este momento, *por lo visto*, divididos.

De todos modos, como las circunstancias deben haber cambiado desde el 16 en que V. E. fecha su última comunicación, creo lo más preciso dar á V. E. conocimiento de la situación que en este momento tienen las fuerzas que se hallan á mis órdenes y de lo que me propongo eje-

---

350 *Doc. que posuímos.*

cutar con ellas, para que en su vista pueda disponer lo que crea más conveniente.

En este punto se hallan hoy un batallón de América, los Provinciales de Guadalajara y Mondoñedo y un escuadrón. Mañana llegarán un batallón de la Reina, tres escuadrones y seis piezas de Montaña. Con todas estas fuerzas saldré el 21 y marcharé rápidamente sobre los enemigos, que inmediatamente que sepan este movimiento, creo no avanzarán en la dirección de esta capital.

Del 23 al 25 llegarán también á este punto dos batallones de Borbón y una batería rodada, cuya fuerza deberá continuar su marcha por el camino de Lugo hasta cerca de aquella ciudad, esperando las órdenes de V. E.

Por lo demás V. E. sabrá que en el resto del Reino se conserva la mayor tranquilidad, y yo me prometo que si V. E. Consigue mantener con energía esa plaza y la de Ferrol *con las fuerzas que en estas provincias se reúnen, la insurrección será pronto sofocada.*

Yo por mi parte nada dejaré de hacer para conseguirlo, y entretanto no perdonaré medio para hacer conocer á V. E. Todos mis movimientos y cuanto sea necesario llegue á su noticia, *no habiéndolo podido hacer hasta ahora desde que dejé la carretera de Lugo por no saber como veri carlo.* Dios guarde á V. E. Muchos años. –Orense, 19 de Abril de 1846.– El general Comandante general, JOSÉ DE LA CONCHA».<sup>351</sup>

Despois de tomar posesión Concha de Ourense, coñece outro o cio do xeneral Villalonga que lle remitiran desde Chantada, participándolle que o batallón Provincial de Málaga fora sorprendido pola división de Solís preto de Betanzos, facéndolle 110 prisioneiros, colléndolle algunhas bagaxes e bastantes municións, e que o devandito xefe revolucionario estaba amagando á Coruña cun núcleo importante de forzas, teméndose que conseguise, dun momento a outro, a entrada na praza.

Aconselláballe, na súa virtude, que se dirixise a marchas forzadas sobre a mesma, co obxecto de evitar o con ito inminente que se presentaba.

---

351 *Do noso arquivo particular.*

Estas impresi3ns alarmantes tam3n llas transmit3a o Capit3n xeneral o d3a 19 ao Ministro da Guerra:

«En esta capital se conserva el orden y tranquilidad 3 toda costa, seg3n vengo manifestando 3 V. E. en mis anteriores o cios, cuya situaci3n habr3a desaparecido ya, si afortunadamente el Gobierno hubiera dirigido fuerzas embarcadas en vapores desde el Mediod3a 3 en otros buques desde la costa de Cantabria; pero continuar3 a ictiva y yo sujeto 3 sostenerme en esta plaza con apuros, mientras no se me auxilie por mar 3 el General Concha no venga 3 ponerse en comunicaci3n conmigo, para lo cual espero se sirva V. E. ordenarle lo conveniente».<sup>352</sup>

Concha contestoulle, inform3ndoo de que ao seguinte d3a 20 agardaba que se lle reunisen en Ourense seis batall3ns, cinco escuadr3ns e unha bater3a de Montaña, sa3ndo con este continxente o 21 «para perseguir acerbamente 3 los enemigos, seg3n los informes que reciba de sus movimientos», agreg3ndolle que «del 23 al 25 llegar3an 3 Villafranca, otros tres batallones y una bater3a rodada: adem3s de veri carlo tambi3n en la 3ltima de dichas fechas 3 la Coruña, tres batallones m3s».<sup>353</sup>

#### IV

Apreciando o xeneral en xefe das forzas expedicionarias as fundadas sospeitas da autoridade superior militar do distrito en canto 3s convicci3ns do pa3 galego, tan inclinado a repudiar os abusos do poder central, determinou sa3r da capital ourens3 o 21 de abril, encamiñ3ndose con todas as s3as tropas a Santiago para ir en auxilio da Coruña, coñecendo como coñec3a a propensi3n da maior3a da veciñanza desta localidade, disposto, segundo indicamos no Cap3tulo VIII, a abrir as portas da mesma 3 divisi3n revolucionaria e proclamar naquela o pronunciamiento.

Deu orde previa ao coronel Chinchilla para que coa s3a columna anticipase a marcha, tomando desde Ourense o camiño de Lal3n.

---

352 *Doc. que posu3mos.*

353 *Doc. que posu3mos.*

Temeraria era a empresa do xeneral Concha, ao considerar que, abandonando as súas posicións de avance, deixaba ao seu costado un inimigo por todos conceptos temible. Cifraba o seu obxecto en interpoñerse entre as dúas divisións de Solís e Rubín, obrigando á primeira a deixar as inmediacións da Coruña, supoñendo que se atopaba nesta poboación, polos informes que lle dera Villalonga, dando por suposto tamén que a segunda se atopaba en Vigo.

Mais non era así, porque os dous exércitos revolucionarios se atopaban á distancia de 82 quilómetros un do outro, con tempo necesario para fusionarse antes de que o comandante xeneral das forzas do Goberno chegase a Santiago, e con recursos sobrados para batelo e rexeitar vantaxosamente a súa agresión.

A arma de Cabalería, única superioridade que sobre os pronunciados levaba Concha, guraba, como expuxemos noutro lugar, dun modo ridículo nas operacións por el inventadas, se se ten en conta o accidentado do terreo galego.

Destas curtas rexións cabe deducir –como argúen algúns comentaristas– que o xeneral Concha «no podría legitimar ante los peritos en la ciencia de la guerra, su salida de Orense el día 21 para Santiago, sino teniendo la seguridad de que la división de su enemigo Rubín, permanecería inactiva durante su marcha».

E estes xuízos confirmáronse polas manifestacións que o xefe revolucionario xera en Ribadavia e O Carballiño aos seus amigos, acerca de que «en aquella campaña *no pensaba descargar un fusil.*»<sup>354</sup>

Saíu, daquela, o xeneral de Ourense o 21, chegando a San Pedro de Xesta no propio día e, xa neste punto, dita unha orde a Chinchilla para que na mañá do seguinte proseguise a súa marcha con todas

---

354 Din que Concha, durante a súa estada en Ourense, afirmou que Rubín non o batería nin faría por ser batido por el.–Asegúrase tamén que naquela campaña non pensaba descargar un fusil. O mesmo Concha, no parte que enviou ao Goberno, desde Ourense, expresa o seguinte: «*Creo que mientras ejecute yo este movimiento sobre Santiago, no se separarán mucho de Vigo las fuerzas pronunciadas en aquella plaza.* Estas fuerzas eran las de Rubín».–Do PORTO, ob. cit., nota, páx. 174.



as forzas acantonadas en Lalín, continuándoa cara a ponte Ledesma sobre o Ulla, recomendándolle que con catro baterías de Montaña tomase o camiño de Laxe pola estrada de Santiago, en cuxo lugar debía atoparse coas tropas que o precedían de Ourense.

Estendeu outra orde para que o brigadier Rodríguez Soler se incorporase coas súas ás de Chinchilla, facéndose cargo do mando de todas elas, as cales se compuñan do terceiro batallón do rexemento de América, o Provincial de Guadalaxara, seis compañías do rexemento da Raíña, 200 cabalos e dúas pezas de Montaña.

O xeneral levaba consigo tres batallóns de infantaría, que eran o Provincial de Mondoñedo, o segundo do rexemento de América e o segundo tamén do da Raíña, dous escuadróns do mesmo nome e catro pezas de Montaña. Todo este conxunto de forzas formaba unha importante división e, convencido do proveito que habería de reportarlle, comprendendo que o único inimigo que tiña que combater era Solís, –pois a Rubín xa o tiña descartado,– resolveu anticiparse ao movemento de aquel sobre Santiago para cortarlle a vangarda e, de ser posible, envolvelo e derrotalo.

Ao efecto, continúa a súa marcha na madrugada do 22, deixando a Xesta, propóndose chegar a Compostela durante o día, a pesar das nove leguas de distancia que tiña que percorrer.

Antes da metade desta xornada, participánlle participan que Solís entrara naquela cidade a noite anterior, véndose entón na necesidade de variar de itinerario, inclinándose cara á esquerda do Ulla, e ocupando a hora avanzada da noite Santa María de Vaamonde (distrito municipal de Teo), en cuxa reitoral descansaron el e os seus axudantes de campo.

## V

Na relación oficial da expedición de Galicia, ou sexa, a *Campaña de dezasete días*, exprésase que «el plan de esta operación, fué el fruto de una de aquellas inspiraciones á las cuales se debe frecuentemente en la guerra el éxito de los movimientos más difíciles; que el general

Concha había formado el concepto de que las tropas revolucionarias tomaran el camino de Padrón con el intento de penetrar en Vigo al saber la aproximación de las fuerzas leales; que á las cinco de la madrugada del 23, se informó de que aquellas salieran de Santiago y que se encontraban en la aldea de Cacheiras, cuya dirección era, en efecto la de Padrón; que conociendo ésto, formó el general sus tropas y las encaminó con toda celeridad hacia el puente Vea para interponerse sobre este paso preciso y cortar completamente la línea de marcha de los enemigos; pero que no tropezando con ellos ni viéndolos aparecer por esta parte, retrocedió á Santiago; y que á los cortos momentos, observó que se ocupaban en posesionarse de las alturas de Cacheiras, disposición á que los obligó, el comprender allí el último movimiento de Concha sobre el Vea, incapacitándolos, por este motivo, para proseguir su marcha».

Desmentir unha non pequena parte de tales aseveracións é obriga nosa –dí Do Porto– aínda que por iso non quede ben librada esa apetitosa gloria que tanto buscan os homes, citando como golpes da inspiración do xenio os que non son máis que *favores da caprichosa fortuna*. «El fatal error que indujo á Solís á tomar el camino de Cacheiras para atacar á las tropas del Gobierno de Madrid que por este punto se dirigían abandonando para ello el resto y desembarazado de la retirada que se había adoptado antes, con el fin de defenderse en Padrón, se desvanecerá como leve humo esa tela de combinaciones tan ingeniosamente elaborada en la *Campaña de diecisiete días*. En estos hechos no se ve otra mano sabia que los dirija, más, que el fatal sino de la revolución gallega, arrastrada desde que nació, por un torrente de calamidades; y que en su última hora, fué á entregar su cuello mal cubierto, á la segura enemiga».

A estas racionais consideracións do discreto narrador deberemos agregar que a boa causa da revolución galega, con toda a súa virtualidade e pureza de sentimentos, con todas as súas calamidades e multiplicidade de desacertos das súas cabezas directoras, non abortou por impotente, nin o seu fracaso se derivou da *feliz* inspiración do guerreiro encargado de vencela e afogala.

A *Campaña de dezasete días*, especie de epitalamio das vodas do xeneral Concha co Goberno de Isturiz, tiña que xustificar ante o país a ra-

zón do desatino que alegaba ese mesmo Goberno, máis concupiscente e despótico ca o que acababa de ser deposto e presidido por D. Ramón María Narváez.

Solís, segundo logo explicaremos no seguinte Capítulo, partiu de Santiago para buscar os seus inimigos: non foron estes cara el, como se tentou demostrar na hiperbólica relación oficial. É inexacto, pois, que o caudillo revolucionario, ao pretender fuxir vítima dunha estratexia militar, caera nas mans dos seus contrarios.

Puido retirarse a Padrón, como eran os desexos da Xunta Suprema de Santiago, polo camiño real; e, aínda crendo que este estivese interceptado, inclinárase á dereita en lugar de facelo á esquerda, por cuxo punto non era dubidoso que se atopaba o inimigo.

Daquela é falso –argúe do Porto– o feito consignado no referido documento oficial de que Solís tomase a dirección de Cacheiras, a máis afastada e prolongada, e a máis exposta de todas para dirixirse a Padrón. «Si tal fuese su pensamiento, tuvo lugar para practicarlo fácilmente después de la acción de Cacheiras».

O xeneral en xefe do Exército liberador galego, con medo en que habería de recibir con oportunidade os auxilios necesarios, xulgou segura, como Napoleón en Waterloo, a vitoria sobre o seu rival e, nesta conanza, foi buscalo e dar combate, mais xa no terreo, veu palpar a decepción máis espantosa cando, como o capitán do século XIX, viu enriba o desastre.

E aquela alma nobilísima, na que só se refundía un amor inxénito pola causa da liberdade, sufriu as consecuencias dun desaprensivo e tornado soldado, arrastrando consigo na desgraza outras almas irmás, tan difíciles de atopar nestes tempos dominantes de amor á social.

## CAPÍTULO XII<sup>355</sup>

Movimentos da división de D. Miguel Solís, e avance das forzas do xeneral Concha.– San Simón de Cacheiras e Montouto.– Preparativos estratéxicos de ambos exércitos.– Batalla de Montouto, coñecida pola de Cacheiras.

### I

O día 22 reciben simultaneamente os xefes revolucionarios, Solís e Rubín, con noticias precisas de que o xeneral Concha saíra de Ourense emprendendo un movemento estratéxico sobre Santiago.

Supoñendo o primeiro de aqueles que o seu compañeiro estaría desde logo informado do particular, como era indubidable, apresurouse a comunicarlle que se puxese inmediatamente en marcha, tomando a dirección de Compostela, pasando por Soutelo de Montes e inclinándose cara o Ulla a fin de observar minuciosamente os pasos do inimigo, e facilitarlle tantas noticias considerase de interese para tentar inutilizalo.

Xulgaba Solís atopar disposto a Rubín para vir vixiando a retagarda de Concha, segundo se acordara, co obxecto de castigalo antes de que tentase meterse en Santiago; mais como este realizaba a súa marcha aceleradamente, cando supuña que as súas combinacións darían o resultado que se agardaba, soubo ás tres da tarde que entrara en San

---

355 Publicado parte deste Capítulo na revista *Galicia*, da Habana, os días 3, 18 e 23 de outubro de 1904, e reproducido na *Revista Gallega* da Coruña nos do 20, 26 de novembro, 3, 10, 17 de decembro de 1904 e 7 e 21 xaneiro de 1905.

Cibrao de Chapa con forzas numerosas e deduciu, ante o lamentable atraso de Rubín, que o seu proxecto sufriría un completo fracaso.<sup>356</sup>

Noticia tan inesperada impulsou a Solís a repregar as súas avanzadas, que tomaran posesión da ponte Ulla, optando por agardar polo inimigo en Santiago, ocupando os puntos máis estratéxicos e as avenidas por onde este pensaba forzar a entrada.

A Xunta Suprema desaproba esta resolución, sustentando con moi bo sentido que debía evitarse o menor dano posible á veciñanza e, sobre todo, por descoñecerse a actual situación que ocupaba a segunda división revolucionaria, da cal non se tiña a menor noticia.

En virtude desta oposición que Solís non deixou de recoñecer en principio, procura entón variar de estratexia, retirando a súa vangarda da ponte Ulla dirixíndoa a Padrón, por estimar como máis vantaxosas as posicións desta vila, para facer fronte ao inimigo e agardar alí a chegada das forzas de Rubín, aproveitándose ao propio tempo dunha peza de artillería e algúns carros de municións recibidas de Vigo e chegados o día anterior a Padrón, para o caso probable de ter que abandonar Santiago.

A ese efecto estendéronse as ordes de marcha para as doce da noite, formando previamente ás dez da mañá na praza da Constitución<sup>357</sup> todo o continxente da primeira división, agregándose a esta os gardas civís e os nacionais, así como os licenciados do exército que xa se atopaban municionados e uniformados, colocándose as avanzadas na Ponte da Rocha cara o camiño de Padrón, punto por onde se acordara a retirada.<sup>358</sup>

Ás catro da tarde do propio día, sorpréndese nos suburbios de Compostela unha comunicación dirixida ao xeneral Concha polo Capitán xeneral do distrito, manifestándolle que sabendo que as forzas revolucionarias dobraban en número ás leais e, por ter o convencemento de que entre estas existían individuos sospeitosos, cuxos desexos

---

356 Do PORTO, ob. cit., páx. 117.–PIRALA, ob. cit., páx. 463.

357 Coñecida pola do Hospital, e hoxe de Afonso XII.

358 Do PORTO, ob. cit., páx. 178.

o levarían no primeiro momento a engrosar as las das primeiras, aconselláballe que, sen comprometerse en ningunha acción, se incorporase inmediatamente ás tropas que se atopaban na Coruña, a fin de non exporse a unha sensible continxencia que redundaría en prexuízo das institucións «por las que en primer término debía velarse; puesto que, de no seguir esta indicación se perdería todo irremisiblemente».<sup>359</sup>

Por outra parte, infórmase Solís doutras comunicacións de persoas de crédito e delegados que a Xunta Superior tiña en Lalín, con rmatorias, todas elas, en que as forzas de Concha que polo Ulla marchaban cara Santiago se reducían soamente a dous batallóns e un escuadrón escaso, e que abandonaran aquel itinerario para seguir o de Padrón, marchando en completa desorde e racionándose por si mesmas polas aldeas inmediatas, apelando para iso a medidas violentas.<sup>360</sup>

---

359 «Era el portador de este o cío un tal D. Manuel Alban, de muy dudosa conducta, condenado en Octubre de 1836 por la Audiencia de la Coruña á ocho años de presidio por delitos de in dencia contra la reina Isabel II y la libertad. –El general Villalonga recompensó sus servicios especiales prestados á la causa del gobierno de Madrid durante la revolución de Galicia, nombrándole Secretario del Ayuntamiento *Constitucional* de Santiago formado por su autoridad después de la catástrofe de Cacheiras del 23 de Abril. Este Ayuntamiento, estúpidamente reaccionario, (\*) dispuso en sus primeras providencias picar la lápida de la plaza de la Independencia (\*\*) á la que se había dado este nombre porque en su recinto juraron los literarios de 1808 salvar al pueblo español de la agresión francesa. ¿Qué otra cosa puede marcar mejor el sistema de exterminio seguido en Galicia contra todos los recuerdos *heroicos* desde la infausta época de Abril, que esta horrible proscripción, que ha hecho polvo un padrón de gloria, patrimonio de todos los partidos, honor de todo un pueblo y recuerdo de una nacionalidad que ya casi existe en la historia, y eso, porque es imposible despedazar sus páginas. Los instintos de ciertas reacciones son aún más salvajes que la espada del feroz Atila». –Do PORTO, ob. cit., páx. 177. –PIRALA, ob. cit., páx. 459.

(\*) Véxase a nota do noso Capítulo III.

(\*\*) Da Quintana, despois dos Literarios; sempre foi coñecida polo primeiro dos devanditos nomes.

360 Benito García de los Santos, en *El Pensamiento de la Nación*, de 6 de maio de 1846, páx. 278, di que Concha pensara tomar Santiago o 22 antes de que chegara Solís, mais, ao saber que este entrara xa na cidade e, como el non podía chegar se non a unha hora avanzada da noite e as súas tropas andaran aquel día nove leguas, mandou facer alto facendo noite en Vaamonde para despois tomar o camiño de Vigo. Ao seguinte día soubo que estaban na vila de Cacheiras e coñeceu o número de forzas que os pronunciados tiñan. Daquela detívose a agardar a incorporación do resto das súas.

Por estes datos que Solís cría certos, xulga as súas forzas superiores ás de Concha: supón a este camiño de Lugo, que as tropas de que trataban as noticias eran as da columna Chinchilla, compostas nada máis que das dúas indicadas unidades e algúns cabalos, con cuxo continxente aquel xeneral pensaba ocupar Pontecesures e Padrón. Entre tanto, as do brigadier Mac-Crohon, que se atopaban apostadas en Palavea, preto da Coruña, operarían sobre Santiago para despois, reunidas ambas columnas, facelo sobre Pontevedra. Neste concepto de apreciación concibe a idea de caer enriba das primeiras e derrotalas e, sen perder momento, botarse sobre as últimas, destruíndo, ao batelas en detalle, as combinacións do xeneral en xefe das forzas do Goberno central.

Non iría desencamiñado Solís nos seus cálculos se, afortunadamente, fosen veraces os informes que lle facilitarán a respecto das evolucións de Concha e das súas forzas e, tan equivocadas eran as devanditas informacións, canto que, como expresamos no precedente Capítulo, se constituían aquelas dun número superior ás de Solís,<sup>361</sup> a pesar de manifestar o contrario no seu o cio, o Capitán xeneral da rexión. Con ado, daquela, en semellantes informes, decídese a pór en práctica o seu pensamento, circulando ás súas avanzadas a orde para que se retirasen da ponte da Rocha e tomasen o da Pedriña polo camiño do Castiñeiriño.

A Xunta, allea en principio a este movemento, non quixo oporse por esta vez ao mesmo, mais non deixou de consignar, porén, a súa protesta, por xulgar aventurado o procedemento de ir buscar o inimigo, descoñecéndose como se descoñecía a situación xa da división de Rubín.

Ás doce e media da noite sae de Santiago a columna de Solís con este á cabeza, acompañada tamén da Xunta Suprema, cuxos individuos se separaron das forzas, á súa saída da cidade, seguindo a estrada de Padrón.

Fíxose a marcha moi lentamente por consecuencia da deterioración en que se atopaba a última ponte que non deixaba máis tránsito ca para

---

361 4.000 homes, expresa Benito García de los Santos, pág. 266 de *El Pensamiento de la Nación*, de 29 de abril de 1846.

un home só, chegándose con tal motivo, e con extraordinario atraso, ao despuntar o abrente, á vila de Cacheiras (Teo), en cuxo punto se deu a orde de descanso.<sup>362</sup>

## II

San Simón de Cacheiras é unha parroquia que conta con 1.092 habitantes de feito e 1.220 de dereito.<sup>363</sup> Pertence ao distrito municipal de Teo, distando de Padrón, cabeza do partido xudicial, dez quilómetros, e cinco proximamente, da cidade de Santiago. A súa capital, que é unha aldeíña moi alegre e animada, consta de 117 almas e fórmana un conxunto de 24 casas, todas elas de labregos. Está situada nunha chaira ou planicie resgardada na súa parte Norte por unha cordilleira denominada Montouto, en cuxa aba tivo lugar a memorable acción que imos relatar. Montouto dista de Cacheiras un quilómetro escaso, servindo de pantalla á devandita vila, para poder divisar desde ela a monumental Compostela.

Polo lado sur e sueste, ou sexa, o lugar chan en que Cacheiras se atopa desembarazado de obstáculos montañosos, pasa a estrada provincial que

---

362 Solicitamos do Secretario do Concello de Teo, o noso amigo D. José Rodríguez López, todos cantos datos existisen no Arquivo municipal e de especial interese para o noso traballo; e o único que aparece do libro de actas de aquel ano é o acordo seguinte: «Hay un sello en seco que dice: Isab. 2.<sup>a</sup> P.L.G.D. y la Const. Reina de las Españas. O cio 4 ms. año 1846.—En la Casa de sesiones de Lucí á siete de mayo de mil ochocientos cuarenta y seis. Reunidos los Sres. de ayuntamiento que abajo rman se les hizo presente por el Presidente de la Corporación de las continuas quejas que recibe sobre el ruinoso estado del puente Cacheiras (\*) en tanto grado que no han podido pasar las tropas del Excmo. Sr. General Concha en la última revolución teniendo que echarse por las heredades inmediatas. La Corporación acordó que el Sr. Presidente se valga de un cantero de con anza y más á propósito para que componga el dicho Puente inmediatamente, cargando el importe de la composición al artículo imprevisto. Con lo cual se dio por concluída esta sesión después que así lo acordaron los individuos del ayuntamiento que rman de que yo vocal secretario certi co:—Ramón Blanco, Mateo Carballo, Pedro Nieto, Manuel Crespo, Manuel Tejo, Manuel Rodríguez y Manuel Cadeira. P. S. Pedro Antonio do Eyo.»—*Arquivo Municipal do Concello de Teo*.

(\*) Pontillón da Riveira.

363 1.118 almas consigna Platas Freire no seu *Nomenclátor de las provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra*, ano de 1873. O ano de 1846 Cacheiras sumaba aproximadamente unha poboación de 895 habitantes.



parte de Santiago cara Cuntis polo Castiñeiríño, onde naquela época non había máis que un camiño de carro; ao este e a uns seis quilómetros, culebrea a de Santiago cara Ourense, e polo oeste, e a igual distancia, a do Estado de Santiago a Padrón.

Desde Montouto, abstráese o espectador ao admirar o poético panorama que á súa vista se presenta, destacándose en primeiro termo os pintorescos e exuberantes vales de Cacheiras e Recesende, coas súas agrupacións en chanzos de brancas casiñas, que se asentan nos lugares de Constenla, do Sixto, Recesende, Cacheiras, San Simón, Riveira, Sebe, Feros e Rego, ata dominar todas aquelas extensas e riseiras zonas máis afastadas que completan a cunca da Ramallosa, Lucí, Rarís, Sales, Illobre, Oza, Reis de Pontevea, coa súa profusión de agrisadas montañas, sobresaíndo a do famoso *Pico Sacro*, ese monte de grande importancia lendaria pola súa riqueza en lendas, tradicións e lembranzas históricas.

Outras aldeíñas divisáanse igualmente cara á morecente veiga do Ulla, como o val de Santa Lucía, que presenta, como o de Cacheiras, múltiples variantes de esmeraldina alfombra, festonándoo espesas carballeiras, soutos e os esveltos e aromáticos piñeiros, tan cantados pola lira do ilustre poeta Eduardo Pondal.

Completa toda esta polícroma paisaxe un deses cadros tan peculiares e suxestivos que reproduciu a inimitable paleta do noso malogrado Ovidio Murguía.

Non parece senón que o destino reservara á nobre revolución galega a beleza desa pequena porción de terra para as primeiras probas do seu sacricio: tan en consonancia estaban as ideas da unha coas bondades da outra!....

### III

Indícalle en Cacheiras un aldeán a Solís que se divisaba xente armada nunha eminencia dos montes próximos, ou sexa, pola parte de Vilariño e Vaamonde.<sup>364</sup>

---

364 A véspera da batalla de Montouto—coñecida pola de Cacheiras— xo noite o xeneral Concha na reitoral de Santa María de Vaamonde. Plácida estaba a noite,

Efectivamente, eran as forzas de Concha, que xa convencido de que Rubín non se movería coa súa división de Ribadavia, podería con toda seguridade avanzar sen o menor obstáculo cara Santiago para sorprender e dar o primeiro golpe de morte á revolución galega.

Por iso, a Xunta compostelá, máis perspicaz e máis desconfiada ca Solís, no ía desacertada nos seus xuízos e por algo, e para salvar os seus prestixios e os da causa galega, determinara separarse da columna santiaguesa, abandonando a cidade e encamiñándose a Padrón, como lugar máis seguro en caso de malograrse os propósitos de aquel.

En cambio, debe ser tamén obxecto de algunha desculpa a conduta de Solís. Este, polas noticias que recibira, xulgaba débil o inimigo e, neste suposto, aproveitando un golpe seguro, salvaría el á súa vez os foros da liberdade, e do principio revolucionario que con tanto ardor defendía.

E a proba evidente dos seus arrestos e da convicción que tiña na vitoria é a de que, ao ver aparecer o seu contrario, e observar que se ocultaba logo tras dunha lomba, asegurábase que Rubín viña picándolle a retagarda. De aí que se adiante ao seu encontro, e tome previamente, á esquerda da vila, algunhas insignificantes posicións.

Volve novamente divisarse o inimigo en dirección cara Santiago, o que, ao distinguir igualmente a columna revolucionaria, continúa polo

---

aínda que o seu ceo estivese cuberto de densos nubeiros. De cando en cando resgábaos a lúa, lanzando á terra os seus melancólicos escintileos, para iluminar a esplendidez da paisaxe. O xeneral, despois de cear, asomouse ao elevado balcón da reitoral; e ao apoiarse no peitoril deste, quebra a madeira por atoparse falsa ou podre. En nada estivo que o seu corpo se estrelase no pavimento, se a tempo non o suxeitara un dos seus axudantes de campo, exclamando *sotto voce*:—Os deuses son propicios ao xeneral.—E non se equivocara na súa profecía.

Esta anécdota débemoslla ao ilustre Abade da Colexiata da Coruña, o noso bondadoso amigo D. Ramón Bernárdez, que desempeñou o curado de Santa Eulalia de Oza (Teo), limítrofe da parroquial de Vaamonde, e que a recollera á súa vez do ancián cura desta freguesía, testemuño presencial do suceso.

Ao comentalo o párroco de Vaamonde, daba grazas á Providencia porque o xeneral Concha non sufrira a menor lesión, que de ocorrer o contrario perigaría a vida de aquel, atribuíndose o incidente a un plan fraguado de antemán polos partidarios da revolución.

seu anco esquerdo en movemento de avance, ata escurecerse de novo por entre unha cañada.

Continúan Solís e os seus forxando a ilusión de que o xeneral Concha, pretendendo unirse ao seu compañeiro Villalonga, fuxía do combate, ocupando o camiño de Compostela pola parte oposta ás posicións que aqueles traían, isto é, polo lado de Oza e Illobre, mais, ao velo reaparecer rapidamente en sentido contrario, Solís, que, para perseguido abandonara as súas, advirte a nova evolución deste, e acto seguido, concentrando as súas forzas entre o lugar do Monte e a aba de Montouto, apréstase á loita, despregándoas en batalla.

Considera que a chave de aquelas posicións que con maior garantía podía oporse ao avance do seu inimigo, que franca e resoltamente demostraba a intención de forzar o paso para dirixirse a Santiago, a constituía o anco dereito da cordilleira, pola súa elevación e absoluto dominio do camiño e alí sitúa, baixo o seu inmediato mando, o segundo batallón do rexemento de Zamora, os Provinciais de Xixón e Segovia, os gardas civís e a sección de lanceiros de Villaviciosa, ou sexa, os 20 xinetes de que unicamente dispuña, estendendo así a súa liña en dirección á cidade compostelá.

O outro extremo da devandita cordilleira, que en declive suave e a propósito para manobrar a cabalería podería considerarse máis accesible para o ataque e perigoso, polo tanto, para temer un movemento de anco, foi ocupado polo comandante D. Víctor Velasco con dúas compañías escasas de milicias, 60 licenciados do exército ao mando de D. Vicente Cobián e 25 nacionais ás ordes de D. Pedro Fernández Taboada, axudante de Solís.

A vangarda desta liña de batalla, sobre uns 200 metros, atópase na aldeíña de Cacheiras, e a outros 1.500 o lugar do Monte, seguindo a este o da Pobra, que xa se enclava na aba de Montouto, cuxas casas ocupaban os gardas civís como punto máis avanzado e practicable para o ataque.

Acelera Concha o seu avance, entrando polo Pontillón da Ribeira situado á saída da aldea de Cacheiras, actual camiño vello de Montouto a Santiago, facendo alto neste punto, e alonga a súa liña formando unha

diagonal, cuxa aba dereita toca un dos extremos da aba de Montouto, e a esquerda esténdea ata a metade do fermoso vale de Cacheiras.<sup>365</sup>

As forzas do xeneral compúñanse de dous batallóns do rexemento de América, o segundo batallón do da Raíña, o Provincial de Mondoñedo, 200 cabalos e catro pezas de Montaña, sen contar cos poderosos elementos que a curta distancia o seguían, mandados polo brigadier Rodríguez Soler.

Apoia a súa vangarda a á esquerda –ou sexa, fronte á dereita de Solís– cos dous batallóns de América e o da Raíña. No centro colocou a artillería, á dereita o Provincial de Mondoñedo, e a retagarda formada exclusivamente polos dous escuadróns.

#### IV

Colocados nesta disposición ambos exércitos, soa polo de Solís o toque de avance.

Móvese rapidamente a á esquerda de Concha ao grito de «viva a Raíña!» «morrán os traidores!» que é interrompido con outro «viva a Raíña libre!» «abaixo a ditadura!».

Inmediatamente, os gardas civís apostados na agrupación de casas que citamos, mandados por D. Eduardo Ruiz Pons,<sup>366</sup> o cial práctico de

---

365 O 13 de novembro de 1904, estivemos examinando todo o terreo que describimos, acompañados dos bos amigos de Santiago D. Pablo P. Costanti Ballesteros, D. Cayetano García Cairo, D. Ángel Rey e D. Vicente Naveira, tomando a tal efecto varias fotografías de aquelas pintorescas paraxes, para ilustrar o noso libro. O Secretario do Concello de Teo, D. José Rodríguez López, e o Alcalde D. Ignacio Blanco, que nos honran altamente coa súa amizade, prodigáronnos todo xénero de atencións, o mesmo na indicada visita como noutra posteriores que volvemos facer a aquel lugar en xuño e decembro de 1906 para rectificar algúns erros, acompañándonos varios dos devanditos amigos, entre estes, os intelixentes afeccionados D. Román López e D. Casimiro Marra, a quen, como ao Sr. Naveira, debemos as catro fotografías que presentamos no presente Capítulo.

366 Pai do consecuente demócrata D. Ángel Ruiz Pons. –Atopándose D. Eduardo na Coruña, uniuse ao movemento galego.–Perdera anteriormente na defensa da devandita praza o ano 1823 contra os franceses, os dous brazos, por virtude da explosión dun canón. En Cacheiras bateuse con valor heroico dando proba dunha serenidade e un estoicismo que causaba o asombro dos seus compañeiros.

artillería, ordena romper o fogo, causando algunhas baixas ás avanzadas inimigas que, formadas das dúas compañías de cazadores de América e da Raiña, ían adiantándose a paso de ataque, protexidas pola Artillería, esforzándose en romper a liña central do exército revolucionario.

Diferentes veces foron rexeitadas polo chumbo deste, especialmente polos gardas civís que non deixaban de oporse ao devandito intento, mais canoneados por nos edicios coas repetidas descargas que se lles facía, caen en poder do inimigo tras unha obstinada resistencia, non sen dar tempo aos defensores para concentrarse aos seus.

Solís e Velasco operaban ben,<sup>367</sup> mais comprendendo o primeiro que as intencións de Concha eran dividir a columna e envolver os seus flancos, procura cohonestar a agresión, dispendo que as dúas compañías de milicias cargasen contra as avanzadas inimigas, quedándolle a Velasco como vangarda os licenciados do exército, e como retagarda os 25 nacionais e os gardas civís que se lle reuniran despois da defensa das casas devanditas. Deste xeito faría ver a Concha que naquel punto existía maior número de forzas para resistir a acometida.

Así debeu entendela o xeneral, cando se viu que os fogos da súa artillería, lanzados con puntería certa cara o grupo das xentes de Velasco, impediron a este o avance, aínda que non o abandono das súas posicións.

Resultando infrutuoso por aquela parte o rompemento da liña central dos sublevados, non obstante o fogo cada vez máis vivo que despedían os contrarios, varía Concha de táctica e, sen deixar de canonear ás forzas de Velasco, ordena que, anqueándoo dous batallóns, se sitúen na aba oposta de Montouto, amagando a súa retagarda. Os revolucionarios atopábanse invalidados de dominar esta posición, porque, en posesión da meseta desta montaña, tiñan que atender ao propio tempo a acometida da vangarda inimiga, que era a que se empeñaba en romper a súa liña intermedia ou do centro, para dividir as súas ás, co propósito, segundo estamos a expor, de facer prisioneiro un dos seus flancos.

---

367 PIRALA, ob. cit., páx. 464.

Por virtude desta sagaz operación de Concha, puido entón facerse cargo Solís, con abafante pesadume, das vantaxes que ía tomando o seu rival, e da superioridade de forzas que o combatían, singularmente as do avance da cabalería deste, con quen non podía loitar, máxime tendo en conta a bondade do terreo que á mesma se lle presentaba en aqueles momentos para manobrar.

De súpeto concibe a idea de emprender a retirada, repregándose a Santiago.

–«A Padrón debemos dirixirnos», obxéctalle Buceta, «defendidos por esta línea de montañas que á nuestra derecha se destacan, y cuyas erizadas crestas nos servirán de admirable resguardo».

Contéstalle Solís que non había motivo para tanto afastamento, fundándose en que, aínda na imposibilidade de poder desaloxar o inimigo das posicións tomadas, contaba con que a división de Rubín habería de socorrelos dun momento a outro para tomar o desquite.

Aínda agardaba os reforzos do *amigo* e compañeiro, aínda con aba en que o seu plan coroaría os éxitos da revolución: erro lamentable que o arrastrou desde aqueles instantes ao fatal desenlace desenvolvido tres días máis tarde en Paleo!

Deu orde para que inmediatamente retrocedese a á esquerda a fin de evitar que non sufrise illada o empuxe do inimigo, mais era tarde: ao chegar a vangarda revolucionaria ao cumio do cerro, vésele pronunciar en retirada pola avalancha de combatentes que se lle botara enriba.

Corre a protexela o segundo batallón de Zamora, baténdose vigorosamente con diferentes sortes e a queimarroupa, e disputando o terreo palmo a palmo.<sup>368</sup> Por consecuencia deste inesperado movemento, desorganízase a retagarda que marchaba a longa distancia, seguindo e amparando a vangarda.

---

368 Benito García de los Santos en *El Pensamiento de la Nación*, de 6 de maio de 1846, páx. 278.

Nesta confusión –di Do Porto– son barbaramente alanceados varios licenciados e nacionais, quedando en poder do inimigo case todas as bagaxes dos revolucionarios.<sup>369</sup>

O batallón de Zamora continuaba combatendo cun ardor e heroísmo espartanos as forzas duplicadas do Goberno de Madrid, facéndolles baixas considerables, mentres varias compañías dos provinciais de Segovia e Xixón, custodiando unhas cargas de municións, declarábanse en retirada pola ponte Pedriña a Santiago.

Próximas xa á ponte as devanditas compañías, quebra a corda que suxeitaba as municións, espallándose estas polo chan e, ao pretender recollelas os soldados, interrómpelles a operación a cabalería contraria, botándose impetuosamente enriba. De súpeto, ábrense en dous ancós os infantés de Xixón e Segovia ocupando ambas ribadas do camiño, dispóndose a facer fogo sobre os xinetes, mais temendo ferirse reciprocamente déixanos pasar. Ao continuar estes a súa carreira, disparan entón contra eles os granadeiros de Segovia unha certa descarga, causando a morte dalgúns, entre estes a do oficial que os mandaba.

«Esta carga» –observa Do Porto,– «es sin duda la que nos cita la aludida *Expedición de Galicia* y que supone haber sido contra el segundo de Zamora. Lejos de dejar sin rectificar tal inexactitud, nos toca añadir aún, que lejos de ser desbaratado como allí se dice, aquel puñado de gigantes en el desnudo, hacía morder el polvo á los que osados intentaban romper sus filas».

---

369 Na acción das casas caeu gravemente ferido, atravesado o pecho dun balazo o veterano capitán graduado D. José Ignacio Gómez Rodríguez, fello da Coruña, que abrazara a causa revolucionaria como un dos seus máis ferventes apóstolos. Tendido no campo de batalla, foi trasladado despois da acción ao hospital de Santiago, ocupando unha das camas da sala de San Cosme. Loitando entre a vida e a morte, estivo naquel establecemento desde o día 23 de abril ata o 11 de novembro de 1846. Curado por fin da súa grave ferida e acolléndose ao decreto de amnistía, foi dado de baixa no exército ata que, reintegrados os principios liberais, volveu ao servizo activo co emprego de capitán. Este valente militar atopouse en distintos pronunciamentos, todos eles en defensa da liberdade. Tamén loitara valentemente na primeira guerra civil carlista e na campaña de África, sendo ferido de consideración. Obtivo na devandita campaña dúas cruces de San Fernando, solicitando ao pouco tempo o seu retiro de comandante. A folla biográfica deste militar é por todos conceptos un documento moi honroso.

«Un valor inmenso tuvo, si, esta carga de que nos ocupa, y á la cual damos tanta importancia para sus efectos, que según nuestro entender, en ella ha sido donde Concha consiguió el el laurel de la victoria. Nada ha valido que con ella se dispersasen algunas compañías; nada tampoco que la caballería pasase á situarse á la entrada de Santiago: valióles, sí, que cargados de cerca los soldados tuviesen que abandonar al enemigo las únicas municiones de que disponía la columna de Solís. A pesar de los ataques continuados de una numerosa caballería contra soldados bisoños, como son en esta época todos los del ejército español; á pesar de las repetidas granadas dirigidas sobre las masas, á pesar de ir desorganizadas la mayor parte de las fuerzas del ejército revolucionario, más de una vez hicieron retroceder á sus enemigos; y no bien llegaron á apoderarse de las primeras casas de Santiago, fué tanto el coraje que se encendió en sus atrevidos pechos, que Concha tuvo que detener el empuje de sus avances; y sino esperase por el pronto refuerzo del brigadier Rodríguez, indudablemente desistiera del vano empeño de rendir aquellos leones».

Ningunha esaxeración existe no manifestado polo autor da *Reseña histórica de los últimos acontecimientos de Galicia*. Limos detidamente o seu admirable traballo, e examinado, tamén, con escrupulosidade, todo canto documento o cial nos foi facilitado, e que imos citando, extractando ou copiando literalmente na nosa obra.

Á vista temos orixinal, o parte o cial do xeneral Concha acerca da acción de Cacheiras e a súa entrada en Compostela, –datado nesta cidade o 24 de abril de 1846– dirixido ao Ministro da Guerra, así como o traslado de aquel ao Capitán xeneral do distrito; e para que o lector xulgue a imparcialidade de Do Porto, e a que debe presidir en nós evitando todo xénero de suspicacias e facendo resaltar a verdade do que ocorreu no devandito combate, reproducimos literal un dos párrafos máis salientes dese documento que patentiza á vez os xuízos do xeneral en xefe das forzas do goberno central:

«Tan pronto como tuve reunidas estas fuerzas emprendí sobre las diez de la mañana el ataque de aquellas posiciones que traté de envolver por la izquierda para cortarles la retirada á esta ciudad. Al observar mi movimiento por la izquierda, los sublevados no se empeñaron en la defensa de aquellas posiciones y se pronunciaron en retirada, que sos-



tuvieron con *orden y tesón*, sin embargo de que *aquellos batallones no se detenían por el vivo fuego que sufrían*. El terreno 110 era favorable para la caballería. Sin embargo, tratando de interponerse entre la población y los sublevados me puse á la cabeza de la caballería y cargué parte del batallón de Zamora que se salvó á merced de unas casas y huertos de los cuales *hizo un fuego que nos causó algunas pérdidas*<sup>370</sup> pudiendo librar aquel batallón que por momentos estuvo prisionero. En esta carga llegué á colocarme á retaguardia de todas mis fuerzas quedándome con todos sus equipajes y cajas, *sin que hubiera obtenido, mayores resultados por causa del terreno*».

Vemos, pois, como o xeneral Concha, non con escasas forzas, como indica Fernandez de los Ríos,<sup>371</sup> senón que dispondo de maiores recursos ca o seu contrario, e con medios de tanta importancia como a cabalería e a artillería, non obtivo por de pronto na acción o *menor* resultado e si *algunhas perdas*, que máis tarde puidemos comprobar ao efectuar a súa entrada en Santiago<sup>372</sup> coa nova xente de refresco do brigadier Rodríguez Soler.

É máis: o xefe da división expedicionaria non ocultaba o valor e a abnegación dos sublevados, nin tampouco a súa singular disposición no combate.

Se Solís recibise entón os anhelados reforzos de Rubín, Concha probablemente volvería ancas cara Vilafranca, ou perecería se cadra na aba de Montouto dando exemplo de soldado leal.

De toda sorte, que o mariscal de campo D. José de la Concha perdesse ou gañase a acción de Cacheiras, a segunda banda tíñaase asegurada.

---

370 De cartas particulares que posuímos de D. José Gómez Rodríguez, calculouse entre ambos bandos 60 mortos e 180 feridos, sufrindo a maior parte as forzas de Concha.

371 *Estudios históricos de los sucesos políticos en la España del siglo XIX*, - 2.ª edición, un tomo,- páx. 154.-Madrid, 1877.-English y Gras, editor.

372 Cando penetrou Concha en Santiago ditou unha orde ao Alcalde da devandita cidade para que se dirixise aos Alcaldes de Teo e Conxo co fin de que os mortos que houbera nos seus respectivos distritos polo resultado da acción de onte se enterren previo recoñecemento e reconto: e os feridos sexan remitidos ao Hospital Nacional de Santiago (hoxe, Gran Hospital).-*Arquivo do Concello de Santiago*.

Vencera sen perigo, mais, como dixo o célebre guerreiro Eugenio de Saboya, «*vencer sin peligro es triunfar sin gloria*».



## CAPÍTULO XIII

Continúa a acción nas rúas de Santiago.– O Convento de San Martín.– Os sublevados refúxianse no devandito edificio.– Toma do mesmo polas forzas de Concha.– Rendición da división de Solís.

### I

Suspendida a acción durante uns momentos, aproveitáronos os revolucionarios para internarse na poboación compostelá, apresurándose a tomar posesión dos barrios do Sar, Hórreo e Camiño Novo. Xa nestes agardaban os reforzos da división de Rubín, comprendendo que, sen eles, sería aventurado continuar a loita.

Se desesperanzados estaban pola falta de auxilios, con idénticos receos estaba a columna ofensora, inutilizada para proseguir o combate sempre que non chegase a tempo a forza do brigadier Rodríguez Soler que con tanta ansiedade agardaba o xeneral Concha, quen xa prevía unha sensible decepción, temendo que o burlase Rubín, abandonando Ribadavia, e o collese quebrantado de ánimo pola ruda pelexa que acababa de soste en Montouto.

Mais Rodríguez Soler non faltou vindo a tempo para reunirse cos seus, conxuntura que aproveitou inmediatamente o xeneral para acometer os sublevados, dispoñendo o ataque contra a cidade. Formou tres columnas, a da esquerda co primeiro e segundo batallón de América, o Provincial de Guadalaxara, dous escuadróns e unha batería de Montaña ao mando do coronel D. Francisco Lersundi, a da dereita, ás ordes do brigadier Rodríguez Soler cun batallón da Raíña, o terceiro de Amé-

rica, o Provincial de Mondoñedo e outro escuadrón, e a do centro, mandada polo propio Concha, que dispuña doutro batallón da Raíña, 100 cabalos e o resto da artillería.

A un sinal dado pola descarga dunha batería, lánzanse as tres columnas a paso de ataque tentando desembarazar a entrada que nos consabidos barrios obstruía o inimigo.

Neste movemento de avance, os sublevados ían retirándose paulatinamente facendo fogo ata apoderarse de algunhas casas do arrabalde de Conxo, co obxecto de tentar un último esforzo de resistencia. O nutrido fogo con que foron recibidas as primeiras compañías do segundo batallón de América produciu nelas un instante de indecisión e aínda as máis avanzadas tiveron necesidade de retroceder.<sup>373</sup>

«Apercibido Lersundi de este movemento que podía un instante destruír las inmensas ventajas que obtuviera en dos horas de constante combate, y no dudando que con un poco de ánimo podría dar por resultado una completa victoria, lánzase en medio de la fuerza dispersa, exhorta con calor á sus soldados, reanima con el ejemplo su vacilante espíritu y á la cabeza de las dos compañías de granaderos, se arroja sobre el enemigo, toma á viva fuerza algunos edificios por él ocupados y concluye desalojándole del arrabal. Atraviesa seguidamente el puente de Santiago<sup>374</sup> cuyo paso estaba defendido por un batallón, y con un arrojado casi temerario y una serenidad digna de un valiente, pone al enemigo en derrota; pero no sin haber tenido que lamentar en las primeras descargas *la pérdida de más de cincuenta hombres fuera de combate*. Un tanto parecía vacilar la victoria, á la vista también de unos enemigos tenaces en su empeño, y cuya causa que defendían, porque era la causa de la revolución, contribuía no poco a su resistencia obstinada».<sup>375</sup>

A resistencia a que alude Vargas Machuca encomiando o heroísmo de Lersundi producíaa unha media compañía escasa de revolucionarios

---

373 FRANCISCO VARGAS MACHUCA: *Vida militar y pública del Excmo. Señor Don Francisco Lersundi, actual ministro de la Guerra.*—Madrid, 1851. Páx. 236.

374 É a ponte da Rocha.

375 VARGAS MACHUCA, ob. cit., páx. 237. Nesta acción foi recompensado Lersundi co emprego de brigadier.—Ob. cit., páx. 240.

que, ao mando dun sarxento e sen máis baluarte que os seus peitos, defendían a ponte da Rocha, facendo morder o po a moitos soldados de América –que aquel escritor indica pasaban de cincuenta,– ata que, rematadas as municións, se viron na necesidade de retirarse. Nesta acción perdeu a vida o capitán de granadeiros do terceiro de América, Sr. Gelabert.

«No paró aquí su ardimiento» –di Do Porto–<sup>376</sup> «pues al llegar al Campo de Santa Susana, tropezaron con un oficial que llevaba en un pañuelo algunos paquetes de cartuchos; y así que los hubieron repartido, se detienen, vitorean á la revolución y comienzan de nuevo á rechazar al enemigo que traía á sus espaldas. Por dos horas largas dieron cuenta de 500 hombres; y era tanta la serenidad con que luchaban aquellos nuevos Camilos, que alternativamente salían de las filas uno á uno á refrescar en una casa allí inmediata. Concluidas las municiones, echaron armas al hombro y continuaron su retirada».

O arriscado D. Víctor Velasco convertíase en heroe de lenda. Convenido da imprudencia involuntaria cometida por Solís, cando en Cacheiras lle aconsellaran el e Buceta a retirada a Padrón, facía esforzos sobrehumanos en aqueles críticos momentos, lanzándose á pelexa con outra media compañía do segundo batallón de Zamora, penetrando á baioneta por entre as filas dos da Raíña e chegando por pouco a arrebatara a bandeira deste Corpo. Loita infrutuosa, pois, pola falta de cartuchos viuse igualmente no caso de retirarse.

O batallón de Guadalaxara, que avanzaba pola rúa das Trompas, tivo que variar de dirección retrocedendo pola inmediata, a consecuencia de hostilizalo un vivo tiroteo que lle facían seis granadeiros, desde o máis elevado do Torreón da Ensinanza.<sup>377</sup>

---

376 Ob. cit., pág. 191.

377 Hoxe transformado o seu terreo en praza de Abastos. Antes de desaparecer este Torreón, chamábase comunmente Torreón do Picho da Cerca ou de Santo Agostiño. Era un terraplén ou promontorio, resto ou vestixio da muralla da cidade. Desapareceu o ano 1853, cando a construción do beiril para a venda do peixe e das carnizarías que alí existiron, ata o ano de 1872, en que se edificou a actual Praza de Abastos, a cal, ademais do indicado sitio, ocupa a horta e pazo do Conde de Altamira.

O combate proseguía cada vez con máis encarnizamento, e con máis empeño aínda polos pronunciados, que seguían resistíndose tenazmente.

O segundo batallón de América, algo illado da súa columna e enervada a súa xente por efecto das peripecias da noite anterior, gorecérase no convento de Belvís, presentándose unha situación deplorable, –por ter que defenderse de amigos e adversarios– en consideración a que o Cuartel xeneral que se establecera no barrio de Vista Alegre o tomaba por xente sublevada, rompendo sobre a devandita unidade un horrible canoneo que lle causou moitas baixas. Non cesou este crítico tronso ata que o tenente axudante da mesma, D. Lázaro Alcalá, cun valor temerario, cruzou a galope o fogo de ambas liñas para desfacer a equivocación ante o xeneral Concha, regresando logo coa orde deste de que avanzase, e que previamente quitaran os soldados as fundas dos morrións para distinguirse dos contrarios. Advertidos estes da consigna, apresuráronse a imitala para causar máis confusión.

No barrio do Hórreo e á entrada da porta da Mámoa, outros grupos distintos de sublevados, sen o ciais que os mandasen, batíanse coa mellor orde e regularidade, véndose a Concha infundir alento aos seus, –que ían dando mostras de desánimo,– colocándose á cabeza da columna e atravesando ileso por medio dunha chuvía de balas. «¡Estaba escrito», exclama Do Porto, «que había de ser estéril la cosecha de tanta heroicidad!....».<sup>378</sup>

«Los soldados del general Concha», observa García de los Santos, «no penetraban en una calle ni daban un paso, sin haber sido objeto de una

---

378 Ob. cit., páx. 192.–As detonacións de canón e fusilería oíanse preto de Sigüeiro: tal era o fogo repetido que se producía por ambas forzas belixerantes. Unha comunicación que o alcalde de Ordes pasaba ao brigadier Mac-Crohon, apostado no Portazgo (A Coruña), corrobora o aserto:

«*Alcaldía constitucional del Ayuntamiento de Ordenes.*–En este momento que son las tres y media de la tarde, acaba de dárseme parte por uno de los vigilantes que con anticipación tenía situados en las alturas más inmediatas al río Tambre de que hacia á las inmediaciones de Santiago se *hola* fuego como de batidas sin que se sepa alguna otra cosa de que pueda dar conocimiento. –Dios guarde á V. S. muchos años. –Ordenes, Abril 23 de 1846.–DOMINGO MOAR MÉNDEZ.–Sr. Comandante general de la columna de operaciones».–*Do noso arquivo particular.*

terrible lucha. La ciudad se tomó casa por casa; y cada una de ellas quedó regada con la sangre de algún soldado». <sup>379</sup>

A medida que ao exército revolucionario se lle diminuían as munições, ía evacuando o inimigo os puntos que ocupaba, única forma que se podía dar a este para conquistar terreo. <sup>380</sup>

Tense noticia de que no Convento de San Martiño se atopara unha pequena cantidade de cartuchos. Solís, entón, ordena que todos os seus se repregasen naquel punto.

Ao saber Buceta esta extemporánea resolución, encárase co caudillo e prégalle que lle cedese o mando das forzas, comprometéndose a salvarlas totalmente, tomando, a tal efecto, a retirada a Monte Pedroso. Facíalle a consideración de que neste lugar estaba a salvación de todos, dando conta de escarmentar o inimigo que non se atrevería a segui-los atendendo ao seu estado lamentable, debido ao cansazo de longas xornadas, famento pola escaseza de racións e minguado pola batalla laboriosa que traía.

Contestoulle Solís que «Rubín no tardaría, y que con éste se obtendría la victoria».

–«Rubín no tiene trazas de aparecer», replica Buceta, «y estas escaleras, mi general, –senalando as do pórtico do Mosteiro– «son las del patíbulo. ¿Para qué subirlas si aun tenemos campo abierto para morir con gloria? Nada perdemos, puesto que si aquí hay vencidos, nosotros por ahora no lo somos. Llevamos diezmado las las enemigas avergonzando su número con nuestra pequeñez; hicimos retroceder sus batallones con nuestras guerrillas; y también hemos hecho ver á los

---

379 *El Pensamiento de la Nación*; 6 de maio de 1846, páx. 278. Igual aseveración fai FR. MANUEL M.<sup>a</sup> DE SANLUCAR DE BARRAMEDA na súa obra cit., páx. 170.

380 O capitán retirado D. Juan Martínez Ruibal, pai do actual o cial maior da Secretaría do Concello de Santiago, D. Enrique Martínez González, bateuse heroicamente á fronte dun pelotón de paisanos e militares, favorecendo a retirada das tropas pronunciadas. Rematada a acción logrou fuxir, ata que polo decreto de amnistía foi absolto e desterrado por algún tempo á parroquia de Sobrado (Arzúa).



soldados del gobierno central que el valor se encuentra en donde está la justicia y en las alas de los libres, lección que no será perdida ni para ellos ni para nosotros».<sup>381</sup>

Desbotando Solís estas naturais observacións e pensando soamente na súa honra de militar e nas súas conviccións de patriota, responde ao entendido xefe do seu Estado Maior: –«Nuestra vida pertenece á la Patria; y hoy la habremos de salvar aquí ó pereceremos todos por ella. Los cobardes tienen espacio libre para marchar donde quieran».<sup>382</sup>

Ao oír Buceta reconvencción tan fóra de lugar, brandiu a súa espada e correu a comunicar as ordes para ocupar os edificios inmediatos ao Convento.

O aspecto que naqueles momentos presentaba a culta Compostela era aterrador: antes, confundíanse cos ecos da máis expansiva alegría os hurras á liberdade e os ardimentos patrióticos dos amigos da causa, gurándose ver xa derrocado o poder do tirano e emancipada Galicia da tutela do poder central. Despois, sucede o amargo contraste de verse as rúas sementadas de cadáveres, o seu pavimento tinguido de sangue, as paredes dos edificios cribadas de balas e, ao compás do son retumbante do canón, e como formando inharmónico e disonante ritmo, mesturarse o galopar dos cabalos cos berros dos combatentes, levando o espanto e a desolación ao máis íntimo do fogar.

Unha casa convertida en forte de empeñada defensa, unha praciña en campo de batalla, un portal en hospital de sangue<sup>383</sup> e un soldado, observa Do Porto, chamando aos seus camaradas para dar outra carga ao inimigo. «Y en lo más escondido de las habitaciones, la hermana pedía al cielo por la salvación de su hermano; la hija por la de su pa-

---

381 Do PORTO, ob. cit., páx. 194.--PIRALA, ob. cit., páx. 465.--BLASCO IBAÑEZ, ob. cit., páx. 100.--FERNÁNDEZ DE LOS RÍOS, ob. cit.--BERNARDO BARREIRO DE W., artigo publicado no xornal *La Voz de Galicia* da Coruña de 26 de abril de 1885, núm. 1.045.

382 Do PORTO, ob. cit., páx. 194.--BARREIRO DE W., art. citado.

383 A casa do noso historiador D. Manuel Murguía, cuxo pai tiña establecida unha farmacia, (Praza do Pan Vella, núm. 1) estaba destinada a hospital de sangue.

dre; la amante esposa por la de su marido; y todos, todos haciendo votos por la victoria de la revolución». <sup>384</sup>

O noso célebre historiador D. Manuel Murguía, nun fermoso artigo publicado no popular xornal *La Voz de Galicia* de 23 de abril de 1885, núm. 1.042, lembrando esta tristísima canto gloriosa efeméride, da que foi testemuño presencial, dicíanos: «Las cornetas tocaban paso de ataque y vimos que asomaban las tropas por la estrecha calle de San Benito á ocupar la plaza y desalojar de las casas de la Azabachería á los que desde ellas hicieron después un fuego mortífero. Sonaron entonces las primeras descargas: las balas acribillaron las paredes de mi casa y los que avanzaban retrocedieron. En aquel punto, el cielo que acababa de encapotarse, descargó con tal fuerza y en tal cantidad la lluvia, que hubo de cesar el fuego; y los que no temían las balas ó tal vez porque como prudentes las huían, trataron de guarecerse allí donde les era posible. Pequeña tregua y mísero descanso, porque llovió con tanta fuerza y abundancia como rapidez; y el sol, un sol de tormenta, un sol abrasador de combate como he visto y sentido después otros, volvió á brillar en el cielo permitiendo renovar la lucha interrumpida».

Desde as xanelas dunha casa da praza da Quintana<sup>385</sup> facían fogo desesperadamente uns cantos soldados do Provincial de Xixón mandados por un cabo. Desembocan no acto por un dos seus ángulos 50 soldados de cazadores de América, levando á súa fronte un novo subtenente.

–Adiante e a eles! exclama este.

–Duro e á cabeza! responde o cabo revolucionario.

E, no acto, soa unha descarga rodando por terra aquel simpático rapaz, quen, se cadra, ao acatar a disciplina e pensando na gloria, tentaba conseguir unha recompensa de aquela lutuosa xornada. A disciplina e a gloria cortáronlle para sempre as súas naturais ilusións: foi un de tantos valentes aos que a fortuna adoita dar as costas na maioría dos casos!....

---

384 Do PORTO, ob. cit., páx. 194.

385 Actual *Praza dos Literarios*.

«Al mismo tiempo» –escribe Murguía referíndose a esta sanguenta escena– <sup>386</sup>«unos cuantos soldados llamaron á nuestra puerta: bajó mi padre, bajamos mi hermano y yo, abrimos, y enseguida entraron en el portal con el muerto, sus acompañantes. Han pasado cerca de 40 años y todavía lo recuerdo, tanto me impresionó la vista de aquel pobre mancebo, arrojado de golpe en la eternidad en lo mejor de su vida y de sus sueños de gloria; de gloria sí, porque el muerto no era lo que se dice verdadera carne de cañón, sino un joven y gallardo teniente de Cazadores, cuyo bozo acusaba lo breve de su existencia y en cuyos ojos cerrados ya para siempre, habría dejado tal vez en el momento de la partida, su último beso la madre sin ventura ó la mujer amada que ya no debía verle más en el mundo de los vivos. Yo sentía, sin comprenderla, toda la desolación de aquella escena, al parecer, solo para mi alma interesante ¿Quién era? ¿De dónde era? ¿Qué se había dicho á sí mismo al tiempo de caer sorprendido de golpe por la muerte? ¿Hacia que misteriosos lugares dirigiera su última mirada y el postrer pensamiento? Todo esto me preguntaba, mientras el asistente de no mucha más edad que el muerto, recogía silencioso cuanto de algún valor llevaba consigo su pobre amo. Las lágrimas rodaban por sus mejillas. Quizás había sido bueno para él –que al n los 20 años siempre son compasivos y generosos;– quizás al contacto de aquellas carnes que se enfriaban, le ganó el temor de un n cercano, y tembló pensando en cuanto había en la tierra de querido para su corazón....».

Aqueles soldados llos da revolución que o día anterior e á mesma hora percorrían con fêrvido entusiasmo as rúas de Santiago para cruzar unhas cantas balas cos partidarios do uniformismo e da tiranía demandaban agora o asilo dunha xanela para aproveitar o único paquete de cartuchos que lles restaba, defendendo a todo transo a santa idea que xerminaba nas súas almas, e ao dar por concluso o seu labor espartano, cedían as posicións sen obter outra remuneración ca as bágoas e as apertas dos santiagueses.

En cambio, os que proclamaban con manifesto abuso a orde e a seguridade persoal, traducida na defensa dun principio odioso, asaltaban o fogar doméstico levando o vandalismo e o terror en grao inconcibible,<sup>387</sup>

---

386 Artigo citado.

387 PIRALA, ob. cit., páx.466.

mentres os veciños de Compostela salvaban os demorados e recollían os feridos dun e doutro bando, atendéndoos con fraternal solicitude, os soldados do xeneral Concha entregábanse a todo xénero de excesos, saqueando impunemente os domicilios, maltratando desapiadadamente os moradores e derribando a forza de balazos as portas que atopaban pechadas e que se opuñaan á súa rapacidade.<sup>388</sup>

Concha deu ordes para que se tomasen a viva forza os postos avanzados de defensa que mantiñan os sublevados, como eran o palacio arcebispal, encomendado aos soldados de Velasco, e as casas da rúa de Acibechería ata a Praza de Cervantes.<sup>389</sup>

Unha das columnas apoderouse do convento de San Pelaio e o pazo Consistorial, para protexer unha invasión que tentase desembocar fronte ao Mosteiro de San Martiño, en tanto que pola Quintana, forzas que cuadruplicaban en número se apostaban na Catedral tentando desalojar as casas, penetrando polos tellados e claraboias a custa de perdas sensibles.<sup>390</sup>

---

388 Foi voz común e algúns soldados de Concha dicíano publicamente que este, para estimularlos á loita, lles ofrecera o saqueo de Santiago se entraban na poboación. Sen que creamos nunha promesa tan monstruosa, citaremos algúns dos edificios saqueados e dos de onde roubaron cantidades moi considerables:

No Campo, o do Dr. Pedralves.

No Hórreo, o de D. Manuel Vieites e o arquitecto Lareu.

Acibechería: Comercio de Stoll.

ídem Id. de D. Miguel García.

ídem Casa do Sr. Molina.

Franco: Id. de D. Juan A. Carretero.

A cátedra de Química foi despoxada dos aparellos e instrumentos de máis valor.

(\* A porta da casa do capitalista Rodríguez Abella foi botada abaixo a forza de balazos. Ao ir entrar nela, divisaron os soldados un oficial, e, ao velo aproximarse, botaron a correr, salvándose por esta casualidade os intereses dunha das máis respectables casas da vila.—Do PORTO, ob. cit., páx. 196.—Nota.

(\* Por Real orde de 20 de xullo de 1846 dispúñase que se activase a busca dos efectos subtraídos do laboratorio, gabinete e cátedra de Química e Mecánica aplicada ás artes, instalados no ex-Colexio de Fonseca.—Neste edificio foi onde o 24 de abril, día do combate, instalou a súa artillería o xeneral Concha. —*Arquivo do Concello de Santiago*.

389 Tivo tres denominacións: Praza do Pan, Praza de San Benito e Praza do Campo.

390 «Pero el Sr. general Concha, (inspirado sin duda por el Santo Apóstol á quien invocaba á voces en toda la batalla), rompió las puertas de la Catedral y por el largo trecho de la tribuna, rompiendo otras puertas se entró en Palacio, desalojando los *Pronunciados*; en cuyo caso debió el *Palacio* llenarse de *cadáveres y desgracias*; pero el Santo Apóstol hizo no hubiera ni una sola librándonos así de la pena y aición que nos era consiguiente».—FR. MANUEL MARÍA DE SANLUCAR DE BARRAMEDA, ob. cit., páx. 171.

Os defensores do Pazo Arcebispal víronse na necesidade de abandonalo despois dunha resistencia inútil por esgotárselles as municións, levado consigo na retirada e gardándolle todo xénero de consideracións ao prelado señor Vélez a fin de proporcionarlle asilo de maior seguridade no ex-mosteiro de San Martiño, último baluarte dos sublevados e no cal se ían concentrando a medida que evacuaban as súas anteriores posicións.<sup>391</sup>

## II

A inmensa mole de granito que constitúe o mosteiro de San Martiño Pinario fai deste edificio un dos máis notables e imponentes da vella Compostela.

Só poderá darse idea da súa extensión, describe un escritor eminente,<sup>392</sup> sabendo que a fachada principal mide de longo máis de cen metros; que o edificio todo ocupa o espazo de dúas hectáreas incluso a pequena horta; que dá fronte a dúas prazas e tres rúas; e que o lenzo occidental é da superficie e altura que deixa supor o que nel se abran cinco ordes de xanelas, as tres superiores, de 32 ocos cada unha. Flanquean a súa fachada dúas torres cadradas e adórnana unha portada, ata certo punto apreciable, de orde dórica e do tempo en que se construíu esta parte do edificio,<sup>393</sup> portada á que houbo de engadirse en 1738 un segundo corpo coroado coa estatua ecuestre do Santo tutelar.

---

391 «San Martín, edificio fortísimo y muy grande fué el punto céntrico y último de los *pronunciados*, y todas las casas de sus inmediaciones eran un Vesubio de fuego, singularmente el *Palacio Arzobispal* que hacía frente á varios costados con numerosas bocas de fuego y balas. Al Excmo. Sr. Arzobispo se lo llevaron en rehenes á *San Martín*, donde estuvo esperando la muerte seis horas y media, cuyo tiempo yo quedé entre miles de balas.»—FR. MANUEL MARÍA DE SANLUCAR DE BARRAMEDA, ob. cit., páx. 170.

392 M. MURGUÍA: *Galicia; España y sus monumentos; su naturaleza é historia*. Un tomo, páx. 554—Barcelona, Est. tip. Editores D. Daniel Cortezo. 1888.

393 Iniciouse a construción deste mosteiro en tempos do Bispo Sisnando II. No ano 1047, o abade Ataúlfo, coñecendo a estreiteza en que vivían os monxes, determinou construír outro edificio máis amplo coa igrexa cuxas obras duraron ata o 1094. A mediados do século XVI procedeuse á súa completa reedificación trasladándose a igrexa ao lugar que actualmente ocupa dando principio as obras en 1590 baixo a dirección do arquitecto Mateo López.

A ornamentación deste templo, sobrio en riqueza artística, denuncia as mans dos nosos primeiros xenios galegos. Gambino e o seu xenro Ferreiro presentan

Polo forte espesor das paredes desta fermosa obra de fábrica podería considerárselle unha fortaleza inexpugnable, que para rendela se precisaba ou acosar por fame os sitiados ou valerse de artillería grosa de bater, elemento co que non contaba o cercador naqueles momentos. Este xa a tiña completamente bloqueada.

Os refuxiados non daban mostras de debilidade mentres lles restasen uns cantos cartuchos. Ás sucesivas descargas de fusilería que disparaban os cercadores, contestaban os do Mosteiro cun fogo lento, implicando que as municións se ían esgotando e que era de rigor aproveitálas con éxito.

Cando xa non lles quedaba ningún cartucho pensouse novamente en Rubín. Este non tiña trazas de aparecer.

Non intimidaba a Solís a súa deplorable situación. «La sangre de los héroes, dice Do Porto, corría en aquellos instantes por sus venas; y el corazón de los mártires palpitaba bajo su ennegrecido uniforme».

Reuniu Consello de xefes e oficiais, propóndolles, aproveitando as escuridades da noite, que axiña se botaba enriba, a idea de practicar unha saída, rompendo coa punta das baionetas a liña de circunvalación do inimigo, poñéndose así a salvo, para reunirse á segunda división de Rubín «que no debía de estar lejos».

---

fermosas imaxes saídas do seu privilexiado cicel, e a relación dos seus abades, na súa maioría composta de ilustres galegos desde 1505 a 1805, é ben numerosa. Como Seminario conciliar, hoxe Universidade pontificia, San Martiño Pinario tivo reitores, moitos de Galicia de verdadeira fama, podendo citarse, entre outros, a D. José López Crespo, Bispo que foi de Santander, don José Lozano, que o foi de Palencia, e o actual Chantre da Basílica compostelá D. José M.<sup>a</sup> Portal, notable orador sagrado, persoa dun entendemento vastísimo, e amante das glorias da súa terra. Como alumnos que foron do devandito Seminario e que hoxe tamén ocupan postos preferentes na Igrexa polo seu saber e ilustración, deberemos citar o douto historiador don Antonio López Ferreiro, Cónego Tesoureiro da aludida Basílica, D. Manuel Gómez Adanza, Dean da Sufragánea de Santander, D. Javier Vales Failde, Vicario xeral da de Madrid-Alcalá, D. Eladio Oviedo Arce, profesor do devandito Seminario, D. Severo Araujo, Bispo auxiliar de Compostela, don Emilio A. Villelga Rodríguez, catedrático de aquel establecemento, D. Cesáreo Otero Fernández, distinguido orador sagrado, D. Ángel Amor Ruibal, filólogo de universal renome, D. Manuel Amor Neveiro, acreditado publicista, e tantos outros que non lembramos.

Todos asentiron a esta proposición, dispoñéndose a pór en práctica o pensamento, mais desgraciadamente non opinaba deste xeito a case totalidade da clase de sarxentos que desexaba capitular, suxeridos polos afagos e promesas de algúns oficiais das forzas cercadoras que, en nome do xeneral Concha lles indicaran, entre outras concesións, a de absolverlos de todo castigo.

En van Solís tentara persuadilos invocándolles o nome da Patria, garantíndolles o éxito da operación e asegurándolles un porvir afagador que non atoparían nas filas do Goberno de Istúriz, facéndolles comprender que os ofrecementos do xeneral Concha se trocarían en funestas consecuencias que directamente deberían experimentar as súas respectivas familias.

Os sarxentos contestaron que «cumplido ya su deber como militares y sin ningún recurso para resistir al enemigo, insistían en entablar la capitulación con la cláusula principal de que se respetarían sus personas; palabra que ya previamente empeñara el general Concha por conducto de un oficial de su Estado Mayor al presentarse al frente de San Martín y que acababa de ser ratificada».<sup>394</sup>

---

394 «*División expedicionaria de Galicia*.—E. M. —Ecsmo. Señor: Es un deber en mí hacer presente á V. E., las circunstancias particulares ocurridas en el acto de la rendición de los subleados en Santiago, que me obligan á hacer á Vucencia una reclamación en favor de la clase de Sargentos, hechos allí prisioneros. Después de haber tomado casa por casa, y cuando los subleados se iban reduciendo á la ocupación del Cuartel y las casas mas inmediatas tocaron llamada para Capitular. Inmediatamente mandé cesar el fuego, y envié al oficial de mi E. M. D. José Eulate, á prevenirles que no admitía sino una entrega á discreción. Mi ánimo decidido era que así fuese, no creyendo que después de la defensa ostinada que habían hecho, y de la sangre que habían hecho derramar podía conceder el indulto de la vida sino á los soldados, á quienes era imposible aplicar la última pena por su número y por las circunstancias mismas de la subleación. Resuelto á aquello, me adelanté á la Plaza del Cuartel desde la esquina en que me hallaba y dije repetidas en alta voz, de modo que pudieran oírlo los subleados «á los soldados, cuartel; los demás á discreción» Sin embargo de esto el citado oficial de E. M. D. José Enlate que entendió que el cuartel se extendía á la clase de tropa, al llebar mi contestación negatiba á la suplica que hacían los oficiales, aseguró á los Sargentos que con ellos estaban, que yo les garantizaba la vida. A pesar de todo no se resolvían los subleados á entregarse, y viendo que se acercaba la noche, me adelanté de nuevo á la Plaza, y en alta voz dije por dos veces, se les hiciera entender que si en el termino de cinco minutos no se entregaban

Ante a tenaz negativa dos seus subordinados que días antes o aclamaban con verdadeiro frenesí tomando parte nos seus triunfos e seguindo en todos os seus perigos, Solís veu facerse cargo da súa a itiva situación e da dos seus compañeiros de armas os xefes e o ciais. Compreendendo que para estes non concorrería a mesma conmiseración que para a clase de tropa, buscou unha fórmula de concordia e, seguido do seu xefe de E. M., Buceta, penetrou nas habitacións interiores do convento nas que se atopaba recluído o Arcebispo Sr. Vélez e prégalle que interveña co xeneral Concha para obter para todos idénticos dereitos de perdón e bene cios, sen a menor deshonra para eles, facilitándoselles o oportuno pasaporte para o estranxeiro.

Mostrouse solícito o venerable prelado para desempeñar a misión, e a tal efecto dirixiu ao Xefe cercador unha expresiva mensaxe, que por toda contestación «lo arrojó con desprecio»<sup>395</sup> indicándolle verbalmente polo o cial de E. M. D. José Eulate que non admitía ningunha clase de condicións máis que as ofrecidas á clase de tropa, agregando que «sino se hacía dentro del término de cinco minutos la entrega á discreción de jefes y o ciales, haría romper de nuevo el fuego sin dar cuartel á nadie».<sup>396</sup>

---

haría romper de nuevo el fuego y no daría á nadie Cuartel. A esta intimación, unos sargentos que se hallaban reunidos en una de las bentanas del Cuartel manifestaron al comandante del 3.º Batallón de America D. Ramón Solano, que si se les perdonaba la vida obligarian á que se entregasen los o ciales.

El Comandante Solano está seguro que yo le contesté que sí, y que así lo manifestó á los Sargentos, los cuales seguidamente abrieron la puerta y bajaron á entregarse.

Esta relación detallada de cuanto ocurrió para rendición de los sublebados, probará á V. E. que tengo el deber de reclamar por la vida de aquellos sargentos.

Estoy persuadido que V. E. que sabe hasta que punto es sagrado el cumplimiento de la palabra de un General dada en tales momentos, se decidirá á conservarles la vida, aun cuando sean condenados á la pena capital por el Consejo de Guerra que los á de juzgar.

Si V. E. no se cree autorizado para esto espero al menos que suspenderá la ejecución de aquella sentencia, caso que fuese necesario, hasta que recaiga la resolución de S. M. á la suplica que con tal objeto la dirijo por conducto del Ecsmo. Sr. Ministro de la Guerra.

DIOS guarde á V. E. muchos años.—Pontebedra 26 de Abril de 1846.—El General Comandante General, JOSÉ DE LA CONCHA.—Ecsmo. Sr. Capitán General de Galicia».—*Doc. inédito que posuímos.*

395 Do PORTO, ob. cit., pág. 201.—PIRALA, ob. cit., pág. 469.

396 Comunicación do xeneral Concha pasada ao Capitán xeneral de Galicia aos poucos momentos de realizarse a rendición.—*Doc. que posuímos.*



Concha, ao expresarse deste xeito, tiña asegurado o triunfo da súa empresa.

### III

Axiña os sitiados lembraron a tristeza que agardaba por eles. Naqueles momentos de confusión e incerteza, tentaban burlar os seus perseguidores, buscando os medios de fugarse: algúns o ciais, con Buceta á cabeza, achéganse a Solís pregándolle que nin saíse nin se entregase por conter no vasto edificio lugares a propósito onde ocultarse e proceder despois á fuga sen que se puidese alegar «que se entregaban impunemente sin vender caras sus vidas».

Negouse o caudillo a seguir o consello, obxectándolles que, sendo o primeiro xefe que se lanzara á revolución, prefería o patíbulo á deshonra: «Al menos moriré en holocausto á sus principios».

Mentres os soldados se abalanzaban atropeladamente ás portas de saída do Mosteiro para entregarse aos cercadores, volven de novo algúns xefes a reiterar a Solís a proposición da fuga.

–«No, señores; sálvense ustedes y todos los demás que puedan: yo debo seguir á mis compañeros en su infortunio.

–¿Qué logrará usted con ser prisionero?, argúyete uno de sus ayudantes.

–Los he comprometido; ellos me obedecieron; van prisioneros quizá á la muerte. ¡Debo darles ejemplo!»,<sup>397</sup>

E coa fronte serea e altiva a ollada, destácase a súa gallarda figura no pórtico do Convento. Estreita afectuosamente as mans dos seus e con paso tranquilo, que acusaba despectiva indiferenza, baixa a curta escalinata a cuxo pé o agardaba o machado do verdugo.

---

397 Continuación da *Historia de España* de MARIANA por D. EDUARDO CHAO, tomo V, páx. 755.–Edición de Gaspar y Roig.

Soan entón as sete e media da tarde na campá do reloxo da soberbia Basílica.

#### IV

Media hora despois, o vencedor pasaba ao Goberno o seguinte o cio: «Replegados los enemigos á la ciudad, hice que por la izquierda los batallones de América y de la Reina al mando del coronel D. Francisco Lersundi se apoderaran de algunas casas de los arrabales, dando tiempo para el ataque de la población á la llegada del brigadier Rodríguez Soler á quien cuando la veri có previne que con dos batallones debía de atacar por la derecha, mientras que yo con igual fuerza lo ejecutaría por el centro.

A la señal dada por una descarga de la batería, las columnas al paso de ataque entraron en la población y consiguieron hacer replegar á los sublevados al cuartel de San Martín; edi cio sumamente fuerte ocupando al mismo tiempo una porción de casas contiguas.

Desde aquel momento el *combate se hizo sumamente reñido y empeñado, siendo necesario tomar casa por casa*, hasta que á las seis y media de la tarde, reducidos los sublevados al cuartel de San Martín pidieron capitular.

En la posición que tenían mis tropas y después de la sangre derramada, no podía admitir ninguna otra condición que la de una entrega á discreción. Les contesté á sus proposiciones y convencidos de mi resolución de tomar á viva fuerza el cuartel, se entregaron todos á discreción quedando prisioneros sobre 1.400 hombres que componían la fuerza de los dos batallones del regimiento infantería de Zamora,<sup>398</sup> Batallón

---

398 Nesta comunicación, que conservamos orixinal, existe un erro notorio que estamos no deber de resolver. Fíxoo incorrer nel ao xeneral Concha, polo celo natural que tiña para comunicar o seu triunfo, con toda brevidade ao Goberno.

Dous dos batallóns de Zamora, o 1.º e o 3.º non estaban cos revolucionarios, senón coas tropas leais: precisamente en aqueles momentos do suceso se atopaban na vila do Portazgo, moi próxima á Coruña, formando parte da columna do brigadier Mac-Crohon. O que compartía cos sublevados era o segundo batallón do citado rexemento que, como dixemos, foi o que iniciou a campaña o 2 de abril, en Lugo.

de Segovia y Gijón, el Batallón de Zamora<sup>399</sup> y 70 guardias civiles con veinticinco caballos de Villaviciosa.

El número de oficiales prisioneros excede de 54 entre los cuales se encuentra el comandante Solís.<sup>400</sup>

Las tropas de mi mando se han conducido con el mayor valor desplegándolo particularmente en el ataque de la Población en que sufrió la mayor parte que será de unos *sesenta muertos y cien heridos*, 401

Me reservo designar á V. E. los jefes y oficiales é individuos de la tropa que más ocasión han tenido de distinguirse para cuando pueda hacerlo con toda la rígida justicia que se debe para dispensar esta distinguida recompensa.

---

399 Ao incluír entre os prisioneiros esta unidade, referíndose Concha ao Provincial de Zamora, tamén se equivocaba no parte dirixido ao Goberno, xa que o aludido Provincial se atopaba en Ribadavia anexionado á división que mandaba Rubín.

Facemos, pois, estas naturais aclaracións, para evitar calquera confusión do lector.

400 Non foron 54, senón sobre 70 a cifra alcanzada; salvándose 54 entre xefes e oficiais, entre eles o comandante D. Manuel Buceta. Varios destes burlaron a vixilancia dos inimigos, agochándose no Mosteiro, e outros apelaron á fuga diante da mesma garda de prevención que os custodiaba.

Moitos valéronse do enxeño de volver do revés a galleta do morrión a fin de ocultar o número do Corpo a que pertencían, atendendo á igualdade de uniformes de ambos combatentes; e outros espían as fundas acharoadas dos *schacós* para semellar os vencedores. Quedou polo tanto reducido a 61 o número xefe e oficiais prisioneiros a quen en Carral se lles puxo en capela para ser fusilados e dos que trataremos no seguinte Capítulo.

Ademais, dos 1.400 prisioneiros salváronse 350, que non loitaron no convento de San Martiño, e que en varias partidas se dirixiran a Vigo para incorporarse á división de Rubín no instante en que souberon o desastre dos seus compañeiros.

401 Noutra comunicación que conservamos, e que Concha pasara ao Capitán xeneral do distrito, di: «las tropas de mi mando se han conducido con el mayor valor acreditándolo en la toma de esta ciudad que *me ha costado más de 200 hombres entre muertos y heridos*». –Véxase o *Apéndice 8.º*

E D. Benito García de los Santos, en *El Pensamiento de la Nación* de 6 de maio de 1846, páx. 280, expresa: «y principalmente la jornada del 24 dada por Concha en Santiago donde se dice llegan á *quinientos* los muertos y heridos de una y otra parte, forman un espectáculo horroroso que aterra y conmueve: de esta última acción se cuentan sucesos lastimosos, pues el tesón con que combatían, ha causado desgracias en personas que ninguna parte tomaban en la lucha».

La falta de municiones que he pedido con urgencia al Excelentísimo Sr. Capitán general de este distrito, me detendrá en este pueblo uno ó dos días; pero tan pronto como las reciba marcharé sobre Vigo y Pontevedra.

A los jefes y oficiales prisioneros los hago salir mañana á la Coruña á disposición del Excmo. Sr. Capitán general para que sean juzgados con arreglo á la ley de 17 de Abril de 1821<sup>402</sup> según se previene en su bando, esperando su resolución respecto á la clase de tropa.

Ruego á V. E. se sirva elevar á conocimiento de S. M., esta nueva prueba de la decisión y valor de las tropas de mi mando».<sup>403</sup>

Polo que deixamos transcrito, cabe deducir que o xeneral Concha debeu a maior parte do seu éxito non ao prestixio das armas nin á pericia ou condicións de táctico, senón á debilidade de carácter do sarxento de aqueles tempos que ata o ano de 1885 veu sendo o xefe inmediato do soldado do que dispuña ao seu arbitrio e vontade.

Aínda sen valerse do suspirado auxilio de Rubín, 1.400 homes co fusil armado á baioneta ben poderían cohonestar o poder do adversario, aínda que este fose superior en número e non lle escaseasen as municións.

Se o sarxento sublevado, despois de adquirido o compromiso, atendese máis á voz do patriotismo que ás conveniencias propostas polo cercador, a rendición do convento de San Martiño non se escribiría nas páxinas da historia galega; e os propósitos de Solís terían probablemente digna coroación, salvándose por en canto naquel heroico lance, o honor da milicia revolucionaria e os prestixios do principio que se debatía; pois é de presumir que os que del librasen con vida, que sería unha maioría inmensa, pasarían a reforzar a segunda división do Exército liberador, para continuar a loita con máis arrestos e enerxías.

---

402 Xuízo sumarísimo e pena de morte.

403 Este parte foi impreso en follas volantes, e nos periódicos oficiais da rexión. Nós conservámolo orixinal.

Outra consideración de indubidable dialéctica que varios escritores tamén formulan, xurde á nosa mente neste oportuno momento, para condenar a negligencia demostrada polos revolucionarios, que foi a causa e ciente do seu fracaso, ao abandonar as municións en Ponte Pedriña, porque a perda dese importantísimo factor serviu a Concha para aproveitarse precisamente del no máis crítico da xornada, como se corrobora na comunicación que queda reproducida.

Esta continxencia —o que aquel xeneral alcanzase o triunfo cos cartuchos dos seus inimigos, invalidando a estes para cargar os seus fusís. «Y aun así» —argumenta Do Porto— «tuvo el sitiador, para rendirlos, que agotar los cartuchos de uno y otro. No sin razón dijimos, que la deplorable pérdida del Puente Pedriña dio la victoria al general Concha; no sin razón asentamos que las combinaciones del acaso, le hicieron el *vencedor de Galicia*».

Mais prescindamos do xuízo de Do Porto, por se puidese invocarse algunha suspicacia ou parcialidade, así como dos de Pirala, Blasco Ibañez, Fernandez de los Ríos e tantos outros que trataron destes sucesos —xándose singularmente na memorable xornada de 24 de abril, e atendamos ao dun cronista nada sospeitoso como Benito García de los Santos, que se anticipou a comentalos a raíz do seu desenvolvemento:<sup>404</sup> «listos hombres» —os revolucionarios— «que desde las nueve de la mañana hasta las seis y media de la tarde sostuvieron de aquella manera un ataque tan continuado y que no perdieron un palmo de terreno sin dejarle sellado con la sangre de sus contrarios, se hallaban en la *desesperada posición de tener que morir sin pelear*. En situación tan terrible, viéndose vencidos y sin medios de obrar, pidieron capitulación.—Grandes tenían que ser los resultados de tan gloriosa como triste jornada. Perdida la ciudad en que estaba la Junta Superior de Gobierno; estando en poder de las tropas de la Reina el Jefe militar de la insurrección; prisioneros un número considerable de soldados, los pronunciados veíanse disminuir en número, decaer su prestigio moral y las Juntas y los otros jefes tenían que cuidar de sus vidas ya que todos los esfuerzos nada podían contribuir á mejorar su suerte; *de modo que al triunfo del general Concha, se le dio desde luego una gran importancia, considerándolo como un golpe decisivo*».

---

404 *El Pensamiento de la Nación*, páx. 280, 6 de maio de 1846.

Ás oito da noite entregaran xa as armas os soldados que compuñan a primeira división do Exército liberador de Galicia e os seus xefes e oficiais, a excepción duns cantos que, agochándose dentro do labirinto de cuartos do Mosteiro, lograron burlar os propósitos do cercador.

«¡Trescientos veinte y cuatro años había, –mani esta Do Porto– que á la misma hora y al misterioso claro-oscuro del crepúsculo, se veían las armas de los Comuneros de Castilla tintas en sangre y rotas en mil pedazos por el suelo, vencidos y prisioneros sus valientes tercios y próxima á caer la cuchilla del tirano sobre las nobles cabezas de Juan de Padilla, Juan Bravo y Francisco Maldonado!

¡Coincidencia providencial digna de la meditación del filósofo!

Aquel día era el aniversario de la batalla de Villalar!....

El 23 de Abril de 1521, fué despedazada á arcabuzazos y enterrada en sangre, la más heroica manifestación de sus derechos é independencia que haya podido hacer jamás ningún pueblo de la tierra. Contribuyeron por un lado á esta inaudita injusticia, la traición de los malos españoles; y por otro la imprevisión, la ligereza, la innata conanza de los jefes del alzamiento.

El 23 de Abril de 1846, fué igualmente despedazado á metrallazos, el más justo y grandioso arranque de dignidad y patriotismo de que presenta ejemplo la historia de nuestros últimos tiempos, exuberante en sublevaciones tramadas por la ambición de propios y extraños, contribuyendo á este desastre inicuo, la mala fé, la cobarde traición de los unos y la negligencia, la bondad y la precipitación de los otros. ¿Cual sería hoy el estado de España si este sangriento aniversario fuese una vindicación de la derrota de Villalar?....».

A pesar desta dolorosa catástrofe, a revolución galega non perecería aínda aquí, tendo, como aínda tiña, forzas numerosas, algúns buques de guerra, dúas provincias enteiras e reféns de sobra para evitar os fusilamentos de Carral que subseguiron á rendición do convento de San Martiño de Santiago. Nun dos Capítulos seguintes, explanaremos as causas que en definitiva a malogaron.



## CAPÍTULO XIV<sup>405</sup>

Preliminares.– Sentenza pronunciada contra D. Miguel Solís e Cuetos, e os seus  
compañeiros.– Os fusilamentos.– Comentarios

Allí cayeron con tranquila frente  
Entregando sus vidas una á una,  
¡Los habían vendido torpemente!  
No les faltó valor, sino fortuna.

¡Llorad, gallegos, esa es vuestra suerte!  
Mas yo entretanto, sin temor mezquino,  
*Cobarde* llamo al que ordenó su muerte,  
Al que vendió sus vidas,  
¡ASESINO!...

ALFREDO VICENTI.

(ODA *A las víctimas del año 1846*.–Santiago, 2 de  
maio de 1870.)

«Gustosos suprimiríamos estas páginas en nuestros  
anales».–PIRALA: *Historia contemporánea*, páx. 470,  
tomo I.

---

405 Parte deste Capítulo foi publicado en *La Voz de Galicia* de 22 de maio de 1904 e reproducido na revista *Galicia*, da Habana, nos números de 19 e 26 de xuño do devandito ano.



## I

A primavera de 1846 foi, con curtas excepcións, abundante en borrascas, singularmente o mes de abril, no que non houbo día en que non se experimentasen os efectos desagradables de aquel tempo irregular, contribuíndo este a restar as enerxías dos espíritos máis animosos que contendían naquela empeñada loita, cuxos preliminares comezaran protestando contra a ditadura de Narváez e rematara inclinándose pola autonomía da rexión galega.

Durante os 21 días que durou esa encarnizada campaña, xamais puideron manobrar con relativo desaforo, debido ás cruezas do temporal, as columnas expedicionarias, malográndoseles, en moitas ocasións, o éxito dos seus principais movementos.

En canto disminuía o vento furacanado, resolvéndose en copiosos chubascos, tornaba novamente a atmosfera a cargarse de densas néboas para volver xerar a chuvia e proseguir así un e outro día, transformando en cru invernal a estación máis bela e saudable do ano.

Amence o 26 de abril cun ceo brumoso, de color lousa escura, exhausto de luz, sen esa luz e esa tonalidade azul e alegre, característica do ceo galego.

Os raios do sol eclípsanse pola espesa bruma que, trocándose en chuvia moi miúda e compacta, caía paulatinamente sobre a terra, cuxos poros ían absorbéndoa, formando a súa superficie de glutinosa masa.

Por falta de calor, atopábase a vexetación interrompida, presentando as sementeirias marcado raquitismo, especialmente os tallos verdosos do centeo e o trigo.

Carral presentaba naqueles momentos un aspecto lúgubre: os seus habituais moradores fuxían á capital da provincia e ás aldeas inmediatas,<sup>406</sup> deixando abandonados os seus fogares para liberarse da sol-

---

406 É tal a superstición que con motivo de aqueles fusilamentos teñen aínda na actualidade os carraleses, que cren que os manes de Solís e dos seus desgraciados compañeiros lles levarán algún día a vinganza. Carral continúa no mesmo estado de urbanización. Non se construíron desde entón máis ca uns cuantos edificios, reparándose moi poucos.

dadesca, que, tomando a aldea e abusando da inmunidade do poder que lle conferira o xeneral Villalonga, se entregaba a todo xénero de inconveniencias, alardeando de botín de guerra a odiosa misión que ía desempeñar.

As autoridades locais tamén desapareceran, e só se aguantaran de grao ou por forza, segundo non hai moito nos manifestaron testemuños presenciais de aqueles lamentables sucesos,<sup>407</sup> un tal D. Fernando Insua, que exercía as funcións de tenente de alcalde do Concello, para *dar fe* da consumación dun espectáculo que reprobaba a conciencia humana.

Sen a presenza dese funcionario, probable sería que aquel non se verificase; porque, así como ocorrera na vila de Ordes, que non atoparon autoridades que se prestasen a autorizalo, seguirían os prisioneiros do convento de San Martiño de Santiago o seu itinerario ata A Coruña, e nesta cidade non se faría agardar, por diferentes motivos, a gracia de indulto, relevándoos de sufrir a última pena, xa porque a poboación en masa se oporía a tan brutal rigor, xa porque o xeneral Villalonga, distraído naqueles momentos coa *conquista* de Lugo, esquecería a situación dos presos, non anticipándose a nomear aquela Comisión militar<sup>408</sup> que os xulgase tan rápida e desapiadadamente, entre cuxos membros se ofreceran a formar parte da mesma dous signi cados veciños da Coruña, quen durante a súa longa existencia levaron consigo o anatema da opinión.

Formaban este tribunal o seu presidente o brigadier D. Francisco Javier Ituarte, o coronel D. Francisco Cachafeiro, o avogado do Colexio

---

407 Don Francisco Botana, Síndico que foi do Concello, falecido hai proximamente catro anos, Francisco Gómez Castro (*a*) *Chumbirí* e Jacinto Castelo.

408 «Los prisioneros que debían ser juzgados en la Coruña marcharon muy conformes por el camino de Santiago: sus declaraciones habían de comprometer á muchos y elevados personajes; y en este sentido, sino con aban en una amnistía, parecían asegurados de la atenuación de la penalidad; pero al llegar el 25 á Carral fué instalada casi á la fuerza una Comisión militar. Jefes y oficiales hubo que repugnaron la intempestiva solución; no faltaron otros que aceptaron aquella medida para congraciarse con el Gobierno aunque deshonraran el uniforme que vestían; y mucho más, cuando apenas fueron oídos los culpables».-FORT Y ROLDAN: *Apuntes*.

da Coruña, D. José Saavedra Codesido, en concepto de asesor, e D. Juan Antonio de Castro Cedeira, no de scal.<sup>409</sup>

Os instintos *humanitarios* de Cachafeiro, delegado do xeneral Villalonga, estaban en analoxía cos encargados de facilitar albergue aos 62 prisioneiros. Como hospedaxe, proporcionóuselles, na noite do 25, a reducida capela do Socorro,<sup>410</sup> sagrado lugar enclavado no centro da parte Norte da praza, dunha cabida que non supera os 45 metros cadrados; e por leito, como descanso á xornada de sete leguas, efectuada a pé desde Santiago e de mans atadas como criminais empedernidos, uns cantos feixes de palla espallados polo húmido pavimento, subministrados, se cadra, por algunha alma caritativa.

Apiñada esa masa humana dentro de aquel estreito recinto, sen aspirar máis ambiente ca o que recibía dunha pequena bufarda ou fendedura aberta na súa parede dereita, houbo necesidade para reparar o oxixeno e evitar a asxia, de abrir, co obxecto de que respirasen, un burato no tellado.

## II

A Comisión militar establecera a súa sala de autos nun mesón, cuxo edificio presenta hoxe, como daquela, con lixeiras diferenzas, a mesma construción, e que está situado na parte oeste da praza. É dunha soa planta, sobresaíndo da súa fachada un amplo soportal ou beirado, sostido no seu extremo por unha columna de madeira de castiñeiro, e no seu proemio por unha pilastra de cantería.

---

409 O ex-coronel D. Andrés Saavedra, emigrado polos acontecementos de outubro de 1841, nos cales se signi cara, era inimigo persoal de D. Miguel Solís por resentimentos particulares. O seu irmán D. José, que non ignoraba isto, obrou con pouca delicadeza ao aceptar o cargo de asesor da Comisión que debía xulgar o último, sancionando un fallo que, por xusto que fose, podía presumir a opinión que inuían aqueles odios. – Do PORTO, obra citada, páx. 231, nota.

Segundo as nosas noticias, parece que D. José Saavedra tentou renunciar máis tarde ao cargo de asesor, obrigándoo daquela a desempeñalo o xeneral Villalonga, baixo apercibimento de imporlle un duro castigo. Na Coruña, foi obxecto de graves censuras a debilidade do Sr. Saavedra.

410 Hoxe propiedade dos herdeiros do nado notario de Ordes, don Florencio Pol y Ramos.

Ás dez da mañá sae esposado da capela don Miguel Solís para comparecer ante o Consello de guerra.

Comeza o scal o interrogatorio. Contesta Solís dando o seu nome, graos, emprego e condecoracións, a rmando que, ao pórse á fronte das tropas pronunciadas, fíxoo guiándose polos impulsos da súa alma; que os seus principios eran de rme adhesión á Raíña, e só a xestión perniciosa do Goberno era o que tentaba combater, «por infracción de las leyes, vejámenes de los pueblos y más atropellos que se desprendían de la historia de los dos últimos años».

–«No soy traidor á mis juramentos ni jamás claudiqué de ellos, antes al contrario, los acato con aquel respeto en que se cimenta el honor del caballero; por eso no quise pronunciarme en 1843, valiéndome esta actitud sufrir tal cúmulo de persecuciones, que hasta se me postergó en mi carrera. Si á pesar de todo, se me reputa traidor, con doble carácter lo son todos los militares de España, desde el primer general hasta el último corneta, pues muy pocos de ellos podrán contarse que no hubiesen servido á todos los Gobiernos, defendiendo todas las banderas y quebrantando todos sus compromisos».

Estas imputacións que, no seu descargo, formulaba o reo, ían dirixidas contra os seus verdugos: non podían librarse delas nin Isturiz, nin Villalonga, nin o mesmo Cachafeiro, que actuaba de xuíz naquel acto.

Ao preguntarlle o Presidente se tiña cómplices, contestou –impulsado por aqueles sentimentos do seu corazón digno– negativamente, agregando con valentía: –«Sé la suerte que me espera; mas moriré como un caballero y militar leal, llevando al sepulcro la consoladora idea de perecer por la causa de los pueblos, víctima del encono y desencadenamiento de un poder feroz y reaccionario».

O Presidente do Consello dispón que se retire o reo, ordenando á vez a comparecencia inmediata do comandante efectivo D. Víctor Velasco, dos comandantes graduados D. Fermín Mariné e D. Juan Sánchez, e dos capitáns efectivos D. Manuel Ferrer, D. Jacinto Daban, D. Francisco Márquez, D. José Martínez, D. Felipe Valero, D. Ramón José Llorens, D. Ignacio de la Infanta e D. Santiago Lallave, quen despois de manifestar, como Solís, os seus nomes respectivos, graos, empregos

e condecoracións, así como os Corpos do Exército de onde procedían, expuxeron as causas que os impeleran a formar parte nas revolucións, «abrazando con verdadeira vocación el alzamiento por considerarlo saludable para el bienestar de la Patria en general y de las provincias en particular».

### III

Ao saber Villalonga que as tropas sublevadas se renderan no convento de San Martiño de Santiago, e que foran aprehendidos os seus principais actores, apresurouse a felicitar o xeneral Concha,<sup>411</sup> sendo o seu primeiro pensamento fusilar a todos eles sen distinción de clase nin categorías; e seguramente, como observa Do Porto, se levaría a efec-

---

411 «*Reservado*.—Excmo. Sr. Comandante General de la División Expedicionaria de Galicia. —Coruña 24 Abril.—E. S.—Felicito á V. E. y me felicito á mi mismo por la brillante jornada dada en el día de ayer por las tropas de su digno mando, á las cuales ruego á V. E se sirva tributar en mi nombre las gracias por su heroico comportamiento.

Para que los o ciales prisioneros sean juzgados con sugestión á mi bando de 4 del actual, dispongo que salga para Carral la Comisión Militar y doy orden al Gefe que manda la escolta que los conduce para que espere en aquel punto, si es que á su llegada no encontrase ya allí la Comisión Militar.

El comandante de armas de esa Ciudad brigadier D. Francisco Mugartegui sale á hacerse cargo de su destino y en el quedarán los prisioneros de la clase de tropa encerrados en los edificios mas a propósito para el obgeto, debiendo Vucencia dejar á la disposición del Brigadier Mugartegui la fuerza, que crea indispensable para custodiarlos.

En esa Ciudad se establecerá también otra Comisión Militar para que juzgue á los Sargentos y demás personas que hayan gurado como principales agentes de la rebelión, con arreglo á mi bando precitado.

Hay una necesidad de que se empleen para la custodia de o ciales y clases de tropa prisioneros, fuerzas de las que van á la intermediación de V. E., que se positivamente que las que aquí existen, tienen afecciones con los rebeldes, á quienes indudablemente se habrían unido hace mucho tiempo, si no hubiese sido un obstáculo para ello mi esquisita vigilancia, las precauciones tomadas, las noticias que yo esparcía con frecuencia de la pronta llegada de V. E., y sobre todo mi firme resolución, que espresé, de cañonearlas desde esta plaza, para cuya seguridad tuve que dejarlas acantonadas estramuros.

Voy á montar á caballo en dirección de Lugo. El Brigadier D. José Martínez Gobernador de esta plaza y Comandante General de su Provincia queda encargado de remitir á V. E. con brevedad el numero de cartuchos que pide. — JUAN DE VILLALONGA. —Es copia».—*Doc. que posuimos*.

to a reprodución das execucións de Nantes, se non interviñesen con verdadeiro interese comisións dos Concellos da Coruña e Santiago, do rexemento de Artillería, e tomando tamén unha parte activísima o Arcebispo Vélez, quen aduciu consideracións tan atinentes que predispuxeron o ánimo do Capitán xeneral do distrito para minorar o seu decreto, reducíndoo a aplicar a pena capital aos xefes e clases desde capitán efectivo cara arriba.<sup>412</sup>

Esa autoridade militar sintetizábao así na súa *Memoria* elevada en 30 de abril ao Ministerio da Guerra:

«Las clases de jefes y capitanes sufrieron ya la pena capital con arreglo á las leyes. Respecto á la de subalternos, *fué suspendida la ejecución por razones que tuve la honra de emitir en escrito del 27*; y continuar con la mayor actividad las informaciones necesarias para poder hacer con claridad, exactitud y justicia la clasificación que ofrecí en mi escrito referido, á fin de que, con presencia de ella, se digne S. M. resolver lo que sea de su soberano agrado».

Dado o fondo desta resolución draconiana, bastaba soamente a formación dun proceso verbal, no que, identificadas as persoas comprendidas nela, por declaración súa propia, para que se lles condenase a morte, tendo cumprimento a sentenza ás dúas horas de notificada. A este procedemento cinguiuse a Comisión militar de Carral.<sup>413</sup>

Feron, daquela, sentenciados a ser pasados polas armas, en primeiro termo, D. Miguel Solís e D. Víctor Velasco e, con respecto aos demais complicados, suspendeu o seu xuízo a mesma na crenza de que, satisfeita a vindicta pública co castigo dos xefes de maior gradación, modificaría Villalonga o seu anterior acordo. Neste concepto, a devandita Comisión resolveu enviar un propio en consulta ao citado xeneral, que se atopaba daquela en Betanzos para continuar viaxe a Lugo.<sup>414</sup>

---

412 Véxase o noso Apéndice núm. 8.

413 Do PORTO, ob. cit., páx. 233. – PIRALA, ob. cit., páx. 471, 472 e 473.

414 «*Capitanía general de Galicia*.–Sección 2.<sup>a</sup>–Negociado n.º 3.–Habiendo resuelto consultar á S. M. á cerca de la suerte de los Subalternos que se hallan comprendidos entre los prisioneros hechos en la acción del día de ayer sobre Santiago, dispondrá V. S. se aplique únicamente la pena capital á los Gefes y Capitanes efectivos que disfrutaban este empleo antes de la Sublevación, llebando á debido

A súa contestación circunscribiuse a previr ao Consello «que si inmediatamente no se le avisaba de haberse consumado el fusilamiento de los prisioneros comprendidos en su providencia, serian también fusilados los miembros de la Comisión militar», facendo igual advertencia ao seu delegado, o coronel Cachafeiro, autorizándoo para fusilar o presidente e vogais do aludido Consello, se non daban exacto cumprimento ao seu decreto; cominando o mesmo Cachafeiro «con que le cupiese igual suerte por su apatía».<sup>415</sup>

O xeneral Villalonga, tan celoso naquel acto pola relixiosa observancia das Ordenanzas militares, esquecía a conduta que usara en idénticos casos. As faltas que el imputaba aos prisioneiros de Carral tiñan no concepto público a súa xustificación, polos seus altruístas que perseguían, mentres que Villalonga, ao pronunciarse, como Narváez e outros nalgunha ocasión contra os Gobiernos constituídos, non mereceron nin as simpatías nin as consideracións que a opinión imparcial e sensata tivo para os fusilados en Paleo.<sup>416</sup>

---

efecto la ejecución de esta pena en el día de mañana sin la menor dilación ni consulta dándome parte de haberlo efectuado.

Dios guarde á V. S. muchos años. Cuartel general de Betanzos Abril 24 de 1846 á las diez de la noche. –JUAN DE VILLALONGA. – Sr. Presidente de la Comisión Militar de la Coruña». – *Doc. que posuímos.*

*Capitanía general de Galicia.* –E. M.– Consiguiente á lo que V. S. me consulta sobre el punto, á donde deban situarse los Subalternos, cuya ejecución queda suspensa hasta la resolución de S. M. he determinado que sean conducidos á Betanzos y escoltados por la misma fuerza, que los ha traído á esa, mientras el Sr. Gobernador de la Coruña no determina otra cosa, y á cuyo fin le digo lo conveniente para su custodia y subsistencia.

Me pasará V. S. Lista nominal de los Gefes y Capitanes que sean ejecutados, y de los Subalternos que pasan á Betanzos.

Dios guarde á V. S. muchos años. Cuartel general de Guitiriz á 25 de Abril de 1846. – JUAN DE VILLALONGA. – Sr. Presidente de la Comisión Militar de la Coruña». –*Doc. que posuímos.*

415 Do PORTO, ob. cit., páx. 234.

416 A pesar de toda tanta xestión practicamos para obter unha copia da sumaria desta causa e sentenza posterior, foinos de todo imposible satisfacer os nosos desexos.

Recorrendo ao ilustre xeneral Arteché, dicíanos en carta de 10 de novembro de 1903.

«Mi distinguido amigo:

Remito á V. la adjunta nota que me han enviado de Segovia (\*) respecto á los fusilados de Carral el año 1846. Creo también que los pocos papeles que deben

Ás once e media da mañá notificaselle a Solís o terrible fallo do Consello de guerra: escóitao coa conformidade do mártir. Os seus compañeiros asómbrense polo seu estoicismo, especialmente ao observaren a serenidade con que solicita recado de escribir.

Con pulso firme, como se no seu espírito non pesase o bárbaro castigo, redacta varias cartas para os seus amigos íntimos, e unha moi cariñosa para a súa familia, na cal recomendaba completa resignación.

Abstraída toda a súa alma nunha soa idea, pensaba se cadra co cristián e docísimo Chateaubriand:—«Noto los reflejos de una aurora cuyo sol no veré aparecer: sólo me resta sentarme al borde de mi tumba para bajar resueltamente á la eternidad con el crucifijo en la mano».<sup>417</sup>

---

existir procedentes de la Comisión militar que juzgó á aquellos desgraciados, deben estar en esa Capitanía general—y digo pocos, porque ni la Comisión ni el general Villalonga gastaron muchos—. Supongo que V. al ir á escribir aquellos sucesos, conocerá además del librito á que hice referencia en mi anterior carta (el de Tomás Chavelí), el que publicó en 1846 el abogado de Madrid D. Juan Do Porto, librito donde se explica detalladamente cuanto ejecutó aquella Comisión militar é hizo el Capitán general. —Y mande V. otra cosa á su afmo. amigo y s. s. q. b. s. m.—**JOSÉ G. DE ARTECHE**».

E como Do Porto se ativo a datos por ninguén contradichos, a el atémonos citándoo como documento de fe.

(\*) «La causa instruida en 1846 por los sucesos de Carral (Galicia), no aparece en este *Archivo general militar* y tal vez se encuentre archivada en la Capitanía general de Galicia. Aquí solo existe todo el expediente del negociado de campaña del Ministerio de la Guerra, referente á dichos sucesos y los antecedentes que remitió aquí el Gobierno militar de la Coruña; y según me informan en la sección correspondiente, por ellos tampoco se viene en conocimiento en donde pueda radicar la causa».

Non hai moito tempo, manifestounos un amigo noso que entre os papeis que da Capitanía xeneral de Galicia adquirira, por compra—hai proximamente dous anos—un farrapeiro que ten o seu posto no Campo da Leña, da Coruña, atopábase a causa dos fusilados en Carral pedindo polo documento 1.500 pesetas!

Procuramos xestionar o conveniente para conrmar a noticia e non nos foi posible, porque o mercador se negou a facilitarnos o exame dos papeis adquiridos.

417 Refutando CHAVELÍ a Do PORTO, referíndose aos últimos momentos dos reos, di: «lo que á nosotros se nos ha manifestado por testigos respetables, es, que Solís y sus compañeros de infortunio dijeron en los últimos momentos de su vida: *perdonamos á todos incluso al general Villalonga, que no ha hecho más que cumplir con su deber: solo dejamos de perdonar á una persona y esta es... no cumple a nuestro propósito expresar nombres propios*».—*Refutación de la Reseña histórica*, etc., páx. 119. CHAVELÍ non aclara a persoa a quen os reos na súa última hora non perdoaron, mais ben se comprende á que aludían.



Estendeu o seu testamento, que autorizou un notario, deixando por herdeiros do diñeiro e xoias que tiña na capela ás súas irmás residentes en Madrid. Dispostas as súas últimas vontades terreaís, apresurouse a facelo das disposicións divinas, auxiliado polo párroco de Santo Estevo de Paleo, D. Mateo Pereira.

Ás dúas da tarde sae Solís da capela entre os lamentos e clamores dos seus compañeiros. D. Jacinto Daban e don Fermín Mariné bótanse nos seus brazos cubrindo o seu rostro de bágoas. Eles ignoraban o propio n que lles reservaba o destino: dentro de breves instantes, aqueles nobres peitos cubertos de cicatrices por defender un réxime farto ingrato serían esnaquizados polas balas dos fanáticos que ese veleidoso réxime amparaba e que noutras ocasións lle foran tan hostís.

Varios soldados, abusando da autoridade da forza, desprenden bruscamente os brazos de Dabán e Mariné dos de Solís. D. Víctor Velasco protesta.<sup>418</sup>

Rodeado aquel dunha nutrida escolta, emprende o camiño do calvario, seguindo un tortuoso sendeiro que, partindo da rúa de Carral cara o norte, se prolonga preto de dous quilómetros de distancia de pendente moi acentuada, indo morrer na Igrexa parroquial de Paleo. Atópase este templo escudado pola extensa cordilleira que comeza no famoso monte do *Xalo* e continúa circunvalando aquela parte da estrada da Coruña a Santiago, cuxa ladeira prosegue alongándose e bordeando o extenso e poético val de Barcia.

---

418 O ancián Jacinto Castelo Rodríguez, veciño de Carral co que falamos acerca deste asunto na devandita vila no mes de abril de 1905, relatounos como testemuño presencial de aquela tristísima escena, que se puxo a disposición de D. Miguel Solís unha montura para conducilo ao lugar da execución, ou sexa, á igrexa de Paleo, ofrecemento que rexeitou, marchando a pé.

Os 11 compañeiros restantes foron fusilados na fraga á que nos referimos no texto, sendo levados despois os seus cadáveres en carros ao cemiterio de Paleo.

Tiña daquela o Castelo 12 anos de idade, e exercía a profesión de panadeiro. Ao vir coa súa mercadoría para Carral, atopouse na fonte do Pumariño, á entrada da vila, co «Correo de Madrid; que conducía unos pliegos urgentes desde Betanzos, participándole el conductor que eran las órdenes del fusilamiento».

Deducimos da relación do ancián que os pregos de que se trata serían a con r-mación da sentenza adoptada polo Tribunal militar, para que se cumprise sen demora.

Chegan Solís e a súa fúnebre escolta ao adro da igrexa: o vento e a chuvia sacoden con violencia os rostros do reo e os seus verdugos. Páranse todos ao pé de dous corpulentos castiñeiros que sombrean o ángulo esquerdo da fachada do templo. Os soldados preparan as armas, e antes de que o xefe pronunciase a voz fatal, xira a vítima rapidamente sobre os seus talóns, encárase con aqueles, e reconvíndoos enerxicamente, como se se atopase diante da conciencia de Villalonga, exclama:

–«¡Solís jamás fué traidor, y no morirá como tal, sino como muere un militar honrado y caballero!»

E inmediatamente o mesmo dá a voz de «fogo!».

Ao desvanecerse o denso fume da descarga, viuse o seu cadáver mutilado e tendido sobre un charco de sangue e lodo.

Aquela cabeza loura, tan valente e tan xenerosa, foi salpicar en pequenos fragmentos os muros da Igrexa de Santo Estevo de Paleo.<sup>419</sup>

Se faltas tivo o xeneral en xefe do Exército liberador de Galicia – que non deberemos desculpalas;– se durante o tempo do seu efémero mando incorreu en erros, que os homes, por ese espírito idiosincrático da súa humana condición, lle sinalaron, non son estes, non, os chamados a extremar a censura.

Esta só incumbe á Historia; e a Historia, co seu fallo inapelable, reverencia a memoria de Solís e dos seus compañeiros de infortunio co signi cativo título de ¡MÁRTIRES DE CARRAL!

---

419 Do PORTO, ob. cit., páx. 236.

«El comandante Solís ha muerto sereno y tranquilo; no así Velasco en quien los recuerdos de su antigua conducta con los prisioneros parece ha acibarado en extremo sus últimos momentos causándole abatimiento profundo».-BENITO GARCÍA DE LOS SANTOS, períod. cit., páx. 279, 6 de maio de 1846.

Benito García de los Santos, como bo absolutista, lembraba o escarmento que Velasco xera un tempo cos prisioneiros na anterior guerra civil carlista. Non é de estrañar, daquela, que falase así.

Ás catro da tarde penetra de novo na capela o scal militar Castro Cedeira, noti cando a funesta sentenza a D. Víctor Velasco e a todos os capitáns que deixamos transcritos. Se ben é verdade que estes non agardaban castigo tan cruel, oíron serenamente a declaración e preparáronse para morrer, facendo as súas últimas disposicións testamentarias, escribindo ás súas respectivas familias e a aqueles seres máis queridos da súa alma.<sup>420</sup>

«El esposo despedíase de la esposa, recomendándola el tierno cuidado y maternal solicitud de sus inocentes hijos; el hijo hacíalo á su anciano padre, exhortándole á recibir con resignación el golpe fatal; el hermano, á sus hermanos, estimulándolos á odiar la tiranía y á morir, como él, en defensa de la santa causa de los pueblos; el amante, de su amada, dando rienda suelta á los tiernos sentimientos que su corazón alimentaba en aquellos terribles momentos de agonía.»<sup>421</sup>

---

420

«Carral 25 de Abril de 1846.

En Capilla.

Mis queridas hermanas: os remito 6 onzas para que las distribuyáis entre mis compañeros: mi ropa y maleta la entregaréis á mi prima; también os remito un poco pelo y el relox, y un pedazo de Gaban con el que voy á morir, para que lo entreguéis á mi querida Matilde.

*Nos pudimos escapar todos, pero nuestro honor nos lo prohibió.*

¡¡¡A Dios!!! El Eterno nos llama á su presencia, y aquí se concluye el nombre de JACINTO DABÁN».

(Arquivo particular de D. José Gómez y Gómez)

«Carral 25 de Abril de 1846.

En Capilla

Amada esposa: incluyo esta esquela con la que podrás recoger mi equipage, y por el dador que es el Eclesiástico (\*) que me ha auxiliado, te remito 28 duros y 3 pesetas que es lo que me queda.

Vive para mis hijos y cuida de su educación y de recordarles constantemente el amor que hoy llevo al sepulcro, y que su padre aunque sentenciado no ha sido por ningún delito infame.

A Dios, amada mía, vive segura de que jamás te ha faltado el entrañable cariño de tu amado esposo

MANUEL FERRER».

(Arquivo particular de D. José Gómez y Gómez).

(\*) O párroco D. Mateo Pereira,

421 Véxase o noso Apéndice núm. 9.

Convocárase a nove sacerdotes para auxiliar os pacientes; mais non concorreu para desempeñar tan tristísima misión máis que o dignísimo e virtuoso párroco de Paleo, quen recolleu o diñeiro e xoias de todos eles para dar cumprimento ás postremas encargas.

Ás seis e media obrígaselles a saír da capela, escoltados por dúas compañías do Provincial de Mondoñedo, seguindo o mesmo itinerario que levara Solís. A chuva continuaba intensi cándose con violencia e a noite botábase enriba. O coronel Cachafeiro, no afán de rematar axiña o seu inicuo cometido, resolve facer alto no medio do camiño que se dirixe á igrexa de Paleo, lugar daquela convertido en frondosa carballreira, e que actualmente conserva escasos vestixios del por atoparse transformado o seu terreo en pradería e labradío.

Ordena Cachafeiro axeonllar a Velasco, Dabán, Mariné e Ferrer.

Dabán encárase con Cachafeiro, e con sardónico sorriso, dille:

–«¿Es aquí el lugar que se destina para el sacrificio....? Pues como capitán que soy de Cazadores, quiero que éstos sean los que lo ejecuten».

Accédese á súa petición, e inmediatamente pronuncia unha sentida arenga aos soldados, concluindo por perdoarlles a misión que ían exercitar. Prorrompe en vivas á Raíña e eleva unha pregaría a Deus pola sorte da Patria. Dá, como Solís, a voz de «fogo....!» e das bocas dos fusís do Provincial de Mondoñedo asáñase a morte naqueles valentes.

As sete vítimas restantes presencian este aterrador cadro a curta distancia: adiántase outra escolta facendo pasar catro por riba dos cadáveres dos seus compañeiros, e acto seguido fusílanse; e, por último, cos tres infelices que sufriran o dobre martirio de presenciar as anteriores execucións, repítese a inhumana escena.

O capitán Lallave caera atravesado o ventre dun balazo. Érguese implorando misericordia e, ao dar algúns pasos, os executores abalanzanse sobre el para cruzalo a baionetazos.

A soldadesca, ebria polos vapores de sangue humano, arremete desenfreadamente contra a morea de cadáveres, despoixándoos das súas roupas.<sup>422</sup>

Protesta desta brutal profanación o párroco D. Mateo Pereira, que non se separara un instante dos reos. Argúelle Cachafeiro que «los vestidos eran gajes reservados á los soldados que se encargaran de la ejecución».

Contestándolle o sacerdote:

–«Los cadáveres no pertenecen ya á la justicia humana; después de cumplido su fallo, entran en el dominio del poder espiritual. ¡En nombre de la justicia divina, yo los reclamo....!».<sup>423</sup>

---

422 Do PORTO, ob. cit., páx. 238.

O xornal de Madrid *Ejército y Armada* publicou nos días 4, 20 e 26 de abril próximo pasado de 1907, tres artigos asinados por José García Suárez cos títulos *¡Aun hay Patria, Veremundo! Así se escribe la historia*, pretendendo rectificar como «testigo veraz de aquellos acontecimientos» algúns extremos que neles concorreron, especialmente os que se referen ao acto de rapacidade da escolta mandada por Cachafeiro acerca do despoxo dos cadáveres das vítimas e á intervención enérxica do párroco de Paleo, opoñéndose ao feito salvaxe, feito consignado por todos os historiadores e na actualidade por outro de que, ao dicir do Sr. García Suárez, é *un dos nosos máis sabios xuriconsultos tan profundo en lexislación como hábil político*; aludindo, se cadra, a D. José Canalejas Méndez, que ao parecer está escribindo algo relacionado coa historia contemporánea española.

Con tan mala fortuna rebate o articulista o devandito particular como outros que daquela xurdiron, e tal é o cúmulo de anacronismos en que cae, que a pesar da súa *veracidade de testemuño*, confunde lamentablemente os conceptos, nomes de lugares e vilas, sen chegar a marcar o punto exacto dos fusilamentos; e ata a sinatura *que non coñeceu ao coronel Cachafeiro* (!! ) inducíndonos a sospeitar que ou o Sr. García Suárez non foi testemuño de semellantes ocorrencias ou que, por efecto da súa ancianidade, se lle extraviou a memoria.

No noso Apéndice número 10, que é un documento non dubidado, explica claramente o aludido párroco, oito anos despois do suceso, a súa decidida intervención no mesmo, exclamando que *«los doce reos, con su jefe Solis á la cabeza FUERON SACRIFICADOS INHUMANAMENTE A LA VOLUNTAD SANGRIENTA DEL CORONEL CACHAFEIRO QUIEN MÁS INHUMANIDADES HUBIERA COMETIDO DESPUÉS DE MUERTOS A NO PRESENTARME YO MISMO REPRESENTANDO LA JUSTICIA DIVINA...»*.

423 Do PORTO, ob. cit., páx. 238.–Véxase o noso Apéndice núm. 10.

Ante a viril actitude do ministro de Deus, retírase o executor dos decretos de Villalonga.

«Cachafeiro, el esparterista de 1840, el octubrista de 1841, el sublevado de 1843, fué el cómplice principal del verdugo de los revolucionarios gallegos de 1846».<sup>424</sup>

Aos cadáveres das once vítimas conducíuselles en carros ao Cemiterio de Paleo.

Atópase este emprazado na parte norte da igrexa, comprendendo un diámetro amurallado de 100 metros cadrados.

O muro, na súa maior parte, atópase hoxe en estado ruinoso.

Ao seguinte día, 27, moi de mañá, procedeuse á inhumación de aqueles, o propio que ao cadáver de Solís, que quedara abandonado no adro do templo desde a hora que tivera efecto a súa execución.

Colocóuselles a todos en leira e en distintas sepulturas, debido ao celo do venerable párroco.

A de Solís cóbrea unha lousa deteriorada en parte, polo tempo, mais que deixa ler con toda claridade a seguinte inscrición:

**D. E. P.**  
**AQUÍ YACE EL SR. D. MIGUEL**  
**SOLÍS Y CUETOS, CORONEL, COMANDANTE**  
**DE E. M. MUERTO EL DÍA 26**  
**DE ABRIL DEL AÑO 1846**  
**Á LOS 31 AÑOS DE EDAD. ROGAD**  
**Á DIOS POR SU DESCANSO ETERNO**

Esta tumba está adherida ao solo, no ángulo dereito que dá entrada á pequena necrópole. No centro da mesma existen outras dúas lousas que cobren as sepulturas de don Jacinto Dabán e D. Fermín Mariné: a couza, aínda que destruíu as súas inscricións, especialmente a do

---

424 Do PORTO, ob. cit , páx. 238.

último, non por iso deixan de informarnos que responden ás de ambas vítimas.

O resto dos seus compañeiros non teñen lápidas. A de D. Jacinto Dabán di:

**AQUÍ YACE D. JACINTO  
DABÁN Y TUDÓ, CAPITÁN  
DE CAZADORES DEL REGIMIENTO  
INFANTERÍA DE ZAMORA.  
R. I. P.**

Desde que se veri caron estes enterramentos non volveu sepultarse ninguén no devandito Cemiterio, facéndose as inhumacións no adro da igrexa.

De *horroroso asasinato* estampa, como epígrafe ben signi cativo, o cura de Paleo, ao estender nos libros parroquiais as partidas de defunción dos doce fusilados, cuxas copias reproducimos no noso apéndice núm. 11 e que debemos a don Francisco Domínguez Vieites, hoxe falecido, e que foi párroco, ata hai pouco, da devandita freguesía.

Este grá co canto duro cuali cativo, consignado en documento oficial pola propia man de testemuño tan veraz dos dolorosos acontecementos, é unha perpetua recriminación contra os autores e consentidores dos mesmos.

A comisión militar de Carral, nas súas deliberacións –di Do Portogardou perfecta analoxía con *aquela Comisión de Saúde Pública*: como esta xulgou lixeiramente os reos, sen oílos, enviándoos ao cadafalso e amoreando os seus cadáveres sobre as mesmas carretas que os conducían.

Unha soa diferenza desculpa, no noso entender, os actos de salvaxismo do último deses tribunais: este, ao sacri car as súas vítimas, cría que o seu sangue habería de servir para salvar a saúde de Francia, mentres que o primeiro, ao consumir a súa inicua sentenza, non xo máis que aplicar unha lei brutal que só tiña relación cos rebeldes vencidos, mais nunca cos rebeldes vencedores; lei, como exclama Pérez Galdós, que

carecía de toda virtude e de toda maxestade; que non era máis que un convencionalismo hipócrita, espantallo que guraba o rostro e vestidura da Xustiza.

«Con esas leyes, fusilaban hoy los fusilables de ayer, y mataban los moralmente muertos. La fortuna y el éxito eran la razón única de que entre tantos criminales, unos fueran asesinos justicieros y otros víctimas culpables». <sup>425</sup>

Así foron as exequias dos fusilados en 1846!

En Paleo están as súas tumbas esquecidas polos que tiñan ineludible obriga de coidalas e honralas, porque, á sombra dos *Mártires de Carral*, acadaron fortuna e honras, escalando os postos máis elevados da política española...

Que é deber de todo partido, como di Piralá, <sup>426</sup> render o debido tributo aos seus mártires, non para suscitar vinganzas senón para ensinar que o heroísmo que se emprega para sacri carse por un partido, se debe destinar pola patria, para a que non son estériles os sacri cios e enaltecen máis.

A Natureza, máis amorosa ca o home, encárgase de reparar tan imperdoable esquecemento, orlando os sepulcros das vítimas o xeranio e a macela, e aireándoos o perfume da madreSelva e do alelí, que espontaneamente xerminan na derruída necrópole de Paleo.

Cantas veces, desde a galería da nosa modesta casa de Sergude, <sup>427</sup> ao estender a nosa vista cara aquel punto exala na branca igrexa que se asenta no medio do maxestoso monte, suspendemos este traballo, abstraéndose o noso espírito naquela escena tan tráxica como inaudita, e pensando a onde chega o cinismo e a maldade do home que nin aínda soubo respectar a morada de Deus para consumir o seu criminal atentado!...

---

425 *Bodas Reales* páx. 247.

426 *Historia Contemporánea*, t. I, páx., 474.

427 San Xulián de Sergude dista sobre uns 500 metros da vila de Carral.



A revolución portuguesa, simultánea á revolución galega, nacida entre humildes chozas do Miño para sacudir o xugo do ministerio Costa-Cabral, foi levada puxante en ombreiros de mulleres e rústicos paisanos, chegando a internarse no palacio das Necesidades...

O alzamento de Galicia, incubado en populosas cidades e escoltado por máis de *seis mil* baionetas para sacudir a ditadura dos ministerios Narváez-Istúriz, foi perecer entre os fríos muros dun convento e sobre a lama dunha pobre aldea.

Tería acaso a primeira mellor dereito ca a última á vitoria?

Probablemente si! porque conforme con aquel precepto que o discreto Do Porto tamén indica, tanto hoxe como nos tempos dos *xuízos de Deus*, a razón atópase sempre acariciando a man do que vence!....

## CAPÍTULO XV<sup>428</sup>

Bloqueo de Lugo por el General Villalonga.- Condiciones de capitulación propuestas por la Junta lucense.- Negativas del sitiador y bombardeo de la plaza.- Rendición de ésta.

### I

Volve a antiga *Lucus* sufrir as continxencias dun novo bloqueo: ela, que foi metrópole de aquela heroica dinastía sueva, vese agora orfa de todo auxilio e sen ningún elemento de defensa para guarnecer as súas lendarias murallas, ese círculo de densa argamasa que aínda conserva, como di o noso gran Murguía, pegadas doutros tempos mellores e da lembranza doutros homes e outras grandezas descoñecidas que pasaron...

O estandarte enarborado en aras das liberdades públicas o 2 de abril de 1846 en breve será arriado polas hostes acaudilladas polo capitán xeneral do distrito.

Presentábaselle a este propicia ocasión para gañar o segundo cordón e granxear á vez as vontades de aquel Istúriz, tan cambiante en consecuencia política e tan disposto sempre a axudar a calquera partido, con tal de que este afagase e excitase a súa vaidade.

Villalonga, na súa famosa *Memoria* dirixida desde Lugo o 30 de abril ao ministro da Guerra, que tantas veces levamos mencionada nos no-

---

428 Parte deste Capítulo foi publicado no prestixioso xornal *La Idea Moderna*, de Lugo, o 22 de marzo de 1904.

sos capítulos anteriores, infórmanos lembrándonos a súa ambición e servilismo. E estes defectos case nos atrevemos a desculpalos, dado o paralelismo que existía entre as condicións psíquicas do xeneral e as do seu superior e xefe do Goberno de Madrid que por aquela época se atopaba á fronte da administración española.

Despois do malogrado combate de Cacheiras e a rendición do convento de San Martiño de Santiago, último baluarte tomado aos sublevados; despois de decretar a hecatombe de Santo Estevo de Paleo, acórdase o capitán xeneral de Galicia, cal digno émulo do heroe dos muíños de vento, de arremeter á indefensa cidade que tanto honrara o romano.

Para satisfacer a súa proverbial ambición, aproveitaba unha oportunidade que os azares da sorte lle deparaban:

«... y reconociendo por mi parte» –escribe Villalonga– «que con las tropas que llevaba á sus órdenes», (alude a Concha, nos seus movementos sobre Santiago) «tenía fuerzas sobrantes para batir á los rebeldes, y por otra la necesidad de ocupar esta ciudad (Lugo,) para dejar expedita la comunicación con esa corte y provincias del centro, según me estaba recomendado por real orden del 14, opté por esta última operación, que habiéndoseme incorporado el Provincial de la Coruña el 23, *emprendí el 24 precisamente* en el momento que recibí el parte en que me anunciaba el general Concha, la derrota sufrida por los rebeldes en Santiago. Continué mi marcha llegando el 26 al frente de esta ciudad (Lugo) que ocupé el 27 del modo que tuve la honra de signi car á V. E. en mi parte del último día expresado...».

Da análise do parágrafo transcrito e dos documentos que examinamos resulta unha contradición manifesta a *marcha precipitada* a Lugo polo xeneral Villalonga, o día 24, contraste singular no que nin repararon os historiadores coetáneos, nin o inxenuo Do Porto na súa interesante *Reseña*.

Mal podía argüír ao seu goberno exactitude tan matemática no cumprimento dos seus deberes cando nese día 24, *precisamente*,<sup>429</sup>

---

429 O 23 o ciaba desde A Coruña ao xeneral Concha informándoo de que os sublevados se retiraran das inmediacións da mesma marchando cara a Santiago.

se atopaba na Coruña, saíndo na mañá do mesmo para Betanzos, pasando desde esta cidade dúas comunicacións ao brigadier D. Anselmo Blaser, dándolle coñecemento nunha delas do triunfo obtido polo xeneral Concha; e na outra, ordenáballe que coas forzas do seu mando «marchase hacia la plaza de Lugo, estrechando todo lo posible, en el concepto de que yo me encuentro con una división en esta ciudad –Betanzos– y lo veri caré sin detención»;<sup>430</sup> e na aludida data, estando na propia poboación de Betanzos, dirixía aquela resolución ditatorial á Comisión militar de Carral, para que procedese á execución inmediata de D. Miguel Solís e os seus compañeiros.

Aínda concedendo a D. Juan de Villalonga un celo extremado no desimpegno do seu cometido, que non deberemos negarlle, podería perfectamente determinar a súa excursión a Lugo, desde A Coruña, na mañá do 24 de abril e saír para a primeira das devanditas poboacións na tarde dese día, para chegar a ela momentos antes do anoitecer do 26, aínda á custa de marchas moi forzadas, se se ten en conta a distancia, e especialmente a di cultade de que por aqueles tempos non existían,

---

Que ao seguinte día se dirixiría a Betanzos facendo noite nesa poboación, para dirixirse a Lugo, reuníndose coas forzas que agardaba de Vilafranca e, de apoderarse de aquela capital, tentaría pórse á retagarda do inimigo coa n de collelo en medio contando con que as forzas de Concha se porían á vangarda deixándolle ao efecto libre a estrada.–*Documento que posuímos.*

- 430 «Según parte que he recibido en la mañana de este día del E. S. don José de la Concha Comandante General de las tropas expedicionarias que vinieron de Castilla, ayer tarde entró dicho Sr. General en la ciudad de Santiago, que después de hecho replegar á los sublevados que en número de tres batallones lo esperaron en posición ventajosa en las inmediaciones de aquella ciudad, habiendo tenido la gloria de batirlos en sus posiciones y dentro de la población donde se hicieron fuertes, les hizo prisioneros 1.400 hombres y 54 o ciales, entre ellos á su jefe Solís, quedando por lo tanto destruida la principal fuerza con que contaban los revolucionarios.–Se servirá V. S. disponer que otro pliego que conduce el peatón de estas líneas continúe sin dilación á su destino.–Dios guarde á V. S. muchos años.–Betanzos 24 de Abril de 1846. – JUAN DE VILLALONGA. – Sr. Jefe de las fuerzas que se hallan en este distrito por el camino real de Castilla. Se dirige V. S. con las fuerzas que marchan á sus órdenes sobre la plaza de Lugo, procurando estrecharse todo lo posible en el concepto de que yo me encuentro con una División en esta ciudad y lo veri caré sin detención.–Al mismo tiempo me comunica V. S. sus movimientos con toda la frecuencia y rapidez que esté á su alcance.–Dios guarde á V. S. muchos años.–Betanzos 24 de Abril de 1846. – JUAN DE VILLALONGA. – Sr. Jefe de las fuerzas que marchan por este distrito por el camino real de Lugo».–*Documentos que posuímos.*

como hoxe, medios de locomoción tan rápidos; e dicimos para chegar o 26 porque, aínda o 25, á fronte das súas tropas, xera noite en Guitiriz, desde onde reiterara a Blaser a última das enunciadas comunicacións, advertíndolle «que pernoctando hoy en este punto, es mi ánimo *emvestir* la plaza de Lugo en el día de mañana, *según las circunstancias se presenten*».431

É dicir, que Villalonga tiña pouca seguridade na empresa que ía acometer.

Chegou efectivamente o Capitán xeneral de Galicia a Betanzos ás nove e media da mañá, e no acto ditou a orde xeral seguinte:

«ART. 1.º El Excmo. Sr. Capitán general ha dispuesto que además de la compañía de retén que deberá dar el batallón á quien le corresponda este servicio, las que se encuentran alejadas en las principales avenidas del pueblo, mantendrán un vigilante que observe cuanto ocurra por los caminos respectivos y que en caso de cualquier alarma permanezca la tropa en las casas con las precauciones debidas.

ART. 2.º Las bandas y músicas de los Cuerpos que componen la División, se atenderán para los toques al corneta de órdenes del Cuartel general que se halla en casa de S. E. Al romper éste la diana lo efectuarán aquellas y será la señal para cargar y formar las compañías en frente de los alojamientos de sus correspondientes comandantes. Para el toque de llamada y tropa, saldrán á formar al campo de la feria<sup>432</sup> donde con anticipación se hallará un oficial de E. M. para señalarles el orden de formación y lugar que deben ocupar los Cuerpos.

ART. 3.º Los bagajes se irán relevando sucesivamente según el número de los que se entreguen, procurando hacerlo con los más endebles y aquellos que tengan más tiempo de embargo.

ART. 4.º Se recuerda lo prevenido en la orden general de ayer sobre el número de bagajes que corresponden á cada compañía en la cual no se tolerará ningún abuso.

---

431 *Documento citado.*

432 Hoxe Praza do Campo ou de Arines.

ART. 5.º Los diferentes Cuerpos que componen esta División enviarán diariamente un ordenanza á la casa del señor Brigadier jefe de E. M. Asimismo remitirán un estado de fuerza clasificado y otro diario, de las alteraciones que experimente ésta, los Sres. Ayudantes acudirán al toque de orden general á casa del referido Sr. Brigadier jefe de E. M., verificándolo igualmente el Comisario y Aposentador del Cuartel general, el cual formará una relación en lo sucesivo de los alojamientos de los jefes principales de la División al sacar éstos para que obre en el Estado Mayor.

Todo lo que por disposición del Excmo. Sr. Capitán general se hace saber en la orden de este día para conocimiento de las tropas de esta División. –Cuartel general de Betanzos á 24 Abril de 1846.– El Brigadier jefe de E. M., LEONARDO BONET». <sup>433</sup>

Dirixiu outra orde xeral no propio día ao coñecer a derrota de Solís e a súa prisión, e a das súas forzas nesta forma: «*Orden general de 24 de Abril de 1846, en el Cuartel general de Betanzos: ¡Soldados!: por parte del Excmo. Sr. D. José de la Concha, Comandante general de la División Expedicionaria de Galicia que se acaba de leer, podréis venir en conocimiento del fruto que los Cuerpos é individuos de este Ejército que se rebelaron contra el Gobierno han sacado de su criminal comportamiento. Han sufrido y os han hecho sufrir los trabajos de una campaña, breve pero penosa, y por un instinto casi común á todos los que proceden mal, ellos mismos escogieron el punto donde más expuestos se hallaban á encontrar el fin que les está destinado.*

¡Soldados! que vuestra situación se ve en los castigos que van á tener lugar para vivir prevenidos contra sugerencias iguales á las de que son víctimas los rebeldes que fueron un día vuestros compañeros, es lo único que desea y os encarga vuestro Capitán general. –VILLALONGA». <sup>434</sup>

Na propia cidade de Betanzos interceptou Villalonga unha carta que viña dirixida desde Barcelona para D. Miguel Solís do seu irmán D. Manuel, o xefe do exército que prestaba os seus servizos naquela ca-

---

433 *Doc. que posuímos.*

434 *Doc. que posuímos.*

pital, carta se cadra chea de sans consellos para o seu irmán, na cal, probablemente, o alentaría a persistir na nobre loita que sostíña, ou se cadra o disuadise de continuar nela, atendendo ás consecuencias que poderían implicarlle o triste destino.

Esa epístola non puidemos coñecela, e seguramente se non foi obxecto de *extravío*, debe obrar nalgunha dependencia oficial. A noticia dela proporcionáronnos dous documentos que chegaron ás nosas mans, do propio Capitán xeneral de Galicia, informándonos que foi remitida ao Ministerio da Guerra por *facerse sospeitoso o ante-penúltimo párrafo* da mesma<sup>435</sup>.

## II

O día 22 chegaron a Lugo as dúas pezas de artillería e algún reforzo de tropas que de Betanzos lle enviara a Xunta central revolucionaria de Santiago co fin de evitar calquera agresión do inimigo. Carecíase en Lugo, desde aquela data, de noticias das demais vilas sublevadas e dos movementos das divisións de Solís e Rubín.

A Garda Civil da provincia, non gardando as consideracións que con ela tiveran os pronunciados,<sup>436</sup> encargábase de hostilizar a revolución,

---

435 «*Capitanía general de Galicia*. –E. M.–Excmo. Sr.: Para los efectos que se crean convenientes, tengo el honor de remitir á V. E. adjunta, una carta estraída del correo para D. Miguel Solís y Cuetos, que figuraba al frente de la rebelión de este distrito, de su hermano D. Manuel que sirve en uno de los Cuerpos de la guarnición de Barcelona, según se inhere de la carta espresada, cuyo ante-penúltimo párrafo se me ha hecho sospechoso. Dios guarde á Vucencia muchos años.–Betanzos 24 de Abril de 1846. – JUAN DE VILLALONGA.–

Excmo. Sr. Ministro de la Guerra.

Sírvase V. despachar sin detención alguna un extraordinario para la Corte que conduzca el pliego adjunto para el Gobierno y entregue el otro al jefe de las fuerzas que encontrará en la Carretera procedentes de Castilla.–Dios guarde á usted muchos años.–Betanzos 24 Abril de 1846. – VILLALONGA. – Sr. Administrador de Correos de esta ciudad».–*Documentos que posuimos*.

436 «La Guardia civil que se hallaba en Lugo, no quiso adherirse al pronunciamiento, y cogida prisionera, salió el día 4 con los batallones, á fin de que el pueblo no presenciase su desarme. Verificado éste, se le permitió al comandante de la fuerza marcharse con ella á un pueblo de la montaña, después de haber ofrecido solemnemente permanecer neutral y sin interceptar ninguna comunicación que

interceptando toda canta comunicación puidese chegar a poder da Xunta lucense que a informase do particular indicado.

Corrían pola poboación na tarde do 25 noticias vagas da derrota de Solís, que logo se con rmaron por algúns soldados atrasados que se presentaron á Xunta, asegurando ao propio tempo a saída de Villalonga da Coruña para Lugo, con tropas numerosas.

«Efectivamente», –indica Do Porto– «chegara a hora de que esta autoridade recollese algún loureiro no campo de batalla».

Non se anticipara a conquistalo cando o anterior bloqueo da devandita praza<sup>437</sup> ordenado polo Goberno central o día 14 e de que o mesmo trata na súa *Memoria*. Villalonga non contaba como agora cos elementos necesarios, nin coa fácil ocasión que o azar lle deparaba, porque Lugo, para rexeitar entón a incursión dos inimigos, alimentaba dentro dos seus muros un núcleo respectable de soldados e innumerables e decididos patriotas e, por outra parte, demostraba a súa Xunta unha virilidade e civismo espartanos. Daquela, a revolución galega estaba no período do seu apoxeo; agora, a revolución entrara no período agónico. De aí os arrestos do Capitán xeneral da rexión e os éxitos seguros da súa vitoria.

### III

Diciamos que o día 24 saíra da Coruña para Betanzos o xeneral Villalonga, ao que acompañaba o seu Estado Maior, formado polo xeneral subinspector de Artilería co seu axudante, un brigadier xefe do Estado Maior e tres oficiais do mesmo Corpo; outro brigadier, tres coroneis, un comandante de enxeñeiros, un comisario e un pagador, os batallóns primeiro e terceiro do rexemento de infantería de Zamora, o Provin-

---

fuese dirigida á los pronunciados. Aun llegó á más la hidalguía de Solís, pues les concedió llevasen seis carabinas para defenderse si en el camino eran insultados, *les dio una mensualidad á todas las clases*. El Sr. San Martín, jefe de la mencionada fuerza, á penas se separó de los batallones, empezó á hostilizar á Lugo y á sorprender todas las comunicaciones, faltando á la palabra que los caballeros nunca emplean sin cumplirla». –Do PORTO, ob. cit., páx. 226.

437 Véxase o Capítulo XI.



cial da Coruña, 30 cabalos da Garda civil e catro pezas de artillería rodada, chegando no propio día á última das devanditas cidades.

O 25 a mediodía continúa a súa marcha a Lugo, facendo noite en Guitiriz, segundo manifestamos anteriormente; e o 26 ás seis e media da tarde, proximamente, chega á fronte da histórica muralla.

Simultaneamente aparece coas súas tropas do brigadier Blaser, que se compuñan dun batallón do rexemento de América, os Provinciais de León e Laredo, dúas compañías do rexemento da Raíña, 50 xinetes do segundo de Lixeiros e 60 gardas civís da provincia. Estas forzas procedían de Vilafranca vindo pola estrada de Castela ata chegar aos arrabaldes de San Roque, onde xeron alto, distribuíndose parte delas en circunvalar a porta de San Pedro e os seus costados, en tanto que as de Villalonga sitiaron as portas Falsa, Miño e do Postigo.

O Capitán xeneral anticipárase a pasar unha comunicación a Blaser no propio día 26 informándoo de que se atopaba á fronte da praza, non querendo admitir ningunha das condicións que os sitiados lle propuxeran por medio dunha comisión de veciños, e advertíalle: «Tengo entendido que han enviado á encontrar á V. S. otros comisionados y estoy en el caso de advertirle que no admita proposiciones de especie alguna previniéndoles se entiendan conmigo».<sup>438</sup>

Ao observar os da praza<sup>439</sup> o número extraordinario de invasores, toman axiña as precaucións necesarias a fin de prepararse para a defensa, non sen tentar antes o pacto dunha capitulación honrosa, coñecendo, como xa desgraciadamente coñecían, a destrución das forzas de Solís.

Intima no acto Villalonga a rendición da cidade, e a Xunta de Lugo que fora modelo exemplar de moralidade coa súa sa e honrada administración, e dun tacto exquisito de gobernantes durante o curto período do seu mando –recoñecido ata polos hostís á causa revolucionaria,

---

438 *Doc. que posuímos.*

439 «Eran tan pocos en número los sitiados, que los artilleros procedentes de Vigo que estaban arrestados en Lugo, ante la negativa de incorporarse á los rebeldes, determinaron abandonar la plaza, descolgándose de las antiguas murallas por medio de los tirantes de sus piezas de artillería, al ver bloqueada la misma por Villalonga».-FORT ROLDAN: *Apuntes.*

como veremos máis adiante,– propón amigable transacción expondo ao cercador que non tería inconveniente en abrir as portas da cidade «siempre que se respetasen las personas, vidas y haciendas de todos los que se han comprometido, tanto militares como paisanos, sin que se les moleste por sus actos políticos posteriores al 2 del actual, facilitando pasaporte al extranjero al que quiera solicitarlo.

La Junta, no duda que V. E. como español, como valiente y como caballero, animado de sentimientos humanitarios, se dignará acoger ésta proposición, evitando las desgracias y con ictos que puedan ocurrir en esta ciudad».

Datábase este documento o 26 de abril de 1846, e asinábano M. Becerra y Llamas, Presidente, e Domingo A. Pozzi, Secretario.<sup>440</sup>

A contestación dada por Villalonga foi que «si dentro de un cuarto de hora no se entregaba incondicionalmente la plaza, dejando las armas en pabellones delante del Ayuntamiento, bombardearía la misma, tomándola por asalto».<sup>441</sup>

Ao saberse esta imperiosa resolución que pugnaba contra as regras da cabaleirosidade, aínda recoñecéndose que os sitiados estaban fóra das vías legais, varias personalidades de Lugo no concepto de veciños, e outros como entidades de prestixio, indiferentes ao movemento revolucionario, apresuráronse a elevar ao xeneral Villalonga unha exposición, impetrándolle revocase medida tan irracional en atención a que «los que posteriormente se habían comprometido en el pronunciamiento han sido engañados: en *esto habrá habido un error; pero la conducta de su administración durante la cual ninguna persona se ha molestado, les excusa tanto cuanto V. E. comprende muy bien*: en el día, reconocen su equivocación y están dispuestos á someterse bajo unas garantías por las cuales se interesan la piedad y *política bien entendida*».<sup>442</sup>

Asinaban a precedente exposición, o citado día 26, don Vicente Neira y Gallardo, D. José Saavedra Pando, concelleiro, D. Francisco Gómez

---

440 *Do noso arquivo particular.*

441 *Doc. que posuímos.*

442 *Do noso arquivo particular.*

Cadorniga, concelleiro, D. José Antonio Martínez, concelleiro, D. Pedro López Rivera, gobernador eclesiástico, D. Manuel García de la Vega, gobernador eclesiástico,<sup>443</sup> D. Benito González Hermida, cóengo, polo cabido eclesiástico, D. Antonio María Miranda, D. Simón Puga, cura párroco, D. Cipriano Sánchez Guardamino, D. José Pardo y Luaces e D. Juan García Armero.

Tamén os concelleiros do Concello, anterior ao 2 de abril, ao informalos a Xunta da orde de Villalonga, dirixíronlle a este a comunicación seguinte: «Ayuntamiento Constitucional de Lugo.—Excmo. Sr.: Los individuos que suscriben como concejales del Ayuntamiento creado en Enero último, han sido llamados para enterarse de la comunicación de V. E., fecha de hoy; y en su cumplimiento, abundando en los sentimientos lantrópicos de V. E. le ruegan nuevamente se sirva acceder á la súplica que como vecinos entre otros le han dirigido por una comisión.—V. E. no desconoce como militar los compromisos de algunos o ciales y otros vecinos que han tomado parte en el alzamiento, y que gente extraña ha traído á esta Capital. En consecuencia, pues, rogamos á V. E. se digne respetar las vidas de unos y otros sin distinción de clases y graduaciones que solicitan, y autorizar al Ayuntamiento si es de su agrado para facilitarles los pasaportes si los pidiesen, *tanto más justo esto, cuanto que la población no ha sufrido ningún agravio por consecuencia del alzamiento, y por lo mismo los consideramos acreedores todos á las consideraciones del Pueblo*, el que se promete de la benevolencia de Vucencia su aprobación.—La justificación de V. E. no desoirá los votos del Ayuntamiento, que son los de todos los habitantes de esta Ciudad, con lo que segura está esta Corporación se entregarán las armas y Lugo hará votos por la salud de V. E.—Dios guarde á V. E. muchos años, Lugo Abril 26 de 1846.—Excelentísimo Señor: Francisco Gómez Cadorniga.—José Saavedra y Pando.—Domingo Antonio Martínez.—Rafael Iglesia.—Excelentísimo Señor Capitán General de Galicia».

---

443 Antes de celebrarse o Concordato de 1851, algunhas igrexas podían nomear dous gobernadores eclesiásticos, un para os asuntos de graza e outro para os de xustiza, mais, con arranxo ao art. 20 de aquel tratado, aboliuse, entre outros particulares, todo privilexio, uso ou costume de administrar en Corpo, *de nomear máis dun Vicario*, ou calquera outro que baixo calquera concepto sexa contrario ao disposto polos Sagrados Canons-. GOLMAYO: *Instituciones del Derecho Canónico*.- Tomo 1.º, páx. 208. - Madrid, 1874.

A pesar destes reiterados rogos que acusaban por parte dos sitiados a mellor disposición de ánimo para unha transacción pola que non sufría o menor desprestixio a honorabilidade de Villalonga, este, por toda resposta, deu orde de romper o fogo sobre a praza, ao cal contestaron inmediatamente os nacionais que custodiaban a porta Falsa, e que foron estendéndose rapidamente por toda a liña.

Durou aquel por ambas partes escasamente unha hora, ata que, observando Villalonga que a noite, ao cubrir coas negruras do seu manto a histórica cidade romana, invalidaba a puntería dos seus canóns, mandou que cesasen as hostilidades.

Por outra parte, o brigadier Blaser atacaba simultaneamente polo barrio de San Roque, dispoñendo que «el capitán de Estado Mayor D. José Riquelme se apoderase con tres compañías, del arrabal». <sup>444</sup>

«Al acercarse éstas á dicho punto» –di Blaser a Villalonga– «rompió la plaza un vivo fuego; y así mismo la línea que Vucencia estaba estableciendo ó tenía establecida. Al poco tiempo se hallaba ocupado el punto á pesar de no distar sus primeras casas seis varas de la muralla, sin tener más desgracias que lamentar que la de haber sido heridos el cabo segundo de Cazadores del Provincial de León, Victoriano Liébana y el soldado Antonio Fernández, de la misma compañía». <sup>445</sup>

Neste curto intervalo, os cercadores lanzaran á praza *corenta* granadas e algunhas balas rasas <sup>446</sup> ocasionando danos de relativa consideración nas súas murallas que, pola súa dureza e solidez, evitaron á poboación danos maiores.

Velaba esta, naquela aciaga noite, en medio das inquietudes e desacougos que lle producían as esixencias dun Macbeth, sen a esperanza de que un Malcolm viñese esvaecelas para levarlle a tranquilidade desexada.

En van acudira a vella *Lucus* en demanda dunha graza que envolvía a forza do dereito e os preceptos da razón.

---

444 *Doc. que posuímos.*

445 *Doc. que posuímos.*

446 Do PORTO, ob. cit., páx. 227.

O ególatra por excelencia non atendía máis que ao dereito da forza: aspiraba a unha conquista fácil para cinguir nas súas tempas a coroa dos heroes e obter a servil adulación dos seus amigos.<sup>447</sup>

Ao disiparse as sombras da noite do día 26, entran, na madrugada do 27, por unha casa tapiada contigua á porta de San Pedro, dúas compañías do rexemento de Zamora e varios gardas civís mandados por D. Benito Menacho, comandante xeneral que fora da provincia ao iniciarse os sucesos o día 2, quen faltando á súa palabra de cabaleiro cos pronunciados, se prestara espontaneamente neste acto ao escalo da praza. Se a revolución triunfase sería un de tantos para chamarse parte no botín!....

Ninguén había que gardase aquel traxecto da muralla, que foi tomado por *asalto*, sen a menor di cultade, así como das dúas pezas de artillería, que tamén estaban abandonadas. No acto pasaron a ocupar a praza, en cuxo tránsito tampouco atoparon alma vivinte: Lugo presentaba naquel momento o aspecto dunha necrópole.<sup>448</sup>

---

447 «*Capitanía general de Galicia*.-E. M-Excmo. Sr.: Al llegar á la inmediateción de esta plaza con las fuerzas de mi mando, me encontré sobre el camino con una Comisión del Pueblo proponiéndome condiciones para entrar en la Plaza bajo capitulaciones á que contesté no ser *decoroso ni honorí co acceder* pues que yo no podía prescindir de que la Plaza y los sublevados se entregasen á *discrepción*: sin embargo de esto habiéndome tenido entretenido hasta cerca del anochecer no pude prescindir en sostenimiento de las armas que conduzco bajo mi mando de mandar romper el fuego de fusilería contra los insurgentes que ocupaban el recinto de la Plaza hasta después de haber anochecido que he mandado suspender las hostilidades.-En el momento en que estábamos en fuego llegó el brigadier D. Anselmo Blaser á quien había avisado de mi movimiento habiendo llegado con tal oportunidad como si hubiese mediado una exacta combinación Sus fuerzas ocupan parte de la *circunvalación* de la Plaza y cuento con el auxilio para el completo éxito de las operaciones de mañana, si los individuos insisten en la defensa dentro de la población de cuyo resultado daré parte á V. E. sin pérdida de momento.-Dios guarde á V. E. muchos años. Cuartel general al frente de Lugo á las diez de la noche del 26 de Abril de 1846. - JUAN DE VILLALONGA. -Excmo. Sr. Ministro de la Guerra».

448 O Xefe político e gobernador militar da Coruña, D. José Martínez, tan signi cado polo seu *especial comportamento* cos coruñeses durante a época revolucionaria, dirixía ao xeneral Villalonga a seguinte comunicación: «*Gobierno militar y comandancia general de la provincia, Coruña*.-Excelentísimo Señor: Me es muy satisfactoria la noticia que V. E. se sirve comunicarme acerca de la toma de esa ciudad *sin ninguna pérdida de nuestra parte* congratulándome en tributar á V. E. el más cumplido parabién por tan *fausto acontecimiento*, que hago publicar en

Tras desa forza, entrou toda a restante que foi distribuíndose pola po-  
boación, encamiñándose parte da mesma ao cuartel de San Fernando,  
onde atoparon unicamente 121 soldados e 14 paisanos<sup>449</sup>, que entre-  
garon as armas sen a menor resistencia.<sup>450</sup>

Todos os membros da Xunta e demais comprometidos no movemento  
rexionalista, entre estes algúns nacionais, procuraron pórse a salvo,  
burlando as iras do xeneral Villalonga.<sup>451</sup>

---

este momento para noticia de los eles habitantes y *confusión de los malos*.-Dios  
guarde á V. E. muchos años.-Coruña 27 de Abril de 1846.-Excmo. Sr.-JOSÉ  
MARTÍNEZ.-Excmo. Sr. Capitán General de Galicia».

A continuación deste laudatorio o cio, consígnase por vía de nota: «Excelentísi-  
mo Señor: En este momento *recivo* comunicación de Santiago en que me dicen les  
o cia,el general Concha participándoles: Que Vigo se halla ocupado por nuestras  
tropas y que la Junta rebelde con algunos que le acompañan se huyó á Portugal  
lo que con satisfacción participo á V. E.-Excmo. Sr.-JOSÉ MARTÍNEZ».-A letra  
desta nota é da propia man do D. José Martínez.- *Doc. que posuímos*.

449 Do PORTO, ob. cit., páx. 228.

450 Ao obter nós do Ministerio da Guerra no mes de febreiro de 1903 varios ante-  
cedentes relacionados con este alzamento que existen no Arquivo Xeral Militar,  
e que nos indicara o recentemente nado e ilustre escritor e veterano xeneral D.  
José Gómez de Arce, por conduto do noso querido amigo D. Andrés Martínez  
Salazar, foinos negada a petición por Real orde de 6 do devandito mes, fundán-  
dose «en que el personal empleado en aquel Archivo, no puede dedicarse sin  
*perjuicio del servicio, á otro trabajo* que el que le está encomendado».

Nós cremos que as funcións dos empregados dos Arquivos non se concretan  
soamente á custodia de papeis, senón que se estenden a facilitar ao público todo  
canto dato este precise, e especialmente se redundan en bene cio da cultura pú-  
blica. Se o solicitante fose un estranxeiro, seguramente que se lle darían todo  
xénero de facilidades.

É tan *inocente* o argumento da negativa que parte da prensa rexional o censurou  
como merecía.

451 «*Gobierno político de la provincia de Lugo*.-Ayer tuve noticia de que un Capitán  
llamado D. Jerónimo Lence había salido de Lugo con 20 Nacionales acia Castro-  
verde 3 leguas de aquella Capital, y creí deber ponerme en Camino para allí con la  
Columna que me dejó el general Concha al Mando del Coman, dante D. Francisco  
San Martín, y habiéndonos divisado antes de llegar, huyeron, abandonando otro  
Capitán su Caballo, estoque y morrión, de suerte por lo quebradero del terreno no  
pudo cogerse más que un prisionero y unas 8 armas de fuego.-El Secretario Co-  
mandante y O ciales tanto de la Guardia Civil como de la 3.<sup>a</sup> Compañía del 3.<sup>o</sup>  
Batallón de América, se han portado brillantemente y creo que esta lección servirá  
para que no buelban los rebeldes á incomodar Pueblo alguno.-Dios guarde á V. E.  
muchos años, Nogales 28 de Abril de 1846.-JUAN FERREYRA CAAMAÑO.-  
Excmo. Sr. Capitán General de Galicia». *Do noso arquivo particular*.

Sometida a praza ao cercador, este ditou, como primeira medida, un bando amoestando a veciñanza para que dentro do termo de seis horas entregase as armas que tivese no seu poder sen omitir aquelas persoas que gozasen de licenza legal para conservarlas, requirindo ao propio tempo a presentación inmediata dos paisanos e militares que tomaron parte na sublevación, debendo verificarse aquela e na garda do principal, apercibindo con fusilar a todo individuo que ocultase no seu domicilio algún revolucionario.<sup>452</sup>

Ao tempo que comunicaba ao Ministerio da Guerra a rendición, interesáballe a aprobación das medidas adoptadas, o cando tamén ao xeneral Concha no sentido de que «puesto que desaparecieran los enemigos que se combatían, cesaban los pluses de campaña para aquellos Cuerpos que debían quedar de guarnición, disfrutando únicamente del beneficio las fuerzas que siguiesen el resto de las operaciones».<sup>453</sup>

---

452 «Don Juan de Villalonga, Mariscal de Campo de los Ejércitos Nacionales y Capitán general de Galicia, etc. etc.

Habiendo entrado en esta capital con las fuerzas de mi mando para acabar de destruir la revolución que *cobardemente* se instauró en ella, y conviniendo á este fin que se recojan todas las armas de cualquiera clase que existan en poder de los vecinos de la misma, así como también imponer el digno castigo á que se han hecho acreedores las personas que directa ó indirectamente hayan contribuido á la sublevación é insurrección militar, he tenido por conveniente decretar lo siguiente: «Artículo 1.º Dentro del término de seis horas se presentarán en la Guardia del Principal todas las armas de los individuos que las han tomado durante la insurrección y de todas las demás personas que las tengan ya sea con licencia ó sin ella con sola la *diferencia* de que las que pertenezcan á individuos que tienen licencia serán presentadas en la Jefatura política con la que se les hubiese concedido para que cuando parezca conveniente á dicha autoridad se les devuelva.

Art. 2.º Toda persona que haya compuesto parte de la Junta revolucionaria, jefes ú oficiales que hayan mandado los cuerpos ó partidas revolucionarias ó en cualquiera forma hayan coadyuvado á la revolución, se presentarán en prisión en la guardia del principal dentro del mismo término de seis horas; y todo individuo que tuviese oculto en su casa cualquiera de aquéllos, lo presentará en la misma forma *so pena de ser fusilado* si no lo verificase, para lo cual y para averiguar la existencia de armas se practicarán visitas domiciliarias.

Art. 3.º Queda prohibido el uso del gorro de cuartel á toda persona que no sea militar ó goce fuero de tal.

Y á fin de que nadie alegue ignorancia he mandado que se publique el presente Bando jándolo en los parajes de costumbre. Dado en el cuartel general de Lugo á 27 de abril de 1846. –El Capitán General, JUAN DE VILLALONGA.»

453 «Suplemento al *Boletín Oficial*, núm. 45, del martes 28 de Abril de 1846.–Habitanes de la provincia de Lugo: Hoy á las cinco de la mañana ocuparon esta

Ao restablecerse en Lugo os principios absolutistas do Goberno de Madrid, o devandito xeneral enviaba o brigadier Mac-Crohon, coronel do rexemento de infantería de Zamora, o seguinte o cio: «Con la brevedad posible, pasará V. S. á mis manos una relación de los individuos del cuerpo de su mando que más se hubiesen distinguido en la *toma de esta plaza*.—Dios guarde á V. S. muchos años.—Lugo 29 de Abril de 1846.—JUAN DE VILLALONGA.—Sr. Brigadier Coronel del Regimiento Infantería de Zamora».<sup>454</sup>

---

capital las tropas leales del ejército mandadas por el Excmo. Sr. capitán general de Galicia, y se halla restablecido el orden y el imperio de las leyes que la sublevación ocurrida el día 2 del corriente había trastornado. Siento al anunciárselo la mas viva satisfacción, aunque me duelen las desgracias y el desconsuelo de algunas familias que son consecuencia indispensable de los trastornos á que estuvo entregada esta población. Sirva esto á lo menos de lección á los ilusos, que en lo sucesivo puedan juzgar fácil empresa hacer armas contra el gobierno legítimo y atentar contra las prerogativas del trono y la ley fundamental del estado.

Habitantes de esta provincia: estoy muy satisfecho de vuestra cordura y sensatez, pues habéis dejado aislada la rebelión en el recinto de esta capital, permaneciendo eles al gobierno y obedientes á mi autoridad. Restablecida la paz, solo me resta cicatrizar las llagas que ha dejado abiertas la anarquía: reparar cuanto ser pueda los considerables daños que se han hecho en los edificios inmediatos á la muralla so pretexto de una loca y temeraria defensa: agotar todos mis esfuerzos para que la clemencia de S. M. se dispense á los culpables, sin embargo de *que* repetidas veces fueron despreciadas por ellos mis paternales invitaciones; y en seguida dedicarme á promover los negocios de utilidad pública para mejorar el estado del pais que es el objeto constante de mis afanes. Lugo 27 de abril de 1846. —El gefe político, JUAN FERREIRA CAAMAÑO».

«Circular declarando nulas todas las disposiciones dictadas por la Junta revolucionaria: Sin embargo de que las disposiciones de la junta revolucionaria que acaba de desaparecer solo eran acatadas dentro de los muros de esta ciudad, he dispuesto hacer entender que quedan declaradas nulas y de ningún efecto cuantas haya dictado; y de consiguiente tanto en esta ciudad como en el resto de la provincia continuarán observándose las órdenes vigentes en 2 del actual, así como cuantas se hayan dictado por el gobierno de S. M. y autoridades legítimas. Lugo 27 de abril de 1846. —JUAN FERREIRA CAAMAÑO.—Por el Secretario, ALEJANDRO CASTRO GÓMEZ. — *Imp. de la Viuda de Riesgo é Hijos*».

- 454 «Al siguiente día de recibir esta comunicación el brigadier Mac-Crohon elevó una instancia á la Reina insistiendo en pedir su cuartel y solicitando se le comprendiese en el sumario de aquellos sucesos. El Gobierno se guardó muy bien de hacerlo, antes al contrario, fué propuesto este ilustre ferrolano por la acción de Sigüeiro para la Cruz de San Fernando que no tardó en concedérsele; otorgándosele también el empleo de mariscal de campo con fecha 10 de Octubre de 1846. — FORT ROLDAN: *Ferrolanos que fueron*».



E concluiremos esta páxina de triste recordación para a historia do pobo lucense exclamando con Do Porto:

«Así fué á terra el primer baluarte que la revolución de Abril había levantado para izar el asta de su esplendente bandera! Último asilo tumbino, en donde resonaron los santos acentos de la emancipación gallega! No ha sido no, el desaliento de sus bizarros guardianes ni el arrojo de sus agresores el que los ha derribado. El golpe traidor de un mal soldado, acababa de reducir á escombros la obra de veintiún días, los esfuerzos de tantos patriotas y las esperanzas de tantos españoles. La defensa de Lugo era inútil y sólo servía para aumentar el catálogo de las víctimas».

## CAPÍTULO XVI

Operacións da 2.<sup>a</sup> División do Exército liberador.- Dispersión da mesma.- Prosegue Concha nos seus movementos.- Fuga das Xuntas revolucionarias.- Desarme dos batallóns sublevados.

### I

Deixamos a D. Sebastián Arias, segundo xefe da división do Exército liberador, atarefado en Ribadavia coa venda do sal, quen, cumprida a súa misión, tentou incorporarse acto seguido á mesma en Pontearreas, expoñéndolle a Rubín o desgusto que produciu na primeira das devanditas vilas e aldeas comarcás a ausencia da forza revolucionaria, dando lugar a medida a producir profundos desalentos entre os partidarios e especialmente entre a milicia nacional que estaba xa mobilizada en todos aqueles lugares.

Rubín non xo caso a estas obxeccións, concretándose, como descargo á súa conducta, a ausentarse aquela mesma tarde (a do día 20) cara Vigo, co pretexto de visitar á súa esposa, deixando encomendada a Arias a dirección das forzas ata o seu regreso.

Este distribuíu a columna na seguinte forma: o Provincial de Oviedo, na Cañiza; a milicia nacional en Melón e os carabineiros en Ribadavia, concedendo un descanso ao Provincial de Zamora co fin de agardar o regreso de Rubín na Cañiza, que tivo lugar ás catro da tarde do día seguinte.

Esta ausencia de vinte e sete horas desperdiciadas por satisfacer un gusto loable na vida privada, mais punible nos homes públicos que por el

abandonaban os seus deberes, veri couse cando xa sabía da chegada de Concha a Ourense e o número de homes e cabalos que o acompañaban. Á súa volta soubo da saída deste para Santiago, as forzas que levaba e carabineiros que deixaba na provincia. Tamén foi informado das conversas que tivera coas autoridades, e o pensamento que tiña de sorprenden a Solís batendo as columnas en detalle, por cuxa circunstancia, se Rubín non marchaba no seu socorro, se perdería a causa da revolución.<sup>455</sup>

Formábase Rubín distinta idea do que realmente ocorría coa actitude de Concha: en vez de reconcentrar todas as súas forzas e voar en socorro do seu compañeiro que tanto del precisaba, como notamos nos precedentes capítulos, propúxose seguir na subdivisión da súa xente empregándoa en movementos forzados, como por exemplo, de Ponteareas á Cañiza e Ribadavia, e desde esta última vila á da Cañiza, ponte de San Clodio e Ponte Pazos, facendo en todos estes sitios operacións de fortificación.

Para pasar o río, cando se cría que ía seguir un itinerario recto a Santiago, tomábanse as barcas e inmediatamente se abandonaban pretextando se o inimigo, en vez de levar a dirección a Compostela, a efectuaba a Pontevedra ou Vigo. Eran de tal magnitude os desacertos que se padecían, que provocaban acre censura, non soamente dos seus subordinados senón das persoas civís agregadas á división sublevada, e dos mesmos veciños das vilas por onde transitaba a mesma.

O día 22 determinou Rubín saír para Ribadavia co Provincial de Zamora, advertindo a Arias que seguise igual ruta, co obxecto de reunir alí toda a forza e marchar no acto a buscar a Concha. Chega Arias a Ribadavia sen lograr atopar nesta vila o seu superior.

Sorpresa grande causoulle este contratempo; e preguntando aos oficiais a que obedecía semellante negligencia, contestáronlle que non tiñan a menor conanza no seu Xefe atendendo o xénero de conduta que viña observando, inconcibible nun xeneral que sabía positivamente todos os movementos e accións do inimigo e non procuraba burlalos, nin se decidía, a pesar dos consellos que se lle daban, a marchar en auxilio do seu camarada Solís.

---

455 Do PORTO, ob. cit., páx. 206.

Entre todas as forzas da división, desde o oficial ao soldado, concurrían notorios resentimentos contra o seu xefe principal: dirixíndolle duros cualificados pola irregular conduta que viña demostrando.

En Ribadavia celebrouse unha reunión de xefes e oficiais, opinando a maioría absoluta non prestarlle o menor acatamento e recoñecer en cambio como xefe superior o laborioso D. Sebastián Arias. Entre os protestantes autores desta proposición sobresaía a do coronel D. Manuel Pardo, comandante dos mobilizados, quen, desde os comezos da saída de Santiago coa segunda división, augurou a estes resultados sinistros nas operacións.

Desde Ribadavia, enviou Arias a Rubín unha significativa comunicación laíándose do asombro que experimentara ao atoparse alí sen a súa presenza e sen ningún xénero de instrucións, especialmente naqueles supremos instantes en que o inimigo velaba sobre Santiago e ao que era de rigor cortarlle os seus desexos. Como non obtivera contestación, volveu dirixirlle outro oficio en termos duros e decisivos por esixilo así o estado do asunto, requiríndolle para «que en aquela mesma noite quedase definitivamente resolto el dilema de, ó picar la retaguardia á Concha ó atacar á Orense, teniendo en cuenta que este general había abandonado dicha ciudad».

Adoptou Arias esta resolución en vista da apatía do seu superior e, para resolver os grandes erros deste e manobrar á fronte da forza reunida, saíu sen perda de momento cara Santiago, ofreciéndolle previamente a D. Alejo Trelles, comandante do Provincial de Oviedo, para que co seu batallón, que estaba na Cañiza, se lle incorporase acto seguido.

Mais este xefe non respondeu á excitación por conter ordes de Rubín de que non se movese de aquel lugar, véndose defraudados os desexos do patriota Arias.

O día 22 chega o comisionado da Xunta Suprema don Ramón Buch ao Cuartel xeneral da Cañiza, requirindo a Rubín, en nome da mesma, coa orde de que saíse axiña para Compostela con toda a súa división.

Como as forzas se atopaban espalladas nunha liña de cento, ocupando unha extensión proximamente de sete leguas, entretívose un día

enteiro en vericar a concentración, que non puido realizarse de todo o seu conxunto. Este atraso foi o principio do desastroso fracaso de Cacheiras.

O 23 chegou á Cañiza coa súa forza D. Sebastián Arias. O delegado Buch, en presenza de aquel, de Rubín e de todos os xefes e oficiais, díxolles que aínda se estaba en condicións e a tempo de emendar os erros cometidos con motivo das infrutuosas evolucións da división, sempre que agora se despregase rápida actividade no novo movemento que encargaba a Xunta Suprema, en consideración a que o xeneral Concha non traspasara aínda o Ulla, chegándose con tempo suficiente para socorrer á primeira división e evitando desta forma a entrada deste en Santiago.

Asentiuse ás razóns do delegado, e agardáronse unhas cantas horas máis para ultimar a incorporación de todo o continxente da forza, dispóndose entón a saída para a madrugada do 24.

Realizada aquela, seccionouse a división en tres columnas: a primeira cos Provinciais de Zamora e Oviedo, a segunda cun batallón de licenciados e nacionais voluntarios e a última formada por 150 carabineiros, encomendándose a esta a vangarda para ir vixiando a Concha, que levaba dúas marchas anticipadas. Ao coronel comandante dos licenciados ordenóuselle que se suxeitase a formar a retagarda dos carabineiros, quedando Rubín detrás destes con 1.200 homes a que ascendían os soldados de liña.

A marcha efectuouse ás oito da mañá, entrando en Soutelo de Montes ás tres da tarde, punto distante oito leguas de Santiago, ou sexa, un día despois da derrota de Solís.

En Soutelo de Montes coñeceuse o desgraciado accidente de Cacheiras e o encarnizado combate trabado ás portas de Santiago entre Solís e Concha.

Rubín, en lugar de forzar a marcha por se resultaba incerta a noticia e evitar polo momento a rendición do primeiro, descansou tranquilo no devandito punto ata as dez da mañá do 25; mais xa se supuña que desde o día anterior non era el alleo a esta noticia por facilitarlla

o sarxento primeiro do escuadrón de Villaviciosa. «Lo cierto es» –di Do Porto– «que después de haber hablado á solas con él, lo envié arrestado á la prevención, sin duda para corroborar la opinión de los soldados que le juzgaban desertor».<sup>456</sup>

De Soutelo de Montes seguiu a columna con dirección á Estrada, unida xa ás forzas do coronel Pardo que se lle incorporaran na tarde anterior, compoñendo un núcleo de 2.500 homes.

Cinco quilómetros antes da Estrada tomaron as forzas de Pardo cara a esquerda, encamiñándose aos baños de Cuntis, e o resto da división seguiu a súa marcha ao punto determinado, ou sexa, cara Santiago.

## II

Ao entrar Rubín na Estrada, apeouse do cabalo; e sen conceder o menor descanso ás súas tropas, volve montar novamente ordenando que a paso forzado o seguisen a Cuntis.

Como el ía á fronte da columna e a marcha era tan precipitada, non podían seguilo todos os soldados se non fose con extremada violencia, dando lugar a que se lle achegase D. Sebastián Arias, interrogándoo pola orixe de semellante precipitación. Encarándose entón Rubín do devandito xefe e cos que puideran seguilo, manifestoulles en alta voz que «Santiago había sucumbido; que las fuerzas de la primera división estaban todas prisioneras incluso Solís; y que para salvarse todos, era preciso forzar la jornada á fin de llegar al Puente Sampayo».

«No obstante estas palabras tan alarmantes como imprudentes» –observa Do Porto<sup>457</sup>– «impropias en un Jefe, cuyo deber, lejos de esparcir el desaliento y el espanto entre sus subordinados, consiste en tenerlos, sea cualquiera la situación en que se hallen, animados del mejor espíritu y reunidos con el mayor orden para disponer de ellos convenientemente, contestáronle todos los que le rodeaban que le seguirían hasta

---

456 Ob. cit., páx. 211.

457 Ob. cit., páx. 212.

morir. Y lanzándose repetidos vivas á la libertad, por toda la columna, continuaron al paso apresurado de la vanguardia».

Ás dúas e media da tarde chegou a división a Cuntis, signi cando novamente Arias a Rubín que se os soldados, despois de faceren unha xornada de seis leguas sen alimentarse nin beber, e a un paso tan acelerado como o que traían, non se lles daba o necesario para atender ás súas naturais necesidades, non poderían marchar nin con orde nin con perfecta unidade.

Atendeu super cialmente o xeneral estas observacións, botando pé a terra e, mentres se repuña a tropa á lixeira, monta novamente a caballo proseguindo na súa marcha precipitada, que a columna seguía bafexando a distancias e en incorrecta formación.<sup>458</sup>

Ás dúas leguas de viaxe, facilitou á forza outro pequeno descanso para reunila, aumentada coa do coronel Pardo, seguindo a súa ruta ata San Xurxo de Sacos, distante 11 leguas de Soutelo de Montes.

Volve outra vez observar Arias a Rubín que a tropa precisaba un novo repouso para continuar a marcha con maiores alentos, mais o último e o seu axudante D. Juan Luís Romero advírteno de que farían unicamente no devandito punto unha curta parada porque o inimigo ocupaba xa Pontevedra, Ponte Sampaio e Vigo, non quedándolles outro recurso que pasar de noite a Ponte Caldelas, observación que tamén xo á o cialidade, anunciándolle que a partida se faría por un ou dous toques de corneta.

Parece, efectivamente, que ás dúas horas se oíu un toque de chamada, mais imperceptible para a maior parte da forza, que polo cansazo e a fame que sufrira quedara profundamente durmida.

En medio da escuridade da noite –indica Do Porto– , e seguido Rubín por unha gran maioría do Provincial de Zamora, prosegue a súa viaxe a cada paso máis precipitado. A curta distancia, e case a queimarroupa, soa desde a vangarda unha descarga como de oito tiros...

---

458 Do PORTO, ob. cit., páx. 213.

Don Leoncio de Rubín, o seu axudante e un guía, acababan de fuxir a todo escape, e algúns soldados, vendo nisto a última páxina da súa irregular conduta, adiantáranse para castigalo.<sup>459</sup> Asubiaron as balas arredor da súa cabeza, o tremor da súa lixeireza bañou as súas tempas, mais por n viuse a salvo da vinganza, seguindo a dirección á Vigo, en cuxa baía se embarcou na mañá do 26 para o estranxeiro, «precisamente en los momentos en que el cuerpo de Solís caía acribillado á balazos!....».

Co repentino abandono do xeneral en xefe da segunda división do Exército liberador galego, a situación do seu segundo D. Sebastián Arias non podía ser máis crítica. Descoñecía completamente as condicións topográficas do terreo que pisaba sen poder valerse da cooperación dun práctico que lle sinalase os medios seguros para pórse a cuberto el e os seus.

Agardou a que se reunisen algúns soldados, e faloulles na seguinte forma:

—«Nuestro general y su ayudante acaban de abandonarnos: merced á sus desacertadas resoluciones, la división hállase seccionada y dispersa, quedando el grueso de la misma tendido en los caminos y rendido por el cansancio, el hambre y la sed. Con número tan exiguo como el que aquí estamos, es humanamente imposible dirigirnos á ninguna parte sin caer en manos del enemigo. Poco antes de fugarse el general, nos había participado que aquél ocupaba ya á Pontevedra, Puente Sampayo y Vigo: así lo habéis oído muchos de vosotros. Nuestra posición, no puede ser, por esta circunstancia, más comprometida, porque carecemos de todo elemento de defensa. Os aconsejo, pues, que os presentéis mañana en Pontevedra, porque habiendo prometido el general Concha respetar á los desgraciados que sucumbieron en Santiago, vosotros lo seréis igualmente por el jefe á quien os presentéis. Esto, no obstante, mi deber, el cariño que os profeso y lo muy reconocido que estoy á vuestra lealtad y comportamiento, exigen os mani este que me dirijo á tomar asilo en el vecino reino portugués, á donde el que quiera, puede acompañarme, en la convicción de que nunca más que en la desgracia le probaré mi cariño partiendo con él un pedazo de pan

---

459 Do PORTO, ob. cit., páx. 214.



que tenga. ¡Adiós compañeros, adiós paisanos! Sed consecuentes en vuestros principios, sabed sobrellevar con resignación las adversidades de la vida que más tarde ó más temprano, triunfará indefectiblemente la justa causa porque habéis combatido. Entonces, volveré á abrazar á los valientes y victoriosos soldados que quedan en esta desventurada patria gallega.»<sup>460</sup>

Ao oír os do Provincial de Zamora frases tan conmovedoras saturadas do consolo que lles prodigaba alma tan bela como a do segundo xefe e comandante a quen idolatraban, despedíronse del bañados os ollos en bágoas.<sup>461</sup>

Desesperación inmensa sentían no seu espírito ao comprender que foran vencidos sen pelexar, que non puideran socorrer nos últimos momentos os compañeiros da primeira división.

Catro xefes, 28 oficiais, 8 sarxentos e 76 soldados, ante a perspectiva de ter que sufrir as iras da reacción, decidíronse a emigrar de España seguindo a Arias no desterro, e entrando ao pouco tempo na hospitalaria e irmá terra portuguesa.

Nela atopou asilo seguro o cadro completo de aquel batallón Provincial que, como manifesta Do Porto, tantos días de satisfacción dera á nación hispana, contribuíndo co seu sangue a consolidar o trono de Isabel II.

O resto da división revolucionaria que aínda permanecía detida en San Xurxo de Sacos por non percibir o toque de chamada, ao disporse a saír para continuar a marcha, coñece o proceder de Rubín, causando extraordinaria confusión e desorde a noticia. Xulgando a tropa que o xeneral Concha se aproximaba, comezou a dispersarse, correndo á desbandada sen saber o rumbo que debía tomar.

Subdivididos en grupos máis ou menos numerosos, ían presentándose periodicamente ao xeneral Concha. En Pontevedra xérono 400 homes con catro oficiais, dando probas todos estes desa nota simpática

---

460 Do PORTO, ob. cit., páx. 215.

461 PIRALA, ob. cit., páx. 469.

de honradez e cabaleirosidade que sobresaie no exército español, ao entregar ao xeneral en xefe A CAIXA FORTE con bastante moeda, da división sublevada.<sup>462</sup>

Poucas horas despois, presentáronse novamente ao Xefe político da devandita provincia D. Claudio González, 500 homes máis procedentes da Garda Civil, carabineiros e dos Provinciais de Oviedo, Segovia e Zamora.

En Ourense xérono tamén 200 atrasados ás autoridades, segundo así llo comunicaba ao Ministro da Gobernación o Xefe político D. Manuel Feijóo Río;<sup>463</sup> en Vigo, verificouno igualmente un continxente respectable dos que non puideran internarse en Portugal, e por esta orde foron segregándose os sensibles restos da numerosa división revolucionaria que lle fora encomendada a D. Leoncio Rubín de Celis.

«¡Qué diferencia», –exclama Do Porto– «entre las dos divisiones del Ejército revolucionario gallego! ¡La primera, pereció con la bandera acibillada á balazos con una mano sobre el honor y la otra sobre la espada! ¡La segunda acababa de ser vendida en la almoneda del deshonor ó de la cobardía! ¡Qué escoja entre estas dos deshonras el hombre que ha huido, atando su reputación á los pies de su caballo! Este era el papel que le tocaba desempeñar á D. Leoncio Rubín en la revolución gallega».<sup>464</sup>

---

462 Comunicación do xeneral Concha ao Ministro da Guerra datada en Pontevedra o 26 e publicada no *Alcance* da *Gaceta* de 30 de abril de 1846. Na súa *Memoria*, consigna tamén Villalonga este particular, así como no devandito documento se asaña ferozmente contra Solís e todas aquelas persoas ou entidades que tomaron unha parte activa na revolución. En cambio, a respecto de Rubín, non o cita *máis ca unha vez* para manifestar que «éste con algunos jefes y oficiales abandonaron sus fuerzas emigrando á Portugal». É de supor que Villalonga non estaría ignorante do comportamento de Rubín e das relacións entre este e Concha de que trata Blasco Ibañez, Do Porto, Fernandez de los Ríos, Piralá, Vicente de la Fuente e outros escritores.

463 *Doc. que posuímos.*

464 O día 23 saíu de Santiago coa seguinte carta anónima o criado de D. Juan Crespo, un dos condentes de Rubín:  
«Santiago 23.–Mi querido Rubín: he conseguido la victoria mas completa sobre Solís, *objeto exclusivo de todos mis desvelos*: haga V. lo posible por dispersar su fuerza y cuente en todo con su atento Q. B. S. M.–J. C.»

E Pirala, a quen tampouco se lle debe tachar de parcial, expón as consideracións seguintes:

«¡Qué distinto fué el comportamiento de los jefes de ambas divisiones! Los hechos comparan el proceder de uno y otro, y ellos son más elocuentes que cuantas observaciones pudiéramos hacer. Solo diremos que aun después de la catástrofe que experimentó la revolución en Santiago, Rubín contaba con fuerzas y probabilidades para salvarla, aún solo prolongando su defensa, á la que grandes y excelentes llamamientos la brindaban».<sup>465</sup>

Todos os cargos que a aquel xefe se lle imputan derivanse en primeiro termo dos seus inverosímiles movementos, podendo entrar en Ourense, sen facelo; vixiar os do seu adversario, sen evitalos; ter concentradas as súas tropas e realizando o contrario; podendo ir en auxilio do seu compañeiro e evadíndose; pórse en comunicación constante coa Xunta Suprema de Santiago, e demostrando en cambio un silencio inconcibible; abandonando aqueles puntos estratéxicos de maior signi cación, para coller sempre o camiño máis próximo a Santiago, e separarse del, desatendendo os consellos dos seus compañeiros e subordinados, realizando marchas e contramarchas infrutuosas que ocasionaban o enervamento dos seus soldados; e por último, aínda contra o seu explícito criterio, sae o 24 da Cañiza onde recibe a noticia da hecatombe de Santiago e dous correos da Xunta de Pontevedra encarecéndolle que se

---

Tributando o seu foro á xustiza, diremos que este papel non chegou a mans da persoa a quen ía dirixido, porque o condutor que se encargara de entregarllo non puido conseguilo por atoparse xa aquel embarcado, e tentando verí calo en Portugal negóuselle a entrada na súa habitación.– Do PORTO, obra citada, páxina 217, nota.

Esta carta coméntaa sardonicamente D. Vicente de la Fuente na súa *Historia de las sociedades secretas*, páx. 342, tomo II : «Mucha familiaridad gastaba ese señor cuyas iniciales corresponden á las de D. José de la Concha con su aparente *enemigo* Rubín. Este billete signi ca mucho á poco que se estudie. Sin recibir la carta Rubín, *había hecho lo que deseaba Concha*».

BLASCO IBAÑEZ, na súa *Revolución Española*, tomo III, páx. 102, apostrofa a Rubín varias veces «de traidor», a rmando que «obraba de perfecto acuerdo con el general Concha». Os demais historiadores están todos conformes en atribuír a Rubín os defectos de inconsecuente, lixeiro e venal.

Nós non facemos máis ca reproducir, como é o noso deber, as manifestacións dos devanditos escritores.

465 *Historia Contemporánea*, tomo I, páx. 470.

repreghase á devandita capital para deliberar acerca do que no futuro debera facerse e adoptar a forma de asegurar a vida dos prisioneiros, e lonxe de acceder a orde tan racional, lonxe de resolverse a achar un punto da súa defensa como o seu deber lle prescribía, fai pública a desgraza de Solís para debilitar o espírito das súas tropas, incitándoas a unha deserción ou a provocar unha desorde; fatigaas e destrúeas cunha rápida retirada sen deixalas descansar nin darlles alimento.

«Y viendo que aun con ésto» –recalca Do Porto– «no apaga su corazón la hoguera del entusiasmo ni las retrae del sacrificio á que se ofrecen de morir con su bandera, da la última mano á su obra de iniquidad dejando decir que Concha ocupaba ya á Pontevedra y Vigo, abandonando en medio de la noche, en un país desconocido, á sus soldados tan leales como decididos, á los 2.500 hombres que componían la segunda división del Ejército libertador de Galicia».

Todas esas aparatosas operacións que despregara Rubín serviron para producir enormes danos ao alzamento galego, como puido vulgar o lector, sendo causa determinante de que a crítica, núa de toda liñaxe de apaixonamentos, extremase contra aquel o seu a ado escalpelo, sen excluír a dos mesmos amigos do Goberno de Isturiz que foron os primeiros en condenar a inconsecuencia ou versatilidade do xefe mencionado.

Xamais este procurou imprimir no territorio ourensán a propaganda revolucionaria, concretándose unicamente a dirixir desde A Cañiza ao brigadier Zendrera a carta de que demos conta no Capítulo XI, e outras dúas máis, o día 22, excitándoos ao pronunciamento, unha ao Intendente da provincia don Alejandro de Castro –que recibira o 24;– e a outra ao coronel Milans,<sup>466</sup> encargado polo xeneral Concha da defensa

---

466 «Cañiza, 22 de Abril de 1846: Mi amigo Milans: Se que contrajo usted compromisos á que no puede faltar; y en este concepto los reclamo á fin de que cuanto antes se pronuncie en ese punto con la fuerza de su mando. En el día ya no hay oposición en hacerlo y aun cuando la hubiere, se que sabe usted arrostrarlo todo por salvar la libertad y los amigos. Adiós. Que resuene en esa el grito de libertad y podrá abrazar á V. su afectísimo amigo L. DE RUBÍN».

A carta dirixida ao Intendente reduciuse a pedirle unha entrevista con el e o comandante militar, participándolle, entre outras cousas, *que os homes falando se entenden*. Tomaba por mediador desta entrevista o cónsul portugués en Vigo D. F. Ortega.–Do PORTO, ob. cit., páx. 219, nota.

de Ourense coa súa columna de carabineiros, cuxos personaxes, como Zendrera, se abstiveron de contestar; non obstante os compromisos que contraeran, en atención aos ventos favorables que corrían para as forzas do Goberno central.

Rubín, –como argúe Piralá– tiña indubidablemente na súa man a salvación do alzamento galego: bastáballe demostrar vontade e valor para conter o orgullo dos vencedores: Don Martín José de Iriarte, no seu caso, non consentiría que o xeneral Concha traspasase a fronteira galega. Foi un grande erro da Xunta Suprema non confiarlle ao veterano soldado da liberdade o batallón que este lle solicitara a raíz de ser derrotado en Astorga. A perda de Santiago non supuña por ningún concepto o desfalecemento da revolución: contábase con 450 homes que se salvaran de aquel desastre, a cuxa cabeza figuraban xentes da significación e pericia de D. Manuel Buceta e outros que se dirixiran a Vigo, e aos que se lles incorporaran os milicianos nacionais comprometidos de Padrón, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Noia, Muros, Rianxo, Vilagarcía, Carril e demais vilas de aquelas rías, que se repregaran tamén na cidade viguesa, considerándoa xa o único punto de acción e defensa que se iría adoptar polo Comandante xeneral da segunda división sublevada.

Dispúñanse tamén para o sostemento da revolución coas seguintes forzas:

Dúas compañías de Provinciais na praza de Vigo.

Dúas id. id. en la de Pontevedra.

Catrocentos licenciados do exército organizados pola Xunta de Goberno de Tui.

Setecentos homes de que constaba a guarnición de Lugo antes de entregarse esta praza ao xeneral Villalonga.

Unha partida de 80 guerrilleiros que operaba na devandita provincia ás ordes do comandante graduado don Roberto Robles.<sup>467</sup>

---

467 O xeneral Concha pedíralle a Villalonga máis forzas para proseguir as súas operacións pola provincia de Pontevedra, contestándolle o último o seguinte:

Outra de 57 na de Ourense, mandada polo capitán D. Basilio Matens e o oficial D. José Chicarro.

E, en conclusión, contábase cos 2.500 homes da división de Rubín.

Todas estas forzas ascendían a unhas 4.500 prazas que, reconcentradas na poboación de Vigo, compuñan un numeroso continxente para considerala en estado de sólida defensa, cubrindo, por outra parte, de guerrillas, o resto da provincia de Pontevedra.

Con moi poucas forzas, podería disputarse con indubidable vantaxe o paso da Ponte Sampaio, contra outras de número superior, auxiliando Vigo a súa defensa con algunhas barcas canoneiras, cuxos fogos non deixarían de causar gravísimo dano aos inimigos. Os que se sostiveran nesa histórica canto memorable ponte, lembrarían como exemplaridade de imitación a famosa vitoria obtida anos antes por un puñado de sinxelos labregos, sobre as aguerridas tropas do valente mariscal Ney.

«Entonces la lucha», –obxecta Do Porto–<sup>468</sup> «no haría máis que comen-zarse. Las tropas que entraban en Galicia no venían, ni muy decididas á pelear contra sus camaradas, ni muy dispuestas á sostener un Gobierno repudiado por todos. Hablamos en su totalidad. El ejemplo de hechos posteriores son las pruebas en que estriba esta aseveración, que de atrevida tacharían algunos.

Vióse, calientes aun las cenizas de los sucesos de Abril, diezmar sus las el contagio de la emigración; trocar los soldados su seguridad y bienestar por las penalidades de los proscriptos; exponerse en su huida á caer bajo los bandos de Villalonga y ofrecerse con fervor para una in-

---

«*Capitanía general de Galicia*, –Estado Mayor.–Excmo. Sr: Habiendo tenido que enviar al brigadier Blaser un batallón á Asturias y parte de la Caballería según pedido del Capitán general de Castilla la Vieja, ha sido preciso que los veinte hombres que debían reunirse á V. E. de aquella arma permanezcan en esta división como necesarios no marchando á reunirse á V. E. la compañía de América que V. E. dejó, por precisarla para la persecución del insurrecto Robles. Dios guarde á V. E. muchos años.–Cuartel general de Lugo 28 de Abril de 1846.–J. DE VILLALONGA.–Excmo. Sr. Comandante general de la División Expedicionaria de Galicia».–*Doc. que posuímos*.

468 Ob. cit., páx. 222.

vasión liberal que hiciese reconquistar la causa acabada de perder. Corrieron á Portugal soldados que habían atacado las casas de Santiago, y o ciales que mandaran los piquetes de Carral: todos se abrazaban porque en todos reinaba el mismo pensamiento.

Los soldados de la primera división que Concha incorporó á sus batallones para cubrir las bajas que habían padecido, estamos seguros que jamás hubieran hecho fuego contra sus compañeros porque aun no habían desertado de sus banderas.

Todos conocían que la revolución vencedora en Portugal, ejercería un poderoso protectorado sobre los sublevados gallegos: armas, hombres y municiones sería un auxilio que no tardaría en proporcionárseles del vecino reino.

Aunque Rubín, que lo es dudoso, no se hallase en el caso con tales elementos, de emprender una ofensiva audaz y repentina, la plaza de Vigo y el sistema de guerrillas, les presentaba fértiles medios para una defensiva prolongada, tenaz, ventajosa: echando mano de rehenes, medio justí cable y legítimo, evitaría las matanzas de Carral; y sosteniendo vivo el fuego de la guerra y de la revolución en Galicia, daría lugar á los sacudimientos de otras provincias (regiones), amagadas con síntomas diversos y que indudablemente se pronunciarían por poco más que continuase aquella insurrección. No solo es nuestro este dictamen: otro presentaremos más autorizado, y es el párrafo nal de la *Campaña de los 17 días*, último puñado de incienso que el panegirista quema en el pomo de la espada de D. José de la Concha, *por haber contenido y desbaratado un movimiento revolucionario que contaba, SIN DUDA ALGUNA con hondas y multiplicadas ramificaciones en toda la Península*. Estas son sus palabras que con rman y aseguran lo que á nosotros no nos es dado sino sentar como una opinión.

En último término, el más calamitoso pero el más lejano, una honrosa capitulación hubiese asegurado el reposo de tantas familias perseguidas, conservando una patria para tantos hombres proscriptos, salvando la vida de doce víctimas y vuelto D. Leoncio Rubín de Celis su nombre inmaculado con la corona de la lealtad y de la constancia».

Estas re exións de Do Porto, que transcribimos íntegras pola gran verdade que encerran, impoñennos tamén a nós no caso de rearmar que nas mans do brigadier Rubín estaba a honra e salvación de aquel pronunciamento, digno de que prosperase polo espírito de sa doutrina que o informaba...

### III

Co obxecto de continuar as súas operacións pola provincia de Pontevedra, saíu Concha de Santiago o 25 a mediodía, facendo noite en Padrón.

Levaba consigo os rexementos de infantería de América e da Raíña, o batallón Provincial de Guadalaxara, dous escuadróns de cabalería e as brigadas de artillería de montaña e rodada.

Ás tres da tarde do 26 entrou naquela capital, onde foi informado da dispersión das forzas de Rubín e a evacuación de todos os puntos sublevados. No devandito día deu coñecemento ao Ministro da Guerra e ao Capitán xeneral do enunciado particular e da súa entrada en Pontevedra, así como dos sublevados que se lle ían presentando. Anunciáballes a súa saída para Vigo, reintegrando previamente no mando da provincia o brigadier Tojo, e da organización dun depósito para aloxamento dos presentados.<sup>469</sup>

O Capitán xeneral contestoulle o 28 desde Lugo, demostrándolle a satisfacción con que recibira a noticia da diseminación dos pronunciados, aprobando todas as disposicións que adoptara en Pontevedra, interesándolle para que formalizase as oportunas listas dos presentados e encargándolle que se puxese en relacións cos comandantes portugueses das liñas fronteirizas para que se recollesen o armamento e munições e demais efectos que os dispersos levasen consigo ao introducirse en Portugal. «Acaso esta operación sería máis exacta» –diciálle– «si V. E. se sirviese comisionar un jefe ó un oficial de su confianza que pasando por Valença do Minho se pusiera de acuerdo con las autoridades portuguesas para dicho objeto y demás disposiciones que á V. E. parezcan oportunas». Obxectáballe tamén que dese o mando da praza de

---

<sup>469</sup> *Doc. que posuímos.*



Vigo ao coronel D. Jerónimo Delgado, por xulgar que fora *forzado e enganado traidoramente* polos inimigos; e, deixando ao seu arbitrio a forma de inventariar en Vigo todas as provisións, repostos e almacéns que se atoparan ao abandonar a cidade os insurrectos.<sup>470</sup>

Non obstante atoparse restablecida a tranquilidade pública en toda a provincia, partiu Concha de Pontevedra para Vigo na mañá do seguinte día «con el afán de robustecer la buena opinión del país y observar el movimiento insurreccional que había estallado hacia la parte de Monzón en el vecino reino portugués».<sup>471</sup>

Fixo a súa entrada na aludida cidade o 27, sendo saudado cunha salva de artillería, que co seu rouco son anunciaba a rápida fin da súa campaña e a completa submisión de Galicia ao Goberno de Madrid.

#### IV

O día anterior ás once e media da mañá púñanse en franquía na espazosa ría viguesa o *Nervión* e a *Astuto*.

Inchado todo o seu aparato, dan unha maxestosa virada colocando as súas proas fronte ás Cíes e a popa cara á praza.

Sobre a obra morta do gallardo bergantín, notábase un conxunto de corpos humanos que, axitando brancos panos, daban o adeus de despedida á cidade galega; a última que co tesón da consecuencia sucumbira ao egoísmo reaccionario.

Eran as Xuntas de Goberno das respectivas cidades de Pontevedra, Santiago e Vigo<sup>472</sup> as que fuxían a outra terra a procurar tranquilida-

---

470 *Doc. que posuímos.*—Tamén o ciara o Xefe político de Ourense ao Ministro da Gobernación, dándolle idénticas noticias da dispersión da división Rubín e participándolle que a maior parte da xente dos Provinciais de Zamora e Oviedo se presentara ao xeneral Concha.

471 Comunicación pasada polo Xefe político de Pontevedra ao Ministro da Gobernación, publicada no *Alcance* da *Gaceta* de Madrid do 30 de abril de 1846.

472 A de Tui marchara a Portugal; e a maioría das forzas presentáranse ao xeneral Concha en Pontevedra.

de para o seu espírito e saturarse de ideas máis puras que na súa non atopaban.

Ao levar áncoras o *Nervión* dispara quince canonazos, cuxos estoupidos simbolizaban as exequias postremas de aquel admirable pronunciamento tan popular, tan xustificado e necesario que acababa de afofalo a benevolencia, morneza, falta completa de calor e de entusiasmo en moitos dos seus directores e xefes e a opugnación, a ousadía e o furor dos servidores dun Goberno incompatible co espírito e sentimentos dun pobo que tentaba romper o xugo da servidume e das cadeas.

De aquel humano pronunciamento que, como a rma Valera,<sup>473</sup> se nalgúns puntos onde se apercibiran para secundalo o efectuasen con vigor e en tempo oportuno, saíría triunfante para modificar a condición social de España e das súas oprimidas rexións.

Tanto o comandante do *Nervión* como as Xuntas revolucionarias obrarían moi cordamente lanzándose ás presas á mar, porque reparándose as avarías do vapor *Isabel II* e disposta a corveta *Villa de Bilbao* saíra con ambos buques e o transporte *Vulcano*, o 25, de Ferrol en persecución dos sublevados, o brigadier da Armada D. José Fermín Pareja, chegando á baía de Vigo na tarde do 26, cando o *Nervión* e a *Astuto* camiñaban xa con algunhas horas de antelación con rumbo a

---

O Concello reaccionario encargado novamente da administración municipal pasou ao Xefe político de Pontevedra a seguinte comunicación: «*Ayuntamiento de la muy noble y leal ciudad de Vigo*.—Son las once y media de la mañana, hora en que la Junta rebelde y su fuerza desalojó la plaza. El ayudante nombrado por ella hizo dimisión en el momento en que yo y demás concejales *tratábamos de apoderarnos* ya del pueblo para contener todo desorden; y efectivamente lo hemos conseguido. Encargóse del mando de la plaza como gobernador el Mayor que era de la misma el día 10 del actual y fué depuesto don Juan Felipe Correa; y de la fuerza que pueda reunirse, el señor Coronel de Segovia que estalla preso en el Castro por los rebeldes D. Luís Lenmi. Los carabineros que habían quedado, á las órdenes del capitán D. José Cortés que también estaba arrestado. La tranquilidad y el orden están asegurados en el pueblo. Sin perjuicio de las demás medidas que quedamos lomando, tengo la satisfacción de poner en conocimiento de V. S. esta fausta noticia para los efectos que V. S. crea oportunos. —Dios guarde á V. S. muchos años. —Vigo 26 de Abril de 1846. —FRANCISCO RODRÍGUEZ ARIAS. —Sr. Jefe político de esta provincia».— *Doc. que posuímos*.

473 *Historia general de España* por MODESTO LA FUENTE, continuada desde Fernando VII por D. Juan Valera, etc. Tomo XXIII, páx. 28.

Xibraltar. Neste porto e sen o menor obstáculo entrou a escuadrilla, acolléndose, –como indicamos en nota do Capítulo X– ao pavillón inglés os xefes, oficiais e algúns tripulantes, entregando os buques o esforzado D. Luís Jorganes<sup>474</sup> a un oficial español do posto de Alxeciras que coas súas propias tripulacións se lles repatriou a augas españolas.

O estado de ánimo e intranquilidade por que pasou a cidade viguesa desde a noite do 25 de abril ata as once da mañá do 26, horas en que non se dispuña de ningunha autoridade para o sostemento da orde e a seguridade pública, non é para describilo e, porén, non se rexistrou a menor nota nin sinais de provocarse o máis insignificante tumulto.

As forzas que había na praza, ao verse sen xefe, puxéronse, segundo indica un historiador<sup>475</sup> a disposición do tenente coronel D. Luís Lenmí, primeiro xefe do Provincial de Segovia, que, como dixemos anteriormente, estaba preso no castelo do Castro polos sublevados, –excarcerándoo varios dos seus antigos subordinados, ao depor o seu mando a Xunta,– facéndose cargo axiña da guarnición.<sup>476</sup>

---

474 «Mientras escribíamos los anteriores renglones, anunciaban los periódicos la muerte del Sr. D. Luis Jorganes y Pardo de Andrade, Jefe de escuadra. El Sr. Jorganes mandaba el bergantín *Nervión* cuando los sucesos que vamos refiriendo. En ellos mostró la misma serenidad y valentía que en todo el resto de su vida, cosa que sus mayores enemigos políticos no osaron negarle jamás. No parece sino que el nombre del *Nervión* debía de ser para él fatal y honroso al propio tiempo. Cabalmente, en la ría de este nombre (Bilbao) y durante la guerra civil llevó á cabo una acción en verdad gloriosa, por la cual á penas se le creyó digno de un ridículo premio; mientras que por otra semejante, pero de ningún modo mayor, mereció años después el general Armero el título de marqués de *Nervión* y la grandeza de España. Bastaba que el Sr. Jorganes fuera próximo allegado de quien esto escribe para que la desventura se ensañase con él toda la vida». –FERNANDO FUI. GOSIO: *Crónica de la Provincia de la Coruña*.–Madrid, 1866 Páx. 100, nota.

475 SANTIAGO GÓMEZ, ob. cit., páx. 578.

476 Lenmí oñara a Villalonga en igual sentido, esaxerando que «después de pasar algunos trabajos y acciones y después de haber estado en capilla, había conseguido ganar las tropas de los fuertes del Castro, San Sebastián y el Alaje» que, tras tomar posesión da cidade, a puña «á disposición de V. E. al servicio de la Reina nuestra señora pues la fuerza que la guarnecía me ha prometido fidelidad al Gobierno de S. M. y se acaba en este momento de instalar el Ayuntamiento leal al Gobierno de S. M.». Pedíalle ao mesmo tempo algunha forza para «al menos conservar el orden y la tranquilidad del pueblo».–*Doc. que posuímos*.

O afán de facer méritos facía esaxerar a Lenmí a nota. A Xunta viguesa concretárase nada máis que a arrestalo por oporse á sublevación ou a saír da cidade:

Igualmente encargárase de novo da administración municipal o Concello reaccionario presidido por D. Francisco Rodríguez Arias.

## V

O día 28 o ciaba o xeneral Concha desde Vigo ao Capitán xeneral, anunciándolle que se dirixía a Tui cos dous batallóns de América, catro compañías da Raíña, unha batería de artillería e o escuadrón de Almansa para previr calquera eventualidade, dados os caracteres que revestía a sublevación de Portugal que xa se ía estendendo cara Porto, asegurando, desta forma, solucionar a ultimación da rebelión galega, así como para imprimir desde Tui «mayor fuerza moral á las autoridades del Gobierno de S. M. Fidelísima.»<sup>477</sup>

Permaneceu en Tui coas enunciadas forzas ata o 1.º de maio en que, sendo informado polo gobernador de Valença do Minho de que a revolución portuguesa fora sufocada en Braga<sup>478</sup>, abandonou o devandito punto, deixando, sen embargo, nel –por resolución do mesmo Villalonga–, o segundo batallón do rexemento da Raíña para dar destacamentos a Salvaterra e A Guarda coa orde de vixiar toda aquela parte da fronteira portuguesa, dispoñéndose co mesmo obxecto de todo o rexemento de Borbón que gornecía Ourense.<sup>479</sup>

Á vez, o expresado xeneral en xefe indicaba á autoridade superior militar galega que estaba esperando das autoridades portuguesas «una relación de los o ciales emigrados que debían ser internados para adoptar con ellos la resolución oportuna»,<sup>480</sup> contestándolle Villalonga que lle concedía amplas facultades para xar a situación que se debía dar aos mesmos no acto de entrar en Galicia, recomendándolle

---

*nin o puxeran en capela nin pasou eses traballos e a icións* que indicaba. É máis, ás corenta e oito horas de reduci-lo a prisión brindóuselle abandonar esta, opoñéndose el mesmo a iso, se cadra para alegar máis tarde o que a Villalonga dicía agora, na comunicación que extractamos.

477 *Doc. que posuímos.*

478 Aos poucos días de facilitarlle esta noticia, triunfaba a revolución en Portugal, derrocando o Goberno de Costa Cabral.

479 *Doc. que posuímos.*

480 *Doc. que posuímos.*

ao propio tempo o desarme e concentración en Santiago de todos os individuos procedentes dos batallóns sublevados.

Segundo Concha estas instrucións o cioulle desde Vigo o 3 de maio neste sentido: «Salgo mañana de esta plaza para Pontevedra con los dos batallones de América, la batería y un escuadrón. En aquel punto procederé inmediatamente al desarme de los batallones Provinciales de Oviedo y Zamora, y al siguiente día continuaré con aquellas fuerzas conduciendo á los batallones desarmados en dirección á Santiago pernoctando en Padrón. –La fuerza que procedente del batallón de Gijón, se halla agregada al regimiento de América, marchará armada hasta Santiago. Resta solo por lo tanto conducir la del segundo batallón de Zamora que está agregado al de la Reina. –He dado orden para que se reúna mañana en esta plaza la que se halla en el segundo batallón entre los puntos de Tuy, Salvatierra y Bayona y he dado las instrucciones convenientes al brigadier Rodríguez Soler para su desarme. –Las fuerzas correspondientes al segundo batallón de Zamora, serán como de unos 400 hombres. Tal vez pudiera convenir á las miras ulteriores de V. E. que aquella fuerza se trasladase á la Coruña en cuyo caso se presentaría en este momento una gran facilidad para conducirlos á aquella plaza disponiendo de los buques que se hallan en esta bahía según así me lo ha manifestado su jefe el brigadier Pavía. –Yo desearía que V. E. se sirviese manifestarme si cree esto conveniente para en el caso contrario dar las órdenes para que pasado mañana emprendan su marcha por Pontevedra escoltados por un batallón de la Reina».<sup>481</sup>

Contestoulle Villalonga o 5 que aprobaba todo o feito e, efectivamente, o xeneral Concha non demorou un instante pór en práctica o seu pensamento.

---

481 «El mismo día 19 en que Solís retrocediera por Neda y Betanzos hacia la antigua Compostela, abandonó Rubín la plaza de Orense ante la llegada del general Concha: la voz popular señalaba á Concha como uno de los generales comprometidos y fué de todas maneras según la frase consignada en la *Memoria* del general Mac-Crohon, uno de los elevados personajes de cuyo nombre se abusaba por lo menos; pero preciso es convenir que fué más recriminado Rubín de Celis, quien ni defendió la excelente posición de Ribadavia ni acudió á reforzar las tropas de Solís, abandonando el 25 la columna de su mando en las montañas de San Jorge de Sacos y embarcándose cobardemente en Vigo durante la mañana del 26». – FORT Y ROLDAN: *Apuntes*.

Ao mediodía chegou a Santiago coa súa *expedición* e, sen conceder a menor tregua ao descanso, formou na Praza da Constitución toda a forza en dobre cadro. Pronuncioulle unha violenta arenga e, no acto de rematala, ordenou que os soldados dos batallóns sublevados saísen á fronte e formasen en pavillóns as armas. Veri cado o mandato, xéronlles despoxarse da correaxe, capote e morrión colgándoo das baionetas, facéndoos prisioneiros, e conducíndoos en mangas de camisa coas cabezas descubertas, foron encerrados no cuartel de Santa Isabel.

Para ningún dos sublevados desde o cial a soldado houbo perdón.

A purgar o seu *delito* foron por termo ilimitado aos presidios de África, ata que pola celebración do casamento de Isabel II co seu curmán D. Francisco de Borbón, ditouse unha amnistía xeral que restituíu ao seo do fogar a aqueles que puideron soportar os rigores dun clima criminal e as penalidades que lles deparara a deportación.



## CAPÍTULO XVII<sup>482</sup>

Despois do desarraigo.– Persecucións: a Condesa de Espoz y Mina.– Insistencias do xeneral Villalonga sobre expatriacións. Xuízos de Balmes.– Concédenselles aos pronunciados as cruces de «Valor e Constancia» e de «Beneméritos da Patria».– Son condecorados coa laureada de San Fernando os 25 nacionais que pelexaron en Cacheiras.– O monumento aos «Mártires de Carral».– Inauguración do mesmo.– Fin.

### I

Esvaeceu por n a onda que contiña na súa imponente inchazón a mollicie e a morte, arrollando, co seu tomo tráxico, aquelas nobilísimas guras que privaban nesa idade, na cal, como proclama Lamartine, é permitido confundir os soños coas realidades.

Elas non cometeran maior pecado ca defender con todos os ardores da súa xuventude as liberdades públicas<sup>483</sup> e combater, con todos os arrestos da súa alma grande, os inimigos dos foros e dereitos da amada terra galega, aínda que o negue a ousada ignorancia.<sup>484</sup>

---

482 Fragmentos deste Capítulo publicáronse na revista decenal *El Eco de Galicia* de Bos Aires de 30 de outubro de 1903 e en *El Eco de Santiago* de 6 e 8 de abril de 1904.

483 PÉREZ GALDÓS : *Bodas Reales*, páx. 246.

484 «Con el infortunado D. Miguel Solís, personaje simpático y bueno que en los pocos actos de su vida que pertenecen á la historia dejó ver que le guiaban más que la ambición, el amor y la fé en sus ideales, perecieron allí, desastradamente, por haber hecho lo que con fortuna hicieron antes los mismos que ahora los mataban, doce capitanes valerosos, jóvenes todavía y hasta poco antes de morir, llenos de esperanzas y de ilusiones». – LAFUENTE: *Historia general de España*, continuada por VALERA, PIRALA, BORREGO, etc., tomo XXIII, páxinas 30 e 31.–Barcelona, 1890.



Para formar exacto xuízo do alcance que tivo aquel alzamento, non basta soamente o que nas páxinas deste volume dixemos e testificamos ata agora; é preciso compenetrarse como testemuño de maior calidade da *Memoria* escrita polo xeneral Villalonga que tantas veces citamos e verase que para vencelo tivo este que apelar a elementos que a ciencia non aconsella e a *medios* que a dalguía rexeita.

Non foi o poder das armas quen o rendeu en Cacheiras, senón as argucias e as mentiras por unha parte, e as concusións e a traizón pola outra.

Aquela autoridade confirmao no mencionado documento: «Los hechos han acreditado que, á excepción de la Artillería estaban ganadas por la revolución todas las fuerzas de este ejército –el gallego– y la tranquilidad de Galicia reclama que salgan inmediatamente para otros distritos, sin perjuicio de las providencias que sus respectivos inspectores tengan por conveniente adoptar para mejorar el espíritu de los cuerpos, en el concepto de que me asiste la convicción moral, así como á outras personas que cuentan muchos anos de permanencia en este país, *de que tarde ó temprano habrían secundado todos el grito de rebelión* á no ser por la vigilancia de las autoridades, medidas tomadas y *noticias fingidas* unas, y otras verdaderas de la aproximación de las tropas que mandaba el Gobierno.

Hice cuantas prevenciones sugería mi celo, *conociendo la imposibilidad de realizar el pronto auxilio que requería mi crítica situación*, procurando animar á los *buenos* con noticias satisfactorias que *aunque fingidas* no dejaban de tener algo de *inverosímiles*, usando *también de otros ardides para esparcir la alarma entre los rebeldes, como se verificó más de tina vez*, según aviso de los *condentes* que pude introducir en los puntos por aquéllos ocupados».

## II

Ao desencadeado ciclón sucédelle tétrico sosego, encarnado nun tribunal militar formado na súa maioría por xunteiras e pseudo conspiradores que só pelexan despois da batalla para recoller o botín. Este tribunal era o encargado de xulgar, por orde do Capitán xeneral de Galicia, os patriotas comprometidos no alzamento.

Non deixaba de molestarse nin o cidadán pacífico que naquel demostrou marcada pasividade, nin a indefensa muller e virtuosa e respectable dama, como aconteceu con D.<sup>a</sup> Juana de la Vega, condesa de Espoz y Mina, –máis tarde elevada, pola súa alma xenerosa, ao rango de Duquesa da Caridade,– que tamén veu sufrir as continxencias dunha persecución vergoñosa.<sup>485</sup> E aínda cando se abriganen, en canto a ela, sospeitas dunha inxerencia non estraña aos actos dos conspiradores en colaboración con personaxes adictos á causa revolucionaria, especialmente cos cónsules estranxeiros residentes na Coruña<sup>486</sup>, non puido probarse de xeito indubidable se a devandita intervención era ou non xusti cada, por moito que Villalonga se esforzase en informar ao seu Goberno a certeza da mesma, aconsellando «el extrañamiento de la Condesa de Mina á quien no podía dársele destino más acertado que una larga licencia para el extranjero».

---

485 «Conociendo que la rebelión sofocada, ha sido fruto de los manejos de las sociedades secretas para cuyos trabajos presentaba gran oportunidad el sistema de guarniciones y acantonamientos que se siguió durante el mando de mi antecesor; y conociendo que dichas sociedades pueden componerse en este distrito de las personas de oposición más marcada al actual orden de cosas, estimo conveniente que sean extrañadas por algún tiempo las que, á juicio de las autoridades, inspiren más desconfianza, siendo principalmente necesario que *salga de la Coruña la Condesa de Mina* á la cual no podría darse destino más acertado que una larga licencia para el extranjero.–VILLALONGA». –*Memoria citada.* (\*)

(\*) Acerca desta ilustre dama coruñesa, o noso querido amigo o distinguido publicista D. Narciso Correal y Freire de Andrade escribiu unha interesante *Mono-grafía* que axiña dará á imprenta, e outro traballo análogo, tamén curiosísimo, o ilustre político D. José Canalejas Méndez.

486 «Excmo. Señor: Si mis esfuerzos para llevar á efecto lo que V. E. Se sirve indicarme en Real Orden de 9 del corriente hubiesen bastado al descubrimiento legal de lo que tengo manifestado á V. E. sobre la casa de la Condesa Viuda de Mina, es bien seguro que no hubiese cansado la atención del Gobierno de S. M. para obtener la única medida que he conceptualado necesaria á destruir el foco de conspiración que allí existe á salvo de todas las pesquisas é indagaciones para obtener datos legales con que proceder sobre este punto, supuesto que siendo los principales agentes de confidencia los cónsules extranjeros, no es posible dirigir acción alguna contra sus personas y sus casas, ahora cuando se adquieran avisos dignos de la existencia de documentos y de individuos que atentan al orden reconocido.–En esta inteligencia yo dejo salva mi responsabilidad sobre este punto, supuesto que el Gobierno de S. M. no encuentra conveniente acceder A mi propuesta sobre este particular.–Dios guarde á Vucencia muchos años.–Santiago 15 Junio 1846,–JUAN DE VILLALONGA.– *Reservado*».–Correspondencia de Villalonga,– *Do noso arquivo particular.*

Villalonga e a súa cohorte de turiferarios pretendían, á todo transo, alcanzar méritos para adular o Goberno de Isturiz, e recoller honras e recompensas, valéndose a tal efecto de todo xénero de vilezas, e desa adulación tan arraigada na maioría dos nosos políticos.

A pesar do decreto de amnistía publicado á terminación dos acontecementos que describimos, proseguían unha gran parte dos pronunciados e moitas persoas alleas ao movemento arrastrando amarga existencia nas prisións de Fernando Poo, Chafarinas, Ceuta e Ultramar.<sup>487</sup>

As cárceres do territorio galego atopábanse ateigadas de xente por simples sospeitas e en van era que acreditasen a súa inocencia: o Capitán xeneral do distrito e a súa famosa Comisión militar continuaban instruindo procedementos e impondo penas severas, temendo que a revolución rexurdise con maior intensidade, *se daba razón de si* a avalancha de emigrados que se atopaban en Francia, Inglaterra e, singularmente, no veciño reino de Portugal.<sup>488</sup>

Don Juan de Villalonga facíao entender así ao poder central na súa *Memoria*:

«Explicados los diferentes casos en que cada clase se encuentra, y sin perjuicio de que se lleve á cabo la disposición que S. M. tenga á bien

---

487 «Muchos de los presos fueron encerrados, en número superior á 2.000, en los cuarteles de batallones pertenecientes á la Infantería de Marina y de San José, de Ferrol, que correspondía al Ejército.—A los detenidos se les puso en libertad por providencia del Jefe político, del siguiente 6 de Mayo, con objeto de recoger en Ferrol á todos los individuos de tropa que se hicieran prisioneros de guerra y que fueron condenados á servir en América. Las expatriaciones empezaron con la salida del bergantín goleta *Ebro*, antes *Mahonesa*, escoltando á 103 prisioneros que conducía el místico *San Pablo*; y como el número era crecido y el hacinamiento produjo la privación y la miseria, se aceptó el socorro del vecindario para cubrir las más perentorias necesidades».

Datos tomados por NICOLAS FORT Y ROLDAN dos arquivos municipal e militar de Ferrol.

488 O 29 de abril, D. Juan Flórez, Alcalde da Coruña, dirixiu unha carta circular aos da provincia para organizar subscricións e socorrer con elas ás familias dos que perecerían nas xornadas do 23 en Cacheiras, 24 en Santiago e nas demais libradas durante a revolución. Encomendaba se envasen as doazóns ao domicilio do primeiro tenente de alcalde Don Agapito Ugarte, San Nicolás núm. 39.—*Arquivo municipal de Santiago*.

adoptar en vista de cuanto le está consultado, si cumpliese á su soberana voluntad indultar de la pena capital á los que resulten menos culpables, *entiendo que todos desde la clase de teniente hasta la de soldado*, deberían ser destinados á servir en los Cuerpos de las distintas posesiones de Ultramar *por diez años como simples soldados* determinándolo así en una Real orden que fuera publicada en la general de todos los distritos militares. Este castigo creo que se haría para los penados, más temible que *otro cualquiera* y servirá de escarmiento por lo menos, siendo en mi concepto el *antídoto* más eficaz contra las ofertas que hacen en primer lugar todas las juntas revolucionarias de rebaja de dos ó más años de servicio.

La marina real, debe llamar también la atención del Gobierno, como lo atestigua la conducta del bergantín *Nervión* y la barca *Astuto*. Entre ella tiene un gran partido S. A. R. El Infante Don Enrique que goza igualmente de muchas afecciones en la Coruña y el Ferrol. La seguridad de estas dos plazas y especialmente de la última, queda comprometida, mientras para el mando de buques y destino de mar, no se emplee á los oficiales de más categoría. Convendría mucho que el Batallón de Artillería de Marina que existe en el Ferrol fuese relevado por uno de otro Departamento, y en el caso de no ser esto posible, aquél nunca es prudente que quede en la referida última plaza, pues debe hallarse sobremanera unido al vecindario, siendo muy natural que participe el primero de los mismos principios que en política profesa el segundo. –En alguna de las dependencias de los otros Ministerios me consta que hay funcionarios de opiniones contrarias al actual orden de cosas y que tal vez inviertan parte de los sueldos que perciben del Gobierno en *fraguar planes para derrocarlo*. Si como yo lo creo, no es conveniente que continúen sirviendo en destinos que debieran solo ejercer personas honradas de capacidad, de mérito y leales, las autoridades respectivas propondrán los que á su juicio puedan ser separadas. –Nunca, Señor Excmo, se conoce mejor á los sujetos que en circunstancias difíciles. *Mi corta permanencia* al frente de este Reyno podrá no haberse dado con conocimiento exacto de sus necesidades, *pero la esperiencia de los terribles días que he atravesado, y los acontecimientos que han tenido lugar*, me han facilitado la inteligencia de sus males y de los míos que conviene atajarlos con las medidas espresadas. Hijas del amor al Trono y al Gobierno, y de mi celo por el bien del servicio, domina en ellas el sentimiento de la más estricta imparcialidad y justicia. Al su-

perior criterio de V. E. someto su examen para que, apreciándolas en su justo valor, *tenga á bien recomendarlas á la consideración de S. M. con el interés que le inspire el objeto que me ha movido á proponerlas.* –Dios guarde á V. E. muchos años. –Cuartel general de Lugo 30 Abril de 1846. –Excmo. Señor. –JUAN DE VILLALONGA. –Excmo. Señor Ministro de la Guerra».

### III

O Goberno non deixou de *comprender* o hiperbólico deste informe, e sobre todo os ns que perseguía o informante ao extremar a súa saña cos pronunciados. Limitouse, polo momento, a tomar nota dos bos servizos do Capitán xeneral de Galicia; e, en canto á Condesa de Espoz y Mina, non se atreveu a resolver de cheo o seu estrañamento, por moito que aquela autoridade insistise no castigo, dirixindo máis tarde, desde Pontevedra, nova comunicación ao ministro. O Goberno circunscribiuse a ditar unha resolución para que «se la vigilase y si diera motivo legal para proceder contra ella, se la juzgase conforme á las leyes». <sup>489</sup>

---

489 «*Ministerio de la Guerra.*–Excmo. Señor: La Reina (q. D. g.) se ha enterado de la comunicación de V. E. fecha 14 en Pontevedra, haciendo sus observaciones sobre la Real orden de 30 de Abril próximo pasado relativa á con namientos; y S. M., en su vista se ha servido ordenarme diga á V. E. Ser su voluntad que á la Condesa viuda de Mina se la vigile según convenga, y que si diese motivo legal para proceder contra ella, se la juzgue con arreglo á las leyes.–De Real orden lo digo á V. E. para los efectos expresados y en contestación á su ya citado escrito.–Dios guarde á V. E. muchos años.–Madrid, 21 de Mayo de 1846.–SANZ.–Señor Capitán general de Galicia».–*Do noso arquivo particular.*

«*Capitanía general de Galicia.*–E. M.–Excmo. Señor: V. E. por Real orden de 21 del mes último se sirvió prevenirme que á la Condesa Viuda de Mina se la vigilase, según convenga, y que si diese motivo legal para proceder contra ella se la juzgue con arreglo á las Leyes: pero como sea imposible que pueda llegar esta caso, por la salva proporción que tiene esta interesada de conspirar sin que corra el menor peligro, debo manifestar á V. E. que continuará siempre del mismo modo, y tendremos dentro de la capital de Galicia la mansión de la Dirección de las conspiraciones, sino se toma la providencia de hacerla con nar á país lejano en el extranjero. Hallándose en relaciones con los cónsules francés é inglés, y en particular con el Vice cónsul de esta última Nación, que por desgracia es Español, (\*) y de muy malos antecedentes en sus opiniones, me consta que las comunicaciones de los conspiradores son dirigidas por aquel conducto sin que sea posible que persona alguna del Gobierno pueda evitarlo, ni descubrirlo dentro de los

«Terminada la rebelión» –escribe Benito García de los Santos<sup>490</sup>– «el Gobierno á la par que promete premios á los que más se han distinguido en esta expedición y concede el grado de teniente general al mariscal de campo D. José de la Concha, dicta providencias de castigo. Ha disuelto el segundo batallón de Zamora y los batallones Provinciales de Oviedo, Zamora y Gijón; ha dispuesto que los jefes y oficiales de estos Cuerpos sean juzgados con arreglo á la ordenanza, leyes y bandos vigentes y que los soldados sirvan diez años á contar desde el día que se pronunciaron; y por último ha mandado que las banderas de dichos batallones se conduzcan á la iglesia de Atocha y se coloquen en ella arrolladas y cubiertas con un velo negro para memoria del *crimen* cometido y baldón de los que osaron manchar su lustre, haciéndolas servir de enseña para la rebelión. –Un personaje de la Coruña<sup>491</sup> en unión con los diputados de Galicia y otras personas respetables, han intercedido con el Gobierno para que no se cumpliese el rigor de la ley con el resto de los prisioneros. Estas súplicas fueron escuchadas; y por decreto de 30 de Abril<sup>492</sup> se indultó de la pena capital que pudo imponérseles, á excepción de los que aparecían como jefes.»<sup>493</sup>

---

trámites legales; por consiguiente la casa de la Viuda de Mina puede considerarse amparada bajo el pabellón inglés enarbolado en el balcón de la misma, hasta que los que dan dirección á los negocios rebolucionarios consigan ver realizados sus intentos.

Si parece á V. E. que con estos datos, que de modo alguno me presentan el motivo legal de proceder contra la Viuda, puedo yo dar cumplimiento á las órdenes del Gobierno en este particular, y evitar que los revolucionarios mantengan la conciencia segura de sus maquinaciones, desearía que V. E. tuviese á bien designarme la manera y forma á que arreglar los procedimientos dentro de un orden normal; porque de otra manera yo no veo otro remedio para este mal canceroso, que el que tengo propuesto al Gobierno de S. M.: quedando así tranquilo sobre mi responsabilidad en cualquiera caso que ocurra en lo sucesivo repitiendo á V. E. estar sin embargo dispuesto á acudir con todos mis esfuerzos á sofocar y perseguir la rebolucion en cualquiera punto en que se presente.– Dios guarde á V. E. muchos años.–La Coruña 5 de Junio 1846–Excmo. Señor Ministro de la Guerra.–JUAN DE VILLALONGA.»–*Minuta orixinal que posuímos.*

(\*) Aludía a D. Eduardo Santos persoa prestixiosa e honorabilísima, tan popular na Coruña.

490 *El Pensamiento de la Nación*, 6 de maio de 1846, páx. 279.

491 Aludía ao Arcebispo Vélez.

492 Neste decreto non se perdoaba aos que guraron como cabezas do alzamento aínda que fosen civís. Libráronse do horrible castigo por escapar ao estranxeiro.

493 «En Peniche se habían refugiado muchos, entre los que señalaremos á D. Antonio Romero Ortiz, D. Francisco Mariné y D. Perfecto y D. Hermógenes Villanueva

No mesmo número do devandito xornal,<sup>494</sup> Balmes, na súa editorial *La Unión y el 2 de Mayo*, referíndose aos acontecementos galegos, á unión dos partidos e á pacificación da Península, escribía:

«Poco resultado debieron producir las exhortaciones de unión y de paz que hemos leído en algunos periódicos: coincide con ellas la sangrienta batalla de Santiago en que centenares de españoles han quedado tendidos en el campo; coinciden con el estampido del cañón del Parque, las descargas en que son arcabuceados doce militares españoles; coinciden los lamentos de muchas familias cuyos hijos irán á espíar en tierras lejanas el delito de rebelión; coinciden las sentidas quejas de los que por sospechas ó precaución han sido presos ó desterrados; coincide la exasperación con que los partidos se abandonan á violentas recriminaciones; coincide la inminente resolución de un problema de que podrá resultar el que se haga más propaganda que nunca para la desunión de los españoles y el que sean privados de toda influencia en los negocios públicos los que no pertenecen á la pequeñísima fracción que se atreva á prescindir del sentimiento y la nacionalidad y á olvidar el porvenir de quince millones de españoles.

¿Se harán ilusión los gobernantes con la victoria obtenida sobre los rebeldes? ¿Creerán que les basta la política y la fuerza armada para impedir las sublevaciones ó sofocarlas si llegan á estallar? Lección terrible se ha recibido en los últimos sucesos: por espacio de tres años se nos ha estado ponderando la subordinación y disciplina del ejército repitiéndose hasta el fastidio que por este lado nada había que temer;

---

Montenegro, este último jefe principal del movimiento en las Rías Bajas y fallecido hace pocos años. El D. Perfecto murió en aquel punto á los seis meses de destierro por consecuencia de las heridas que recibiera en los combates de Cacheiras y calles de Santiago. Era muy joven y tenía el empleo de comandante de infantería.

Al huir de Santiago las cuatro citadas personas—después de la rendición del convento de San Martín—tomaron la dirección de Carril, haciendo desde este punto una travesía penosa en un galeón que las condujo á Vigo, corriendo el peligro de naufragar. Ya en esta ciudad, se refugiaron en el domicilio de barón de Ortega donde estaban reunidos los demás conspiradores que se acogieran al pabellón lusitano, escapando seguidamente á Portugal».—Artigo publicado o 22 de maio de 1904, en *La Voz de Galicia*, sendo a súa autora dona María Villanueva, Illa do D. Hermógenes.

494 *El Pensamiento de la Nación*, 6 de maio de 1846, núm. 279.

y no obstante, Cuerpos de ejército son los que se han levantado contra el Gobierno; jefes del Ejército son los que han sufrido pena capital (en espaciación de su delito); banderas del Ejército son las que se cubrirán con un velo negro en la iglesia de Atocha. Ni la Guardia Civil á pesar de las condiciones particulares de su instituto, ha podido libertarse de la seducción; y para que nada faltase al cuadro, se unieron á los rebeldes en las aguas de Vigo dos guardacostas y el bergantín *Nervión*.

Si los discursos, si los decretos, si las leyes, si los mani estos, si las promesas y las amenazas, si los premios y los castigos bastaran á restablecer el orden moral, calmado los ánimos, templando los partidos, obligando á las opiniones á encerrarse en el terreno de la discusión, ¿dónde habría más orden moral que en España, que cuenta por centenares las medidas para conservar el orden público y las leyes represivas y los programas halagüeños y los mani estos estrepitosos y la profusión de cruces, grados y empleos de todas ¿lases y donde se envían más hombres al patíbulo por delitos políticos que en todas las naciones de Europa juntas....?».

Non parece senón que o insigne filósofo, ao contraerse a aquelas épocas de accidentada vida política que el viu, combatendo coa sinceridade e o vigor da súa pluma independente o réxime tiránico que brutalmente dominaba a familia española, lía nos tempos que foron substituíndose ata os actuais, nos que, se a torrentes non corre o sangue derramado e os escintileos do raio da guerra non producen terror ao ánimo, síntomas idénticos de malestar social déixanse sentir, sen que as loitas e os exemplos do pasado servisen de emenda nin aos que empuñan o temón del Estado nin ás xeracións novas para que, medindo a exsudación das fatigas e esforzos que tiveron que afrontar os seus ascendentes, puidesen gozar da obra de paz e liberdade que estes defenderon con tanta virilidade e gallardía.

#### IV

Dez anos proximamente durou o cativeiro de aqueles abnegados patriotas, ata que, instaurados os principios liberais por consecuencia do pronunciamento de 1854, xurde tamén a reintegración dos emigrados á Patria amada, e a reivindicación de D. Miguel Solís e a dos seus doce



compañeiros de calvario entre os que se comprendía o sarxento primeiro D. Antonio Samitier, fusilado na cidade de Betanzos o 4 de maio –non obstante o indulto concedido o 30 de abril anterior, que sen dúbida non debeu chegar a tempo. –Declaróuselles a todos eles por lei de 12 de decembro de 1855 –artigos 1.º, 2.º e 3.º –BENEMÉRITOS DA PATRIA e que as súas cinzas se colocaran cos honores debidos á súa clase nun monumento por CONTA DO ESTADO *que se erixiría á súa memoria* na cidade de Santiago, abríndose polo Ministerio de Fomento un crédito de 120.000 reais, para que no termo dun ano se erguese o devandito monumento «*cuyas obras se empezaría á la mayor brevedad*».

A cuali cación de *traidores* lanzada polos que sustentaban anos antes o réxime reaccionario tornouse na honrosa de *Beneméritos de la Patria* á que eran acredores aqueles que defenderon os principios inmanentes da xustiza, do dereito e da democracia.

De igual distinción gozaron moitos dos que tiveron a fortuna de salvar das garras do tirano.<sup>495</sup>

Creouse tamén a *Cruz de Valor e Constancia*<sup>496</sup> para premiar os servizos dos que voluntariamente se sinalaron no pronunciamento, e outorgouse do mesmo xeito a Cruz de San Fernando aos 25 nacionais que loitaron na acción de Cacheiras de 23 de abril.<sup>497</sup>

---

495 Véxase o Apéndice núm. 12.

496 Consistían as insignias desta encomenda nunha Cruz-espada de esmalte negro con vivos brancos e cos brazos desiguais. Os tres que forman a Cruz distan do centro 70 milímetros, e o cuarto ou espada, de 102 milímetros con centro de 44 milímetros de diámetro e un cerco de ouro. No centro, de esmalte azul, aparece un pergameo medio enrolado coa data *Abril 1846*; e a cada lado, unha columna con dous anacos de cadea e enriba unha cinta co lema *Valor y Constancia*. Entrelazada cos brazos da Cruz, unha coroa de loureiro, e a parte inferior desta, de palma, que equidista do centro 32 milímetros, tendo un grosor de 10. Forman xogo cos brazos da cruz, por detrás da coroa de loureiro e palma, catro lampos de prata que distan do centro 70 milímetros por 40 de ancho na súa extremidade.

A cinta que se usaba e da que pendía esta condecoración era de *moiré* negro formando augas, e de 20 milímetros de ancho con lista verde de dous milímetros no seu centro.

497 Ao formarse o proxecto desta lei recorreron oportunamente ás Cortes o 10 de xullo de 1855, cunha razoada exposición, os gardas nacionais de Lugo, asinada a nome destes por D. Juan Martínez de Castro, solicitando se lles concedese igual condecoración que aos de Santiago, fundándose en seren non só os primeiros que inauguraran o alzamento de 1846, senón o soste e defender os dous sitios postos

Todos estes honores e recompensas volven quedar en suspenso por unha Real Orde de 27 de xaneiro de 1856. A lei de 12 de decembro de 1855 queda sen cumprimento, porque os inimigos da Liberdade volven imperar en España.

Triunfante a revolución de 1868, co seu espírito amplamente democrático e liberal, impúñase a reparación inmediata aos danos dados a inxustiza que resaltaba na Real Orde de 27 de xaneiro de 1856 e, con efecto, sendo Ministro da Gobernación D. Práxedes Mateo Sagasta, publicouse un decreto do Poder executivo en 21 de maio de 1869, derogando a disposición antedita, e declarando en toda a súa forza e vigor a lei de 12 de decembro de 1855.

Por este decreto mandábase constituír nas capitais das provincias galegas Xuntas que entendesen na instrución e cualificación de expedientes de todos os interesados que, comprendidos na aludida lei, solicitasen as recompensas que esta lles confería.

Instalouse a Xunta na Coruña o 7 de xuño do devandito ano de 1869, formándoa D. Mariano Castillo, Gobernador Presidente, no concepto de Vogais, D. José M.<sup>a</sup> Patiño, D. Hipólito Otero, deputados provinciais; D. Pedro de la Encina e D. Manuel Puga, concelleiros, e D. Ramón Pérez Costales, comandante dos voluntarios da Liberdade, e como Secretario, o daquela o cial segundo da Deputación provincial D. Nicolás Miguez Suárez.

Constituían a de Pontevedra D. Eugenio Alau, Gobernador Presidente, e como Vogais, D. José Cuevas del Valle, D. Indalecio Armesto, deputados provinciais, D. Martín Rial e don Joaquín Buceta Solía, concelleiros.<sup>498</sup>

---

á praza e pelexar bravamente contra as forzas reaccionarias, sendo ademais os últimos que sucumbiron ao glorioso pronunciamento. Non obstante a xustiza que asistía aos solicitantes, as Cortes concretáronse na súa lei de 12 de decembro a conceder a Cruz de San Fernando nada máis ca aos 25 nacionais que pelexaron en Cacheiras. A copia da devandita exposición, que é un documento que reborda amor puro aos principios liberais, foinos facilitada polo noso amigo D. José Vega Blanco, e procede do arquivo do Sr. Castro Soto, neto do asinante e llo de D. José Castro Freire, Alcalde de grata memoria na capital lucense.

498 No mes de agosto do devandito ano, por cesar no cargo de deputados provinciais, foron substituídos na Xunta—por D. José Quiroga e D. José Vila,—os señores D. Indalecio Armesto e D. Martín Rial.—Datos facilitados polo que foi noso bo ami-



*M. Chicharro, fot.*  
Cruz de Valor e Constança

Foinos imposible poder obter, a pesar de solicitalos con verdadeira insistencia, os datos das Xuntas de Lugo e Ourense.

Amigos nosos a quen interesamos este servicio víronse invalidados de compracernos, por razóns que non son do momento manifestar.

## V

Entre os expedientes da in nidade de aspirantes que tivemos ocasión de examinar, notamos ata onde alcanzaba a ousadía e desaprensión de algún que, nándose «mártir de la revolución» pretendía nada menos que as tres recompensas decretadas, cando puido acreditarse, polas protestas formuladas oportunamente, que foran dos máis indiferentes ou hostís á mesma.<sup>499</sup>

As Xuntas cuali cadoras adoececeron en varios casos do defecto de favoritismo; propondo para a Cruz de *Valor e Constancia* a moitos aspirantes que, a xuízo dos protestantes, «habían sido revolucionarios platónicos».

Promoveron tamén unha reclamación colectiva contra algúns intrusos, –que foi estimada,– os nacionais de Santiago, e produciu igualmente con idéntico n outra enérxica protesta o comandante D. José Ignacio Gómez Rodríguez, aquel militar bravo e digo en quen nos ocupamos en diferentes lugares deste volume e que tomara parte activísima en toda a campaña revolucionaria.

Probado en xuízo contradictorio o dereito dos 25 nacionais de Compostela, outorgóuselles a Cruz laureada de San Fernando. Foron estes: D. Nicolás Garea Ciro, D. Roque Hermida, D. Antonio Albor, D. Antonio Rincón, D. Alejandro Garea, D. José Soler, D. Ángel Roel, D. José Jorje, D. José Moar, D. Antonio Bernardino Rey, D. Ignacio González Varela, D. Juan Carballo Otero, D. Ricardo Casal, D. Antonio Samper, D. Francisco Honor, D. José Hermida, D. Antonio Pérez, don José Marras, D. Antonio Tarrío, D. Pedro Fernández Taboada, D. Ramón

---

go, o o cial primeiro do Concello de Pontevedra e escritor distinguido D. Rogelio Lois, falecido repentinamente na devandita cidade no mes de setembro de 1905.

499 Arquivo da Deputación provincial da Coruña.

Garea, D. José Peiteado, D. Luís Villadamigo, don Francisco Nache e D. Francisco Sanchera.

Como destes 25 valentes faleceran doce ao tempo da concesión, non puideron gozar da prezada graza máis que os trece primeiros.

Entre os condecorados coa Cruz de *Valor e Constancia* guraba o festivo poeta galego, autor de *Soaces d'un Vello*, D. Benito Losada As-tray, denegándosele a de San Fernando, por non reunir os requisitos establecidos na lei de 12 de decembro de 1855.<sup>500</sup>

Nun dos nosos Apéndices damos relación detallada de moitos dos agraciados coas tres recompensas que determinaba a devandita lexislación e que tanto se distinguiron nos acontecementos de 1846, precursores da gloriosa revolución de 1868.

Non poucos destes cidadáns ocuparon postos preeminentes na política, a milicia, as letras, as ciencias e as artes.

## VI

Nin o Goberno que decretou a erección do monumento aos *Mártires de Carral*, nin os que foron sucedéndose na administración española, cumpriron tan solemne promesa: os políticos só erguen estatuas á adulación e ao servilismo.

Mais a falta foi reparada, aínda que tarde, polo pobo, que, agradecido, non esqueceu a grande abnegación e heroísmo dos que, avogando polos dereitos do pobo, sacri-caran a súa existencia.

Ás iniciativas e perseveranzas da Asociación *Liga Gallega na Cruña*<sup>501</sup> secundada pola lantropía de entusiastas galegos, entre os que se con-

---

500 Tamén foi proposto para a devandita condecoración o inspirado poeta galego Francisco Añón.

501 Para a propaganda desta benemérita obra, esta Sociedade designou unha Comisión composta do seu Presidente D. Salvador Golpe; Vogais, D. Manuel Lugris Freire, D. Marcial Iglesias Vázquez, D. Daniel Couceiro, D. Galo Salinas, D. Florencio Vaamonde, D. Eugenio Carré Aldao e o autor de este libro, quen, para estimular

---

a subscrición, se dirixiron non soamente aos galegos, senón que a estenderon a parentes próximos dos fusilados.

Causa dolorosa impresión lembrar aínda as contestacións recibidas de algúns de aqueles (cuxos nomes calamos por non ofender a súa memoria, pois xa faleceron) a raíz de fomentada a devandita subscrición. Un que ocupaba elevada xerarquía na milicia respondeu á Comisión que non se asociaba ao acto por considerar que aqueles militares «*estuvieron perfectamente fusilados*».

Outro, que aínda gura en lugar preferente na política liberal, concretouse a preguntar *soto voce* «que clase de gentes eran los autores de la idea del monumento» (?) para, naturalmente, non cooperar cunha triste peseta!...

Un ex-ministro da propia fracción liberal estrañábase de *como as autoridades consentían propaganda tan perturbadora* (!).

E a este teor sufriu a *Liga Gallega* sendas decepciones, que non por iso amorteceron o entusiasmo dos seus asociados, conseguindo levar felizmente á práctica o pensamento concibido, pese, e deberemos consígnalo, ás brincadeiras duns cantos ignorantes, vivandeiros e desavidos que, sen ideas determinadas, e abusando do anónimo ou da impunidade das columnas dun xornal, órgano dun partido avanzado da Coruña, pretendían restar á *Liga* aquela gloria que en absoluto lle corresponde, pola obra laudatoria que acababa de realizar.

Aos tres días de inaugurado o monumento, fomos honrados coa seguinte expresiva carta, do xeneral D. Francisco M.<sup>a</sup> de Borbón, Ilo segundo do infortunado infante D. Enrique, na que reborda un patriotismo nobre e arraigado, e un recoñecemento profundo cara a *Liga Gallega*, polo seu meritorio labor:

«Madrid 25 de Mayo 1904  
Rosales 14, Hotel.

Sr. D. Francisco Tettamancy, miembro de la *Liga Gallega*

«Distinguido amigo: Al regresar del extranjero á donde fui á buscar salud para el cuerpo y tranquilidad para mi alma, al ver que para mi la justicia no es hada bienhechora en la Patria que tan lealmente sirvo he leído la inauguración del monumento á los Mártires de Carral.

Grande, muy grande ha sido la emoción que he sentido al ver que nobles españoles y dignísimos patriotas gallegos, se han acordado al fin, de aquellos mártires de Carral, de aquellas gloriosas víctimas de la Libertad, de aquellos esforzados corazones que supieron protestar contra las demasías de los hombres que abusaron cruelmente del Poder.

¿Cómo no había de estar emocionado y como las lágrimas no habían de amontonarse al pensar en aquellos tristes recuerdos, *si el alma*, el todo de aquella expansión nacional, fué mi desgraciado padre el Infante D. Enrique de Borbón, ese popular Infante que tanto amor sintió por España y por esa hidalga tierra gallega?... Sólo una cosa he sentido y me ha llegado á lo más profundo de mi corazón y es que usted, el iniciador principal de esa deuda sagrada, que los demás miembros de la Comisión y que el Ayuntamiento de Carral se hayan olvidado que vivían los hijos de aquel Infante y que generales, sirven hoy en las filas del ejército de la Nación!

Como obedeciendo á un deber imperioso para mí, como hijo y como hombre agradecido, hubiese asistido CON VENERACIÓN á la inauguración de ese monumen-

tan moitos residentes nas repúblicas Arxentina, Cuba e o Brasil, cuxas subscricións promoveran con verdadeiro cariño os caracterizados conterráneos D. Manuel Castro López, D. Manuel Salgado Rosende e don Matías Fernández Murias, débese que os *Mártires* de Carral teñan o seu monumento.

Esta tan fermosa como sinxela obra de fábrica, da que é autor o noso peritísimo amigo D. Juan Alvarez Mendoza –daquela arquitectura municipal de Lugo e hoxe profesor da Escola de Artes e Industrias de Madrid– foi francamente eloxiada pola Real Academia de Belas Artes de San Fernando ao prestarlle a súa aprobación, polos intelixentes e por toda persoa afeccionada e amante da arte e do bo gusto.<sup>502</sup>

Pertence ao estilo denominado de *Calvarios*, limitándose a representar o santo emblema da Redención nunha forma inspirada. Componse de pedra granítica das canteiras do Illó (Pontevedra) medindo 8,50 metros de altura, e pola súa base, 6 de fronte por 4 de fondo.

---

to y aunque pobre y sufriendo las mismas injusticias que persiguieron á mi padre hasta su muerte, hubiera depositado mi modesta corona sobre ese monumento á la memoria de los Mártires de Carral; y el bastón de mando que usó D. Miguel Solís en aquellas jornadas, me hubiera acompañado para orar sobre su tumba.

Cuántas veces en sus cartas públicas... esa otra víctima, que se llamó en vida el Infante D. Enrique, citó con cariño sumo, el nombre de los Mártires de Carral...

Ruego á V. que en mi nombre diga á los demás miembros de la Comisión, al señor coronel Velasco y al Ayuntamiento de Carral, que me asocio con toda mi alma á ese recuerdo histórico, que está grabado en mi pecho, y que las mismas Cortes de la Nación enaltecieron.

Reciban todos ustedes, un abrazo del hijo segundo del alma que inspiró á los Mártires de Carral.

FRANCISCO MARÍA DE BORBÓN».

Recibiu igualmente a *Liga* moitas signi cativas manifestacións de gratitude de varios parentes das vítimas residentes en Madrid e outras partes de España, así como de importantes e valiosas personalidades da Península e de América, que forman singular contraste co estólido proceder usado por aqueles que anteriormente mencionamos.

502 Acompañándonos á vila de Carral días antes da inauguración do monumento, o noso amigo o laborioso e ilustrado redactor de *La Voz de Galicia*, D. Alejandro Barreiro, dedicou unha interesante crónica á devandita obra pública e aos *Mártires*, no número de aquel xornal de 14 de abril de 1904.

É sobrio na decoración, e os seus detalles revélanse en almofadados con algún elemento medieval, constando de catro corpos que arrojan un total de noventa e oito pezas de cantería.

Fórmase o seu baseamento dunha escalinata á fronte, e polos lados e fachada posterior, parten as bases de arranque dos contrafortes.

O primeiro corpo constitúeo tamén ouro grupo de contrafortes, tanto na fachada posterior como nos lados, compoñendo o seu conxunto un armazón que simboliza o feito heroico realizado por Solís e os seus infortunados compañeiros; e á fronte deste corpo, e na súa fachada principal, osténtase cicelado con exquisita delicadeza o escudo de Galicia; arrancando xa de aquel a Cruz ata o corramento do edificio.


Desde a parte posterior deste, abranguendo todo o mastro e brazos ata descender ao nacemento da última escaleira do baseamento, resalta a seguinte inscrición:

**AOS  
MÁRTIRES DA LIBERTADE  
MORTOS  
O  
26  
DE  
ABRIL  
DE  
1846  
LIGA GALLEGA  
NA CRUÑA<sup>503</sup>**

---

503 A redacción desta inscrición foi combatida sistematicamente por algúns, apoiándose en argumentos que carecen, no noso humilde entender, de toda lóxica, como os de confundir lamentablemente o léxico galego adaptándoo ao castelán, e trastornando ata os seus mesmos vocábulos, sen reparar na extraordinaria diferenza que existe entre ambos idiomas, cales son os seus xiros, fonética, desinencias, declinacións, conxugacións e outras características que non deberemos sinalar agora por non ser o noso obxecto ferir susceptibilidades, nin menos volver suscitar unha cuestión que tivo xa sanción firme desde o momento en que o monumento foi proxectado e erguido. Amigos e compañeiros nosos refutaron oportunamente coas razóns que a lóxica e a práctica aconsellan, e baseándose en autoridades indiscutibles, as apreciacións e xuízos suxeridos a varios impugnadores da referi-





(Anverso)

(Reverso)

Monumento erixido aos Mártires de Carral por iniciativas da Liga Gallega na Cruña

O Sr. Alvarez Mendoza, cun desprendemento e un altruísmo que o eleva en alto grao, xo desinteresadamente o proxecto<sup>504</sup>, sendo o encargado da execución das obras o hábil artí ce D. José Escudero, da Coruña, demostrando igualmente un desprendemento notorio.<sup>505</sup>

## VII

A inauguración desta artística obra tivo lugar ás doce da mañá do día 22 de maio de 1904 na vila de Carral,<sup>506</sup> revestindo o acto extraordinaria solemnidade pola numerosa concorrencia e a calidade de

---

da inscrición, xulgando a esta modelo entre as da súa índole.

Non interrompamos máis con estériles polémicas a paz das tumbas de aquelas VÍTIMAS que, para defender os seus nobres ideais, non descenderon a ruíns miserias; que miserias e ruindades se re ectiron nalgúns ignorantes que interviñeron na discusión inoportuna da inscrición do monumento erixido aos *Mártires de Carral*.

504 Un tío do Sr. Alvarez Mendoza tomara tamén parte no alzamento, estando en capela a piques de ser fusilado, logrando salvar desta pena pola súa gradación de subalterno. Faleceu moito despois en Valladolid, desempeñando o destino de Gobernador militar de aquela praza.

505 Ao facerse efectivas as cotas de subscrición levantada para as obras do monumento, moitos dos inscritos faltaron ao seu compromiso, entre eles algunha Corporación o cial galega que se anotara cunha cantidade importante.

506 O acto de colocación da primeira pedra veriouse ás tres da tarde do 23 de abril de 1899 concorrendo o coronel D. Ramón Velasco Ibarra e o seu llo Ramón, o Presidente honorario da *Liga Gallega* D. Manuel Murguía, o efectivo D. Waldo Alvarez Insua, o Vicepresidente D. Salvador Golpe, Vogais D. Daniel Couceiro, D. Manuel Lugrís, D. Eladio Rodríguez González, D. Galo Salinas, D. Marcial M. de la Iglesia e o Secretario D. Eugenio Carré, o Presidente e Secretario da *Liga Gallega* en Carral D. Andrés Tarrío e D. Joaquín Alejos Bissi, o cronista da Coruña D. Andrés Martínez Salazar, o avogado D. Eduardo Montenegro Salazar, o médico D. Vicente Otero, D. Alberto Alvarez Escobar, o cura párroco de Santa María de Oza don Manuel Fariña Vilarelle, o de Paleo D. Francisco Domínguez Vieites, o coadxutor D. Manuel Couceiro, o presbítero D. José Cortés, os curas párrocos de Cañas, Castelo e Sueiro e o autor do presente libro, en calidade de Secretario da Comisión do Monumento.

Pola mañá (ás doce), díxose unha misa cantada pola alma das VÍTIMAS na parroquial de Paleo, e pola tarde, segundo indicamos, procedeuse, ante unha numerosísima concorrencia composta da vila de Carral en masa e comarcas contiguas, á cerimonia da colocación, pronunciando patrióticos discursos os Sres. Velasco, Alvarez Insua, Lugrís e o párroco de Paleo, que botou sobre a pedra a primeira paletada de terra. Os discursos foron extraordinariamente aplaudidos. O do Sr. Lugrís foi dito en lingua rexional.

Corporacións oficiais, políticas e particulares que ao mesmo asistiron, figurando entre as primeiras as máis caracterizadas municipalidades galegas cos seus respectivos alcaldes, como Santiago, Ferrol, A Coruña, Betanzos e Lugo, designando representantes os de Ourense, Vigo, Tui e outras delegacións dos Concellos limítrofes ao de Carral, como Abegondo, Cambre, Cerceda, Culleredo, Ordes e Oroso.

Asistiron, igualmente, nutridas representacións do partido republicano da Coruña, do Comité liberal democrático de Santiago e da *Liga Gallega* cos seus presidentes respectivos; a prensa rexional e delegacións da de Madrid. Tamén prestou a súa asistencia o hoxe coronel D. Ramón Velasco Ibarra – llo do heroico militar que sucumbiu na lutuosa xornada– cos seus fillos D. Víctor e D. Ramón.

Ás doce en punto deu comezo a solemnidade coa celebración dunha misa rezada, ao aire libre, polas almas das VÍTIMAS, erguéndose o altar, acaroadado á fachada da histórica Capela do Socorro, que se atopaba adornado con gusto e sinxeleza, anqueándoo mastros pintados de branco que tiñan cada un como remate unha coroa de mirto e loureiro e, no centro desta, unha cartela branca na que se lían os nomes dos fusilados en Carral, sen esquecerse, noutra, do sarxento primeiro D. Antonio Samitier, que sufriu igual pena en Betanzos.

Esta cerimonia relixiosa foi amenizada por unha sección da extinguida banda de música da *Liga de Amigos* da Coruña que, con a nación irreprochable, executou dúas sentidas melodías.

Rematada a Misa, procedeuse ao acto inaugural, subindo ao primeiro chanzo do Monumento o Presidente da *Liga Gallega* D. Salvador Golpe, quen pronunciou un enérxico e brillante discurso expondo que o obxecto do acto que se realizaba era unha reivindicación e un culto á LIBERDADE.

«A la libertad» –diciá– «que no es dogma de ningún partido sino aspiración sublime de todas las gentes; que es el ambiente necesario en donde se agita el espíritu, que es la vida del progreso y la vitalidad de la historia, puesto que todas las luchas que ha sostenido la humanidad en el transcurso de los siglos y las que tendrá que sostener todavía, no han sido ni serán nunca otra cosa que anhelos de libertad.

Hoy es un día de júbilo en el cielo, porque realizamos un acto de justicia. ¡Gloria á los Mártires de Carral!....».

A banda tocou o *Himno de Riego*.

Seguidamente, o Sr. Golpe, o coronel Velasco, o arquitecto Sr. Alvarez Mendoza e o executor do monumento, Sr. Escudero, percorreron as bandeiras española e galega que o envolvían, disparándose entón vinte e catro bombas de palenque.

O momento foi solemne e interesante: aplausos e vivas á liberdade mesturáronse cos ecos dos acordes do *Himno de Riego* que executaba a música.

Falou inmediatamente o Secretario do Concello de Carral, D. Manuel Novoa López, en nome do Alcalde, louvando o heroísmo dos fusilados e facendo atinadas consideracións acerca do memorable suceso. Despois leu un ben escrito traballo remitido desde Padrón por D. Antonio Trasmonte Velasco, neto do fusilado D. Víctor.

O tenente de Alcalde do concello de Santiago, D. Cayetano García Carro, pronunciou breves e elocuentes frases lembrando a parte principal que o pobo de Compostela tomara na sanguenta xornada do 24 de abril de 1846 loitando pola liberdade ao lado dos *Mártires* a quen se conmemoraba e, acto seguido, deu lectura a unha expresiva mensaxe que a municipalidade santiaguesa dirixía á de Carral, sendo autor do traballo, o concelleiro de aquel municipio e notable literato D. Juan Barcia Caballero, de cuxos parágrafos, todos eles consagrados a cantar á liberdade, copiamos o nal:

«En nombre de la verdadera libertad, de la libertad que tiene por lema el bien, la verdad y la justicia soberana, atributos del supremo Ser que todo lo puede y todo lo gobierna, el Ayuntamiento de Santiago se asocia con entusiasmo á la esta patriótica que estamos celebrando en honor y memoria de los que dieron sus vidas por defender esa libertad».

Subiu despois ao pedestal o coronel Velasco, acompañado do seu llo Víctor, co obxecto de ler unha sentida arenga que levaba escrita; mais, dominado por fondísima emoción, tivo que substituílo na lectura D.

Jesús Barreiro Costoya:

«Ahí están Solís, Mariné, Daban, Ferrer, La Llave, Márquez, La Infanta, Martínez, Valero todos, valientes todos y leales á la causa que defendían.

Ahí estará por último Velasco ¡Padre querido! ¿Qué voy á decir en vuestra memoria? Estas lágrimas que silenciosas bañan mi rostro, sean para tí la expresión más elocuente de mis sentimientos».

Ao evocar Velasco a memoria do autor dos seus días, as bágoas acentuáronse con maior intensidade. Moitos dos seus amigos rodeárono, apertándoo efusivamente.

O «¡viva a Liberdade!» con que nalizaba o discurso foi contestado pola multitude.

Seguiu ao Sr. Velasco o primeiro tenente de alcalde da Coruña, D. Antonio Lens, depositando antes de usar da palabra unha artística coroa fundida en bronce que os republicanos coruñeses dedicaban aos MÁRTIRES. O discurso deste caracterizado republicano concretouse a enxalzar a heroica actitude dos fusilados, a recriminar duramente os causantes da súa execución e os que «significándose antes y después de los hechos de 1846 en muchas sublevaciones ó actos análogos, lograron ocupar altos puestos en la política».

Dirixíndose ao Alcalde de Carral, díxolle:

«-Si vos representáis al poder real, yo represento al pueblo soberano. Separados hoy, nos uniremos mañana en el campo de la Libertad regado por la sangre de tantos mártires que se han sacrificado por la salvación de la Patria. Salvémosla si aun es tiempo. Hoy estrechemos aquí nuestras manos: mañana ya nos veremos en el campo de la Libertad».

Rematou o acto inaugural con vivas e aplausos, volvendo a tocar a banda o *Himno de Riego* e regresando toda a numerosa comitiva á Casa Consistorial precedida da música e gaitas que foron executando alegres *Muiñeiras*. Naquela redactouse a acta da solemnidade que asi-

naron todos os que tiñan carácter oficial, incluso os representantes da prensa.<sup>507</sup>

Ás tres da tarde congregáronse todos os convidados nunha pintoresca paraxe circundada de gallardos piñeiros, próxima á saída da vila, servíndoselles un espléndido banquete, obsequio do Concello de Carral, acto que amenizou a banda da *Liga de Amigos*.

Todos os gastos ocasionados nos aludidos festexos sufragounos a devandita Corporación municipal.

«Llega un poco tarde el tributo de reconocimiento que hoy se rinde á los esforzados y generosos combatientes del movimiento del 46», escribía en *La Voz de Galicia* do mesmo día da inauguración o que foi en vida peritísimo xornalista e consecuente amigo Lino Portela Calderón.

«Lo extraño es que á esta resurrección simpática de las ideas y los sentimientos regionales y patrióticos de los principios avanzados que han informado un largo y tormentoso período de nuestra historia contemporánea, haya concurrido con su iniciativa, su propaganda y su perseverancia, un núcleo de fervorosos adeptos del regionalismo literario, corrigiendo un olvido inexplicable de los hombres del progresismo y la democracia que dejaron pasar en la indisputada dirección de la vida política local, las épocas propicias para esta clase de exaltaciones entusiastas.

Y es que el movimiento gallego del 46, si por su iniciación y su programa se quedó rezagado de la mayor parte de los que le siguieron en serie indeclinable hasta acabar en la revolución de 1868, por el predominio de los elementos regionales que en él intervinieron, la participación de los precursores de la propaganda que va en busca de la exaltación de la pequeña Patria, pudo concluir con la proclamación solemne de los derechos y fueros de Galicia».

E imos rematar este traballo patentizando, ante todo, a nosa gratitude eterna aos artistas e intelixentes afeccionados que se brindaron espontaneamente a ilustrar o presente volume cos seus debuxos e fotogra-

---

507 Véxase o noso Apéndice núm. 13.

fias,<sup>508</sup> aos amigos que nos proporcionaron documentos para a maior orixinalidade do mesmo, e ás Corporacións o ciais, particulares e a todas aquelas persoas que nos honraron coas subscricións que aparecen no Apéndice nal.

Mais, antes de que a nosa pluma trace a última palabra, deberemos expor que o noso labor foi feito coa piadosa intención que resalta nas súas, e inspirado no amor que nos suxire a nosa amada terra de Galicia, afecto que ninguén porá en dúbida...

Se cadra, pode producir algo de envexa e, se cadra, tamén como secuela deste capital defecto, se asaíe a crítica groseira, tan común nestes tempos de humanas miserias en que os sabios son insufribles, e máis insufribles aínda os ignorantes que queren pasar por doutos; tempos de concupiscencias maiores ca as que se manifestaban nos da odiosa política dos Narváez, os Isturiz e os Villalonga...

Foi sempre e persistirá sendo defecto ineludible da humanidade –hoxe máis arraigado– aplaudir o necio que prodiga o seu diñeiro, e rebaixar o que sacri ca a súa intelixencia en aras da Patria e da cultura pública. Mais é certo tamén que a verdade se impón, destruíndo coas súas fulguracións radiantes os falsos ídolos erguidos polo artificio da adulación que... *Vincit omnia veritas...*

## FIN

---

508 D. Fernando Cortés, D. José Gil Alvarez, D. Antonio Pórtela, D. José Avrión, D. Manuel Chicharro Bissí, D. Ángel del Castillo, D. Francisco Fiol, D. Vicente Naveira e D. Román López.

Agradecemos tamén á Redacción e Administración de *La Voz de Galicia* o favor que nos dispensou facilitándonos algúns *clichés* que utilizamos; e ao Sr. D. Pedro Ferrer que nos prestou idéntico servizo.

# APÉNDICES

## NÚMERO I

### Apuntes biográficos de D. Miguel Solís y Cuetos

Don Miguel Solís y Cuetos naceu en San Fernando (Cádiz) o 27 de marzo de 1816. Fillo dunha distinguida familia<sup>509</sup>, educouse no Colexio que na devandita cidade dirixía o presbítero D. Narciso Feliu, onde adquiriu os vastos coñecementos que o adornaban e os seus principios liberais a que rendeu sagrado culto durante a súa curta vida. Era tan completa a ensinanza que se recibía baixo a inspección do Sr. Feliu que o suspicaz Goberno de Fernando VII, na década ominosa, creu oportuno pechar o expresado Colexio, temendo a falanxe dos mozos que no seu recinto se adestraban para combater no vindeiro o reinado das tebras e da ignorancia. Destas saíra o novo Solís, e eran tan sorprendentes os seus coñecementos nas ciencias físicas e estudo das linguas á idade de 13 anos que por R. O. de 22 de agosto de 1829 lle foi concedida a praza de garda mariña. Verificou o seu exame de estudos elementais cunha brillantez sen igual, e ao instante embarcouse no bergantín *Guadalete*, facendo as súas navegacións sucesivamente na fragata *Perla* e navío *Soberano* polo Mediterráneo, costa de Cantabria e Antillas. En 20 de xaneiro de 1836 ascendeu a alférez

---

509 Era sobriño do célebre xeneral e escritor D. Evaristo San Miguel.



de navío, e en maio do mesmo ano foi nomeado capitán da quinta compañía do quinto batallón de Artillería de mariña, un dos Corpos destinados durante a campaña carlista dos sete anos a compartir cos demais do exército os azares e perigos de aquela desastrosa guerra da Península. Solís vía atacar os dereitos da súa Raíña por un bando que ostentaba no seu negro pendón a servidume dos seus semellantes; e éralle imposible prestar un servizo pasivo, senón lanzarse no máis perigoso da refrega. Toma o mando dunha columna de 100 infantes e 30 cabalos nas inmediacións de Molina de Aragón e, sen descanso, persegue as innumerables partidas de facciosos que desolaban aquel país, baténdoas e facéndoos fuxir en desorde e confusión. Nalgúns encontros deixou sobre o campo de batalla varios cabezas, e logrou coa súa valentía e acertadas disposicións telos encerrados nas serras sen deixalos achegarse ás vilas, ata que, por fin, a súa activa persecución reduciunos á nulidade. Ocupou nesta campaña os cruentos meses de outubro, novembro e decembro, pasando logo, co seu batallón, á provincia de Cuenca. Cando Forcadell tentou invadila, e foi rexeitado por D. Narciso López, atopábase incorporado á columna deste xeneral. Sucesivamente prestou grandes e sinalados servizos á causa da liberdade e do trono de Isabel II, chamando a atención dos seus xefes pola súa exemplar conduta, disciplina e polo sólido da súa instrución. O 13 de febreiro de 1840 conferíuselle o grao de tenente coronel, a que era tan acredor polo seu sobresaliente comportamento.

A ninguén estrañará dos que lean esta *Reseña* que en setembro do citado ano de 1840 se pronunciase contra un Ministerio que, no seu entender e no do gran partido progresista, nos levaba a pasos axigantados cara á reacción máis espantosa: o tempo dixo despois se eran fundados estes temores. Atopándose nas inmediacións de Madrid, entrou co seu batallón a ofrecer os seus servizos á Xunta de Goberno. Cando durante os acontecementos de outubro de 1841 marchou o Rexente do Reino para as Provincias Vascongadas, atopábase Solís na capital, e saíu para elas baixo as inmediatas ordes do Ministro da Guerra. Ao seu regreso outorgóuselle o emprego de segundo comandante de infantaría; e en 31 de maio de 1842, tivo ingreso no Corpo de Estado Maior, na súa clase de xefe.

